

**Miguel Martínez López**

**a investigación social  
participativa e  
o urbanismo de rehabilitación  
no centro histórico  
de Vigo**

UNIVERSIDADE DE VIGO

*O mundo é unha pedra,  
Os camiños están estrados de arias guiches.*  
Celso Emilio Ferreiro

*Si montas un negocio/ con subvención do Urban/ que teña catro portas/ cobras por  
cada unha./ O vivir no Berbés/ que bonito é/ uns veñen de parranda/ nós a durmir de  
pé./ Abrir Vigo ó Mare/ quedaba moi bonito/ senón fora que tedes/ cabeza de  
chorlito./ A poli de barrio/ moito se aproximou/ aproximouse tanto/ que a moitos  
amolou.*

Plan Comunitario Casco Vello, Coplas da primavera, Os Maios, 1998

*Cando emprendas a viaxe cara Itaca  
debes pedir que o camiño sexa longo,  
cheo de aventuras, cheo de coñecemento...  
e vaías a cidades a aprender de quen saben*  
Kavafis

## presentación

Este libro ocúpase dos centros históricos das cidades, dos planos de rehabilitación urbana que se lles aplican e das posibilidades de participación social das comunidades e clases populares que habitan esas zonas. Preténdese clarificar qué dinámicas sociais e urbanísticas son as máis salientables na configuración destes espazos singulares en moitas das grandes e medianas cidades, especialmente nas tres últimas décadas, nas que se foi impondo o discurso da "rehabilitación", a "rexeneración", a "revitalización", etc.

As mitificacións culturais, a diversidade social que realmente habita os barrios históricos, as problemáticas intencións e consecuencias na elaboración de planos urbanísticos con maior ou menor vocación "integral" e o uso da información que fan os colectivos sociais organizados ou informais que interveñen na construción e reconstrución dun centro antigo, son algúns dos elementos fundamentais da presente investigación.

En todo caso, aquí vou recoller só algunhas desas perspectivas de socioloxía urbana aplicada ao centro histórico de Vigo e centrarei a miña contribución nas dimensións da participación urbana que coñecín e promovín durante un par de anos nese lugar.

Todo comezou cando en 1994 me vin involucrado nun dos proxectos do Plan Comunitario do Casco Vello de Vigo. As persoas activistas desa "coordinadora" de organizacións sociais do barrio querían coñecer de forma exhaustiva a situación do parque inmobiliario, a súa ocupación e a relación da poboación habitante do barrio cos primeiros pasos das intervencións rehabilitadoras que se estaban a dar polo Concello no barrio. A iniciativa foi apoiada polo propio Concello e do estudio que comezamos daquela un grupo de persoas con formación técnica (é dicir, universitaria) xunto con algúns veciños e veciñas, fun elaborando sucesivas interpretacións e análises nos anos seguintes.

Coido, pois, que paga a pena expoñer algúns dos resultados daquel orixinal proceso de "investigación-acción-participativa" (-i-a-p-, dende agora) e da miña particular visión do acontecido neste barrio, polo que poidan contribuír a experiencias semellantes e, tal vez, a adoptar unha reflexión socialmente "sensible" nas vindeiras intervencións urbanas que a veciñanza ou a municipalidade propoñan no futuro.

Neste escrito poderá observarse un estilo académico na redacción, con xustificacións de fontes teóricas e informativas e con argumentacións "densas" sobre a complexidade da historia narrada que, como se pode supoñer, pode afastar da súa lectura ás clases populares do barrio. Isto explícase porque considero, en primeiro lugar, que algúns dos estudos consultados nestes anos sobre os problemas sociais e urbanísticos dos centros históricos, eran insuficientes para os meus obxectivos. Xa que logo, pagaba a pena aproveitar a miña vinculación paralela coa Universidade para indagar en todas as referencias teóricas dispoñibles e recompoñer teoricamente algunhas das ideas principais que nos poden axudar a dar sentido á investigación que emprendín. En segundo lugar, como se verá despois, xa se fixeron no seu momento exposicións públicas da información acadada no proceso de -i-a-p-, especialmente entre a poboación do barrio histórico, en distintos formatos e niveis de linguaxe máis accesibles e directamente comprensibles para ela (ou, cando menos, iso é o que se pretendía).

De cara á súa publicación nalgúns revistas académicas e de cara á súa exposición nalgúns cursos universitarios, fun reelaborando algunha daquela primeira información producida no equipo de investigación. Mesmo algunha colaboración que me foi solicitada para a publicación do Plan Urban ou para a revisión do Plan Especial de Reforma Interior (PERI) do barrio histórico de Vigo, poden dar unha idea dos variados rexistros nos que as miñas conclusións foron tomando forma. O presente libro, en conclusión, é un breve compendio de todos eses traballos, sintetizando o que me parece máis valioso para un coñecemento profundo desta temática.

O primeiro capítulo subliña os contidos básicos do libro, dando unhas notas do proceso metodolóxico e participativo experimentado, así como das dimensións da realidade social dos centros históricos que lle deron sentido á investigación. O segundo capítulo explica máis polo miúdo esas claves teóricas que axudan a entender socioloxicamente o que ocorre nos centros históricos e coa aplicación do urbanismo de rehabilitación. No terceiro capítulo percorremos a historia urbana e social do núcleo histórico de Vigo, e no cuarto entramos a fondo nos trazos sociais que sinalan a súa heteroxeneidade interna. No quinto capítulo faise unha exposición bastante condensada do desenvolvemento da -i-a-p- nese mesmo barrio histórico de Vigo no que tomei parte. Por último, considerei conveniente incluír no capítulo sexto unha revisión ampla dos fundamentos e principios metodolóxicos da -i-a-p- debido ao descoñecemento existente sobre esta perspectiva de indagación sociolóxica. Por desgracia, este descoñecemento é máis frecuente do que sería deseable, pero tamén espero que abra novas pistas para outras persoas que compartan as inquedanzas que a -i-a-p- pretende encarrear.

Heilles agradecer a moitas persoas o feito de que compartiran comigo aquela andaina dunha ou doutra maneira, apoiando a investigación, participando nela ou, simplemente, animándome a continuar no esforzo de reflexión sobre este tema, na súa divulgación e na

súa reconstrucción para diversos fins. Son demasiados nomes como para arriscarme agora a esquecer algún. Especialmente quero lembrar aquí a todas as persoas dinamizadoras do Plan Comunitario Casco Vello que demostraron, en moitas ocasións, a sensibilidade e a reflexión imprescindibles para un traballo de auto-investigación coma o emprendido. Por suposto, tamén inclúo a todas as persoas do barrio que se apropiaron da información feita pública ou que participaron das actividades propostas.

Todas as eivas ou erros que se poidan apreciar responden, seguramente, á miña lectura subxectiva da historia deste barrio, e a maior parte do aprendido e acertado, moi probablemente, foi gracias ao achegado por todas esas persoas que me axudaron a somerxerme nesa realidade. Os cambios no barrio sucedidos nos últimos anos, de calquera maneira, poden amosar hoxe en día novos problemas que, posiblemente, estimulen a outros investigadores e investigadoras a novas reflexións. Só espero que esta experiencia sexa de utilidade para veciños, veciñas, activistas e técnicos e técnicas que aposten por este estilo, para min máis democrático e educativo, de facer investigación social, urbanismo de rehabilitación e intervención comunitaria. En todo caso, seguramente necesitamos axiña novas actualizacións da realidade deste singular barrio e nese labor os veciños e veciñas do barrio teñen aínda moito que dicir.

# Índice

## 1. INTRODUCCIÓN: METODOLOXÍA, TEORÍA E PARTICIPACIÓN SOCIAL

- 1.1 Memoria dunha metodoloxía participativa de investigación
- 1.2 Os eixos teóricos de comprensión das dinámicas sociais e urbanas
- 1.3 Devolución informativa, apropiación popular e participación urbana

## 2. ESPECIALIZACIÓN ECONÓMICA E CAMBIO SOCIAL NO CORAZÓN DA CIDADE

- 2.1 O urbanismo de rehabilitación: ¿premoderno ou posmoderno?
- 2.2 Camiñando polo lado salvaxe dos centros históricos
- 2.3 Museos urbanos onde habitar é un luxo e participar unha quimera

## 3. OS FÍOS HISTÓRICOS DO URBANISMO DE REHABILITACIÓN NO CENTRO HISTÓRICO DE VIGO

- 3.1 A historia urbana e social que non se rehabilita
- 3.2 A apertura de oportunidades para o capital no centro histórico

## 4. O CORAZÓN PARTIDO: GRUPOS, CLASES E ÁREAS SOCIAIS

- 4.1 Grupos sociais e redes de relación social
  - 4.1.1 *O mar e o barrio histórico*
  - 4.1.2 *Clases sociais e conflito residencial*
  - 4.1.3 *Exclusión social e diversidade de colectivos habitantes*
  - 4.1.4 *Importancia do xénero, a idade e o asociacionismo para o planeamento*
- 4.2 Clases sociais e vivenda
  - 4.2.1 *Recursos, traballo e desemprego*
  - 4.2.2 *Ocupación residencial, infravivenda e rehabilitación*
- 4.3 Áreas sociais e segregación urbana

## 5. O LABIRINTO DA PARTICIPACIÓN URBANA

- 5.1 Esperanzas e frustracións co urbanismo de rehabilitación
- 5.2 Negociación e coexistión do autoñecemento comunitario
- 5.3 A colaboración veciñal co goberno municipal en crise e outras formas de participación urbana

**6. SENTIR E VER, ACTUAR E CAMBIAR. A METODOLOXÍA DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN-PARTICIPATIVA: FUNDAMENTOS E ORIENTACIÓNS TÉCNICAS**

**6.1 A perspectiva dialéctica na investigación social**

**6.1.1 *A articulación dialéctica das técnicas de investigación***

**6.1.2 *A necesaria complementariedade entre a lóxica formal e a lóxica dialéctica***

**6.2 A investigación-acción-participativa: unha definición**

**6.2.1 *Máis acá da “ciencia popular” e da “observación militante”***

**6.2.2 *Respostas ás críticas sobre a obxectividade e a validez das metodoloxías participativas***

**6.3 A estrutura profunda da investigación participativa: catro principios metodolóxicos**

**6.3.1 *Inmersión, implicación metódica, intercambio e compromiso mutuo***

**6.3.2 *A obxectividade reflexiva e o autoconecemento colectivo***

**6.3.3 *Valor de uso social e verificación práxica do coñecemento***

**6.3.4 *Epistemoloxías da complexidade e participación estratéxica***

**7. CONCLUSIÓNS E NOVAS INTERROGANTES**

**BIBLIOGRAFÍA**



# Introducción: metodoloxía, teoría e participación social

Para facilitar o entendemento deste traballo coido que convén dedicar este primeiro capítulo a facer unha breve presentación dos seus contidos principais.

A tese principal que defendo é que tanto a unión das organizacións sociais do barrio, coma o uso dunha metodoloxía participativa de investigación, proporcionaron altos niveis de autoorganización social e tamén bos fundamentos informativos para potenciar a participación urbana en relación ao planeamento municipal.

Pero o proceso desatado non se desenvolveu impoluto, nin sen contradicións, e tampouco deu lugar a un cambio "revolucionario" no barrio. Os cambios da dirixencia municipal e veciñal, a incapacidade mobilizadora con respecto a algúns dos colectivos habitantes no barrio e o sentido pouco redistributivo socialmente que foi acadando a intervención urbanística no barrio, limitaron os procesos de autoxestión comunitaria deste espacio e conseguiron que se rebaixara o grao de "control" popular ao desenvolvemento do urbanismo que se pretendeu.

Explicareino con máis detemento. Para iso, fixareime, ante todo, na contribución que pode aparecer como máis orixinal neste proceso: o uso dunha metodoloxía participativa de investigación social.

## **1.1 MEMORIA DUNHA METODOLOXÍA PARTICIPATIVA DE INVESTIGACIÓN**

Nun principio só se considerou parcialmente a posibilidade de facer un deseño "dialéctico" e participativo da investigación formulada, debido ao tipo de demandas recibidas polos investigadores. Pouco a pouco, a partir das primeiras xuntanzas e integracións dos técnicos nos procesos sociais do barrio, foi modificándose ese deseño da investigación e foron introducíndose formas de intercambio, aprendizaxe, devolución informativa e reflexión sobre as prácticas sociais (xuntanzas entre Concello e veciñanza, uso da prensa para protestas públicas, conflitos entre colectivos sociais do barrio, etc.), que non constaban no proxecto inicial.

Simultaneamente a esas alteracións do deseño clásico do estudio, xa se estaban realizando exploracións cualitativas no barrio e análises estatísticas e urbanísticas diversas. En ningún momento se abandonaron esas tarefas de investigación cuantitativa e cualitativa, xa que ían fornecendo de informacións "contextuais" das que se carecía no interior do Plan Comunitario. O que si se fixo imprescindible foi interpretarlas e formular propostas estratéxicas de acción a partir delas, sen agardar ao final do estudio, senón durante o seu transcurso.

O importante era discutir colectivamente as propostas "técnicas" , entre o grupos de investigación e e o grupo de activistas. A súa validez para solucionar as necesidades da poboación do barrio, e para promover cambios e conseguir un satisfactorio coñecemento e seguimento populares do urbanismo de rehabilitación que se estaba levando a diante no barrio. Nesa espiral, cada debate e cada nova acción e información, eran usadas para a súa análise na investigación e para elaborar novas propostas e reconstruír a estratexia xeral de rehabilitación global que se podería dar...

A -i-a-p- chegouse a realizar gracias á historia de participación urbana que se viña dando no barrio e tamén gracias a algúns elementos "externos". Os primeiros contactos foron entre técnicos internos ao Plan Comunitario e investigadores externos, contando coa mediación dunha Fundación e coa disposición favorable dunha parte da concellería de urbanismo con certa independencia do resto da coalición gobernante na

cidade. Todo iso facilitou que o financiamento do estudio por parte do Concello non comportase o sometemento dos investigadores a esta institución e que o proceso se despregase abrindo distintos espazos de negociación e de coexistión co Plan Comunitario, o verdadeiro promotor da iniciativa.

Gran parte das indagacións cualitativas realizáronse coa técnica da observación participante en actos públicos, asembleas convocadas polo Concello ou pola Asociación de Veciños, xuntanzas entre técnicos municipais ou das asociacións do Plan Comunitario, manifestacións, festas ou mediante a simple convivencia nas rúas, prazas, locais públicos, tendas ou bares da zona. Malia que non sempre se puideron gravar e transcribir moitas das entrevistas persoais que organizabamos ou das situacións públicas nas que nos inseríamos, si foi posible facelo con 10 das entrevistas dese tipo efectuadas, con 5 entrevistas triangulares e con 4 grupais. Pero o máis interesante era a súa propia mutación. Por exemplo, cando empezabamos a falar na rúa e se ían xuntando outras persoas. E tamén os vínculos que se creaban cando se solicitaba a persoas coñecidas que nos fosen presentando a outras familiares ou coñecidas por elas.

O único perigo dese espallamento das redes sociais era incidir máis na dinámica de esperanzas e frustracións que se creou no barrio dende os comezos de redacción do planeamento, nos primeiros anos oitenta, xa que soía asociarse o estudio ao Concello máis que ao Plan Comunitario, pero case sempre coma "un estudio máis". A vantaxe de todas aquelas interconexións era que o Plan Comunitario seguía comunicando a súa preocupación polos asuntos urbanísticos e sociais do barrio.

Un momento crucial desas relacións foi a realización dunha enquisa contando tanto coas persoas residentes no barrio con certa raigame e integración nel, coma con outras residentes en situacións graves de pobreza que nos presentou a asistente social e tamén con mocidade do barrio e do resto da cidade que ata entón tiña unha visión moi parcial desa zona. Foi crucial no sentido de que permitiu comunicar as intencións do estudio e das accións do Plan comunitario a máis xente non

relacionada con el habitualmente e permitiu fundamentar, cunha ampla representación estatística (458 fogares sobre un universo teórico de 1.548, dos cales moitos eran "pantasma" só cifrados no rexistro padroal), as argumentacións básicas das organizacións comunitarias sobre a situación social, económica, cultural e urbana da poboación do barrio.

Sen embargo, foron outras accións de devolución informativa máis planificadas e outras accións de seguimento veciñal das obras, as xuntanzas de crítica a elas ou presións concretas para integrar a comisión participativa do plan europeo Urban, as que proporcionaron un maior uso das análises propostas e deron pé, tamén, a espellos propios sobre o tipo de participación que estaban realmente facendo.

A aparición dese novo programa europeo na traxectoria rehabilitadora no barrio, escasa e pouco "integral" ata entón, o cambio nas persoas responsables do Plan Comunitario e a falta de financiamento para continuar coa -i-a-p-, fixeron que fora esmorecendo a participación dos investigadores, malia que durante un ano posterior ao proceso financiado aínda se buscou mellorar a formación dun grupo de xente nova que puidese dar continuidade aos traballos de comunicación e reflexión sociourbanística no barrio, xa que gran parte da comisión de urbanismo do Plan Comunitario sufriu unha certa dispersión e estancamento a finais do ano 1995 e principios do seguinte. De todos os xeitos, foi esa comisión veciñal a que máis protagonismo tivo durante toda a vida da tentativa de -i-a-p-, tanto na preparación específica das entrevistas, os cuestionarios, as xuntanzas e as comunicacións na prensa, coma na análise que realizabamos en conxunto unha vez que o volume principal do traballo analítico era elaborado previamente polos técnicos.

## **1.2 Os EIXOS TEÓRICOS DE COMPRESIÓN DAS DINÁMICAS SOCIAIS E URBANAS**

Con ese estilo de acceso á realidade pode entenderse que non aceptásemos calquera explicación teórica que atopabamos. Pero era necesario posuír algún marco de entendemento, escudriñar as claves desta problemática e os temas que podían ser o eixo do traballo e da intervención social. As conclusións teóricas alcanzadas polas lecturas doutras investigacións e de documentos doutras cidades, sen embargo, non podían trasladarse sen filtrar nin simplificar ao colectivo de activistas co que traballabamos e mesmo tampouco aos técnicos municipais cos que colaborabamos, pois non eran, precisamente, textos sinxelos a primeira vista.

O urbanismo de rehabilitación empezou a ter relevancia no Estado español a partir dos anos oitenta e semellaba contrarrestar as tendencias de modernización e capitalización intensivas da chamada "renovación" urbana. Había unha "cultura" urbana e arquitectónica neses centros antigos que respectar, recuperar, poñer en valor e relacionar coa xente que cohabitaba con ela. A existencia nos centros históricos dalgúns monumentos socialmente respectados como igrexas, conventos, teatros, pazos, edificios da nobreza ou da aristocracia, sés administrativas ou, simplemente, unha arquitectura popular valiosa e orixinal, xunto a unha trama e morfoloxía viaria singular e, moitas veces, sen perder a súa escala humana de xeiras pasadas, atraían as miradas de admiración e preocupación de técnicos e intelectuais.

O urbanismo de rehabilitación que se deseñou aos efectos de "conservar" aquelas singularidades, non tivo outro remedio que incorporar de seu ás poboacións e conxuntos urbanos do máis heteroxéneo que perviviron xunto a aqueles elementos máis senlleiros artística ou turisticamente. Por esta razón, ese tipo de planeamentos urbanos comportaba unha visión integral, de recuperación económica e acondicionamento urbanístico desas zonas, xunto ao propósito case sempre explícito, sobre o papel cando menos, de manter á poboación orixinaria no barrio histórico se así o desexaba esta. Aínda que esa poboación minguaba e se avellentaba progresivamente, ou simplemente

optaba a “vivendas sociais” fóra do centro, ficando así un baleiro residencial de sumo interese para o investimento inmobiliario unha vez se resolvese, claro está, a imaxe residual e marxinal que acompañaba tamén, indisociablemente, aos centros históricos e que a nova clientela potencial de vivendas rehabilitadas ten moi en conta.

Pronto púidose comprobar que os valores simbólicos e culturais dos centros históricos podían ser rendabilizados como “etiquetas de marca” na reestructuración “estratéxica” de moitas cidades e áreas metropolitanas (Madrid, Barcelona, Vitoria, Bilbao, Sevilla, Salamanca, Santiago de Compostela, etc.), polo que, na práctica, se podía prescindir do lastre de entender e “integrar” á diversidade existente de colectivos sociais e clase obreira e de distintas tipoloxías de infra-clases urbanas (inmigrantes, xitanos, prostitutas, mendigos, estraperlistas, delincuentes xuvenís, anciáns e anciás pobres, mulleres pobres con descendencia, etc.).

As necesidades específicas deses colectivos, os seus problemas co espacio (itinerarios, transporte, equipamentos, vivenda, etc.) que podían configurar unha política urbana verdadeiramente social e redistributiva da riqueza, a súa permanencia efectiva cando residían no centro histórico e a súa participación no conxunto dos procesos de rehabilitación, quedaron nun segundo plano ou reducíronse a medidas sociais paliativas dalgunhas das demandas das organizacións comunitarias que non sempre representaban a esa heteroxeneidade social.

No centro histórico de Vigo, de forma paralela a como sucedeu noutras cidades, non se completou definitivamente ese ciclo perverso, pero se deron pasos impactantes nese sentido. A tendencia esbozada, non obstante, apunta a que o urbanismo de rehabilitación rematou por ser complementario, en xeral e dunha forma sutil, lenta e soterrada, á tradición de renovación, demolición e substitución que propuña o urbanismo “moderno” e que se pretendía superar. Só a resistencia organizada dalgunhas asociacións veciñais ou de grupos “okupas” de casas e centros sociais, ou a simple presenza de grupos sociais

marxinados, impediu en moitas cidades que os procesos de rehabilitación urbana amosasen a súa faciana menos "social".

A miña argumentación neste punto é que existen dous procesos centrais especialmente sintomáticos das carencias de integralidade social (pero tamén medioambiental, multicultural e de democratización participativa): a especialización terciaria dos centros históricos (potenciando dende os organismos estatais a ocupación exclusiva da economía capitalista no sector comercial, de oficinas, tendas distinguidas e de luxo, bancos, actividades de lecer e turísticas, etc. por riba dunha plurifuncionalidade económica e da "economía social" axeitada á poboación propia e ao contorno económico urbano) e a "gentrification", é dicir, a introducción neses barrios de clases altas profesionais liberais e con postos directivos, que instalan aí a súa residencia fixa gracias a que gran parte da poboación obreira habitante dos centros históricos vese obrigada ao desprazamento cara fóra do barrio e deixa vacante un oco de centralidade sempre moi apetecible para ser visibles social e politicamente. En consecuencia, a máis "gentrification" (substitución de clases baixas por altas), máis aumento dos prezos do solo e das medidas de seguridade policial controlando aos colectivos marxinais ou pobres "molestos" para a nova imaxe do barrio que se busca.

No barrio histórico de Vigo non se desenvolveu plenamente ningún destes dous procesos, pero si se deron indicios do seu avance e as intervencións urbanísticas, de momento, non pareceron frealos, precisamente por carecer dunha rigorosa e financiada política social intrínseca aos proxectos urbanísticos. Non é estraño, xa que logo, que algunhas teorías nos indiquen que as concepcións urbanísticas "premodernas" coas que se soe asociar o urbanismo de rehabilitación, a identificación dos centros históricos con "espacios salvaxes" e as simplificacións sociolóxicas (case sempre só "demográficas") da poboación e dos procesos sociais que dan vida a estes barrios, son a escusa perfecta para que se impoña unha rehabilitación exclusivamente

física e sen contar coa participación cidadá en toda a súa amplitude e con todas as consecuencias.

Por outra banda, as intervencións do urbanismo de rehabilitación non soen achegar solucións ás necesidades de todas as clases populares que residen e habitan nos centros históricos. Isto é especialmente manifesto no carácter subordinado que adquiren as políticas de vivendas social e popular asequible, de uso social dos monumentos e espazos públicos, de equipamentos e locais especiais para as variadas minorías habitantes ou de mellora do medio ambiente urbano, fronte ás urxencias das medidas "fachadistas", de control da delincuencia, de revalorización turística das zonas mellor conservadas de cada centro histórico e de integración co circuíto motorizado do resto do centro urbano.

Para comprender a relativa excepción a esas dinámicas que ata finais dos anos noventa supuña a situación do centro histórico de Vigo, é preciso ter en conta que o Plan Comunitario era o froito e a continuidade dunha ampla experiencia de participación social e de "resistencia" ante o urbanismo renovador (na Ferrería, nos primeiros anos setenta). A cuestión importante é que aquelas dinámicas seguen polo seu camiño ameazando o futuro do barrio, mentres que o proceso de colaboración participativa entre técnicos (os investigadores, polo menos, xa que outros dinamizadores do Plan continuaron) e veciños e veciñas, tivo o seu remate ao cabo de dous anos. Por iso é necesario reescribir a historia desa -i-a-p-, e sinalar os problemas procedentes das relacións mantidas coas instancias municipais, os procedentes das divisións sociais dentro do barrio, e os que tiveron que ver coas limitacións da propia -i-a-p- emprendida.

Máis exactamente, o que exporei nos capítulos seguintes é que a coordinación cidadá que coñecín no Plan Comunitario afianzou os lazos sociais que existían no barrio en gran parte gracias aos éxitos de mobilizacións pasadas e gracias ao cúmulo de desigualdades sociais que sufrían as clases populares que o habitan.

Trátase dun barrio con certos valores ecolóxicos (edificios de non máis de cinco alturas, en xeral, aínda que cunha degradación física e



constructiva moi acusada; pouco tráfico e ruído, agás en puntos e horarios específicos onde se fan insoportables; numerosos patios e espazos libres, de pequenas dimensións pero dispersos e deteriorados; trama viaria pola que se pode camiñar ou andar en bicicleta, etc.), pero que tamén posúe unhas calidades máis complexas e contradictorias nos seus eidos urbanos ou sociais.

Posúe algúns elementos monumentais atractivos, así como unha construción tradicional amplamente catalogada (aínda que moitas veces só de forma xenérica). Pero, sobre todo, é un obxecto de desexo para a especulación inmobiliaria en canto que posúe un privilexiado emprazamento no centro urbano con boas comunicacións, vistas á Ría e algunhas posibilidades de aumentar a edificabilidade. Asemade, tamén é un foco de conflitos que adquiren rápida visibilidade polo resto da cidade, polo que calquera aspecto que deteriore a súa imaxe ou que a revalorice, é anotado inmediatamente polos investidores inmobiliarios e pola clientela á que se dirixan para ofrecer vivendas (novas ou rehabilitadas) e locais comerciais e oficinas nese barrio.

As organizacións comunitarias tamén levan moitos anos reclamando a rehabilitación do barrio, pero sempre insistiron en que as medidas urbanísticas se acompañaran, parellamente, de políticas sociais de vivenda, equipamentais, asistenciais, redistributivas, participativas e de dinamización sociocultural da mesma importancia cas primeiras. Desta demanda derivouse unha particular experiencia de participación urbana non sempre recoñecida. Unhas veces realizada ao marxe do planeamento urbanístico, potenciando a apropiación festiva e educativa do espazo, por exemplo. Outras veces en relación directa a el, como cando se esixiu o coñecemento dos planos de investimentos, dos proxectos de urbanización ou do diñeiro destinado ao barrio.

O proceso de -i-a-p- foi parte dese conxunto de actividades participativas, pero non só se dedicou a coñecer aquelas cuestións clave sobre a vivenda ou a estruturación social que preocupaban ao Plan Comunitario (como as problemáticas sinaladas da terciarización e da

substitución de clase social), senón que tamén se logrou unha coexistión de todo o proceso de autoconecemento comunitario, revelándose as prácticas de participación que o Plan estaba a manter co Concello e tamén co resto da poboación do barrio, e facéndose propostas de acción que volvían ser analizadas unha vez se discutían e desenvolvían. As virtudes desta metodoloxía contrapesan coas incapacidades que foron manifestas.

En concreto, non se puideron articular e promover solucións para todos os conflitos sociais que vivía o barrio (a rehabilitación, a droga, os ruídos da “movida” xuvenil, o desemprego, etc.), aínda que a información producida axudou a revelar moitas das limitacións do tipo de participación ofrecida polo Concello á veciñanza (ou da que esta era capaz de “inventar”) e tamén a perseverar nalgunhas das liñas reivindicativas veciñais (como a rehabilitación prioritaria do interior das vivendas, a necesidade de vivendas sociais para colectivos específicos da mocidade e da ancianidade, equipamentos e espazos públicos, etc.).

Como explicarei máis adiante, a “colaboración” cidadá nos proxectos de rehabilitación só podía facerse cun asesoramento técnico ás entidades veciñais, pero cando estas o tiñan e lograban unha mellor comprensión dos proxectos e facían o seu seguimento crítico, chegando mesmo a esixir poder de decisión, entón moitas das aperturas participativas eran clausuradas unilateralmente dende o Concello.

Por último, nunha etapa posterior á –i-a-p–, a partir de 1995, en gran medida o Plan Comunitario mantivo altas doses de autoorganización ata os nosos días, pero tanto a súa dependencia financeira como a redución do seu papel a tarefas de dinamización cultural sen maior poder de incidencia na transformación urbana da zona, deixáronlle mans libres á nova Administración municipal para xestionar con “menos” participación social as novas medidas de intervención urbanística na zona, dentro do plan europeo Urban.

Durante as actuacións deste plan foron definíndose máis nidiamente algunhas das tendencias xa presentes nas anteriores operacións rehabilitadoras como a “expulsión” da poboación máis pobre

e menos organizada (inquilinos pobres, con rendas antigas e vivendas fisicamente moi deterioradas, así como, sobre todo, os seus descendentes), a rehabilitación de aspectos externos das zonas de "borde" (a rota turística polo interior e o tecido urbano "exterior" en contacto coas zonas comerciais do centro urbano) e o subsidio ás actividades de economía terciaria e de servicios na zona, quedando nun segundo lugar as intervencións máis tímidas nos problemas residenciais, laborais ou equipamentais que atinxían directamente á subsistencia das distintas "minorías" sociais habitando o barrio.

### **1.3 DEVOLUCIÓN INFORMATIVA, APROPIACIÓN POPULAR E PARTICIPACIÓN URBANA**

Como se pode observar polo xa exposto ata o de agora, para subliñar as importantes contribucións desta experiencia de -i-a-p- non abonda con relatar as "formas" da metodoloxía participativa de investigación adoptada ou os "contidos" principais da teoría sociolóxica que son pertinentes para entender as dimensións sociais do urbanismo nos centros históricos. O fondo esencial deste escenario é sempre a participación urbana da poboación habitante (a residente e habitante en xeral), e esa participación é a que dá sentido a usar aquelas metodoloxías ou a relacionar a historia concreta, urbanística e social, dun lugar como o barrio histórico de Vigo.

Agora ben, ¿que entendemos por "participación urbana"? O debate teórico entre sociólogos é bastante rico e animado dende os anos sesenta, pero as respostas non son sempre suficientemente claras ou a gusto de todos. Por resumir agora (pode consultarse algunha da bibliografía final para obter máis ideas) poderíamos dicir que participar é unha forma de exercer poder en xeral e poder popular, emancipatorio

dalgunha dominación e creativo e potenciador das capacidades populares de desenvolvemento, en particular.

Participar, como case todo o mundo sabe, non é unha acción social cun único sentido. Pódese participar para lexitimar unha dominación social específica (votando, traballando, obedecendo, etc.) e lograr que se reproduza o mesmo estado de cousas, sen que cambie nada (a distribución de recursos e información entre os distintos grupos sociais, por exemplo). Tamén se pode participar para protestar ante unha política concreta levada adiante pola clase gobernante. Ou só para facer un control e seguimento da legalidade e xustiza con que se aplican outras políticas públicas, sexan de índole social ou urbanística.

En definitiva, participar é algo máis que montar unha asociación e facer actividades. Ademais non se trata de algo intrinsecamente progresista, xa que se pode participar en reproducir as cadeas e ataduras que nos afogan. Ás veces este efecto é consecuencia non intencionada das organizacións sociais que participan e queren mellorar as súas condicións de vida ou de colectivos sociais cos que se solidarizan. Pero a socioloxía debe poñer de manifesto eses efectos, a relación (coherente ou non) entre os medios e os fins adoptados, e, cando menos, o estilo, intensidade e grao dos procesos participativos realmente existentes e a implicación de toda a sociedade neles.

En conclusión, non toda participación social é revolucionaria, pero é difícil atopar unha revolución que non comporte a participación popular (outra cousa, claro está, é referirse a "revolucións" de tipo tecnolóxico ou cultural, nas que as relacións de poder e a profundización na democracia directa ou na autoorganización das clases populares non aparecen por ningures).

Neste punto é importante deterse e prestar atención ao que o urbanismo e a socioloxía teñen que ver nos procesos de participación social. Polo que atinxe ao urbanismo, e para sintetizar aquí a miña visión, podemos aceptar que existe participación urbana cando os grupos sociais oprimidos, nalgunha das súas dimensións vitais (vivenda, saúde, traballo,

expresión cultural, educación, sexualidade, convivencia, etc.), exercen as súas potencialidades, os seus poderes creativos e de resistencia á dominación, en calquera dos eidos de intervención urbana posible: é dicir, na produción do espazo, na súa apropiación e transformación, na concepción, configuración e ordenación do mesmo, ou en calquera procesos social de reprodución e cambio das condicións de vida que están mediados polo espazo ou polos distintos espazos, públicos ou privados, nos que vivimos e sobrevivimos.

Os e as urbanistas, en xeral, prefiren adoptar unha perspectiva máis restrinxida da súa disciplina e limitarse a ordenar algúns usos do solo, propoñer reformas nas infraestruturas físicas ou nos equipamentos e limitar os máximos de edificabilidade inmobiliaria permitida. Para a sociedade, en cambio, o espazo desempeña moitas máis funcións e posúe máis vínculos ca eses con todas as necesidades humanas.

En todo caso, tanto o urbanismo como a socioloxía son desenvolvidos por técnicos e técnicas. Soen comportar unha linguaxe técnica inaccesible á maior parte da xente allea á súa profesión. E, con moita frecuencia, esas persoas especialistas poden ter unha grande influencia nas decisións de investimentos e de formulación de políticas públicas. O difícil é traducir todos os seus coñecementos para que poidan ser usados ou discutidos por toda a poboación; que ese persoal técnico poida asesorar e traballar en función das demandas e necesidades das asociacións e movementos sociais; ou que os coñecementos e saberes prácticos de toda a xente sen formación académica especializada, e as súas capacidades de decisión poidan ter un soporte na investigación en profundidade da súa realidade inmediata e mesmo na súa propia autoinvestigación. Isto último, *a grosso modo*, é o que pretende a -i-a-p-, aínda que non sempre se consiga e ninguén estea a salvo das contradicións que poden inzar calquera proceso participativo.

Un vector especialmente poderoso de calquera -i-a-p- é o que determinan as prácticas de "devolución" e "apropiación" informativa. Da información producida ou recollida (unha forma particular de

“producción”, mediante a selección do que se “atopa”) polas persoas especialistas en procesala, polos técnicos e técnicas.

As devolucións no centro histórico de Vigo realizábanse semanalmente na comisión de urbanismo do Plan Comunitario, despois de ponderar os resultados obtidos e o tipo de temas urxentes que eran problemáticos para os membros daquela comisión. Como mínimo, sempre se facía un balance do estado da investigación e dos pasos que se estaban dando, pero con certa periodicidade (unha ou dúas veces ao mes) preparábanse antes esquemas, debuxos, datos estatísticos ou argumentos para presentalos na comisión.

Elaboráronse pequenos informes provisionais durante os seis primeiros meses de traballo, pero foi sobre todo a elaboración dun primeiro informe provisional máis completo e articulado, o que motivou maiores comunicacións dentro do Plan Comunitario, do Concello e da prensa local. Aproveitamos así unhas xornadas internas e anuais do Plan Comunitario para, ao mesmo tempo que estabamos desenvolvendo a aplicación dun cuestionario no barro, expoñer e debater con todas as outras comisións do Plan, e non só coa de urbanismo, os aspectos máis destacables acadados no estudo e as liñas de traballo máis aconsellables en materia social e urbanística, tal como se suxería no informe provisional.

Mentres que algunhas comisións do Plan Comunitario continuaron con ímpeto a partir desas xornadas de debate, a comisión de urbanismo confrontou unha etapa con moita acumulación de traballo, de proxectos e coa retirada de moitos dos seus membros por diversos motivos persoais. Esta situación resultou paradoxal xa que todas as discusións e aprendizaxes realizadas ata aquel intre (introducción ao cooperativismo de vivendas, análise colectiva dos distintos planos urbanísticos vixentes, o coñecemento persoal dos técnicos municipais relacionados co barrio, o debate sobre as “utopías” que deseñamos en conxunto para o barrio e para as distintas áreas e grupos sociais tal como ían sendo descritos na investigación, etc.) conseguiran que a devolución informativa efectuada se acompañara dunha valiosa “apropiación”, pero, coa “deserción” acaecida perdíanse

as capacidades de acción e de cohesión dentro da comisión e tamén, indirectamente, con respecto a este tipo de tarefas sociourbanísticas no resto do Plan Comunitario.

A devandita apropiación da información púxose de relevo cando os membros da comisión de urbanismo manifestaron o seu interese pola última parte do informe final (as "estratexias de acción" aconselladas) e non tanto polo resto de análises contidas no estudo das que, en gran media, eran xa plenamente conscientes, por coñecelas e consensualas con nós en moitos aspectos.

Cara ao barrio repartiuse información sobre o estudo e sobre o Plan Comunitario ao tempo que se realizaba a enquisa, con conversas persoais e a través da prensa local. Pero de forma máis sistematicamente organizáronse dúas campañas posteriores ao informe final cunha exposición gráfica de carteis que contiñan información sobre a historia social e urbanística do barrio, e cunha iniciativa con xente nova que promovía a rehabilitación para alugueiro con prezos asequibles. Estas campañas chegaron de novo a habitantes do barrio diversos e a toda a cidade. Mesmo, gracias a elas, houbo algunhas incorporacións de xente nova ao plan Comunitario. Non obstante, a imposibilidade de manter os vínculos voluntarios dos técnicos coas organizacións comunitarias e a situación de parálise vivida durante o cambio de goberno municipal, reduciron as potencialidades da devolución e da súa sinerxía con outras iniciativas máis frescas e expresivas que si tiñan un maior protagonismo activo na veciñanza: as festas ou as protestas fronte aos ruídos nocturnos e nas fins de semana.

Son tan só algunhas notas sobre o tipo de participación urbana na que nos vimos involucrados dende o momento en que tentamos achegar ao máximo o proceso de coñecemento de problemáticas sociais e urbanas no barrio histórico, ás persoas activistas e organizadas, e, daquela, tamén moi reivindicativas e atentas ás intervencións municipais de rehabilitación. Os tipos de participación urbana que se experimentaron no barrio durante a nosa inmersión nel, foron diversos e abranguían dende a

apropiación lúdica do espacio e a protesta pública (con ocupación do Concello nunha ocasión) ata o control e seguimento de todas as planificacións e intervencións urbanísticas que propuñan as autoridades. Posiblemente esta última modalidade foi a máis evidente en relación á concepción "oficial" do urbanismo, pero na miña avaliación trátase só dunha forma máis e tan valiosa como a autonomía conseguida polo propio Plan Comunitario para autoorganizarse e para producir coñecementos sociais útiles para as súas actividades de cambio social.

## 2

### **especialización económica**



## **e cambio social no corazón da cidade**

No primeiro dos puntos deste capítulo tentarei dilucidar as diferencias e continuidades existentes entre o urbanismo de rehabilitación (UR, dende agora) e os modelos premodernos de “restauración”, por unha parte, e os modernos de “renovación” urbana, pola outra. A conclusión á que arribo é que, en efecto, o UR está en débeda “histórica” con moitas das concepcións premodernas e con moitas das prácticas de renovación, aínda que o modelo de cidade ao que serve podería designarse máis ben como “postmoderno”, xa que privilexia o tratamento singular de espazos urbanos illados e cunha eficacia simbólica superior ás necesidades sociais ou á funcionalidade urbana en favor do interese xeral.

No segundo punto analizo a metáfora fundante (aínda que, con frecuencia, só implicitamente suxerida) propia do UR: a identificación dos centros históricos con “espacios salvaxes”. Esta metáfora pode aludir, principalmente, a dous fenómenos: 1) o carácter incontrolable, descoñecido, resistente e plural duns barrios onde cohabitan grupos sociais con prácticas moi perversas (a delincuencia, por exemplo), subversivas (a okupación, por exemplo) ou, simplemente, informais, á marxe da economía de mercado (mendicidade, desemprego, etc.); 2) pero tamén pode referirse a prácticas propias do “capitalismo salvaxe” que van dende a especialización dos centros en lugares de diversión e consumo xuvenil, refuxio para as poboacións inmigrantes atraídas por oportunidades económicas á cidade ou simple obxecto de desexo da especulación

inmobiliaria, sen control social ningún, sobre unha rica “cultura construída” con frecuencia abandonada.

Argumentarei, pois, que entre eses procesos sociais, a “gentrification” e a “terciarización” constitúen os procesos sociais de fondo que non alcanzan a analizar a maioría dos diagnósticos usados polo UR, ou, cando menos, que non son tratados con todas as súas consecuencias. Por último, tamén se ocultan as relacións labirínticas deses procesos co resto de prácticas sociais de habitar os centros históricos.

Finalmente, o terceiro punto está dedicado a ofrecer unha revisión das experiencias de rehabilitación en varios centros históricos españois. En xeral, coido que se pode manter a hipótese de que a información sociolóxica usada neses casos se manifesta como unha condición necesaria (aínda que non suficiente) que obstaculiza as posibilidades de participación cidadá no UR. Outras condicións contextuais (a relación do centro histórico co centro urbano, as estratexias e experiencias organizativas da comunidade, etc.) tamén impedirán ou favorecerán, no seu caso, que exista un maior protagonismo cidadán nas transformacións dos centros históricos.

## **2.1 O URBANISMO DE REHABILITACIÓN: ¿PREMODERNO OU POSMODERNO?**

A interrogante que formulamos aquí atinxe á necesidade de analizar socioloxicamente os discursos urbanísticos sobre os centros históricos, de entre os que sobresaie o discurso da “rehabilitación”. Tradicionalmente, sobre todo durante o século pasado e gran parte deste, a práctica do urbanismo oficial na súa forma de planeamento urbano era exercida por enxeñeiros e arquitectos. Dentro do gremio destes últimos destacou sempre unha preocupación central pola historia do arte e, polo tanto, gran parte das discusións teóricas en urbanismo tiveron unha marcada compoñente artística que chegou a chocar frontalmente co carácter

“funcionalista” do urbanismo moderno. E non porque o funcionalismo non tivese as súas propias ideas sobre a arte, senón porque para o seu maior expoñente, Le Corbusier, o estadio superior da arte, o cumio da beleza, se alcanza coa simplicidade, con formas xeométricas sinxelas, pero que non se apliquen gratuíta ou decorativamente, senón a utensilios e materiais, como os mobles ou o formingón, o máis “estandarizables” (fabricación en cadea) e eficaces (baratos, sólidos, etc.) posibles (Choay, 1961). É dicir, o arte debe ser intrínseco ao desenvolvemento industrial das formas espaciais e, por tanto, das cidades.

É coñecido o rexeitamento de Le Corbusier, e de todo o urbanismo moderno, da cidade herdada do pasado, da cidade antiga e dos centros históricos sen planificación visible e lineal, onde viven amoreadas e “fóra da lei” poboacións marxinais, en pleno centro urbano, xunto ao “cerebro” que *debe* dirixir a economía e a política do país. Por iso, durante a hexemonía ideolóxica desta corrente de pensamento a partir dos anos corenta deste século, non é de estrañar que se acometeran as principais intervencións de renovación urbana, consistentes na demolición da arquitectura tradicional e a súa substitución. Estas intervencións soían ocorrer nas zonas centrais da cidade onde se podía revalorizar máis a nova construción aumentando as densidades e ocupando os edificios con negocios terciarios que substituían á poboación residente.

En segundo lugar, pódese observar agora, con distancia histórica, cómo o éxito pragmático desas formulacións non foi máis ca unha especie de “lapsus” temporal que abandonaba radicalmente todas as correntes anteriores de reflexión arquitectónica e artística sobre a “restauración” e que deixaría paso, a partir dos anos setenta, á hexemonía dunha nova conceptualización sobre a “rehabilitación”. Sen embargo, os dedos do urbanismo moderno son alongados e a actual expansión metropolitana, incluídas as súas zonas especiais “rehabilitadas”, débelle aínda moito ás súas propostas (como a zonificación implacable e a segregación social).

A “restauración” era concibida xa nos séculos XVII e XVIII como unha intervención sobre obras de arte ou edificios considerados valiosos e que,

por tanto, había que conservar. Aínda que este é o sentido fundamental que mantén na actualidade, débese notar que ata finais do século XVII, restaurar significaba innovar, enriquecer o monumento, poñelo ao día e actualizalo, integralo no presente; mentres que dende o século XVIII iníciase toda unha viraxe cara a atribuírle un valor intrínseco aos monumentos do pasado, tomando unha distancia radical co presente e, polo tanto, dedicándose a conservar esas construcións como “testemuñas” do pasado, corrixindo os engadidos que se fixeran nelas posteriores á súa edificación “orixinaria” e mesmo reconstruíndo aquelas que estaban en ruínas segundo analogías con edificios similares (Miarelli-Mariani, 1990).

Neste sentido, o exercicio da restauración conlevaba dous xuízos de valor implícitos: 1) hai que seleccionar aquelas obras que paga a pena transmitir para as xeracións futuras, para facilitar o seu coñecemento directo do pasado (especialmente cando a experiencia das guerras mundiais demostrou que calquera vestixio cultural podía ser destruído sen contemplacións: Bassols, 1989); 2) a cidade do presente pode medrar de forma claramente separada da cidade antiga, sen conflito entre ambas.

Aínda que hoxe en día as distintas concepcións sobre o UR non precisan compartir a versión extrema do conservacionismo restaurador, o que si asumen son os dous supostos implícitos á noción de restauración: selección arbitraria dos obxectos a rehabilitar e relación de “amizade” co crecemento urbano. Pero a historia do UR pódese ralentizar un pouco máis para ter logo unha perspectiva de síntese.

Amánn (1982), por exemplo, argúe que a principios deste século, a conservación do “patrimonio cultural” reducíase á suspensión do dereito á demolición e á reconstrucción só de elementos notoriamente “monumentais” e de espazos urbanos premodernos (é dicir, preindustriais) a xeito de museos ao aire libre e de zonas protexidas no conxunto da cidade. Pola contra, a partir do “fracaso” do urbanismo moderno dende a posguerra, os centros históricos que non foron destruídos pola guerra ou polas operacións de renovación urbana foron abandonados a favor das

operacións de ensanche e suburbanización, polo que os conceptos de rehabilitación consensuados nalgúns foros internacionais nos anos setenta, tendían a falar dunha "conservación integrada": "revitalizando" as edificacións antigas con novas funcións ou actividades modernas, espallando a selección de obxectos rehabilitables a todo o conxunto urbano e arquitectónico (non só aos monumentos, a cidade enteira pode ser un "monumento" como cita implicitamente a Rossi, Álvarez Mora, 1983) e realizando as conservacións físicas dos edificios para usos residenciais que non modifiquen a composición social do barrio (segundo as recomendacións do Congreso de Amsterdam).

Malia estas evolucións conceptuais, o problema do UR, lonxe de simplificarse, complícase: ¿que datas exactas cortan o tempo entre a modernidade e a premodernidade, que intervalo de tempo nos separa entre o vello e o novo, e cando empezamos a apreciar o vello como histórico ("antes eran cen anos, agora estase achegando aos trinta ou corenta", Lynch, 1981: 186)?, ¿que elementos culturais, entre os que están os arquitectónicos, son os que se deben conservar: os que nos diferencian entre nós ou os que nos unen fronte aos outros (Montes e García, 1997)?, ¿que papel xogan as poboacións aí, qué poden elixir e decidir nos procesos de rehabilitación cando o desenvolvemento económico da cidade tende a expulsalas do centro ou a marxinalas en recunchos de miseria?, ¿non se acaban combinando, necesariamente, un urbanismo moderno e un premoderno, xa que sempre hai que proxectar novas plantas ao tempo que restaurar os materiais vellos que sirvan de base e de "inspiración" para a creatividade (Villanueva, 1988)?, e esa combinación, ¿non responde a novas estratexias urbanísticas dun corte máis posmoderno, que poñen ao urbanismo ao servizo da industrialización cultural dos centros históricos, seleccionando só pequenos espazos urbanos, con maquillaxes fachadistas e potenciando a substitución social das poboacións residentes?

Volvendo á xénese histórica do UR poderemos atopar algunhas claves para responder a esas cuestións. Lynch (1981: 186), por exemplo, distingue

tres momentos no caso das cidades norteamericanas: 1) antes e xusto despois da Guerra Civil (en torno a 1860), unha rehabilitación encamiñada a acadar a identificación e unidade nacionais; 2) a principios deste século, unha conservación dos espazos históricos encamiñada a acadar a "*americanización do inmigrante estranxeiro que viña profanalos*"; 3) dende mediados deste século, promovendo a rehabilitación como "atracción turística", tanto para non residentes como para os "novos" residentes con altos ingresos que poidan pagarse a "calidade" de vivir aí. Xunto ás razóns políticas e culturais, primeiro, e económicas, despois, Lynch tamén cita intereses académicos polo "redescubrimento" do pasado, especialmente os intereses da arqueoloxía por ter evidencias materiais para reconstruír as explicacións da historia en xeral e da urbana en particular.

Para este autor, de acordo á teoría normativa que defende (próxima en moitos sentidos á de Christopher Alexander, por exemplo), a rehabilitación dos espazos históricos non pode escapar do suposto máximo da restauración conservacionista (volver a unha mítica pureza primitiva que non ten por qué satisfacer, necesariamente, as necesidades da xente), nin tampouco das tendencias da súa práctica máis habitual (desprazamento obrigado da poboación afectada, rehabilitación de fachadas máis que de interiores e sen ter en conta a adaptación dos espazos ás funcións modernas) (Lynch, 1981: 186-187). Pero estas críticas poden achegalo doadamente á mitificación do progreso e das funcións modernas, rexeitando toda recuperación do pasado construído.

No contexto europeo, sen embargo, non adoitamos aceptar un relativismo tan exacerbado que non propoña unha alternativa de rehabilitación e ao mesmo tempo evite caer no xigantismo do urbanismo moderno. Bassols (1989), por exemplo, expón cómo a fenda entre os centros históricos e o resto da cidade foi en progresivo aumento, partindo das operacións de ensanche a principios do século XIX ata chegar á oposición aínda máis radical, xa na posguerra do presente século, entre o centro urbano e as periferias urbanas, fundamentalmente cunha máis

clara compoñente de clase obreira na maioría delas (ás que haberá que sumar as máis recentes periferias suburbanas de clases altas):

*“Cando a partir do primeiro tercio do século XIX se fixeron inaprazables as operacións de ensanche e reforma interior das cidades, a burguesía industrial e as novas Administracións locais afrontáronnas dende a premisa da economía de mercado, sacrificando as esixencias de orde estética e a conservación da cidade tradicional como legado histórico. O ornato e o embelecemento das cidades perviviron como obxectivos marxinais da policía urbana, cunha prevalencia que dependía máis da sensibilidade das clases dirixentes que da súa prescrición legal. (...) A aplicación dos principios da Carta de Atenas no contexto da reconstrucción posbélica e o expansionismo económico da década dos cincuenta van determinar o xigantismo urbano común aos diversos países industrializados, a fragmentación da cidade entre o seu núcleo preexistente e as novas periferias como meros agregados de edificios e espazos sen contido nin identidade. Precisamente, neste contexto de oposición entre a centralidade e a periferia urbanas, vai emerxer a problemática dos Centros Históricos das cidades. Como produto dun dobre movemento de ideas: a valorización dos Centros Históricos como símbolos de identidade e de condensación da imaxe focal da comunidade urbana fronte á despersonalización das periferias; e como defensa contra as tentativas de someter as áreas urbanas históricas ás forzas económicas que pretenden destruír o tecido histórico e substituílo por actividades terciarias.” (Bassols, 1989)*

O único que cabería engadir é que esa mesma burguesía que promovía a expansión urbana, indirectamente salvagardou moitos núcleos urbanos antigos, ben por esquecerse deles e non dirixir cara eles as súas forzas de densificación constructiva, ben polo culto que lles profesaba – xunto a gran parte da cidadanía- a certos monumentos establecidos no centro histórico (igrejas, conventos, pazos, edificios públicos, etc.) evitando obras no seu redor que puidesen danar a súa imaxe e proxección espiritual.

Antes do franquismo, no Estado español xa existiran algunhas lexislacións específicas que promovían a protección dos núcleos urbanos históricos (Lei sobre Monumentos Nacionais de 1915, Decreto-Lei de 1926 e, sobre todo, a Lei de 1933), pero serán os congresos internacionais quen abandeiren o “movemento cultural” pola recuperación dos centros

históricos en oposición (se ben é certo que non sempre frontal) á hexemonía do urbanismo moderno (Carta de Vencia, de 1964, Coloquios de Quito, Declaración de Bolonia e Carta de Amsterdam en 1975; Recomendación da UNESCO en Nairobi, 1976, etc.) e que consigan carta de natureza legal en diversos países (en 1985, por exemplo, aprobouse a Lei do Patrimonio Histórico Español, e en 1995 a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia: Goy, 1996; Pérez, 1997).

Sen embargo, estas influencias e normativas legais non se corresponden cunha necesaria mellora e inserción da rehabilitación dos centros históricos dentro dunha concepción global da cidade (García Nart, 1989; Rubio et al., 1990).

En segundo lugar, en moitos casos só viñeron legalizar as estratexias capitalistas de expansión inmobiliaria centrípeta (cara ao centro), cando entraba en crise o sector inmobiliario e non podía consumir a súa expansión centrífuga (cara ao extrarradio) (Álvarez Mora e Roch, 1980; Di Battista, 1989).

En terceiro lugar, a necesidade de elaborar Planos Especiais para poder efectuar a rehabilitación, non só retrasou moitos dos procesos iniciados por depender antes, xeralmente, da aprobación de Planos de rango superior (Planos Xerais de Ordenación municipal, habitualmente), senón que, especialmente, nos casos de efectiva aplicación o éxito foi sobre todo en relación á arquitectura monumental, "*non tanto na de tipo ambiental nin nos aspectos sociais e funcionais*" (Troitiño, 1992: 39).

Todas estas orixes do UR, pois, ofrecen unha conclusión contundente: que a rehabilitación non é unha simple resposta ao deterioro físico das edificacións (se ben todo UR ten esa intervención física como unha das súas bases necesarias). Pero aínda non supón unha conceptualización positiva nin clareza cáles son as restantes bases. Como argumentamos antes, o UR xorde pensando nos centros históricos da cidade capitalista. A dinámica de intereses proxectados sobre estas zonas é reveladora: durante longos períodos de tempo son abandonados a favor da expansión urbana ou son renovados drasticamente no seu interior (con apertura de



viais, construción de edificios institucionais, etc.), mentres que nas últimas décadas se ofrecen cada vez máis como exemplo de "resistencia" de calidade de vida fronte ás periferias (obreras ou non) con todas as súas carencias manifestas.

En realidade, estas proxeccións dependían dunha premisa social de fondo: os centros históricos son lugares "privilexiados" do conflito social. Por unha parte, podíanse entender como "guettos" onde se concentraba unha poboación pobre e potencialmente reivindicativa. Lugares que había que ocultar. Por outra parte, podíanse entender como os recintos da memoria da cidade, os sinais da súa identidade simbólica e, por tanto, uns espazos que se debían amosar publicamente. Para iso sería preciso eliminar antes os aspectos físicos ou sociais que non encaixasen coa imaxe de cidade que se pretendía representar, condensar, metaforizar nese centro histórico (Piccinato, 1983; López, 1995).

Pero o conflito social que presentan sempre os centros antigos é que están no "centro urbano", no espazo de máxima visibilidade social e política. Dende aí, pequenas axitacións sociais tenden a amplificarse e escoitarse afastadamente. Por iso, as loitas pola recuperación popular de habitar no centro histórico van máis alá de loitas pola vivenda, polo sentimento de raigame comunitaria, pola calidade medioambiental da vida ou polo mellor acceso aos equipamentos e servizos urbanos (Campos Venutti, 1978).

Pero tamén ocorre que os procesos de cambio urbano son complexos e o UR tende a simplificalos, seleccionando rixidamente o seu obxecto e privilexiando as intervencións físicas na edificación sobre o conxunto do entorno urbano, sobre as dinámicas demográficas ou sobre a estrutura económica. En realidade, tanto os centros históricos como outras partes da cidade medraron en base a contínuos procesos de "reestructuración", conservando unha partes do espazo herdado, destruindo outras e construíndo e reconstruíndo entre medias. Pero non todas as partes tiveron o mesmo impacto e, así, os centros históricos chegaron caracterizarse polo abandono e pola destrución, en maior medida que outras zonas da

cidade (se ben non faltan informes recentes sobre as necesidades de rehabilitación de moitas periferias obreiras construídas de forma masiva, industrial, barata e deficiente: Capel, 1994; AA.VV, 1992).

Ese abandono e destrucción, non obstante, non fai xustiza aos modos de vida que perviven nos recintos históricos, á adaptabilidade das súas poboacións mesmo a acoller diversidade sociais de colectivos e xentes inmigrantes, superiores ás doutros barrios da cidade e á plurifuncionalidade e mestura de usos que tamén perviviron durante séculos, aínda que a miúdo agonizantes na actualidade. Isto, de todos os xeitos, non significa que se deban eloxiar posmodernamente, como suxería Jane Jacobs, esas características, senón que elas nos indican que é preciso explicar as relacións entre os barrios populares como os centros históricos e o resto da cidade, ao mesmo tempo que as relacións entre as prácticas sociais e os espazos producidos neses centros, se queremos comprender o significado do UR.

En primeiro lugar, pois, distintos autores recomendan distinguir as distintas funcionalidades dos centros históricos en cada cidade. Amánn (1982) e Caballero (1982), por exemplo, sinalan tres modelos onde destacan os factores sociais:

- a) centros históricos en áreas metropolitanas, onde máis agudas son as contradicións entre degradación, marxinalidade e proxectos de rehabilitación e revalorización (aquí se situaría o caso de Vigo que veremos logo);
- b) centros históricos en cidades intermedias, con menos tensións e un claro avellentamento da poboación;
- c) centros históricos en pequenas cidades (ou vilas rurais) onde a residencia é escasa debido a unha forte emigración ou expulsión da poboación orixinaria.

López (1986: 21), sinala catro modelos máis xenéricos en canto ás funcións económicas destes espazos:

- a) superposición, cando o centro histórico mantén todo o peso das funcións centrais da cidade;

- b) inclusión, cando abrangue unha extensión maior á do centro urbano ou cando é absorbido completamente por este;
- c) intersección, cando o centro histórico se divide entre unhas partes do mesmo con funcións centrais (xeralmente algún borde do mesmo) e outras permanecen nunha situación marxinal, deprimida ou en declive;
- d) exclusión, cando hai independencia relativa entre o centro histórico e o urbano (o Casco Vello de Vigo mantería tanto esta exclusión funcional actual, pero unha virtual inclusión).

Pola súa parte, Troitiño (1992: 25) relaciona as funcións económicas e as simbólicas:

- a) centros históricos que deixaron de ser o centro urbano a nivel económico pero que conservan a centralidade simbólica e cultural (Vigo, Cuenca, Cáceres, Zaragoza, Barcelona, Oviedo, etc.);
- b) centros onde o histórico e o funcional manteñen diversos niveis de imbricación conservando elementos de centralidade (Madrid, Valladolid, Segovia, León, Guadalajara, Salamanca, Córdoba, Ávila, etc.);
- c) centros históricos que continúan sendo o centro funcional da cidade actual (Toledo, Santiago de Compostela, Plasencia, etc.).

En segundo lugar, os procesos de rehabilitación non só deberon axustarse a esas distintas posicións dos centros históricos en cada cidade, senón tamén ás distintas posibilidades económicas e políticas das Administracións, así como ás respostas sociais da poboación. Tamén distintos investigadores demostran que nin a renovación urbana primeiro, nin a rehabilitación despois, tiveron nunca financiamento dabondo e acollida social suficientemente resignada ou colaboradora, como para permitir unha extensión exhaustiva deste tipo de urbanismo (Goodman, 1971; Piccinato, 1983; Di Battista, 1989; Serrano, 1988).

De todos modos, cando teñen éxito esas intervencións urbanísticas a cuestión que nos elevan é: ¿a que tipo de cidade e de vida social están dando lugar? En ningún caso, por moito que o discurso do UR non poida

desprenderse da súa orixe conservacionista, se trata de recompoñer un modo de vida "preindustrial" no centro histórico da cidade. Algúns aspectos dese UR deben estudar o pasado dalgunhas edificacións, materiais e espazos públicos, para poder propoñer "graos" de intervención máis ou menos respectuosos con el. Pero esa función "premoderna" é mínima, xa que outros aspectos como a vivenda popular, a sociabilidade en público ou a plurifuncionalidade económica deses espazos non son facilmente controlables polas intervencións urbanísticas. Estas, na práctica, non se coordinan con outras políticas sociais e económicas redistributivas e, polo tanto, subordinan o UR a outros obxectivos.

Estes obxectivos poden ser máis modernos, como no caso da renovación urbana que formula unha substitución completa dos espazos herdados e aumentan as densidades residenciais, a especulación inmobiliaria e as vías de circulación motorizada (Álvarez Mora, 1979). Ou máis posmodernos, como no caso da terciarización dos centros históricos animada tamén por campañas políticas paralelas de promoción turística do barrio, incentivos á residencia de luxo ou á instalación de servizos privados, bancos ou oficinas (Fainstein, 1994; ver tamén, por exemplo, cómo arquitectos influíntes nos cambios "posmodernos" en Barcelona, como Oriol Bohigas, optaron no seu momento por demoler edificios históricos como o Hospital General de Atocha en Madrid o cal, despois, sería remodelado da forma máis posmoderna posible, converténdoo en Centro de Arte Contemporáneo: López Jaen, 1990; Troitiño, 1992: 21).

Como observan algúns teóricos, *"a pesar das diferencias existentes entre renovación e rehabilitación, hoxe as dúas políticas son complementarias"* (Zárate, 1991: 107; tamén García Bellido e González Tamarit, 1979; Zukin, 1982, rexistra, por exemplo, unha clara evidencia desa complementariedade no Lower Manhattan de New York). En ambos casos hai expulsión social das clases populares (aínda que o UR sempre declare a "intención" de non provocala) e dos seus modos de vida e formas de habitar o barrio, así como terciarización do centro urbano. Sen embargo, é

propio do UR que non aumente notablemente a densidade residencial e que a integración con respecto ao resto do centro urbano sexa só funcional: unha nidia fronteira separará a poboación, a paisaxe urbana e o tipo de actividades terciarias específicas do centro histórico (turismo, restaurantes, museos, etc.) das do resto do centro urbano.

Neste sentido, pois, máis que unha volta ao pasado ou unha conservación de partes do mesmo mantendo a vida social popular dos centros históricos, a maioría de intervencións do UR “reinventan” fisicamente (e con frecuencia só na imaxe exterior visible dende a rúa) todo o conxunto urbano creando “illas” con alto valor económico inmobiliario e turístico, colindantes co resto do centro histórico que, debido á resistencia social e ás fisuras do mercado e da lexislación, non se poden rehabilitar simultanea e completamente (Sosa e Guerra, 1995).

Esta, pois, é a tendencia máis posmoderna do UR. A diferenza coa renovación urbana “moderna” é que se conseguen resultados sociais e económicos semellantes -en termos globais, en canto ao aumento das desigualdades-, pero as formas construídas e discursivas son menos explícitas, máis borrosas, chamando máis a sentimentos e símbolos de identificación cidadá que a nocións abstractas de progreso e industrialización.

En definitiva, só fica preguntarse o seguinte: ¿é posible un UR que non reproduza esas tendencias e dependencias?

## **2.2 CAMIÑANDO POLO LADO SALVAXE DOS CENTROS HISTÓRICOS**

Imos explorar agora un pouco máis esa paisaxe dos centros históricos atendendo ás dinámicas sociais que teñen lugar neles e que os configuran, á súa vez. De forma semellante a como ocorre nas

formulacións do urbanismo estratéxico, os discursos da rehabilitación tamén teñen as súas metáforas fundacionais que tentan simplificar a concepción da cidade e prexulgan os procesos sociais e as poboacións sobre as que despois se pretende intervir. No caso dos centros históricos atopamos unha metáfora menos explicitamente exhibida e defendida, pero moi presente nas memorias dos planos, nos estudos sociolóxicos previos aos mesmos ou nos informes que resumen as intervencións finalizadas: o espacio salvaxe.

Antes de describir mellor esta metáfora e as consecuencias sociais que ten, cabe puntualizar que non entra necesariamente en contradición coa metáfora da planificación estratéxica metropolitana, a da cidade-empresa. Toda empresa, en definitiva, corre certos riscos, debe enfrontarse a incertezas e sucesos imprevisibles, ben provenientes do mercado exterior, ben dos seus propios intestinos de funcionamento (unha folga, unha fuxida de directivos, averías, etc.).

Do mesmo xeito, as cidades albergarían lugares impredecibles, incógnitos e incognoscibles, con demasiada complexidade e mestura como para ser accesibles a comprendelos en profundidade. Por iso óptase, como na primitiva cirurxía, por cortar polo sán, e quedarse nunhas breves estatísticas demográficas sobre a poboación residente con constancia censal e sobre as actividades económicas formais. Se as empresas consideran ao seu "persoal" como recursos estratéxicos aos que lles esixe unha "cualificación" e que son o ingrediente principal da "calidade" da mesma, as cidades estratéxicas consideran á súa "cultura cosntruída", especialmente a localizada nos centros históricos, como recursos estratéxicos aos que se lles esixe unha "re-cualificación" ou posta ao día, para posuír elementos de "calidade" cos que competir ante outras cidades para atraer investimentos ou consumo.

Como veremos despois, esta retórica tamén vai ter consecuencias para considerar a participación social neste tipo de urbanismo. Agora simplemente analicemos en qué consiste o "espacio salvaxe" e os seus procesos sociais relevantes. Smith (1986) expón unha profusa

caracterización da “inner-city” norteamericana (semellante en moitos aspectos aos núcleos antigos europeos, aínda que no caso norteamericano ou inglés non necesariamente conteñen elementos monumentais e rara vez se superpoñen co CBD ou centro urbano de negocios): sería vista comunmente –sobre todo polos analistas urbanos– como un espazo de “*enfermidades e crimes, perigo e desorde*”, como unha “xungla” e, máis aínda, como unha “fronteira” que divide os espazos “conquistados” e os que aínda non puideron ser “domesticados”, o que vale tanto para a edificación como para a poboación “nativa”. Nesas zonas centrais da urbe, con abundantes edificios antigos e abandonados, habitarían fraccións da clase obreira tradicionalmente residente aí ou trasladadas a eses barrios en función da centralidade dos seus traballos e do baixo custo dos alugueiros ou mesmo da compra dunha vivenda en propiedade.

Pero, sobre todo, residiría un amplo espectro de infra-clases urbanas, colectivos marxinais por razóns étnicas ou polas actividades de supervivencia que realizan (mendicidade, delincuencia, prostitución, eventualidade e precariedade laboral, etc.), poboación anciá ligada tradicionalmente ao barrio e colectivos pobres en xeral (familias monoparentais a cargo de mulleres con baixos recursos, mozos e mozas en desemprego, pequenos artesáns ou comerciantes, etc.). Por iso opto por falar de “clases populares” antes que, simplemente, de “proletariado” ou “clase obreira” (coa que manteñen vínculos e tamén distancias as primeiras). Esta opción terminolóxica, por estraña que poida parecer, é bastante frecuente e axeitada no estudio da estrutura social en países como os latinoamericanos onde predomina a economía non salarial (Friedmann, 1992; sobre as similitudes entre esa concepción “posmarxista” e o concepto de ‘comunidade’ pode consultarse a reformulación “neoweberiana” de Willmot, 1989).

Para Smith, as clases medias e altas que van instalarse progresivamente nesas zonas, mesmo antes de que se produzan planes de rehabilitación, poden ser vistas como “pioneiros urbanos”,

“conquistadores” de oportunidades residenciais e de inversión inmobiliaria, os que van saltar a fronteira do descoñecido para ir mutando as condicións de vida no barrio (aumento de prezos, aparicións de restaurantes, cines, boutiques e outros negocios “distinguidos” acordes ás necesidades dos novos residentes) e desprazando aos antigos moradores cara a “reservas” indíxenas aínda máis acoutadas dentro do barrio ou fóra do mesmo, nalgunha periferia urbana ou noutros barrios menos céntricos.

Un urbanista de Barcelona, Jordi Borja expresou nun Seminario en Salamanca en 1995 que sería necesario resignarse a que existan eses espazos de marginación porque, quérase ou non, sempre van emerxer, así que o máis aconsellable para calquera plan de rehabilitación sería deixar unha “reserva” do centro histórico, onde a policía vixilase só na fronteira, non no seu escuro interior, evitando que se esparesen polo resto da cidade. Outro influínte urbanista experto en rehabilitacións, Francisco Pol, comentou no mesmo lugar que en Madrid decidiran pagar un millón de pesetas a cada ancián ou anciá que deixase a vivenda en alugueiro que tiña de toda a vida no centro histórico, o cal soían aceptalo aqueles que tiñan familia nalgunha periferia obreira e necesidades económicas que ese diñeiro podía solventar, aínda que non tivesen espazo suficiente nos seus pisos para eses parentes.

En todos os casos, a variedade de situacións de pobreza e de formas de habitar os centros históricos, non son tratadas con sensibilidades acordes a cada colectivo polo UR, senón que as medidas policiais ou asistenciais, a reestructuración económica ou a renovación controlada por pequenas zonas, van acompañala continuamente nesa “incursión” en terreo “selvático”, no “guetto” que é lugar de illamento e, simultaneamente, de refuxio e resistencia á cidade-empresa (López, 1995).

Os procesos de “gentrification” (substitución das clases populares que habitan os centros históricos por unha nova “gentry” de clases medias e altas, composta por profesionais liberais do sector servicios e cargos directivos que traballan no centro urbano de xestión) non rematan, sen embargo, con esa noción de “reserva”, senón que a reconfiguran. Os



novos residentes "arríscanse" eles mesmos e os seus aforros para levar adiante a conversión dunha veciñanza "indeseirable" e "mal vista", nun lugar con alta "calidade de vida", "civilizado". Non só arranxan os edificios e as vivendas, senón que animan a que outros propietarios o fagan para ampliar a oferta de alugueiros ou vivendas en venda. As casas reformadas conteñen aparatos de "alta tecnoloxía" xunto a un estilo rústico no mobiliario e a decoración.

As clases profesionais que "ocupan" o barrio teñen tamén un alto nivel de consumo e, sobre todo, de consumo distinguido e conspicuo, polo que compran en tendas de "alta calidade" de roupa e comida, acoden a restaurantes de moda onde poidan ser vistas e admiradas, existen cines, teatros, galerías de arte, tendas de antigüidades ou cafés onde poidan facer amizades, xa que non teñen descendencia familiar, soen ser de idades novas, empezando a súa carreira profesional e pospoñen a idade de ter fillos ou de casarse (Beauregard, 1986).

A nova "reserva" que crean é agora inaccesible economicamente ás tradicionais clases populares do barrio que aínda quedan nel nas partes non rehabilitadas. Estas, ademais, tampouco teñen xa nin sequera oportunidades laborais dentro dos negocios a pequena escala que antes pervivían no barrio, aparte de que as subas de prezos no mercado da vivenda tenden a forzar a súa mudanza a lugares máis asequibles (López, 1986). Tampouco as clases medias-baixas ou obreiras do resto da cidade teñen necesidade de acudir a eses espazos a non ser como turistas ou man de obra eventual só nalgúns dos comercios especializados que predominan agora (os de comida rápida, por exemplo).

Por último, sobre todo nas cidades españolas e nalgúns europeas, os atributos de "salvaxismo" tamén aluden ao tipo de ambientes que se crean as fins de semanas cando mozos e mozas enchen os bares dos centros históricos e as estreitas rúas incrementan notablemente a circulación motorizada e os ruídos. Estes bares e espazos públicos do centro histórico convértense, así, nos únicos lugares que a mocidade pode apropiarse e onde concentrarse e atoparse mutuamente, debido ás

carencias de emprego e dificultades de emancipación familiar nas que están (Alcázar *et al.*, 1993).

Os graffitis, suciedade, tumultos, disturbios, a clandestinidade da compra e venda de drogas e as ocupacións simbólicas de prazas e vías por parte das pandillas de xente nova (sobre todo de clases baixas e medias, xa que as de posición económica máis elevada soen ir a bares e pubs onde son máis caras as consumicións, hai gardas de seguridade nas portas e máis ben sitúanse en barrios do centro urbano de negocios ou dos ensanches) contribúen, pois, a reforzar esa imaxe de espazo indomable, mesmo fóra de control para as propias veciñanzas tradicionalmente residentes no centro histórico. Nalgunhas cidades españolas, como Madrid ou Bilbao, tamén aumentan para os analistas externos as sensacións de incompreibilidade das mesturas interétnicas que se están dando neses barrios, a raíz dunha masiva inmigración africana, latinoamericana e asiática.

En España, dende comezos dos anos oitenta existen estudos sociolóxicos e urbanísticos sobre as deficiencias máis acusadas dos centros históricos, onde tamén emerxe o lado salvaxe da identificación social dos mesmos. Así, para Lowy (1982), trataríase dunha especie de "involución": *"clases economicamente febles e marxizadas e abandono das capas de maiores niveis de renda; habitabilidade insatisfactoria, deficiencias estruturais, falta de servicios e amoreamento; desaparición da vida social, despoboación, delincuencia, ausencia de equipamentos e de comercio"*.

Para outro observador, a síntese podería ser como segue: *"deterioro físico e infrautilización da edificación, actividades comerciais e artesás en decadencia, poboación residente empobrecida e envellecida, notable persistencia do arrendamento, escasa actividade constructiva e mercado inmobiliario residual"* (Gago, 1982). O diagnóstico non varía moito a principios desta década (Troitiño, 1992: 26; Zárata, 1991: 98-107). Como dicimos antes, as análises sociais que usa o UR soen quedarse nun nivel distributivo de descrición e unha das razóns que poden explicar ese

feito é a persistencia desa concepción "salvaxe" que se ten dos centros históricos.

Pero eses procesos de "gentrification" e de segregación e illamento, non se producen necesariamente sen resistencia popular fronte aos mesmos. Dende os anos sesenta nos Estados Unidos (Castells, 1986; Hartman et al., 1982) e dende os setenta en Europa (Campos Venutti, 1978; Di Battista, 1989; Villasante, 1984) existen numerosas batallas dadas nese sentido. O que me interesa agora non é tanto explicar o desenvolvemento desas loitas urbanas como as condicións de posibilidade nas que tiñan lugar. Explícome: as características dos axentes urbanos que interveñen nelas e o proceso de "gentrification" que as acompañan. É dicir, ¿que relacións manteñen entre si os distintos axentes urbanos?, ¿actúan uniformemente segundo posicións de clase ou existen outras divisións grupais significativas?, ¿con que eficacia se levan adiante as reconversións museísticas dos barrios históricos e as substitucións de clase nos mesmos?

Aínda que o coñecemento internacional destes procesos non é exhaustivo, sobre todo no referente ás condicións de vida das infraclases urbanas, si existen bastantes evidencias acerca dos principais trazos destes fenómenos. Fagamos, entón, unha revisión das interpretacións acadadas, empezando polas características da revalorización capitalista "salvaxe" dos espazos centrais e seguindo despois coas peculiaridades das poboacións mobilizadas de forma máis voluntaria ou forzosa.

As análises neomarxistas son algunhas das máis precisas na explicación das transformacións acaecidas nos centros históricos en base ao aproveitamento de 'rendas diferenciais'. As rendas diferenciais poden ser de localización (canta maior é a centralidade ou accesibilidade ao centro urbano, maiores plusgaños son posibles) e de intensidade (canto mellores condicións urbanizadas posúe ou maior é o aproveitamento urbanístico permitido –alta densidade–, maiores plusgaños son posibles) (García Bellido e González Tamarit, 1979: 144; Harvey, 1973: 187; Topalov, 1984: 10-14, 121-133). Pola contra, enténdense como 'rendas absolutas' aquelas extraídas da conversión de solo rústico (ou non urbanizable) en

urbano ("urbanizable"). En consecuencia, nos centros históricos predominan os procesos de revalorización mercantil e capitalista do solo mediante a extracción de rendas diferenciais da edificación construída (con alugueiro de vivenda e locais comerciais, fundamentalmente) ou da demolición (de vivendas baratas e de fábricas residuais) e reedificación (con vivendas caras e locais para actividades terciarias) (Campos Venutti, 1978: 133).

Nestas transformacións inducidas non actúa unha única e homoxénea clase capitalista, senón que interveñen varios axentes con capital: grandes propietarios (especialmente promotoras inmobiliarias se os beneficios son curtos no tempo), propietarios profesionais (quen só compra para alugar), pequenos e medianos propietarios (tanto quen obteñen as propiedades en herdanza e non son a súa primeira vivenda, como quen consolida a súa empresa deslocalizándose do centro cara zonas máis baratas). Estes últimos pequenos e medianos propietarios non poden ser minusvalorados, xa que en moitas cidades é sobre todo a súa acción conxunta, pero non necesariamente coordinada, a que anticipa as rehabilitacións futuras.

Por exemplo, Álvarez Mora e Roch (1980: 141-166) describen o seu protagonismo en grandes partes do centro histórico de Madrid. Formarían parte dese "capital mercantil" pequenas industrias ou talleres que se disolven ou se traladan ao extrarradio, comercios que se expanden por todo o centro urbano e adquiren propiedades verticais (todos os pisos dun edificio) e tamén colexios, conventos ou empresas públicas que posúen instalacións de ferrocarril, por exemplo. Nos casos de maior dificultade, cando os pequenos propietarios posúen propiedades divididas horizontalmente, as estratexias especulativas máis comúns consisten no abandono das propiedades, sen investir nelas capital nin traballo esperando as axudas á rehabilitación ou á calificación de "ruína" que permita a demolición e reconstrucción, así como a presión para expulsar aos antigos inquilinos (Roch e Guerra, 1979: 18-20, 54; Zárate, 1991: 58).

De calquera xeito, unha cousa é a "propiedade" dos solares ou vivendas, e outra é a "posesión" ou control efectivo sobre o uso e a xestión dos mesmos. Esta posesión está reservada a axentes dedicados á promoción inmobiliaria ou á construción e aos bancos que os financian. Os propietarios non só precisan do apoio destas entidades, senón tamén da intervención estatal, sexa esta de forma directa (aplicando planeamentos urbanos específicos ou programas de subvebncións a fondo perdido para a rehabilitación privada) ou indirecta (por omisión, deixando facer sen poñer trabas). En Barcelona, por exemplo, describiuse cómo nos lugares do centro histórico onde non se considerou precisa a rehabilitación aplícase unha renovación "non declarada", mediante a apertura de novas estradas, a expropiación forzosa e optando, segundo a recomendación dos técnicos urbanistas, por indemnizar antes que por realoxar ás familias afectadas (López, 1986: 38, 80). En Madrid observáronse catro modalidades xenéricas de actuacións de revalorización xunto ao planeamento ou a pesar del (Álvarez Mora e Roch, 1980: 123-141):

- a) cando o capital inversor en propiedades centrais coñece todas as posibilidades do planeamento vixente para mercar, concentrar propiedades, reparcelar, derrubar, etc., ou ben coñece privilexiadamente o planeamento antes da súa aprobación pública, en canto que este proxecte algún cambio de usos, infraestructuras, equipamentos, etc. aos que se pode anticipar investindo na zona;
- b) cando o capital actúa ilegalmente, polo xeral provocando derrubos previa adquisición de propiedades contiguas ou derrubando aquelas edificacións protexidas polo planeamento vixente ou provocando sutilmente a ruína de pequenas propiedades que se pretenden revalorizar, á espera de que as denuncias, en caso de producirse, sigan logo unha lenta canle de tramitación xurídica e despois sexa imposible rectificar nas actuacións, compensando así as multas que se lles poidan imputar;

- c) cando os organismos estatais ou municipais asumen as ilegalidades cometidas e as regularizan con novos planeamentos;
- d) cando algúns propietarios e produtores inmobiliarios posúen contactos cos poderes públicos para influenciarlles e presionarlles cara ao deseño dun planeamento urbano ou cara a modificación dun existente, acorde ás súas intencións especulativas.

As contribucións de Smith (1986) e Beauregard (1986) van no mesmo sentido, aínda que introducen factores como os cambios demográficos, as pautas de reprodución e consumo e tamén os apoios financeiros do Estado, para explicar os procesos de "gentrification". O primeiro enfatiza, sobre todo, a "fenda de rendas" (*rent gap*) que se produce cando o capital inmobiliario cesa de investir na suburbanización periférica e precisa, por tanto, facelo no interior da cidade. Durante a fase de construción suburbial, pois, sería cando máis se produce o declive dos centros históricos. A centralización urbana de funcións administrativas e de xestión producen tamén un aumento das clases medio-altas e altas de profesionais e executivos que valorarán os custos de tempo, diñeiro, prestixio e posibilidades de relación social entre vivir nos suburbios ou facelo no centro urbano. Estes profesionais liberais ou directivos de empresas que escollen a segunda opción, como sinala o segundo dos autores, tenden a ser novos e pospoñen o máis posible ter fillos, aparte de que precisan tendas de prestixio e lugares de esparcemento onde relacionarse cos seus semellantes.

O peche de oportunidades de investimento inmobiliario na periferia e as demandas destas clases profesionais por localizacións céntricas e con altos equipamentos, confluirán, pois, coas axudas financeiras públicas ou privadas para que a súa ocupación dos centros históricos se produza, se ben, en moitas ocasións moitos individuos ou familias deste colectivo adiantanse de forma "pioneira" ás operacións concertadas. Como puiden comprobar en cidades como Vigo e Santiago de Compostela, os

profesionais directamente relacionados co urbanismo -arquitectos, avogados, xestores, economistas, sociólogos, funcionarios municipais, etc.- adoitan ser parte desa avanzadilla, debido ao coñecemento privilexiado que teñen de oportunidades, vivendas, residentes e planos.

Un proceso semellante é descrito recentemente en estudos comparativos a nivel internacional (Carpenter e Lees, 1995). De todos modos, case tódolas investigacións confirman que se tratan de “enclaves” dentro dos centros históricos e só nalgúns casos alcánzase unha total substitución poboacional, arquitectónica e económica. Por outra parte, permanece un aspecto controvertible, xa que as condicións de desinvestimento na periferia e reinvestimento centrípeto poderían aplicarse a diversos lugares centrais ou semi-centrais da cidade nos que, sen embargo, non teñen lugar tan abundantemente estes procesos (Roch, 1988, por exemplo, explica o caso de Madrid, onde só algúñas partes da “Almendra Central” son rehabilitadas, mentres que outros barrios históricos menos monumentais, como Tetuán, sufren unha implacable renovación: ámbolos dous espazos son onde emerxen, precisamente, a maioría de iniciativas sociais de okupación nesa cidade). As explicacións *ad hoc* soen salientar ben a relevancia dos aspectos histórico-artísticos que acompañan ás pautas de consumo distinguido dos novos residentes máis solventes, ben a forte integración comunitaria que teñen outros barrios que non concitan a todas esas forzas sinaladas para promover a rehabilitación.

Recopilando diversos estudos en cidades norteamericanas a principios da década dos oitenta, LeGates e Hartman (1986) aproxímannos aínda máis a dous aspectos que, equivocadamente, podían quedar implícitos na anterior análise: 1) os fluxos de investimento de capital e de desprazamentos poboacionais non son procesos carentes de conflitos sociais abertos; 2) non se trata só dunha participación de “clases sociais”, ou polo menos non na parte da poboación máis afectada polo desprazamento.

Para estes dous autores, os casos analizados evidencian que, lonxe de acadarse niveis de satisfactoria integración interclasista e interétnica,


na maioría deles houbo abertos conflitos entre sectores por ocupar os espacios públicos e ameazando e coaccionando, sobre todo aos sectores da infraclase ou de minorías étnicas nese barrio, para que se marchasen. De feito, ambos autores propoñen unha análise da transformación social destes espacios en base aos principais grupos implicados: os invasores e os desprazados. No primeiro colectivo si hai unha clara compoñente de clase (grupos profesionais e executivos, con altas titulacións escolares e moi solventes economicamente) pero caracterízanse tamén por ser novos, case sen descendencia filial e por proceder doutros barrios do centro urbano ou próximos a el, non dos suburbios.

Sen embargo, no grupo dos desprazados a heteroxeneidade é moito maior e tamén o son as dificultades por localizalos e estudialos, debido a que pasan a espallarse polo resto da cidade. Aquí a compoñente de clase tamén é significativa, pero ese colectivo abrangue tanto aos colectivos cos menores ingresos e cualificación, así como a aqueles con moi altos ingresos e cualificacións. O que máis lles une é a idade (persoas maiores, xeralmente) e ter familias con varios fillos, aparte de que tenden a mudarse non tanto á periferia como a zonas próximas a aquela da que foron desprazados (ás veces no mesmo barrio, esperando a que unha nova fase de renovación ou rehabilitación lles volva a desprazar).

Pero trátase dun amplo abano de situacións en relación á vivenda (dende pequenos propietarios a familias que alugan vivendas baratas e mesmo colectivos marxinais que alugan só habitacións en casas compartidas), aparte de que son moitos os colectivos étnicos e con distintas actividades da economía informal os que sofren o desparazamento. Por último, a maioría destes desprazamentos son forzados, cando menos no sentido de que empeoran moitas das condicións de vida destes grupos, tales como o aumento do custo da nova vivenda e maior insatisfacción con ela e co barrio, aínda que isto non signifique que moitas desas xentes non desexasen mudar cara mellores



situacións e localizacións e mesmo reclamen a rehabilitación (ás veces, só en abstracto) do seu barrio.



**Fig. 1**

*Ciclo de "declive" e "renovación" demográficas nos centros históricos mediante o UR*

### **2.3 MUSEOS URBANOS ONDE HABITAR É UN LUXO E PARTICIPAR UNHA QUIMERA**

O máis significativo da análise de experiencias de rehabilitación en centros históricos é que soen estar relatadas por arquitectos ou urbanistas (economistas, enxeñeiros, xeógrafos, avogados, etc.) e que as imaxes sociais ofrecidas deses barrios amosan só algúns trazos da situación demográfica e do parque residencial, sen maiores atencións aos procesos de "desinvestimento", de carencia de políticas de vivenda social (Paniagua, 1991, 1995) e de "gentrification" que provocan a degradación da vida comunitaria preexistente (Martínez, 1997). En segundo lugar, a participación cidadá en relación directa ao planeamento de rehabilitación está tan abundantemente ausente que semella limitarse a aceptar pacientemente as lóxicas mercantís ou planificadoras impostas. Só en casos como o Casco Vello de Vigo ou na vila de Allariz (na provincia de Ourense) podemos comprobar excepcións a estas tendencias, pero convén primeiro ter un panorama sociolóxico amplo das experiencias de rehabilitación levadas a cabo en centros históricos por todo o Estado.

O primeiro que salta á vista, como xa apuntamos, é que os indicadores sociais adoitan ser máis xenéricos cós relativos ás condicións arquitectónicas. De igual maneira, as recomendacións de acción en materia social soen limitarse a promover axudas financeiras á rehabilitación (Troitiño, 1992: 46-47), mentres que no plano arquitectónico as propostas de regulación son moito máis detalladas, dende os materiais, a decoración, as estruturas, os equipamentos, a peonalización, etc. ata chegar a propoñer a creación de oficinas autónomas de xestión do UR (a miúdo en forma de empresas enteiramente privadas ou con maioría de capital público: García Nart, 1989).

Rubio et al. (1990: 30) comparan numerosos centros históricos españois destacando como principais indicadores sociais a densidade poboacional (226 hab. /ha.), a poboación activa (32 %), a ocupación de vivenda (18 % desocupadas) e a tenza en propiedade (59 %). Respecto a este último indicador nos centros históricos de Galicia a cifra ascendía moi por riba (aínda que non podía concretarse), agás nas grandes cidades (González-Cebrián, 1989). Noutros estudos incluíanse datos do descenso

residencial entre 1970 e 1990 (entre -10 % e -20 %; en Galicia entre -5 e -10 %), das rendas familiares (80-90 % menores do 2,5 veces o Salario Mínimo Interprofesional; en Galicia 70 %) e do uso terciario do espacio (60-70 %; en Galicia 70-80 %) (Pino, 1994).

Na maioría de memorias e informes específicos sobre diversas cidades, os problemas sociais de infravivenda ou tráfico, por exemplo, remataban disolvéndose dentro de proxectos urbanísticos xerais (Dávila, 1993; Amadó, 1989; Pol, 1989; Seguí, 1989; AA.VV., 1993-94). Son, pois, escasas as análises que afonden na explicación dos procesos sociais, económicos, políticos e culturais que fundamentan a "degradación" dos centros históricos que se pretenden rehabilitar. Ademais, moitas das actuacións efectivas de rehabilitación non pasan de accións "fachadistas" e axudas ao capital comercial ou a propietarios solventes. Algúns dos programas que tentaron solventar estas dúas eivas déronse en Vitoria (González et al., 1995) e Santiago de Compostela (Fernández Fernández, 1995) (en Madrid tamén se implementaron varios programas con cuantiosas axudas, pero a poboación potencialmente receptora das subvencións era proporcionalmente, con respecto ao total de residentes, moito menor que nos outros dous casos), aínda que outros problemas permanecían intactos.

De todas as informacións recabadas só coñezo un estudio sociourbanístico para unha parte do centro histórico madrileño (o chamado Arco Cultural) que chegou a afondar excelentemente en todos os procesos e dimensións sociais relevantes (entre outras razóns porque non asenta os datos sobre medicións dos urbanistas, senón que combina a enquisa, as entrevistas e datos secundarios dos censos), polo que ofrecerei unha breve síntese das súas principais características (Camacho et al., 1996). Outro estudio, esta vez non promovido por unha administración pública, como era o caso do anterior, senón por unha plataforma social de colectivos (veciñais, xuvenís, culturais, okupas, universitarios, etc.) (AA.VV., 1995), tamén acerta a describir os problemas sociais en base ás necesidades de todos os colectivos do barrio e de alternativas socioecolóxicas para mellorar os espazos de convivencia no centro

histórico de Sevilla. Non obstante, antes de determe con eles comporei unha táboa comparativa dos datos sociais máis frecuentemente salientados nos relatos sobre situacións dos centros históricos baixo rehabilitación que, como se verá, teñen que ver fundamentalmente coa vivenda.

CADRO 1. Comparacións de datos sociourbanísticos de centros históricos manexados polos planos de rehabilitación. Fontes: Rubio et al. (1990), Martínez et al. (1995), Cabrera et al. (1991), Fernández Fernández (1995), Contreras et al. (1987), Camacho et al. (1996)

	Españois	GALEGOS (VILAS E CIDADES)	Vigo	Santiago	Salamanca	Barcelona (Ciutat.Vella)	Madrid (Arco Cultural)
<b>Densidade Pob.</b>	226 hab. / ha.		222 hab. / ha.	183 hab. / ha.	91 hab. / ha.	300 hab. / ha.	
<b>Poboación Residente</b>	('70-'90) -10 % a -20 %	('70-'90) -5% a -10 %	('89-'94) -1,1%	+ (incremento)	+ (incremento)	('89-'91) -11 %	('86-'91) -3,8 %
<b>Viv. desocup.</b>	10-18 %	20-30 %	21,8 %	14,3 %	15 %	21 %	
<b>Tenencia en propied.</b>	50 %	+ 50 %	36,3 %	60 %	55 %		53,1 %
<b>Necesidade Rehabilitac.</b>	30-35 %	20-35 %	64 %	50 %	48 %	25 %	73 %
<b>Edificac. en ruínas</b>	5 %	6-8 %	7 %	6 %	7,3 %		+ 3,5 %
<b>Baixos con terciario</b>	60-70 %	70-80 %	50 %	63 %	+ 80 %		

O estudo de Camacho et al. (1996) é, como dicíamos, dos máis detallados e completos que coñecemos. Introduce análises sobre procesos pouco visibles, como a alta mobilidade dos colectivos inmigrantes que entran e saen do centro histórico e empezan a ser os únicos usuarios das escolas públicas da zona. Tamén amosan altas taxas de desemprego

(25,3%) e precariedade laboral entre a poboación (por exemplo, un 32% son asalariados eventuais). Pero das análises cualitativas sobresaen, especialmente, as imaxes sociais sobre un proceso de rehabilitación que en Madrid ven practicándose de forma difusa, puntual e unido a prácticas de especulación e "gentrification", por máis de 15 anos. En concreto, esas imaxes reúnen un conxunto de valoracións negativas sobre a traxectoria deste UR. Aínda que existe unha relativamente ampla protección legal fronte á demolición da edificación protexida, só en casos puntuais houbo rehabilitacións planificadas que mantiveron a todos os inquilinos na súa vivenda (algunhas corralas de Lavapiés e no Rastro), mentres que a maioría de "remodelacións" foron realizadas pola iniciativa privada: nas zonas con mellores equipamentos, comunicación e espacios abertos do centro histórico e "fachadistas" (ou "renovadoras" de todo o interior, incluídas as estruturas), xa que reconstruían plenamente os edificios mantendo as fachadas e ofertando novas vivendas de luxo.

Este caso introdúcenos á valoración dos cativos mecanismos participativos adoptados na aplicación deste tipo de planeamento urbano. En Madrid, unha das máis antigas e combativas asociacións veciñais da cidade informou, ao longo destes anos (La Corrala, 1994), sobre o contínuo rexeitamento que tiveron as súas propostas de equipamentos e urbanización alternativa á planeada. Mentres, os proxectos no centro histórico desta cidade tiveron fortes investimentos económicos, pero unha ampla incapacidade para resolver os problemas de infravivenda e de falta de solvencia de gran parte da poboación pobre do barrio e anciá e dos distintos grupos étnicos que habitan nel ou o usan como punto de encontro común (Camacho *et al.*, 1996; para datos máis urbanísticos poden consultarse Palmero, 1989; Pol, 1989b; Busto, 1991; Troitiño, 1992). Tamén, recentemente, os conflitos acentuáronse ao optar por controvertidas "rehabilitacións" de edificios okupados, consistentes no seu derrubo e a suposta construción de aparcamentos e xardíns (El Laboratorio, 1998). Probablemente, nun futuro próximo a resistencia

popular pode ser protagonizada polas minorías étnicas inmigrantes que vaian consolidando a súa residencia e os seus azos nestes barrios.

O centro vello de Barcelona é un dos conxuntos urbanos máis extensos no país e está nunha cidade onde o movemento veciñal ten unha forte presenza (chegando a realizar, por exemplo, unha campaña de oposición ás taxas da auga xunto a diversos colectivos sociais e ecoloxistas: Tello, 1996), aínda que nos informes públicos sobre a rehabilitación aos que tiveron acceso non existe mención de contar activamente coas súas propostas (Cabrera, 1991; Casas, 1994). A rehabilitación a principio da década dos noventa afectou a máis de 800 edificios, houbo operacións de "esponxamento" que liberaron espazos libres e tamén vías de circulación na Ciutat Vella e mesmo se creou unha cooperativa de vivendas en alugueiro. Pero xunto a fortes campañas publicitarias solicitando a identificación cidadá coa rehabilitación, a terciarización dalgunhas importantes partes do barrio impúxose xunto ás reestruturacións "estratéxicas" de toda a metrópole en torno a 1992 e o control policial máis directo das poboacións marxinais que habitaban o barrio (prostitución, mendicidade, drogadicción, mocidade, etc.).

Sevilla é outra das cidades onde se elaborou un Plano Estratéxico parcialmente desenvolvido durante a reestruturación de 1992, no cal tamén permanecía o punto negro do seu centro vello, con planeamentos "especiais" máis modernos á espera de oportunidades para se despregar. A concesión de case unha veintena de "proxectos Urban" da Unión Europea a cidades españolas, deu pé a esa oportunidade que tamén lle tocou a Sevilla. O punto distintivo destes proxectos europeos é que esixían a participación cidadá, o consenso e a colaboración, aparte de combinar as intervencións de rehabilitación con programas de emprego e medioambientais. Pois ben, a heteroxénea plataforma cidadá que se reuniu en Sevilla con motivo da exclusión que sufriron por parte da Administración municipal para elaborar e aplicar o Plan Urban, fixo as súas propias análises sociolóxicas e urbanísticas do barrio e propostas de intervención. Tamén analizaron os proxectos específicos presentados no

Plan Urban, comprobando que o peso do investimento en “infraestructuras físicas” era practicamente total, cubrindo mesmo as áreas sociais ou medioambientais. Un vídeo e unha coidada revista, pero de ampla difusión gratuíta no barrio, saíron do prelo recentemente como continuidade daquelas críticas, sendo a revista asinada por numerosos colectivos xa implicados nunha activa campaña de “contrapoder” fronte ao devandito Plan (entre eles están a Fundación Internacional de Síntesis Arquitectónica, Asociación de Usuarios de Vivienda de Sevilla, taller de Ecología Urbana, Asamblea Ciclista de Sevilla, Colectivo Andaluz de Intervención Social, etc.) (Periódico *SubURBAN*, 1997, Sevilla).

A rehabilitación de Vitoria ten sido eloxiada como unha experiencia exemplar (incluída no catálogo presentado no cumio de Istambul da ONU sobre o Hábitat: AA.VV., 1996). En efecto, promoveu iniciativas laborais mediante escolas-taller (tamén moi influíntes e duradeiras no caso de Toledo) e mantivo á maioría da poboación anciá nas vivendas que ocupaban (González *et al.*, 1995; Sánchez, 1990). Membros da asociación veciñal explicáronme que foron consultados eventualmente e reuníanse con regularidade e ante conflitos concretos, atendéndose algunhas das súas demandas de equipamentos, se ben só parcialmente. En realidade, completáronse case todas as fases da rehabilitación monumental, arquitectónica e de espacios públicos e abríuse unha nova oferta residencial privada para clases altas, ao mesmo tempo que se reforzou o carácter comercial e mesmo artesán dalgunhas rúas. Tamén permaneceu sen desaloxo un Centro Social Okupado no barrio. Sen embargo, algúns investigadores insisten en que se seguen a dar os índices de pobreza máis altos da rexión e que a poboación xitana foi dispersada polo resto da cidade, cunha oferta selectiva de pisos asequibles pola axencia de rehabilitación, o cal tamén pon de manifesto o restrictivo da participación cidadá, dos colectivos lexitimados para intervir e dos obxectivos de favorecer a permanencia no barrio (Manzanos, 1992).

Salamanca é outra das cidades cun dos máis extensos centros históricos e, por tanto, cunha das intervencións máis ambiciosas, xa que

contén unha ampla obra monumental no seu interior, xunto a un considerable uso social do espazo público e do residencial. Non obstante, a rehabilitación foi un dos detonantes da mudanza forzada de numerosas familias a un dos barrios periféricos máis incomunicados e con máis carencias, que agravaron problemas de marxinalidade, segregación e conflitos intergrupais (Sosa e Guerra, 1995). Debe salientarse, de todos modos, que se realizaron dúas construcións-rehabilitacións para vivenda social dentro do centro histórico, pero con tan só 70 vivendas dispoñibles, o cal foi insuficiente e, ao seu carón, continuaron núcleos illados de infravivenda e marxinação nos escasos lugares non afectados aínda pola rehabilitación, a un tempo que se incrementaron operacións espectaculares e exitosas de rehabilitación privada subvencionada e de peonalización (Puig Rey, 1994; Senabre, 1993). Sen embargo, sobresae no principal documento o feito de que os mesmos técnicos urbanistas recoñezan o fracaso dos medios participativos formais que dispuxeron, xa que estes eran tan restrinxidos, representativos e informativos que, en realidade, non podían obter outra resposta (Contreras et al., 1987).

Un último caso que confirma a tendencia xeral de todos os centros históricos anteriores (aínda que non, por exemplo, as formulacións e prácticas prevalectes nalgúns rehabilitacións italianas da década dos setenta: Cervellati et al., 1977), é o de Oviedo. Nesta cidade tamén foi finalmente aceptada pola cidadanía e polo sector comercial e inmobiliario a ampla peonalización do centro histórico, á parte de que se efectuaron notorias rehabilitacións arquitectónicas e de espazos públicos como prazas (Pol, 1994). Sen embargo, todo o proceso acompañouse dunha intensa especulación inmobiliaria, unha alta suba de prezos de alugueiro e de venda e, conseguintemente, unha substitución social irreversible. A participación que se rexistrou aquí tampouco foi abundante nin demasiado eficaz. Basicamente, podía reducirse a intereses moi gremiais: a oposición dos propietarios ao catálogo de graos de conservación dos edificios, a dos comerciantes fronte á peonalización, a dos arquitectos fronte ao conservacionismo a ultranza e dalgúns grupos



veciñais en pos da salvagarda dalgunhas edificacións emblemáticas (Tomé, 1988).

En investigacións, aínda inéditas e incompletas, que emprendín para analizar os casos de Santiago de Compostela e o da vila de Allariz apareceron algúns dos elementos claves que poden explicar estes dous exemplos extremos de participación na rehabilitación (practicamente nula no primeiro caso, agás no referente á favorable acollida dun millar de propietarios, do programa de axudas á rehabilitación do interior das vivendas; intensamente incitada, debatida e integrada nunha euforia colectiva no segundo caso) e, por extensión, algúns dos procesos acaecidos noutros centros históricos.

En Santiago abunda unha pequena propiedade moi solvente e estable que nas últimas décadas veu crecer a demanda de alugueiro por parte de poboación inestable como estudantes e turistas ou por clases medio-altas e altas (como profesores universitarios ou profesionais liberais). A iso súmase que a sobreposición co centro urbano, comercial e administrativo deixou fóra do casco aos colectivos sociais máis febles, pobres ou marxinais, así como ás asociacións veciñais que, de todos modos, manteñan bastante apoio aos gobernos municipais. Por estas razóns, pois, unha xestión exclusivamente técnica e coa información pública de rigor do planeamento aprobado, foron acollidas case sen disputas pola pequena propiedade, con entusiasmo polas institucións políticas ou eclesiásticas que teñen aí as súas principais sés, e ata con identificación social por parte da maioría da cidade aceptando a reconversión museística, cultural e turística do centro histórico. Son, non obstante, sobre todo o alugueiro de tipo estudiantil ou as súas prácticas de apropiación do espacio público (carteis, música ou teatro na rúa, manifestacións, etc.) quen máis rapidamente empezan a notar as consecuencias recapitalizadoras e controladoras policialmente desa exclusión da rehabilitación. O espectacular incremento do prezo do metro cadrado no centro histórico unha vez se foi consolidando o programa de axudas para a rehabilitación, foi outra consecuencia segregacionista, e

posiblemente non desexada, da política emprendida. Xa que logo, todo UR conleva conflitos sociais máis ou menos directos, aínda que non se presenten durante a súa tramitación "legal".

En Allariz o planeamento de rehabilitación, tanto como o xeral, foi produto dunha mobilización cidadá que rematou coa substitución dun goberno municipal conservador e con numerosas iniciativas de transformación económica e urbana por parte do goberno saínte (escolas-obradoiro, reutilización ecolóxica do monte, promoción turística con cámping e casa rural, etc.). Esta euforia, sen embargo, non era exclusivamente inmaterial, senón que creou unha práctica de discusión e de tratamento en asembleas públicas de temas importantes que deixaron a súa pegada nos contidos do planeamento así como na súa forma de compoñelo. Aínda que as memorias dos documentos urbanísticos non fan tampouco análises profundas sobre os procesos sociais máis relevantes na zona, os técnicos si os coñecían de primeira man, partían de experiencias similares (Nebot *et al.*, 1981), mantiñan unha boa sintonía co novo goberno municipal, codificaron previamente todos os mecansimos participativos posibles e, sobre todo, extralimitaron as súas funcións técnicas para lograr, case que individualmente casa por casa, coñecer as necesidades sociais e explicar os proxectos de rehabilitación.

En resumo, non só un amplo coñecemento sociolóxico das relacións sociais nos centros históricos é unha condición necesaria (aínda que non suficiente) para que poida existir participación cidadá en relación ao UR, senón que a codificación dos procesos sociais pasados e dos que van ter lugar durante a elaboración e xestión do planeamento van mesmo determinar con precisión qué marxes serán posibles para esa participación. O feito de que non se produza parece deberse tamén ao tipo de conflito de clases predominante en cada centro histórico e aos xogos discursivos e publicitarios operados polos equipos técnicos para seleccionar aspectos da realidade urbana e social nos que intervir e poder promocionar simultaneamente, para lexitimalo, o proceso. Non obstante, os dous últimos exemplos amosaban que algún tipo de transformación urbana previa e de

"analizadores" ou forzas atractoras debían existir antes da aparición do urbanismo planificado. Elas favorecen que o planeamento se poida aplicar fluidamente, con participación ou sen ela, dependendo do tipo de "historia" social no que aquel se insería.

Ás veces, por contra, os equipos de urbanismo intervindo nos centros históricos prefiren impoñer verticalmente os seus designios saltándose toda historia de participación e reivindicación urbana preexistente, sen saber conectar con elas (por exemplo, coas iniciativas xuvenís de okupación ou coas asociacións veciñais activas na zona, como ocorre en Madrid; en contraste, en Vitoria vimos cómo se usaron esas experiencias deixándolles o mínimo "espacio" que precisaban para continuar e integrándoas, por tanto, dunha forma moderada pero sen perder a comunicación en momentos puntuais, no proceso de rehabilitación).

En calquera caso, o UR é funcional para a reestructuración posmoderna de moitos centros históricos, a súa terciarización e a substitución das clases populares que o habitaban. Non soe manifestar unha "inflación" de participación (agás nos proxectos europeos Urban) como se pretende, por exemplo, coa planificación estratéxica, senón que adopta tácticas máis clásicas, máis propias do urbanismo moderno para o cal toda a responsabilidade recae nos técnicos e nos políticos. O que ocorre agora é que, a diferenza do urbanismo moderno, aquí non prevalece tanto a defensa do interese xeral (a non ser na concepción máis ou menos arbitraria do "patrimonio cultural" que se debe protexer) como a promoción da iniciativa privada para rehabilitar. Esta rehabilitación privada pode mesmo ter efectos negativos para os intereses xerais de quen habita o barrio, pero sobre todo ven cubrir unha carencia do UR: a de non poder chegar a abranguer todos os espazos do centro histórico precisados de rehabilitación, cando os custos son moi altos e as edificacións máis simbólicas e monumentais só poden ser asumidas polos fondos estatais e, ademais, reclaman prioridade política.

### **3**

## **os fíos históricos do urbanismo de rehabilitación**

## no centro histórico de Vigo

### 3.1 A HISTORIA URBANA E SOCIAL QUE NON SE REHABILITA

O asentamento denominado *Vicus Spacorum* aparece xa, sobre o ano 132 a.C., como un dos lugares sinalados pola colonización romana na vía militar Braga-Astorga (Pereiro, 1981: 15). No século III d.C. estímase en 10.000 os habitantes do lugar e establécese unha división tripartita entre o Areal, como barrio navieiro, o Castro, como asentamento tradicional, e o Berbés, como barrio pesqueiro. En torno a este último vaise concentrar a maior parte da poboación durante os catro séculos seguintes, configurando o que será o núcleo central do actual barrio histórico (Pereiro, 1981; Álvarez Blázquez, 1979; González Muñoz, 1979). A edificación da muralla entre 1656 e 1665 acoutará visiblemente ese núcleo central. A historia social deste entramado urbano “medieval” está ligada á dedicación pesqueira e ao comercio marítimo da poboación e tamén á defensa ante as invasións bélicas de ingleses, turcos e portugueses, fundamentalmente.

En 1497 foi proclamada como Colexiata a desaparecida igrexa románica de Santa María, substituída en 1811 por outra neoclásica. Durante o século XVII e parte do XVIII construíronse a igrexa e convento de San Francisco (co apelativo posterior de Casa da Beneficiencia) sobre o solar ocupado antes por unha ermida (Santa Uxía) e unha capela (Santa Marta). Estes dous fitos tamén sinalaron históricas divisións sociais que

perduran ata os nosos días, agrupándose a feligresía máis pobre ao redor da orde franciscana.

Pola súa parte, o poder militar que amurallou parte do asentamento tamén determinou a existencia de dous rangos de habitantes: os de extramuros e os de intramuros. O convento franciscano quedaba fóra da muralla formando o arrabalde da Ribeira do Berbés, onde vivía, sobre todo, poboación mariñeira. Outros arrabaldes incluían tanto a mariñeiros, como a labregos e a menesterais (artesáns). Destes barrios extramuros hoxe en día algúns están incluídos no ámbito do PERI Casco Vello (Falperra, rúa Santiago, rúa Pracer e o campo de Granada, este último colindante coa actual ubicación do Concello) e outros non (o Salgueiral na actual Porta do Sol e o Areal na actual Alameda).

As murallas foron durante moitos anos lamentadas pola súa ineficacia, pola escaseza de recursos para acondionalas periodicamente, polo trazado arbitrario do seu perímetro e pola obstaculización ao "progreso da cidade", segundo os cronistas (Garrido, 1994). As epidemias e pestes incrustáronse na cidade dende 1569, é dicir, antes e despois da existencia da muralla. Tampouco esta foi suficiente para evitar as invasións inglesas ou a napoleónica en 1809, pero, ironicamente, a derrota deste último exército celébrase actualmente en toda a cidade co símbolo do conxunto amurallado. A presión demográfica dentro do recinto "protexido" terá como correlato a expansión dos barrios extramuros polo oeste, o avance de proxectos de ensanche polo leste (pola zona do Areal, dende mediados do século XIX) e a apertura, entre 1890 e 1891, dun vial que atravesará todo o núcleo histórico establecendo unha nova división social no seu seo: a poboación que queda por riba da rúa Elduayen –a máis marxinal– e a que queda por baixo.

Gran parte da especialización económica e funcional da cidade debeuse ao papel que xogou nas relacións políticas e relixiosas. Durante séculos houbo disputas entre os obispados de Tui e Santiago por apropiarse dos tributos pagados pola poboación viguesa. Tamén existiron disputas

coa cidade de Pontevedra por obter a capitalidade provincial, que só estivo en Vigo durante o trienio liberal de 1820-1823. Dende o século XVI diversificáronse algunhas das actividades económicas predominantes, gracias á apertura das rotas atlánticas e á chegada, dende 1750, de mercaderes e industriais cataláns que se instalaron no barrio do Areal, fóra do barrio histórico (Souto, 1990). A pesca e a "industria" do salgado situaban á cidade en competencia con Bouzas, Baiona, Redondela, Cangas, Pontevedra e A Coruña, pero tanto as calidades orográficas da situación no centro da Ría, como algunhas decisións políticas (por exemplo, a designación "aduaneira" do Lazareto da illa de San Simón, dende 1842 paso obrigado para todo barco procedente de América), concedéronlle vantaxes e primacía comercial a Vigo (AA.VV., 1961). A anexión de Bouzas a Vigo en 1904 marcará tamén outro espacio significativo entre dúas zonas de vella urbanización, xa que entre ambas irán medrando o porto de estiba e desestiba, as fábricas de conservas e os estaleiros, ao mesmo tempo que as estradas e os constantes recheos de terra ían coméndolle espacio ao mar.

A historia social vai ligada á urbana tamén con trazos distintivos segundo os barrios. Así, por exemplo, por riba da rúa Elduayen, a Ferrería empezou a xestar a súa "mala fama" coa instalación dos arcabuceiros que chegaron no século XVII para defender a vila dos ataques marítimos, coa marcaxe dunha zona de apestados na rúa Cruz Verde e coa especialización do comercio sexual nas súas rúas, xusto no entorno do antigo Castelo de San Sebastián que dominaba dende as súas alturas todo o barrio, e que dende 1971 é reemplazado polo edificio do Concello (con similar aparencia de estrutura "panóptica"). O Concello tamén dará sombra, xunto á edificación industrial da Panificadora (construída en 1917) á rúa Santiago, que constituirá un dos barrios extramuros máis illados do resto do barrio.

Os mercados ao aire libre combinábanse con edificios especializados para o comercio de toda a bisbarra. O existente na Porta do Sol foi substituído a partir de 1904 polo actual edificio Simeón, o de A

Laxe dende os anos sesenta polo actual hotel Bahía. Nesa década tamén foi demolida unha obra singular, o Hotel Continental, nun dos bordes do casco, a cambio dun bloque alto de pisos de luxo. Algúns autores mesmo apuntan a existencia dun “concello aberto” na praza da Pedra (Souto, 1981) antes de que o pazo consistorial se fixara na edificación da praza Principal (ou da Constitución, como é denominada na actualidade) e despois se trasladara ao cumio do Castelo de San Sebastián.

Estas breves notas xa nos dan unha idea das contínuas transformacións e substitucións que sufriu o centro histórico de Vigo. Sen embargo, con frecuencia foron os urbanistas quen animaron a acelerar eses cambios e a poboación residente (a xente mariñeira ou a burguesía comercial) quen, ás veces, os desalentaron. Xa en 1910, nuns anos onde a cidade experimentaba un enorme medre industrial, o enxeñeiro Muller proxectou un ensanche en cuadrícula que tocaba tamén ao centro histórico, eliminando o “tortuoso viario medieval”. Dende entón houbo varias tentativas fallidas que só viron caer partes da muralla e a apertura de vías de comunicación que irían cercando ao núcleo antigo. Unha das primeiras oposicións veciñais foi, precisamente, fronte á apertura da rúa Elduayen. Estaba motivada máis polo interese de conseguir mellores indemnizacións que pola conservación das prazas e a estrutura morfolóxica que se ían destruír (Fernández Fernández, 1994). Unida a problemas cos sumidoiros logrou retrasar dez anos a apertura deste corte central no barrio.

Á parte dos máis importantes ataques contra a permanencia do barrio antigo (o embate “total” do modernista e racionalista Plan Palacios abortado pola Guerra Civil –Pereiro, 1981-, e o “parcial” doutro vial transversal proposto por Cominges e Bugallo abortado agora pola urxencia de “regular” o “boom” constructivo dos anos cincuenta e sesenta), a primeira versión do Plano Xeral de Ordenación Urbana, de 1971, vai catalizar novas loitas urbanas. Neste documento prevíase a edificación do Concello na parte alta do barrio e tamén unha drástica renovación urbana da zona da Ferrería ou, como se denominou tecnicamente, do



entorno do "Castelo de San Sebastián". A demolición deste barrio sería reempresada con edificación de nova planta e con altas densidades, edificabilidades e alturas construídas. Segundo algúns investigadores, a oposición veciñal a esta parte do proxecto, que se conseguiu paralizar, deu orixe, non só á Asociación Veciñal do Casco Vello, senón tamén ao forte movemento veciñal vigués (Souto, 1990: 387). Foi, non obstante, unha loita fronte ao planeamento urbano que lle serviu ao colectivo veciñal para ir alén del, facendo públicas numerosas demandas sociais (equipamentos, programas de saúde comunitaria, culturais, educativos, etc.) e unificando e mobilizando á veciñanza (Pereiro, 1981: 206).

Os documentos oficiais non deixaban lugar a dúbidas do tipo de renovación urbana que se acometía:

*"El objeto de este encargo consiste en la adecuada urbanización y adaptación del citado sector, con el fin de crear el centro comercial, administrativo y representativo del que la ciudad se encuentra tan necesitada, en el que encuentran asentamiento los servicios municipales y oficiales que en la actualidad se hallan dispersos, con el consiguiente perjuicio para la eficacia y coordinación de los mismos. Asimismo, y paralelamente con este fin principal, se pretende el saneamiento de un islote insalubre incrustado en el centro de la ciudad que, por diversas razones de índole histórica, topográfica y sociológica, ha permanecido sin variación desde comienzos de siglo, constituyendo una barrera infranqueable entre el centro antiguo y las nuevas zonas de desarrollo de la ciudad."* (COAG, 1978)

O arquitecto Pereiro recoñeceu que *"fue un nuevo intento de urbanismo moralista sancionado por casi la totalidad de los arquitectos de la Subdelegación"* (Pereiro, 1981: 201). Para o xeógrafo Souto, o éxito da mobilización veciñal foi coadxuvado polas *"fortes necesidades financeiras para realizar todas as obras de infraestructuras"* (Souto, 1990: 387). Pero, en realidade, a explicación das forzas económicas que animaban este tipo de transformacións urbanas, pode refinarse aínda máis:

*"O Plan adxudícase á Subdelegación do Colexio de Arquitectos, que logo se van retirar do planeamento parcial como consecuencia das*

*características da subasta á baixa, o que dará lugar a que o planeamento parcial sexa rexeitado por consultings de enxeñeiros prioritariamente. (...) O planeamento unicamente vai lexitimar a edificación do pazo municipal. (...) Entendemos que este fracaso revela as dificultades do esforzo financeiro por parte do Concello e dos particulares, que observan que é máis rendable investir en solares baleiros de rúas urbanas con maior valor socioeconómico. Revela, pois, o triunfo das estratexias pequeno-burguesas fronte ao sistema de rehabilitación de dominio financeiro, onde inflúe a relocalización do centro funcional da cidade cara o Ensanche modernista." (Souto, 1990: 419)*

Entre as persoas máis veteranas da Asociación de Veciños do Casco Vello esa mobilización aparece como o principio de todos os anos seguintes de autoorganización social. Lémbrese como un "detonante", aínda que entre a xente nova apenas se coñece o acontecemento. O barrio da Ferrería foi dos máis despoboados do barrio histórico, especializándose durante anos, en gran medida, en bares de prostitución e no narcotráfico. A mesma Asociación veciñal trasladouse á parte baixa do barrio, consolidando o seu apoio social en torno ás rúas Poboadores, Real, Teófilo Llorente e o Berbés, fundamentalmente. Durante moitos anos seguiu protagonizando moitas das iniciativas do movemento veciñal vigués, continuando dende 1980 (un ano despois da formación dos primeiros concellos democráticos posteriores á Dictadura) traballando en temas urbanísticos, pero tamén en prevención de drogodependencias, educación para a saúde, xogos tradicionais e, sobre todo, a recuperación de festas (os Maios, o Entroido, San Xoán, San Antón, etc.) (A.VV. Casco Vello, 1991). Segundo os seus membros, sería entre os anos 1983 e 1991 cando máis se obstaculizou este tipo de participación dende o Concello.

Pola súa banda, o movemento veciñal en Vigo, como en moitas outras partes do Estado, era potenciado por demandas urbanísticas específicas (por exemplo, a reivindicación da traída da auga en Lavadores ou a defensa do mercado tradicional do Calvario), pero acompañábase de demandas sociais e políticas moito máis amplas. A Federación de asociacións veciñais "Eduardo Chao" creouse en 1985, aglutinando a 28 das 30 entidades existentes. Esta federación tivo o seu

nacemento no período de goberno municipal do PSOE (en solitario entre 1983 e 1991, e ata 1995 en coalición co BNG e UG-EG), durante o cal continuaron producíndose confrontacións sociais enfocadas directamente sobre temas urbanísticos (recheo marítimo de Bouzas, vivendas sociais no Calvario, ubicación da empacadora de lixo en Teis, parque público da Bouza, etc.).

Tamén en 1991 foi aprobado un Regulamento de Participación Cidadá no mellor momento de relacións entre a Federación e o Concello (cesión de locais, forte promoción do asociacionismo de mulleres e da mocidade, consultas en actuacións urbanísticas, construción de centros culturais xestionados polas asociacións, etc.) (Villasante, 1995: 347; Souto *et al.*, 1994; Bouzada e Lorenzo, 1996). Sen embargo, esas capacidades participativas legalmente recoñecidas demostráronse insuficientes posteriormente (xa co goberno do PP entre 1995 e 1999) como, por exemplo, cando se solicitou sen éxito a convocatoria dun referéndum (pola oposición xurdida ante a urbanización de apartamentos na praia de Samil).

A participación urbana en Vigo vai tamén máis alá das asociacións veciñais. O espazo público, os centros de traballo e os lugares de residencia, tecen unha densa malla de relacións onde, dende mediados da década dos setenta, se produciron constantes e intensas mobilizacións obreiras ante as reconversións industriais do naval e as folgas xerais (Ruiz, 1993). Pola súa parte, a mocidade protagonizou nestas dúas últimas décadas distintas proxeccións ideolóxicas e culturais “sobre” os espazos, principalmente públicos, cos que se relacionaban: nalgún casos trátase de exclusiva diversión e consumo (como na identificación masiva co equipo de fútbol local ou a saída nocturna polos bares nas fins de semana), noutros casos trátase de movementos políticos e sociais (ecoloxismo, pacifismo, okupación, nacionalismo, feminismo, solidariedade internacional, etc.) e tamén de situacións híbridas (como a “movida” musical).

### **3.2 A APERTURA DE OPORTUNIDADES PARA O CAPITAL NO CENTRO**

#### **HISTÓRICO**

A historia social e urbana do barrio histórico ten unha segunda parte que revela as transformacións que foi sufrindo o barrio. En 1984 é modificado o Plan Parcial do Castelo de San Sebastián e empeza a redacción dun PERI (Plan Especial de Reforma Interior) para todo o casco. Ata ese ano xa se produciran, nos últimos quince anos, novas destrucións irreversibles dalgúns puntos do barrio (construíndose, por exemplo, novos bloques de pisos no “borde” de Cánovas del Castillo, na rúa Chao, na praza da Princesa e en Elduayen).

Pero o máis significativo foi que a memoria informativa do PERI contou con moita aceptación veciñal durante a súa elaboración e tamén por medio da súa pedagóxica exposición en 1985.

Aínda que se abriron moitas expectativas ante unha futura rehabilitación, o certo é que os documentos eran moi imprecisos e ambiguos en canto a prazos de execución e equipamentos sociais. A frustración foi medrando a raíz do retraso na aprobación definitiva do planeamento, que non se produciu ata 1991. Dende entón as obras efectivamente executadas foron escasas, relativas só a algunhas infraestructuras físicas e case todas obxecto de crítica e protesta veciñal. A participación que se lle permitiu á Asociación veciñal limitouse a unha “consulta” e exposición dos proxectos xa adoptados previamente. Toda a sensibilidade social cos problemas de infravivenda, pobreza, paro, desprazamento forzoso e avellentamento, que se manifestaban na memoria do PERI (Concello de Vigo, 1985) quedaron reducidos á creación dun pequeno local de asistencia social e dun edificio para a Escola de Hostelería (clausurada recentemente, no ano 2000), compartidas, ademais, co resto da cidade. En conclusión, o planeamento de rehabilitación principiaba a amosar a súa verdadeira face.

En 1991 tivo lugar outro suceso relevante da historia do barrio: a creación do Plan Comunitario do Casco Vello. Integrárono a Asociación de Veciños, as dúas Parroquias, Cáritas, a Agrupación Deportiva Picacho, Artistas do Casco Vello, o Centro de Saúde, o Colexio Picacho e a UBAS (Unidade Básica de Asistencia Social). Na lista de problemas que enunciaron na súa constitución figuraba o deterioro das vivendas en primeiro lugar, ao que seguían outros como saúde, drogas, rúidos, etc. (Costa, 1995). A súa "dependencia" económica con respecto ao Concello e á Xunta (esta última dende 1995, coa que se integraban no Plano Autonómico de Drogodependencias) non lle impediu, sen embargo, unha gran autonomía de acción e organización, mediante asembleas e comisións. Sen embargo, un dos seus activistas recoñecía que co paso dos anos os programas de intervención que estaba levando a cabo o Plan Comunitario, desconectaban ás asociacións e grupos formais membros, con respecto ao resto do barrio, perdendo a perspectiva de que se implicase a xente na resolución dos problemas colectivos.

Nos primeiros anos da década dos noventa tamén xurdiu no barrio histórico unha mobilización a prol de vivenda social para moitas das familias que vivían (e moitas aínda viven) en situacións de infravivenda. As súas reivindicacións eran perversas dende o punto de vista de que non esixían expresamente a súa permanencia no barrio. Só algunhas familias tiveron acceso a vivendas sociais asequibles no barrio periférico do Calvario, pero seguindo as canles comúns de solicitude. O significativo da iniciativa foi que estaba dinamizada por residentes no barrio da Ferrería e da rúa Santiago, é dicir, os menos integrados na Asociación veciñal e no Plan Comunitario. Pero os dinamizadores daquela campaña carecían dunha mínima organización. O eco das súas protestas foise apagando, pero anos despois moitas familias seguían reclamando axuda mesmo para poder encher os impresos de solicitude para as novas promocións de vivenda social na cidade.

Sen embargo, o problema da vivenda social é común a todos os colectivos do centro histórico. Para entendelo na súa xusta medida

podemos prestar un pouco de atención ao contexto no que ten lugar. En 1991 en España había un 15,6% de vivendas desocupadas segundo o Censo de Vivendas (Leal e Cortés, 1995: 30). En Vigo, na mesma data, había un 12,1% de desocupación, un medre da construción de nova vivenda do 17,4% entre 1981 e 1991 e unha ocupación destas últimas dun 8,5% (Dalda et al., 1994). Vigo tamén destaca pola elevada porcentaxe de segundas residencias, un 5,7%, aínda que hai localidades na súa Area Metropolitana que chegan ao 33% (Baiona e Nigrán) (Dalda et al.).

En xeral, en todo o Estado déronse nas últimas décadas as taxas máis altas de Europa en canto á desocupación de vivendas. Moitos analistas consideran que mellorar as condicións do alugueiro e a rehabilitación desas vivendas desocupadas podería rematar, polo menos, co problema da infrautilización (Paniagua, 1995). Pero dende 1992 (ano do comezo dos Planos Cuatrienais de Vivenda) todas as políticas públicas favoreceron á demanda solvente e ao sector da construción, dedicando os recursos públicos a subvencionar a promoción de novas construcións e relegando, na práctica, a rehabilitación (Paniagua, 1995).

Neste sentido, debemos diferenciar entre rehabilitacións xenéricas dos centros históricos e rehabilitación de vivendas. E dentro deste último apartado, entre rehabilitación de exteriores e interiores, por unha parte, e entre "subvencións" parciais (que son a maioría) e programas de rehabilitación para vivenda social (que son case inexistentes). Este abandono, por outra parte, será unha condición favorable para que algunha xente nova okupe vivendas deterioradas nos centros históricos.

No plano específico da promoción de vivendas sociais o problema non é menos grave. Cando se fan efectivas, como as últimas quendas en Vigo e Santiago demostraron (ver prensa local desta década), os bloques soen ubicarse en zonas con moitas deficiencias de urbanización e equipamentos; situadas na periferia da cidade con altos custos de accesibilidade ao centro urbano; con agresivos deseños arquitectónicos e tamaños reducidos; adxudicadas mediante insuficientes e polémicos mecanismos de sorteo que non cubren todas as necesidades e demandas;

e, sobre todo, coa esixencia de nóminas laborais que xustifiquen uns ingresos regulares os cales, debido á precariedade e eventualidade actual da maioría dos novos contratos laborais, poucas familias pobres poden xustificar.

Nos últimos 30 anos o impulso estatal ás vivendas sociais non se dirixiu a subsanar as necesidades dos máis pobres e moito menos da pobreza aloxada no centro histórico, xa que o interese prioritario era que a media de 14.000 vivendas sociais por ano servise, sobre todo, para realoxar aos "chabolistas" afectados por obras públicas (especialmente estradas, centros comerciais, etc.), aos afectados por catástrofes naturais e aos xitanos afectados polo racismo e a expulsión dalgunhas localidades (Gaviria *et al.*, 1991: 60-61).

Vigo é unha das cidades galegas con máis déficit, tanto de vivenda "libre" como de vivenda social (ou "protexida"). As vivendas sociais conseguidas por xente do barrio histórico tampouco foron sempre en lugares periféricos, xa que puidemos constatar un importante número de familias, sobre todo vinculadas ao traballo no mar, que obtiveron casas nos bloques da rúa Torrecedeira, no linde oeste do centro antigo, o que permitiu que moitas desas persoas seguisen participando nas actividades da asociación veciñal do Casco Vello.

Entre os anos 1995 e 1999 o Concello debe xestionar a subvención europea do programa Urban concedida para a rehabilitación do barrio histórico, xa que a aplicación do PERI bloqueouse en moitos momentos, entre outras razóns, por falta de financiamento axeitado. A xestión, novamente é moi lenta e a participación cidadá minimizada, a pesar das esixencias do programa. No primeiro número dunha revista municipal editada para promocionar estas actuacións, o alcalde recoñece a "*inevitable instalación de novos habitantes e actividades*" no centro antigo a raíz deste especial proceso de "rehabilitación", e a concelleira responsable do programa manifesta o seu pesar porque "*a convocatoria non recollía a posibilidade de incorporar medidas de apoio á*

*rehabilitación [de vivendas]. Esta carencia supón un importante hándicap para o proxecto de rexeneración integral." (A Buguina, nº1, 1997).*

Só algúns programas de formación laboral e de apoio ás actividades culturais do Plan Comunitario cubrirán a parte "social", mentres que o maior volume de investimentos dedícanse a promover a instalación de empresas e a infraestructuras físicas ou equipamentos para toda a cidade (moitos dos cales foran xa principiados no marco do PERI; non eran, pois, de nova factura).

Nos dous primeiros números desa mesma revista (o segundo datado en 1998), recóllense explicitamente as iniciativas económicas privadas que subvencionou a Unidade de Asesoría do Urban, sen deixar lugar a dúbidas que non só non se tentou frear a terciarización, senón que se potenciou. Os 46 negocios subvencionados eran todos do sector servicios (7 de hostelería que xa está masificada no barrio, 13 de servicios profesionais e oficinas, e 25 comercios dos cales só 5 de alimentación e, ademais, todos xa existentes, subvencionándose a súa reforma), agás un pequeno obradoiro de artesanía. Tamén ubícanse maioritariamente nas zonas de borde do casco, no seu itinerario turístico interior (o que conecta a Porta do Sol e a Estación Marítima, cruzando pola Colexiata e "a rúa das Ostras") ou na vía transversal de Elduayen, a cal practicamente é máis parte do centro urbano que do centro histórico.

Continuamente exprésanse, nese órgano de difusión, lamentacións por non poder intervir na rehabilitación de vivendas, ao mesmo tempo que se recoñece, en diversos artigos, que esa é unha cuestión clave se se quere acadar o mantemento da poboación pobre no barrio. En consecuencia, unhas pequenas partidas económicas son dedicadas a axudas para acondicionar as fachadas e as cubertas, así como para obras pequenas de "emerxencia social" en infravivendas, canalizadas por medio da asistencia social. Este último programa, en todo caso, inserido nas prácticas profesionais da escola-obradoiro que se creou, foi o máis apreciado pola poboación do barrio, malia o seu modesto alcance. O programa de actuacións en fachadas e cubertas, pola súa parte, foi



posible gracias a obter a consideración de intervención no “espacio público” (no limiar co espacio privado ou, por expresalo doutra maneira, na parte máis pública do espacio privado das edificacións). Tivo unha importante dotación económica (de máis de 200 millóns de pesetas), pero a empresa adxudicataria non foi quen de levalo a bo porto e pronto comezaron a acumularse os retrasos e as protestas veciñais, ata que se procedeu, máis dun ano e medio despois de só executar unha decena de actuacións, á negociación coa empresa para efectuar unha cesión do contrato a outra.

*“Xa non é a primeira vez que neste editorial se lamenta a imposibilidade de Urban de incidir sobre a recuperación das vivendas do barrio. Sen embargo, aínda que non se actúe directamente, cómpre tamén considerar que todas as súas actuacións desenvolvidas teñen como premisa a teimuda convicción que a principal vocación do barrio é a residencial. A mellora de equipamentos en espacios públicos, as axudas económicas exclusivamente para actividades compatibles co uso residencial ou a limitación do tráfico rodado coa excepción dos que teñan carné de residente, son exemplo de medidas que tentan consagrar o barrio como espacio basicamente residencial. (...) Nesta zona urbana onde a exclusión social vai para o século, consérvanse, malio o estado semirruinoso das vivendas, rúas como Ferrería, Hortas ou San Sebastián onde é patente a nobreza que transmite o seu rico patrimonio arquitectónico. Co obxecto de mellorar a conservación deste patrimonio e a calidade de vida dos seus propietarios ou inquilinos, Urban adopta todas as medidas posibles en materia de vivenda. A este respecto pódense salientar as próximas convocatorias de axudas do Programa de Restauración de Fachadas no Barrio Histórico e as Axudas para a rehabilitación de cubertas e outros elementos singulares.”* (Editorial, Buguina, nº3/4, 1998).

No fondo desas afirmacións, non obstante, latexaba unha ambigüidade: ¿que tipo de recuperación residencial se buscaba? Aínda que me consta que os técnicos municipais puxeron algunhas das bases do que despois serán os programas de rehabilitación de vivendas e edificios (no seu “interior”), como contrapunto a esa “dobre moral” ou “inxenuidade” expresada na revista do Urban, tanto na prensa local, como na festa dos Maíos no barrio ou nas publicacións independentes dos

colectivos do barrio, as organizacións comunitarias amosaron de contado unha dura crítica xenérica ás actuacións do Urban. Cando se facían concretas, as críticas, sen embargo, focalizábanse máis na lentitude, parcialidade e falta de participación nos proxectos, que no fondo da terciarización e "gentrification" que se estaban consolidando con esta iniciativa. De todos os xeitos, o Plan Comunitario continuou a súa autoorganización e dinamización comunitaria, pero no plano dos conflitos seguía máis concentrado no problema dos "ruídos" no barrio (o cal segue a ser unha importante fonte de contaminación e de enfermidade) que nas estratexias do capital inmobiliario á sombra da rehabilitación urbana, agardando a súa oportunidade definitiva, sempre postergada, para rendabilizar a curto prazo os seus investimentos.

Xunto ao desenvolvemento do Plan Urban está coincidindo dende 1996 outra actuación urbanística denominada "Abrir Vigo ao Mar" (Gefaell, 1996). Esta obra non achega ningún novo equipamento de uso prioritario para a poboación do barrio histórico agás proporcionar amplos espacios abertos xunto á Estación Marítima. Toda a zona do Berbés tamén será transformada gracias a este proxecto, pero é de notar que, se ben é certo que esta é unha das vellas demandas de rehabilitación dos espacios públicos do barrio, non é menos certo que ven ser unha das últimas intervencións a levarse adiante. Un túnel e a construción de novos edificios administrativos e comerciais conectados co casco auguran unha inminente revalorización da vivenda colindante.

Polo tanto, malia todas as virtudes do proxecto, o feito de actuar sobre un espacio non residencial ofrece a oportunidade, ás autoridades, de non precisar publicamente contar coa poboación próxima, a do centro histórico e parte da do Ensanche, para lexitimar os dubidables beneficios sociais que se van derivar desas actuacións. Neste caso, pois, por parte da poboación as únicas demandas foron en forma de protestas polas molestias ou fendas que se causaron nalgúns edificios por motivo das obras.

Souto (1990: 365, ss.) explica cómo o “caos” urbanístico de Vigo non é só un contexto que afectou á transformación e destrución de gran parte do barrio histórico, senón que aquel responde a estratexias do capital local que ve no centro histórico un lugar especial de investimento. Como xa apuntei, ao longo de todo este século a pequena propiedade inmobiliaria mantívose no centro histórico mentres os grandes capitais inmobiliarios (industriais, vinculados a sectores como o pesqueiro, ou grandes propietarios tradicionais e novos investidores) investiron en solares da zona leste da cidade (o Ensanche) e en rúas onde se ubicaron naves industriais e sés empresariais (como Beiramar, ao carón do Porto). O medre constructivo dos anos sesenta desprazouse cara aos novos núcleos de crecemento urbano no oeste da cidade (Travesas e Praza de España) e no redor das vías de transporte máis importantes, nas dúas últimas décadas.

Nos anos oitenta a situación de investimentos inmobiliarios aparece xa ben diferenciada: o capital patrimonial inviste en propiedade vertical para despois alugar, os promotores e constructores controlan toda a nova propiedade edificada e proliferan as iniciativas individuais por riba das grandes promocións co resultado de moitos solares valiosos sen edificar (que se tenderán a densificar nos anos noventa con grandes promocións por zonas como A Florida, Navia ou Hispanidade). No centro histórico, pois, queda relegada a pequena propiedade tradicional. Esta non pode rendibilizar rapidamente o seu patrimonio por mor do bloqueo que presentan os alugueiros antigos, pero si é capaz de transmitir por herdanza o seu poder sobre as vivendas. Cando conseguiu a revalorización foi coa reconstrucción de bloques de pisos novos, e só nas dúas últimas décadas houbo illadas rehabilitacións privadas nesta zona.

A cidade de Vigo, en resumo, distínguese por fortes procesos especulativos, grandes carencias de vivenda social e unha reestructuración económica que aínda conserva certas industrias tradicionais (a construción de automóviles, con Citroën á cabeza, o comercio portuario, o sector da conserva ou o químico, por exemplo) pero que tende a concentrar no seu espacio central servizos ás empresas e

actividades de xestión, financeiras e de distribución comercial (Mella *et al.*, 1994). O centro histórico non é alleo a estas dinámicas: é obxecto do desexo delas.

Un último exemplo máis diso é a selección que se fai de elementos aptos e non aptos para rehabilitar nos planos vixentes (PERI e Urban), tales como o edificio da Panificadora situado dentro do barrio (aínda que nun borde, moi perto ao Concello). Curiosamente, foi a Subdelegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Vigo quen máis se mobilizou para salvar este edificio da demolición, xa que é un claro expoñente da "arquitectura industrial" viguesa de principios deste século. As organizacións veciñais non aproveitaron nunca a oportunidade ofrecida por este edificio baleiro para proxectar as súas demandas de equipamentos, resignándose aos proxectos da propiedade do edificio: dúas torres de máis de 10 andares, un hotel, un casino, discotecas, restaurantes e salas de congresos e espectáculos (*Atlántico Dirario*, 20.2.97; *Faro de Vigo*, 31.1.99). Por todas estas razóns non é de estrañar que unha reportaxe recente sobre o urbanismo en Vigo concluíra calificándoo como "un gran negocio" (Lombriga e Meco, 1998).

## **O corazón partido: grupos, clases e áreas sociais**

Acabamos de ver sucintamente que a historia urbana e social non son lineais nin están presentes dunha forma homoxénea nos proxectos de rehabilitación. Dende un punto de vista máis estático pódese chegar a semellantes conclusións: a poboación habitante no centro histórico tampouco é homoxénea. Pero calquera obxecto baixo a nosa observación pode aparecer máis ou menos compacto segundo a distancia que tomemos con respecto a el e segundo os criterios que adoptemos para fixarnos nas súas propiedades.

No presente caso a distancia ou escala debe oscilar constantemente dende o macro ao micro e viceversa: é dicir, comprender qué condicións de vida teñen unha relación directa cos procesos xerais dunha cidade, dun país ou dunha sociedade, por unha banda, e decidir, pola outra, cáles son significativas para explicar procesos locais propios dun barrio ou das relacións concretas entre grupos sociais próximos.

Os criterios elixidos para clasificar á poboación, sinalando as súas diferencias e divisións, son aqueles que nos permitan poñer de relevo qué colectivos toman parte nas relacións de poder existentes nun período de tempo, polas cales se produce, se reproduce, se apropia, se comunica e se transforma o espacio no que habitan. En conclusión, trátase de discernir cánta heteroxeneidade social existe que sexa relevante, é dicir, relevante para comprender o proceso de participación urbana.

Aquí vou adoptar tres grandes criterios de clasificación: a pertenza grupal, a clase social e a área social. Algúns colectivos sociais van ser importantes só nun deses niveis, mentres que outros serán importantes nos tres, pero con lóxicas de comportamento distintas en cada un, polo que aproveitarei a afluencia informativa recabada no centro histórico de Vigo ao longo destes últimos anos para matizar esas relacións cando corresponda.

Ao longo da súa historia, as características da poboación residente no barrio histórico de Vigo foron cambiando, tanto como as súas relacións coa poboación do resto da cidade e mesmo mudaron as dinámicas de relacións internas e de organización social que tiveron lugar no seo desta área (ou áreas) urbanas.

Pero, ¿como vive a xente, actualmente, no barrio histórico?, ¿que diferencias hai entre os distintos colectivos e as áreas sociais dentro do barrio?, ¿que relacións sociais se manteñen co espacio público e privado que se habita? Estas preguntas, como se pode observar, apuntan a procesos sociais alén das máis estáticas informacións estatísticas sobre a poboación residente. Estas, non obstante, poden servirnos para marcar algúns mínimos puntos de partida na indagación.

O que se pretende, pois, nos seguintes puntos é describir socioloxicamente os grandes trazos que definen as condicións de vida dos colectivos sociais que habitan o barrio histórico, centrándonos, sobre todo, na súa historia máis recente, nos últimos dez anos.

Ante todo, convén sinalar que estamos nun barrio onde aconteceu un lento pero constante abandono residencial e onde unha considerable proporción da poboación é anciá, con escasos recursos económicos e ocupa as vivendas en réxime de aluguer. Dos perto de 5.000 habitantes que chegou a ter ata a década dos setenta, no ano 1994 rexistrouse unha poboación residente de 4.000 e na actualidade (ano 2000) esa cifra redúcese aproximadamente ata os 3.200. Esas cualidades e cantidades máis visibles, sen embargo, deben completarse cunha análise máis polo miúdo do dinamismo das relacións vitais no barrio.

En concreto, podemos anticipar e sintetizar agora outras dimensións relevantes para coñecer a vida social do barrio histórico de Vigo: a alta proximidade das relacións veciñais e comerciais, a elevada participación social na animación sociocultural desta zona e as diversas pautas de asociacionismo e agrupamentos sociais. Todas estas realidades, xunto a outras dinámicas culturais e económicas como as transaccións inmobiliarias e comerciais, as necesidades e usos de equipamentos públicos, etc. deberían terse en conta en toda planificación e intervención urbanas no barrio histórico.

A información dispoñible resume aspectos da estrutura social e da súa evolución no barrio, tanto nas súas dimensións máis obxectivables e cuantificables, como sinalando outros trazos cualitativos e significativos que dificilmente se poden cifrar. Considero que os cambios sociais foron relativamente lentos nestes últimos dez anos, polo que se poden apreciar algunhas constantes na ocupación e nas condicións demográficas e socioeconómicas de vida, malia que algunhas das fontes de información estean datadas anos atrás. Cando se considerou necesario, foron actualizadas ou revisadas as descrições recollidas inicialmente, durante o proceso de -i-a-p-.

## **4.1 GRUPOS SOCIAIS E REDES DE RELACIÓN SOCIAL**

### **4.1.1 O mar e o barrio histórico**

A identidade social do barrio histórico configúrase por medio de diversos fenómenos que inciden diferenciadamente en cada clase e grupo social.

En primeiro lugar, o carácter "mariñeiro" do barrio histórico débese á ocupación laboral en relación ao "mar" (pesca, conserveiras, estaleiros, etc.) de moitas das familias con máis raigame secular no barrio. Nas últimas décadas este sector está nunha relativa decadencia e só unha minoría

das persoas residentes dedícanse a el (mercado do peixe no Berbés e na Lonxa, estiba e desestiba no porto, mariñeiros embarcados en pescas de altura ou en mercantes, etc.).

Os ingresos provenientes do mar, sen embargo, son pequenos. Ademais, as familias que dependen deste traballo tamén adoptan divisións de xénero tradicionais: as mulleres traballando na Ribeira do Berbés (venta do peixe), reparando palangres, redes e outros aparellos de pesca, ademais de facer as tarefas domésticas; os homes embarcados, cada vez na pesca de máis "altura" (é dicir, en mares afastados) e, polo tanto, pasando cada vez máis tempo fóra da casa (ata tres ou catro meses nalgúns ocasións, e despois outros tantos na casa sen traballar). Por exemplo, unha muller –que ademais foi presidenta da asociación veciñal– estaba casada cun deses mariñeiros.

Parte das familias mariñeiras tamén mudou do núcleo urbano máis antigo cara a un barrio próximo de bloques de pisos e vivendas sociais na rúa Torrecedeira, pero esa mobilidade non impediu que se seguisen mantendo os vínculos coa asociación veciñal Casco Vello e a súa implicación nas actividades que esta organizaba.

A xubilación de moitos traballadores e traballadoras e a crise da pesca non eliminaron de todo esa ocupación, aínda que moitos dos seus descendentes (fillos e fillas) pasaron a outras industrias portuarias ou fabrís (estaleiros, estiba e desestiba, conservas, etc.) ou á parte do sector servicios (tendas do centro urbano, limpeza doméstica e de rúas, etc.).

A orixe traballadora e humilde das clases baixas do barrio histórico leva a marca de condicións duras de traballo asalariado (ou de economía somerxida e labores informais relacionados co mar), de reconversións e folgas moi intensas en sectores industriais como o naval ou a estiba, e cunha gran precariedade laboral para quen tivo contratos novos nos últimos anos (especialmente a mocidade). Precisamente, un dos presidentes da asociación veciñal e dous membros da xunta directiva, foron traballadores despedidos dun estaleiro próximo, situado en Bouzas.



En consecuencia, aínda que deberíamos considerar outras causas (como o reducido tamaño das vivendas ou a proximidade de equipamentos públicos e locais comerciais), moita da poboación nova traballadora pronto despraza a súa residencia cara a fóra do barrio e oriéntase a traballar noutros sectores (construcción, industria do automóbil ou química, comercio, etc.) ou lugares da cidade.

No plano residencial, a maior parte das clases populares atópanse en réxime de alugueiro de renda antiga ou posúe pequenas casas en propiedade, todas elas moi modestas e reformadas en pequenos aspectos cada vez que acusan un deterioro particular. Ás veces, as obras privadas realizadas de informalmente chegaron a supoñer completar edificacións e rehabilitacións de vivendas ou edificacións cativas.

Os descendentes máis novos, sen embargo, enfróntanse co reducido tamaño da vivenda e teñen moitas dificultades para prolongar a convivencia na súa familia "extensa". Dúas persoas xubiladas residentes nunha das zonas máis populares do barrio (a praza de Pescadores) expresaban así a marcada fenda xeracional:

*"-Eu teño unha filla que vive aí, no primero piso, e ten a casa toda partida, porque a señora da buhardilla, que é a mesma dueña do baixo, non quere arregla-lo tellado. -A raparigha tamén, como anda a traballar cando hai e cando non hai, ¿qué pasa? a vida, ¿non? Porque tamén non se vai meter a arreglar a casa chovéndolle. Primeiro hai que arreglar o tellao, e logo, arreglar a casa. -¿Teñen traballo fixo?. -Non, non teñen, non teñen. -El vai á Ribeira cando o chaman, e vaise polas mañás e tal. Ela tamén vai axudar de vez en cando, cando hai moito traballo e tal. Témoslos que mantelos e darlles de comer... entendes. -Se non lles axudamos nosotros en algo... E se lles das para comer non lles podes facer un arreglo na casa."*

#### **4.1.2 Clases sociais e conflito residencial**

Unha parte da pequena burguesía comercial do barrio e dos pequenos propietarios de inmobles, protagonizou o maior dos desprazamentos cara fóra do barrio, especialmente cara ao centro urbano (García Barbón, Urzáiz, etc.) e a barrios de clases medias menos "céntricos" (Camelias, Torrecedeira, Coia, etc.).

Este éxodo comezou nos anos sesenta e setenta e mantívose máis atenuado nos anos noventa. Pola súa parte, nesta última década é cando principia a producirse o desprazamento das clases máis baixas, empezando pola xente máis nova cara barrios obreiros como Teis ou O Calvario.

A pequena propiedade mantivo nestas tres décadas, aproximadamente, moitas das súas vivendas desocupadas e abandonadas ou as alugou. Algúns dos seus descendentes que non chegaron a vivir no barrio ou só o fixeron un curto período da súa infancia, son os que, na actualidade, máis reivindicán rehabilitar esas vivendas, subir o prezo dos alugueiros e expulsar os inquilinos tradicionais para instalarse eles.

Esta "volta" ao barrio vén motivada porque tamén a mocidade de clases medias (comerciantes, pequenos empresarios e autónomos, etc.) está afectada pola flexibilización dos mercados laborais e pola escaseza de vivendas no centro urbano a un prezo asequible para as súas posibilidades de emancipación familiar e para as súas expectativas de traballar no sector servicios do centro urbano. Polo tanto, como ocorre noutras cidades e países, estes sectores repoboadores non proceden dos "suburbios" ou periferias urbanas, senón doutros barrios centrais da cidade.

En todo caso, estes distintos intereses expresan unha importante división social entre os tipos de propiedade inmobiliaria no barrio (clase obreira en xeral, pequena burguesía residente no barrio e a non residente no mesmo) e os tipos de inquilinos (de rendas antigas ou de rendas actualizadas con prezos de mercado). Uns propietarios con inquilinos e cun fillo reinstalado no barrio histórico, puñan todo isto de manifesto:

*“Bueno, yo allí nací... Ya era de mis abuelos el edificio... Estuvimos viviendo allí, vivían mis padres en un piso, nosotros en otro y luego, claro, nos fue quedando un poco pequeño y nos vinimos para aquí [rúa céntrica no nó de Isaac Peral]... -¿Vosotros que disposición tendríais para rehabilitar si os quedasen ya los pisos libres?, ¿cuál sería vuestra idea, qué tipo de cosas haríais con él? -Ay, nada, pues arreglarlo y alquilarlo. -Bueno, no. A lo mejor tirarlo abajo es que no puedes, pero darle una reforma, como hizo mi hijo en el piso de él. -Un cambio de portal, que tengo ganas [para aumentar la “seguridad”]. Pintarlo por las puertas de afuera, siempre que yo supiera que digo: bueno, me pagan ahora 2.000 y puedo alquilarlo ya en 30.000. (...)”*

Outro exemplo poden ser as palabras deste comerciante residente no barrio:

*“-En el 1º viven mis padres, en el 2º vivo yo, el 3º está como almacén de muebles... y el 4º está alquilado... luego, en el edificio de al lado, hay dos personas alquiladas con renta antigua... el 3º y el 4º están vacíos.. Luego, en la casa de aquí al lado, pues están todos alquilados, y también con rentas antiguas, es decir, no hay ninguna renta que paguen más de 5.000 pesetas. La intención es remodelarlas, vamos, hacer una reforma de todo el edificio. Tienes dos pisos vacíos, tienes dos inquilinos y los inquilinos no se van ni de broma, entonces esto te imposibilita remodelar el edificio. Entonces, como te impide, pues esos edificios se van pudriendo y se van hundiendo.”*

Tamén se pode distinguir un colectivo social “híbrido” que poderíamos denominar de “colonos potenciais”, composto fundamentalmente polas persoas que se mudaron do barrio por necesidade (arrastrados polo seus pais ou por carecer de espacio na vivenda familiar) e buscando barrios que suplisen as desvantaxes do centro antigo. Trátase da poboación que emigrou do barrio pero que quería seguir vivindo nel ou que actualmente volvería a residir nel se se desen as condicións favorables para o seu retorno.

Este colectivo, pois, non se debe asociar directamente co grupo de “neocolonos” de clases altas ou medias-altas que tiveron sempre pouca ou ningunha relación directa co barrio, senón, sobre todo, cun grupo social que segue a manter vínculos con persoas residentes nel, fan visitas, acuden

ás festas e manifestan a intención de regresar se cambian algunhas circunstancias (equipamentos, prezos e calidade das vivendas, ambientes sociais, etc.).




FIG. 2

Relacións entre grupos sociais no barrio histórico durante o proceso de rehabilitación urbana. Relacións fortes (trazo continuo), febles (discontinuo) e conflictivas (dobre frecha). Colectivos máis activos na participación ante o Urbanismo de Rehabilitación, en sombreado

#### 4.1.3 Exclusión social e diversidade de colectivos habitantes

As situacións de marxinalidade social marcan tamén unha ampla heteroxeneidade e, xa que logo, non se circunscriben aos grupos comunmente estigmatizados ou marxidados simbolicamente.

Perto do 30% da poboación residente no barrio é anciá. Ás baixas contías das pensións que cobran a maioría delas, engádense as dificultades de mobilidade física que teñen, a carencia de locais de xuntanza específicos para eles e a perda de relacións sociais, tanto coa propia familia que se desprazou do barrio, como co resto de veciños e veciñas, entre os que desapareceu bastante, por exemplo, o costume de sentarse ás portas a conversar.

Dos, aproximadamente, catro mil habitantes rexistrados no barrio, unha treintena de familias reciben "rendas mínimas de inserción" ou "salarios sociais" directamente a través do servizo municipal de asistencia social, aínda que tamén algunhas organizacións sociais da cidade ou do barrio achéganlles algunhas axudas de roupa ou comida. Nas últimas décadas, algunhas destas familias trasladáronse a vivir ao centro histórico (e varias veces dentro del) non por ter antecedentes familiares no barrio senón por atopar nel vivendas baratas, aínda que deficientemente dotadas.

Os grupos dedicados á droga e á delincuencia son moi reducidos e, con frecuencia, ben coñecidos para a policía. A miúdo están controlados por persoas externas ao barrio e, en ocasións, incorporan a algúns adolescentes e mozos que fracasaron na escola e que forman parte dalgunhas das bandas do barrio (caracterizadas algunhas, á súa vez, por unha cultura moi consumista de motos, música, alcohol, roupa, etc.).

As prostitutas habitan dúas zonas do barrio: a parte alta, a Ferrería, e a rúa da Oliva, xunto á Colexiata. Moitas delas non posúen unha residencia fixa e, cada vez máis, son de procedencia africana ou latinoamericana. Por informacións de educadores de rúa e do centro de atención primaria que hai no barrio, sabemos tamén que moitas prostitutas exercen esa actividade debido á súa dependencia de certas drogas. Polo

que contan algunhas persoas maiores, décadas atrás as prostitutas tiñan un nivel de vida mesmo superior ao do resto da veciñanza e soían regalar roupa a mulleres do barrio que a necesitaban.

De forma moi mesturada cos demais residentes, na mesma Ferrería ocupan o espacio público e vivendas propias e alleas un pequeno núcleo de poboación xitana e inmigrante, case sempre vivindo na economía somexida ou vinculada co narcotráfico, o cal lles carrega un certo rexeitamento por parte da xente doutras zonas do barrio. Tamén expresan pouca afección ou raigame no barrio e algunha familia xitana conseguiu acceder a vivenda social fóra del.

Por último, outro dos colectivos "invisibles" no barrio está composto por mendigos, transeúntes e persoas e familias en extrema pobreza que ocuparon transitoriamente locais ou vivendas case sempre en ruínas e insalubres.

Sen chegar a esas situacións de subordinación e exclusión sociais, outros grupos sociais, non sempre formalmente identificados, tamén habitan o barrio sen residir necesariamente nel. O principal colectivo e o máis variado é o das persoas que acoden ao barrio para consumir ou para visitarlo. As súas relacións están moi individualizadas e restrinxidas a tendas, bares, restaurantes e certas rúas de paso: Pescadoría, Prazas da Pedra e da Igrexa, Triunfo, Praza da Constitución, etc. Nunca se adentran polas rúas "interiores". Unha gran parte deste grupo, pois, poden ser caracterizados como "turistas".

Aínda que dentro dos bares tamén se poden establecer tipoloxías dos visitantes eventuais do barrio e do tipo de clientela que teñen, o colectivo máis significativo entre todos é o da mocidade "nómada" ou "flotante" que acode as fins de semana dende o centro urbano ou dende a periferia a dúas ou tres rúas principais de bares nocturnos. A xulgar polas observacións máis recentes, cos anos foi especializándose en mozos e mozas adolescentes ata os vinte ou vintecinco anos, especialmente nas rúas Real e Teófilo Llorente, onde se atopan algúns dos locais máis conflictivos debido ao alto nivel de ruído xerado, pola música ou pola

propia mocidade fóra dos locais. Asemade, a mocidade ata os trinta ou trinta e cinco anos segue a reunirse noutros bares espallados polo resto do barrio (nas rúas Poboadores, Esperanza, Chao, Joaquín Yáñez, Constitución, etc.), moitos deles cun estilo tipo "café" ou de "tapeo", estilo este que dende o Concello e dende algúns hosteleiros tentou promoverse en rúas especializadas como Laxe.

A participación urbana organizada polas asociacións cidadás do barrio, ou a canalizada dende o Concello, soen contar con todos estes colectivos sinalados como "datos" da realidade, sen darlles maior importancia como axentes urbanos que se apropian dos espacios, que lles dan un sentido propio e que tamén os transforman coas súas prácticas.

#### **4.1.4 Importancia do xénero, a idade e o asociacionismo para o planeamento**

Hai poboacións máis arraigadas cós grupos sociais vistos ata agora, que tamén pasan desapercibidas porque as marcas da súa adscrición non son tan evidentes. Por unha parte eu sinalaría, no barrio histórico, ás mulleres, sobre todo ás que teñen unha idade entre os trinta anos e o momento en que aínda non se consideran anciás. A maioría delas seguen subordinadas ao espacio da vivenda, ás tarefas domésticas e, en moitas ocasións, tamén a traballos extradomésticos (en tendas, bares, limpeza, etc.) que poden chegar a ser o único ingreso no fogar, sobre todo cando son elas as "cabezas" da familia. Os seus lugares de socialización colectiva e de amplas conversas son as rúas, as tendas e o mercado, a parte dos actos públicos (festas, misas, paseos, etc.) e das actividades asociativas nas que participan intensamente, ás veces, exclusivamente en razón do xénero (como cursos na asociación veciñal, viaxes, charlas, manifestacións, etc.).

Pola súa parte, os homes maduros teñen como punto de encontro os bares tradicionais, mesóns e adegas. Alí len a prensa e discuten dos

asuntos públicos, xa que a súa participación en actividades asociativas é moito menor. Nestes bares e nas pequenas tendas ou postos de venda nos mercados (do Berbés, A Pedra, ambulantes, etc.) que rexentan algúns deles é, sen embargo, onde máis comunicación informal se dá sobre os problemas urbanísticos e sociais do barrio, sen mediación necesaria de persoas afiliadas a algunha entidade formal.

Neste sentido, comparten ambos xéneros un papel fundamental na microorganización social do barrio, xa que eses espazos informais lles serven para intercambiar impresións, sobre todo ante eventos importantes como un conflito na rúa, as obras nalgún edificio ou praza, ou a convocatoria de actos de protesta colectiva.

De forma similar a como sinalan algúns estudos (Larizgoitia, 1986), os espazos públicos das amas de casa "privatízanse" (mercados, tendas, cafeterías, etc.) porque en todo momento están traballando, "como se estivesen en casa". Os datos da enquisa aplicada en 1995 amosaban que as mulleres conversaban máis sobre cuestións "privadas" (a familia e a casa) e os homes máis sobre cuestións públicas (novas de actualidade, novas do barrio e sobre o traballo). Pero iso non é óbice para que, neste centro histórico, as mulleres teñan unha gama máis ampla cá dos homes á hora de apropiarse dos espazos públicos mediante relacións veciñais, xa que elas destacaban pola súa proclividade a asistir a festas e actos no barrio, por teren a maioría das súas amizades nel, por falaren na rúa e por seren as principais protagonistas das asociacións locais (entre un 70% e o 100% nas asociacións de base, veciñais, culturais, relixiosas, etc., mentres que manteñen unha participación semellante á dos homes nas asociacións profesionais, nos sindicatos e nos partidos políticos).

Todo o cal, pois, non é máis ca unha simple mostra de cómo as mulleres protagonizan con estilos moi informais e pouco institucionais a participación urbana no centro histórico, pero iso non foi habitualmente recoñecido neste caso nin polas asociacións durante os procesos de confrontación coas autoridades municipais, nin polos técnicos para ser



tidas en conta coma un colectivo con necesidades específicas á hora de transformar os espazos públicos.

No seguinte cadro poden verse aqueles aspectos que dividen os espazos informalmente segundo as tres funcións veciñais máis importantes: de axuda, información e socialización (Keller, 1968). Como se ve, case a metade das relacións veciñais consisten no saúdo mutuo, en falar sobre a actualidade xeral e do barrio, falar na rúa, acudir diariamente aos bares cercanos, asistir ás festas e actos públicos e teñen a maioría das súas amizades no barrio. En torno a un 30% das relacións restantes consisten na axuda mutua: recibindo e dando axudas económicas entre veciños e apoiando e sendo apoiados afectivamente entre veciños. Estas rápidas pinceladas, pois, amosan unha comunidade moito máis "rural" que "urbana" en pleno corazón da cidade, se non fose porque o nivel de afiliación asociativa formal tamén é bastante alto.

CADRO 2. *Relacións veciñais ("comunicativas" e "situacionais") no Casco Vello de Vigo (admitíanse respostas múltiples, polo que as sumas non resultan en 100%). Fonte: Martínez et al. (1995)*

RELACIÓNS VECIÑAIS	MULLERES	HOMES	TOTAL
Só saúdo aos veciños	32,2%	32,1%	32,3%
Falo sobre novas de actualidade cos veciños	12,9%	13,2%	13,1%
Falo sobre novas do barrio cos veciños	17,2%	18%	17,5%
Falo do traballo cos veciños	5,6%	7,2%	6,2%
Falo da familia e de min cos veciños	13,3%	4,6%	12,7%
Falo de temas domésticos cos veciños	9,3%	5,6%	8,1%
Falo doutros temas cos veciños	5,6%	8,4%	6,6%
Non falo cos veciños	1,6%	2,4%	1,9%
Non sabe / Non contesta	1,8%	1,2%	1,6%
A maioría dos meus amigos son do barrio	25,8%	24%	24,9%
Asisto a festas e actos no barrio	17,3%	12%	15%
Falo na rúa cos veciños	27,6%	26,6%	27,3%
Acudo aos bares do barrio diariamente	1,8%	8,6%	4,9%
Recibín axudas económicas dos veciños	7%	12%	9%
Axudei economicamente a outros veciños	5,1%	7,3%	6%
Apoiáronme persoal/afectivamente os veciños	14,5%	9,3%	12,6%
Apoiei persoal/afectivamente a veciños	0,4%	0%	0,3%

No plano da formación escolar observouse que as mulleres tiñan en conxunto máis desvantaxes nas capacidades de lecto-escritura e eran menos cós homes na finalización dos estudos primarios. Estas carencias en formación regrada xeran imaxes de infravaloración que emerxían nas entrevistas: "*¿quieres que che levante ao meu home que che fala millor as cousas? El fala millor as cousas ca min... non che sei nada, quen sabe é o meu home, porque o meu home sabe ler, eu non sei ler*" (muller cobrando o salario social). Pola súa parte, os espazos domésticos tamén son obxecto dunha apropiación distintiva segundo o xénero. Na enquisa resultou que o 70% das mulleres mercaban a comida e coidaban os nenos, sobre un 4% de casos no que o facían os homes; os maiores períodos de tempo que se pasaban na casa ocupaban tamén a un 44% das mulleres fronte a só un 16% dos homes. Nas entrevistas non se reflectaba algo moi distinto:

*"...es que os chiquillos cada uno marcha y yo quedo aquí sola, mi marido a lo mejor se pone a dormir la siesta, hace los trabajos que tiene que hacer y después va para ahí, para el bodegón, que es donde paran todos. Juegan a las cartas allí y hasta la hora de la cena aquí no hay nadie ¿entiendes? Sólo estoy yo... [Otra entrevista:] vou comprar ao supermercado [fóra do barrio], veño para casa, agora vou facer a comida para min e xa está, non vou a ningunha parte, despois pola tarde non traballo, me sento a mirar a televisión."*

Entre as organizacións formais do barrio destacan a asociación de veciños e as dúas parroquias (a de Santa María e a de San Francisco). A primeira é a que máis capacidade de influencia, de mobilización e de sona pública adquiriu nestes anos, mesmo por riba do propio Plan Comunitario que ela promoveu inicialmente.

Nas parroquias obsérvanse composicións menos interclasistas que na asociación veciñal ou no Plan Comunitario. Na da Colexiata abundan máis as clases medias e prácticas relixiosas (como a lectura da biblia, grupos xuvenís, caridade, etc.) que as distinguen identitariamente da feligresía ao redor de San Francisco, máis composta por clases baixas, próximas á asociación veciñal e moi implicadas nas distintas festas do

barrio (Os Maios, San Antón, A Reconquista, Enredos nas Prazas, Titiriteatro de Outono, etc.).

Entre o sector do comercio, durante o desenvolvemento do programa Urban (entre 1995 e o 2000) creouse unha organización de comerciantes do barrio que se uniu ao Plan Comunitario, incluíndo a moitas das pequenas tendas e a algúns hosteleiros dos establecementos máis tradicionais (non os bares nocturnos).

Tamén algúns bares (os que teñen unha clientela máis xuvenil) asociáronse durante algúns anos, e, case sempre, en momentos puntuais, para ter forza fronte aos peches impostos polo Concello a raíz das protestas veciñais polos rúdos, o cal comportou confrontamentos, mesmo físicos, co resto de organizacións comunitarias. Por medio das entrevistas abertas sabemos que algúns dos propietarios de bares empregaron estratexias de belixerancia con inquilinos tradicionais como mercar varios andares dun mesmo edificio e presionar por distintos medios para lograr a mudanza destes e evitar recibir as súas protestas. Pero con iso convertíanse tamén en parte activa das estratexias de investimento e revalorización inmobiliaria no barrio.

Na FIGURA 1 de relacións intergrupais (elaborada a partir da metodoloxía proposta por Villasante, 1990, 1998) debería engadirse, neste senso, o feito de que durante todo o proceso de rehabilitación urbanística desenvolvido ata o de agora o conflito entre colectivos organizados do barrio e bares nocturnos concentrou a maior parte das enerxías de mobilización e de obstaculización á aplicación do planeamento urbano. Non obstante, ante o plan de peonalización proposto polas instancias municipais na última etapa do programa Urban, non pareceron existir grandes discrepancias entre os diversos colectivos sobre o beneficio xeral que podía comportar para o barrio.

De todos modos, resulta sorprendente comprobar cómo os índices de asociacionismo formal son neste centro histórico bastante altos e proveñen, en grande medida, da pioneira organización veciñal de 1970 pola defensa da demolición da Ferrería.

Unha simple comparación con datos dun estudio elaborado para toda Galicia (Pintos et al., 1995) non deixaba lugar a dúbidas: a pertenza a asociacións veciñais no barrio histórico de Vigo era dun 14,7% fronte a 7% de media galega; a asociacións políticas e sindicais un 4,3% fronte a un 3%; a asociacións relixiosas un 24,6% fronte a un 3%; a asociacións culturais un 0,2% fronte a un 5%; e a asociacións recreativas un 6% fronte a un 12%. A estes datos hai que engadir unha significativa porcentaxe dun 5,8% de afiliación a asociacións profesionais e empresariais.

Por último, débese notar que os modos de participar nestas asociacións do barrio só eran "activos" (organizando as actividades do colectivo) nun 6,7% fronte a un 5,5% de persoas que estaban totalmente "incomunicadas" coa asociación á que pertencían (non tiñan información nin relación), mentres que a maioría da xente (un 61,1%) estaban nunha situación que poderíamos calificar como "comunicados pasivos" (pagaban cotas, asistían ás actividades organizadas e estaban informados do que sucedía na asociación).

Un último colectivo social que ven mellor definido pola adscrición grupal que pola situación productiva ou residencial, é o da afinidade pola idade. As cohortes de idade marcan necesidades espaciais específicas sobre todo para a infancia e a ancianidade, aínda que tampouco estes colectivos soen ser tidos especialmente en conta pola rehabilitación urbanística do barrio, escoitando directamente as súas vidas e expectativas.

A perda de poboación nas tres últimas décadas abriu, de forma moi marcada, unha fenda xeracional. Os problemas de espazos públicos para o esparcemento da infancia son moi escasos no barrio (xógase en medio das estreitas rúas ou teñen que saír a zonas deportivas fóra do barrio, ou usar, cando poden, o pavillón do Berbés, moi regulamentado nos seus horarios e usos por distintos equipos de todo o centro), pero tamén poden parecer menores se se considera a drástica redución de nacementos e permanencia de nenos e nenas nesta zona: en 1995 había

un 15,4% ata 15 anos, 7 puntos menos que no municipio de Vigo (datos segundo Censo 1991 e Padrón 1994), descendendo ata o 12,2% en 1997.

Eis un círculo perverso que se recrea a si mesmo. Entre os 16 e 30 anos había en 1995 un 23% de poboación no barrio a cal, á parte do elevado fracaso escolar e da precariedade laboral que sofre maioritariamente, centra as súas pautas culturais e relacionais nos espazos públicos apropiados en forma de pequenos grupos ou bandas: a diversión da fin de semana (que comparten xunto ao resto da mocidade urbana), a televisión, o cine, as salas de xogos, os deportes e, unha minoría moi activa e comprometida, na Vocalía Xuvenil da Asociación de Veciños ou en outras asociacións (Boy Scouts, grupos musicais, ecoloxistas, etc.).

Outro dato importante das dificultades da poboación nova para emanciparse residencialmente sen ter que romper os azos comunitarios e familiares, é dicir, puidéndose trasladar a outra casa do barrio onde vivir "independentemente", é que só tivemos constancia dun 3,8% de casos que o fixeran. Máis do dobre desa cifra, un 8%, trasladouse fóra do barrio, mentres que do 87% dos fogares con fillos existentes, na metade deles permanecían vivindo fillos maiores de 18 anos.

Pola súa parte, a poboación anciá -establecida, por poñer un límite, a partir da barreira dos 65 anos- constitúe, aproximadamente, un 28% dos residentes no centro histórico, fronte a un 13,4% en Vigo (datos de 1997). A maioría ingresan pensións de baixa contía, pasan dificultades de mobilidade física e un relativo illamento familiar, polo que se aferran ao espazo doméstico, a vivendas mesmo semirruínas pero que coñecen ben e que arranxaron en moitas ocasións, incrementando a súa sensación de seguridade, aínda que mantendo a miúdo a precariedade constructiva.

Sen embargo, o narcotráfico ou o rebulir da mocidade nas rúas prodúcelles medo. Ante a música dos bares e do tráfico en certas rúas non senten máis que resignación e, en xeral, consideran que teñen pouco peso político nas decisións que afectan a esta zona. Sen embargo, buscan frecuentemente relacións sociais con persoas semellantes nos bares ou nas

portas das casas e, nesas ocasións, prodúcense comunicacións polas que se coñecen os proxectos no barrio. Os anciáns de clases medias, de forma lixeiramente diferencial, soen estar mellor relacionados e informados dos proxectos de rehabilitación, tamén debido a uns índices maiores de lectura da prensa e a ter máis intereses inmobiliarios (propiedades) có resto da poboación (na súa maioría alugada).

CADRO 3. Estructura demográfica do barrio histórico. Porcentaxes sobre o total da poboación. Fontes: Souto (1981), Censo- Padrón 1991-4, Precado et al. (1988), Diagnóstico Urban (1998)

	Casco Vello 1978	Vigo 1981	Casco Vello 1989	Vigo 1989	Casco Vello 1991-94	Vigo 1991	Casco Vello 1997
0-15 anos	22,1%	29,5%	16,4%	22,1%	15,4%	22 %	12,2%
16-64 anos	63,3%	61,7%	61%	67,4%	63,9%	67,1%	59,4%
+65 anos	14,7%	8,8%	22,5%	10,5%	20,7%	10,9%	28,4%
Índice avellent.	0,67%	0,29%	1,34%	0,48%	1,37%	0,49%	2,3%

Habitualmente, os datos demográficos que poñen de relevo o avellentamento da poboación nos centros históricos, serven como xustificación da necesidade de “recolonizar” estes espazos con poboación nova, veña de onde veña. Este é un dos sentidos da expresión de “revitalización”, tan comunmente aludida. Pero nin a despoboación nin o avellentamento son condicións suficientes que xustifiquen o maior peso das axudas económicas aos “recolonizadores”, sen atender antes ás necesidades de emancipación residencial da poboación nova e pobre do barrio e ás necesidades de rehabilitación de vivendas e espazos públicos e de equipamentos específicos para a poboación anciá residente. En realidade, eses resultados demográficos son máis os síntomas dunha evolución social e urbana dos centros históricos, cá a enfermidade a erradicar.

O avellentamento e, sobre todo, a permanencia de persoas anciás que residiron sempre no barrio e que teñen baixos ingresos económicos,

son o produto da expulsión de moita da súa descendencia que non atopou os mesmos prezos (proporcionais aos seus ingresos) de alugueiro ou de compra de vivenda no barrio. Son, pois, os procesos de especulación inmobiliaria (activa ou, sobre todo nesta zona, pasiva) os que afogan o mercado inmobiliario (e as dotacións equipamentais) no barrio para as xeracións novas de veciños que van tendo fillos.

De aí que se incremente a despoboación do barrio e, por tanto, aumente o avellentamento da poboación nel resistente, xa que a penas quedan fogares con posibilidade de ter fillos. A xente, pois, non busca só unha mellora de benestar ou calidade de vida en abstracto cando se marchan do seu barrio de toda a vida, senón que fan o posible por non mudarse sempre que haxa posibilidades de manter os lazos comunitarios e familiares no seu barrio e unhas condicións asequibles de acceso á vivenda e de satisfacción das súas necesidades espaciais e sociais (López, 1986: 73).

En calquera caso, o avellentamento da poboación é un fenómeno xeral nos países occidentais, pero sobre todo en lugares como Galicia, que ten un dos índices máis baixos de natalidade de Europa. En Vigo, de todos modos, como na maior parte das cidades, a poboación non deixou de medrar nas últimas décadas, polo que a despoboación do seu núcleo histórico debe buscarse tamén no medre noutros barrios aos que se mudou parte da poboación (aínda que o máis difícil de comprobar é, evidentemente, os índices de fecundidade desa poboación que emigrou do barrio).

Os últimos datos obtidos na revisión do PERI do barrio non fan senón acentuar esa caracterización xa adiantada cinco anos atrás. Como xa sinaléi, xunto coa despoboación, o segundo trazo senlleiro que caracteriza a moitos centros históricos de cidades medias e grandes é o avellentamento. Do mesmo xeito que o proceso de despoboación posúe un ritmo e unhas dimensións propias en cada cidade, os procesos de avellentamento tamén posúen as súas calidades propias e non se pode falar deles coma algo negativo ou positivo a priori.

Por unha parte, o aumento constante do índice de avellentamento –calculado a partir da relación existente entre a poboación maior de 65 anos e a menor de 15- aumentou considerablemente nas dúas últimas décadas, ata superar a poboación anciá o dobre da poboación nova (índice superior a 2 en 1997). Por outra parte, os índices de avellentamento no conxunto da cidade de Vigo veñen manténdose estables, ao redor do 0,5 –é dicir, a poboación menor de 15 anos é un 50% superior en contía cá poboación maior de 65 anos-, durante as dúas últimas década, aínda que a última estatística publicada polos servicios informáticos municipais en internet xa comporta un índice de avellentamento do 1,3 en Vigo (35.674 persoas menores de 15 anos –o 12,24%- contrastando coas 46.686 persoas maiores de 64 –o 16,02% dunha poboación total de 291.424 persoas). En consecuencia, sempre foi máis do dobre o índice de avellentamento no barrio histórico en comparación co resto da cidade.

Na actualidade, as proporcións entre cohortes de idade parece manterse semellante a como se atopaba a finais da década pasada, aínda que o índice de avellentamento segue aumentando: ata un 2,33.

Ano		2000		Ano	
Idade	0-15 anos	11,59%	372 hab.	0-15 anos	Idade
	16-64 anos	61,36%	1.969 hab.	16-64 anos	
	+64 anos	27,05%	868 hab.	+64 anos	
Índice avellentamento		2,33	3.209 hab.	Poboación total	

CADRO 4. Fonte: Elaboración propia para o PEPRI a partir do Padrón Municipal, 2000.

En canto á distribución poboacional en función do sexo, atopámonos con 1.499 homes e 1.710 mulleres, segundo a consulta dos datos padroais realizada no mes de decembro do ano 2000. Estas cifras poden traducirse a proporcións porcentuais: o 46,7% da poboación



censada no barrio histórico son homes; o 53,3 % son mulleres. A relación é moi similar á que existe no resto da cidade actualmente, e tamén á que se daba no barrio histórico en anos anteriores. Pero máis indicativa resulta a distribución das diferencias de xénero entre os distintos grupos de idade.

Ano		2000		Mulleres	Homes
Idade	0-15 anos	11,59%	372 hab.	183	189
	16-64 anos	61,36%	1.969 hab.	952	1.017
	+64 anos	27,05%	868 hab.	575	293
		100%	3.209	1.710	1.499

CADRO 5. Fonte: Elaboración propia para o PEPRI a partir do Padrón Municipal, 2000.

Como se pode observar, existen máis homes que mulleres ata os 64 anos, pero sempre distribuídos ambos colectivos case ao 50%. Esta relación invértese drasticamente a partir desa idade, o que nos leva a concluír que a poboación do barrio histórico non só amosa un alto índice de avellentamento, senón tamén que a poboación de maior idade é maioritariamente feminina.

En concreto, trasladando as anteriores cifras a porcentaxes: 1) rexístrase un 49,5% mulleres ata 15 anos, xunto cun 50,5% de homes na mesma idade; 2) un 48,3% mulleres entre 16 e 64 anos, xunto cun 51,7% de homes no mesmo tramo de idade; 3) e, sinalando a diferenza máis marcada, un 66,2% mulleres de máis de 65 anos de idade, mentres hai un 33,8% de homes con esa idade.

## 4.2 CLASES SOCIAIS E VIVENDA

### 4.2.1 Recursos, traballo e desemprego

As análises de clase social efectuadas cos datos da enquisa e con algúns outros censais amosan tamén unha división social ben marcada. A primeira distinción a establecer é entre as chamadas “clases pasivas” e as “clases activas”. Aproximadamente un 60% da poboación do Casco Vello atopábase en situación de inactividade laboral asalariada, da cal case a metade (un 30% do total) estaría composta por persoas xubiladas con ingresos baixos.

Dentro da poboación potencialmente activa xorde unha nova polarización: entre a poboación empregada e a poboación desempregada. Esta última categoría oscilaría entre un 12% e un 17% -chegando a un total do 24% cando conseguimos coñecer varios casos dentro dunha mesma unidade familiar- segundo se trate da media das persoas que achegan os ingresos principais en cada fogar ou a media das persoas entrevistadas. Como ocorre no resto do Estado, as mulleres e a mocidade en dispoñibilidade laboral son os grupos máis afectados polo desemprego (Meixide, 1994; Petras, 1996).

CADRO 6. *Desemprego no Casco Vello. Fonte: Martínez et al. (1995)*

Idade	Cabezas-Familia			Persoas entrevistadas		
	TOTAL	Homes	Mulleres	TOTAL	Homes	Mulleres
16-30 anos	6,4%	2,3%	4,1%	7,4%	2,9%	4,5%
31-64 anos	6%	1,5%	4,5%	9,4%	3,9%	5,5%
TOTAL	12,4%	3,8%	8,6%	16,8%	6,8%	10%

De todos modos, a outra cara da moeda da reestructuración económica é a precarización laboral, que neste centro histórico alcanza cotas similares (entre o 17% e o 39%) ás do resto do Estado (un 40%

contratación temporal fronte a un 60% de contratación indefinida en 1995). As dúas primeiras cifras obtidas no noso caso responden a que na primeira só se toman en conta os contratos eventuais e temporais, mentres que na segunda engádense, ademais, as restantes formas de contratación precaria que abranguen dende os contratos en formación e en prácticas ata os casos de traballo asalariado sen contrato.

Por idades a polarización volve a ser manifesta: o 77,7% das persoas entre 31 e 64 anos teñen contratos indefinidos, e só un 23,3% contratos temporais; inversamente, só o 22,3% da mocidade que traballa asalariadamente faino con contrato indefinido, mentres que o 77,7% faino de maneira eventual ou sen contrato.

Outros datos importantes que nos axudan a comprender a estrutura de clases sociais son os ingresos económicos e as actividades productivas desenvolvidas. Aínda que existe pouco desacordo en incluír os niveis de estudos dentro das variables determinantes para codificar as posicións de clase segundo a "producción" (González, 1992; Fernández Enguita, 1992), foron algunhas correntes neoweberianas as que empezaron a integrar variables como o nivel de consumo e a situación económica en relación á vivenda como criterios relevantes e así o fixemos tamén neste estudio de caso (Bourdieu, 1979; Goldthorpe e Marshall, 1992; Martínez, 1996).

Así, un 39% das unidades familiares ingresaban menos de 60.000 ptas./mes, un 40,7% entre 60.000 e 120.000 ptas./mes, un 12% no segmento seguinte ata 200.000 ptas./mes e un 4,8% máis desa cantidade. Os datos dispoñibles para a media dos demais centros históricos españois (Pino, 1994) amosaban unha pobreza severa un pouco menos extrema e un colectivo de altos ingresos un pouco máis voluminoso: nos mesmos tramos que antes as porcentaxes eran 20-25%, 60-65%, 30% e 7%.

A poboación sen ningún tipo de estudos rematados ascendía ao 65%, concentrándose sobre todo na franxa de idade superior aos 36 anos (sendo os datos censais bastante coincidentes cos resultados da enquisa). As prácticas culturais dominantes no barrio son ver a televisión, ler a prensa

local e a asistencia a actos relixiosos. Polo contrario, as prácticas culturais máis minoritarias consignábanse como a lectura de libros, a asistencia ao cine ou teatro e a audición de música. No centro histórico de Vigo só un 7,5% da poboación declaraba ler libros e asistir ao cine ou ao teatro, mentres que as medias de Galicia achegábanse ao 22% nesta materia (Pintos et al., 1995).

Como dato significativo atopamos que existía unha estendida "cultura da radio" no barrio, cun uso frecuente dela próximo ao 12%, mentres que a media galega descendía ata o 5%. De todos modos, a propiedade dunha televisión só se rexistrou para un 32% da veciñanza do barrio, fronte a un 73% en Galicia. Por último, só un 16% dos veciños declararon ter coche, aínda que aquí as diferencias por áreas de residencia amosaban unha nova polarización moi marcada e que ten consecuencias á hora de apoiar ou non os proxectos de peonalización.

A estratificación segundo as actividades productivas foi composta, principalmente, en base á ocupación desempeñada, seguindo os tres eixos de E.O.Wright (1992, 1995): propiedade ou non dos medios de produción; autoridade, control e autonomía do posto de traballo; e cualificación profesional e niveis de estudos. Sen embargo, para clarificar a xerarquización e as polarizacións de clase, optouse por unha combinación deses criterios básicos con outros que podían dirimir os solapamentos: o tipo de contratación, o nivel de renda segundo ingresos mensuais e, nos casos máis controvertidos (co grupo de persoas xubiladas, sobre todo), a relación de propiedade ou alugueiro da vivenda principal.

A seguinte táboa ofrece unha rápida visualización das principais categorías sociais agrupadas en cada clase social, denotando que a clase baixa contén non só unha parte do proletariado en peores condicións de subsistencia, senón tamén un nutrido grupo de infra-clases, sectores inactivos ou desempregados e poboación pobre dependente dos escasos subsidios públicos existentes; pola súa parte, a pequena burguesía comercial poderá integrarse, neste caso, no mesmo nivel intermedio que algúns asalariados ben retribuídos e cualificados (mesmo mariñeiros de

pesca en altura) ou que algunhas persoas xubiladas con pensións altas e sen problemas coa vivenda que ocupan (por tela en propiedade, con rendas antigas ou sen necesidade de reparación urxente).

CADRO 7. *Estructura de clases no barrio histórico (porcentaxes sobre o total da poboación maior de 16 anos). Fonte: Martínez et al. (1995)*

CLASE MEDIA-ALTA E ALTA		CLASE MEDIA E MEDIA-BAIXA		CLASE BAIXA	
Propietarios-empresarios	7,7%	Técnicos semi-expertos	2,6%	Obreiros non cualificados	9%
Directivos expertos	0,3%	Obreiros cualificados	6%	Resto pensionistas	21,6%
Profesionais autónomos exp.	2%	Autónomos non expertos	3%	Con subsidios pobreza	2,6%
Directivos semi-expertos	1,3%	Supervisores non expertos	0,5%	Desemprego	8,9%
		Pensionistas rendas altas	10,6%	Amas de casa	17,8%
TOTAL	11,37%	TOTAL	22,96%	Economía somerxida	5,3%
				TOTAL	65,4%

Os anteriores descubrimentos correlaciónanse con bastante equivalencia cos títulos escolares conseguidos pola poboación do barrio histórico, tal como constan noutras fontes estatísticas consultadas recentemente. En xeral, pode observarse que a estrutura social, mediada pola variable do nivel de escolaridade alcanzado, non variou excesivamente no último quinquenio. O trazo máis persistente é que a maioría da poboación do barrio histórico atópase nos niveis máis inferiores da escala de estudos, sen posuír ningún título escolar e mesmo cunha alta porcentaxe de analfabetismo.

Unicamente comparando os datos da actualización do Padrón de 1997 cos da actualización de 2000, podemos corroborar que se continuou a ensanchar a fenda existente. En realidade, a carencia de coñecementos educativos básicos ou, na súa manifestación oficial (aínda que non sempre paralela), a posesión de títulos educativos, responde a dous procesos sociais determinantes: 1) a clase social baixa, de extracción obreira e pobre, que comprende á maior parte da poboación; 2) o alto índice de avellentamento da poboación, que chega a integrar a case un

tercio da poboación do barrio dentro da categoría de idade maior de 64 anos.

Ano 1997:

Nivel de escolaridade	TOTAL	Porcentaxe	Total mulleres	Total homes
Analfabetos/as	92	2,0%	48	44
Sen estudos	1864	57,9 %	1071	793
Con estudos primarios	468	14,5%	211	257
Con estudos secundarios	491	15,3%	257	234
Universitarios (medios)	122	3,8%	75	47
Universitarios (superiores)	180	5,6%	91	89
<b>TOTAL</b>	<b>3217</b>	<b>100%</b>	<b>1753</b>	<b>1464</b>

CADRO 8. Fonte: Elaboración propia para o PEPRI a partir do Padrón Municipal, 2000.

Ano 2000:

Nivel de escolaridade	TOTAL	Porcentaxe	Total mulleres	Total homes
Analfabetos/as	143	4,46%	76	67

<b>Sen estudos</b>	1661	51,76 %	950	711
<b>Con estudos primarios</b>	635	19,79%	290	345
<b>Con estudos secundarios</b>	460	14,33%	236	224
<b>Universitarios (medios)</b>	116	3,61%	68	48
<b>Universitarios (superiores)</b>	194	6,05%	90	104
<b>TOTAL</b>	3209	100%	1710	1499

CADRO 9. Fonte: Elaboración propia para o PEPRI a partir do Padrón Municipal, 2000.

Dous comentarios poden facerse a esta información. En primeiro lugar, o incremento das categorías extremas: as persoas analfabetas e as persoas con estudos universitarios superiores. Por unha parte, a tendencia máis probable é que a poboación analfabeta e sen estudos se manteña estable se se corresponde coa poboación de maior idade. O feito de que aumente o analfabetismo declarado nas oficinas municipais, en consecuencia, pode deberse a que poboación pobre se trasládase a vivir no barrio ou que se desen de alta padroal os novos nacementos.

En segundo lugar, en vez de empregar a variable de "idade" para cruzala coa do nivel de escolaridade, optouse pola do "sexo", xa que esta pode ofrecer conclusións máis significativas cá outra, máis sometida aos cambios anuais de categoría e a actualización dos datos cando se ascende de nivel de estudos. O que máis salta á vista é que as mulleres integran en moita maior contía o número de persoas sen estudos. Tamén poden apreciarse dúas evolucións importantes, sempre tomadas con cautelas debido ás posibles diferencias de contidos entre a orixe de ambas estatísticas (polas rúas incluídas nelas): 1) as mulleres aumentan en maior medida cós homes na categoría de persoas analfabetas; 2) as mulleres con estudos universitarios superiores eran máis cós homes en 1997, mentres que pasan a ser menos no ano 2000, aínda que en estudos universitarios medios seguen mantendo a súa superioridade.

Todos estes datos confirman aínda máis, se cabe, as profundas diferencias e desigualdades que se establecen con respecto ao resto da cidade de Vigo na que, a título de exemplo, en 1997 só un 1,16% da poboación declaraba carecer de estudos de ningún tipo (categoría que inclúe tamén a persoas que non son capaces de ler nin de escribir), fronte ao 59,9% rexistrado no barrio histórico ese mesmo ano (Diagnóstico do Urban, 1998).

#### **4.2.2 Ocupación residencial, infravivenda e rehabilitación**

Sen entrar aquí nunha extrema exhaustividade, abonda con notar que a propiedade inmobiliaria no centro histórico pode dividirse entre a "vertical" (quen posúe edificios completos), sobre un 58%, e a "horizontal" (quen posúe partes dun edificio), sobre un 37%.

Aínda que depende de se teñen inquilinos nas súas propiedades ou non, e do tipo de inquilinos e rendas que teñen, esa división sinalada apunta a que cada un dos colectivos se enfrenta a situacións diferentes ante a rehabilitación urbana. Así, moitos dos edificios sometidos a división horizontal atopan problemas para poñer de acordo, nas accións de rehabilitación ou de simple venda, a persoas que ás veces arrastran conflitos veciñais ou familiares, debido á necesidade de repartir as herdanzas. Pola súa parte, os edificios con propiedade vertical, aínda sendo baixo o número de alturas no barrio (unha media de 3 alturas), atópanse xeralmente co problema de poñer de acordo aos seus arrendatarios ou de expulsalos para poder levar adiante a rehabilitación ou mesmo a substitución do edificio.

Nalgúns casos os inquilinos relataban cómo sufriron acosos e abandonos e destrucións físicas premeditadas por parte dos caseiros e caseiras que pretendían expulsalos:



*“Esa de aí, como son entre primos, non se entenden eles, ou están así cerradas, xa non compraron e tal moita xente, pero non quedan de acordo.” “Si el Ayuntamiento o el Gobierno central o autonómico le da ayuda a los inquilinos para que se marchen de allí y me dejan el piso vacío, me da igual, como también me da igual si el inquilino no puede pagar y el Ayuntamiento o la Xunta me subvenciona a mí la diferencia hasta ponerlo a la par de los alquileres del mercado actual.”*

Para as clases medias, pequeno-burguesas e propietarias de máis dunha vivenda, as casas son inversións, mercancías. O conflito que encaran é o de quedarse como están ou rendabilizar o seu patrimonio edificado, ben para ascender eles socialmente, ben para garantirlles unha herdanza aos seus fillos. Para as clases populares a casa é unha necesidade e unha raíz nunha veciñanza e nunha rede familiar, coñecida de toda a vida, cos seus lazos manexables de socialidade comunitaria.

O conflito destas desenvólvese por conseguir un alugueiro xusto de xeito tal que non supoña unha porcentaxe excesiva dos seus ingresos habituais e que pequenas subas anuais non impliquen a arbitraria suba dos prezos e a ameaza constante do desaloxo. O conflito esténdese a outro nivel cando se pretenden mellores condicións de vida nas vivendas que non poden reformar por carecer de ingresos económicos de abondo e, por outra parte, cando pretenden acceder á propiedade dunha vivenda coa ambivalencia de desexar “utopicamente” que fose no seu barrio de sempre, pero co “realismo” de aceptar solicitar unha vivenda social que puidesen costearse en calquera barrio onde se constrúa.

*“A mí desde luego, a mí me gusta mucho vivir aquí, me dicen a mí de cambiar y... Es la costumbre. El cariño que se tiene al barrio; hay quien dice ¡ah, a mí me gustaría ir para un piso y vives mejor y...! Sí, vives mejor pero yo echo de menos lo mío. O es que llevo toda la vida y me acostumbré, a lo mejor me acostumbraba igual pero... No creo que en los pisos se viva mejor que aquí... Oye, un piso sí porque vives decente, más a tu aire, pero ya no tienes aquella amistad de, a lo mejor, sentarte en la puerta...” “Este é un barrio que eu xa che digo, nel teño que morrer, e de aquí me teñen que quitar. Que a min... eu xa dixen ás miñas fillas que se morría que non me deixaran por aí, que me truxeran para casiña, de donde saliu o meu home, de donde saliu meu pai, de donde saliu miña nai, de donde saliron todos.” “Y están deseando, pues a lo mejor, si*

*puedes, marchar de aquí... Pero vamos, si pudiéramos salir de aquí salíamos... Dentro del Casco Vello en otra zona. Sí, sí... Por ejemplo, a mí si me hubiera tocado una vivienda, pues me iría encantada, porque iba pa una casa nueva... pero lo iba a sentir, estar en el centro para todo e irte para allá."*

Un 59,2% das vivendas do barrio están en réxime de alugueiro fronte a un 36,3% cunha tenza en propiedade. Deles, un 43% pagaba menos de 10.000 pts./mes e un 33% pagaba entre 10.000 e 30.000 pts./mes. En relación co resto da cidade de Vigo, a cifra de vivendas en alugueiro é bastante superior. Gran parte dos alugueiros de renda antiga, pois, si teñen un certo desfase cos ingresos mensuais das familias que os pagan, pero tamén é certo que os alugueiros novos supuñan xa en 1995 un 26% do total das vivendas do barrio, introducindo unha inestabilidade e suba de prezos fronte á que non se coñecen formas de loita organizada na historia deste barrio. Ante as distintas presións, pois, moitas familias optaron por solicitar vivendas sociais, cousa que non sempre conseguiron por carecer de información, por non ser capaces de cubrir os impresos ou, simplemente, por carecer dunha nómina salarial que garantise uns ingresos fixos e regulares.

CADRO 10. *Réximes de tenza da vivenda no Casco Vello. Fonte: Martínez et al. (1995)*

	Comprada	Herdada	TOTAL
En propiedade	27,9%	8,4%	36,3%

<b>En alugueiro</b>	<b>Renda antiga</b>	<b>Renda actual</b>	59,2%
	33,3%	25,9%	
<b>En cesión</b>	<b>Cesión familiar</b>	<b>Cesión temporal</b>	3%
	2,5%	0,5%	
<b>Ocupada</b>	<b>Conflictiva</b>	<b>Non conflictiva</b>	1,6%
	1,1%	0,5%	

A habitabilidade das vivendas e o amoreamento familiar tamén determinan uns sectores poboacionais con moi distintas necesidades. Non é doado establecer un limiar de habitabilidade que distinga ás "infravivendas" do resto, xa que tamén se debe ter en conta a satisfacción persoal e familiar coa vivenda en relación a outras situacións que lles poden parecer máis graves (a falta de emprego ou a droga na rúa, por exemplo). En moitas ocasións, ademais, a xente declaraba preferir rehabilitar só algúns dos aspectos máis problemáticos (baños, calefacción, humidade, etc.), pero non estar disposta a pasarse moito tempo nas dependencias administrativas solicitando axudas que son escasas e que se reciben moito despois de realizada a obra.

Algúns datos para constatar a infravivenda no barrio poden ser os seguintes: un 7,7% tiñan só 2 únicas habitacións, un 24,3% non chegan aos 50 m<sup>2</sup> de superficie habitable, un 21% non tiñan auga quente, un 67% non tiñan sistema de calefacción central, un 3,7% non posuían cuarto de baño, etc. Por último, un 70% da poboación enquisada afirmou que realizara reformas na súa vivenda pola súa propia conta, o cal demostra que os primeiros interesados en rehabilitar son os residentes efectivos do barrio, sempre que controlen as súas condicións de vida e estas non mermen a consecuencia da rehabilitación física dos edificios.

### **4.3 AREAS SOCIAIS E SEGREGACIÓN URBANA**

Seguindo esta mesma lóxica de análise podemos valorar a relevancia dun último eixo de clasificación: as áreas sociais. Trátase de discernir a heteroxeneidade interna do barrio, a súa subdivisión en sub-barrios. O obxectivo é coñecer tanto se pode existir unha acción social baseada na pertenza a un deses sub-barrios ou áreas sociais, como se as políticas de rehabilitación inciden sobre as desigualdades sociais e económicas polo feito de priorizar as intervencións nunhas zonas sobre outras.

As teorías sobre "áreas sociais" centráronse en discriminar factores clave de diferenciación residencial. Na súa formulación máis influínte, Shevky e Bell propuñan o 'rango social' (criterios de clase: socioeconómicos e ocupacionais), a 'urbanización' (criterios de status. Tipos familiares e demográficos como o sexo e a idade) e a 'segregación' (criterios de identidade grupal: a etnia e o lugar de orixe). Nun estudio desenvolvido en Bilbao no que se recollía a reformulación desa teoría que fai a "ecoloxía factorial", destacáronse con maior poder explicativo as seguintes variables: movementos migratorios, idade, marxinalidade e estilo familiar (Leonardo, 1989).

Outra investigación aplicada á cidade de Madrid seguiu unha metodoloxía de "conglomerados" e salientou a homoxeneidade das áreas urbanas segundo as dinámicas demográficas, a reprodución ocupacional/escolar, as formas de vida (hábitos, gustos, consumo, etc.) e os equipamentos domésticos dispoñibles (Llés, 1991). No caso de Vigo, outro estudio reduciu os factores aos aspectos demográficos e ás dinámicas de localización industrial, laboral e socioeconómica (Precedo et al., 1988).

Estas investigacións axudan a dividir socialmente a cidade segundo as desigualdades de clase e a pertenza grupal, pero debullan unha imaxe de grandes áreas sociais e non son suficientes para establecer divisións dentro de cada área. Por iso optei por combinar esas perspectivas xa apuntadas nas análises anteriores sobre grupos e clases no barrio histórico de Vigo, con aproximacións á historia urbana e a trazos difintivos dos

barrios e veciñanzas. O 'barrio' para Lynch (1960) definíase como un conxunto de veciñanzas unidas pola súa identidade de pertenza interna e por situcións de referencia externas. A 'veciñanza' para Keller (1968) caracterizaríase por posuír límites físicos, establecer redes sociais de axuda mutua especialmente en momentos de emerxencia e tamén redes de sociabilidade, información e mutuo control social normativo, polo uso común de instalacións e equipamentos da área e, por último, por consideracións emocionais e de apego ao lugar. Villasante, máis recentemente, resume esa caracterización referíndose a 'áreas de convivencia' (onde se ten acceso ao básico e se pode chegar andando) e 'focos cidadáns' (onde se pode acceder ao resto e onde se coordinan varias áreas de convivencia).

Combinando esos criterios de clasificación e observando a súa concentración e dispersión segundo os distintos barrios do barrio histórico de Vigo podemos distinguir 10 áreas sociais xenéricas e 4 delas especialmente importantes ("estratéxicas") para concentrar os esforzos da participación urbana nos procesos de rehabilitación.

Nun principio partimos dunha división do barrio en 4 grandes partes: por unha banda, as dúas zonas que cubrían tradicionalmente cada parroquia, cunha maior compoñente de clases baixas na de San Francisco e con máis presenza de clases medias e burguesía comercial na de Santa María; por outra banda, a rúa Elduayen divide tamén ao barrio dende un pouco máis cerca na historia deste, entre unha parte máis "arraigada" e unida (a parte baixa), e outra máis desarraigada e marxinal (a parte alta).

A seguinte división veu dada pola observación dos itinerarios de circulación humana seguidos no barrio, dentro del, dende o barrio cara a fóra ou atravesándoo. Xurdiron así dúas novas separacións: por unha banda, aquelas partes do barrio con itinerarios de difícil tránsito ou que incomunicaban dúas das súas partes; por outra banda, aquelas zonas que eran obxecto dos itinerarios máis "privilexiados" do barrio polo maior tránsito e vida comercial no seu redor.

Por último, nesta primeira fase “cualitativa”, distinguimos aquelas zonas do barrio que estaban en situacións de “borde” co centro urbano e aquelas con algún equipamento específico (ou proximidade a algún equipamento fóra do casco) que exercían atracción e articulaban gran parte da circulación peonil e motorizada.

As 4 áreas que condensan os maiores valores “negativos” con respecto á media de todo o barrio histórico coinciden na maioría de casos coas áreas de Santiago, Poboadores, Ferrería e Chao. Estas áreas opóñense nalgunhas dimensións específicas (sobre todo segundo a clase social) ás dúas áreas máis “antagónicas” a elas: a “nordeste” (rúas entre o percorrido “turístico” que atravesa o barrio dende a Estación Marítima ata a Praza da Constitución, e o Primeiro Ensanche) e a composta polo conxunto de rúas comerciais que atravesan o barrio e o conectan co centro urbano (Elduaye, Paseo de Alfonso, Cánovas del Castillo, etc.)<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Para chegar a esas conclusións aplicáronse análises de homoxeneidade interna das 10 áreas seleccionadas e da súa mutua distancia interna con probas de varianza, destacándose indicadores que axudaban a distinguir as áreas segundo desigualdades xenéricas, aínda que en moitos casos debéronse usar indicadores específicos para comprobar cómo desigualdades concretas podían amosar máis claramente as diferencias entre áreas (Martínez, 1996). As dimensións analíticas foron 7: a) capital económico, b) capital cultural, c) capital relacional, d) avellentamento, e) estrutura familiar, f) hábitat privado e g) hábitat público. Para cada unha as variables escollidas foron, pois, de dous tipos: compartidas (desigualdades xenéricas) e exclusivas (sobre desigualdades concretas relevantes). As variables “compartidas” e os seus indicadores foron: a) nivel de estudos (sen estudos e estudos universitarios), réxime de tenencia da vivenda (propiedade e alugueiro), consumo familiar (lavadora e 2 coches); b) nivel de estudos, consumo familiar, mobilidade espacial fóra do barrio (para traballar, para mercar, para diversión); c) tempo de residencia (máis de 10 anos e menos de 3 anos), uso de equipamentos (locais Asociación veciñal, UBAS, parroquia); f) réxime de tenza da vivenda, consumo familiar, tempo de residencia; g) uso de equipamentos e mobilidade espacial fóra do barrio. As variables “exclusivas” e os seus indicadores foron: a) ingresos familiares (menos de 60.000 pts./mes e máis de 200.000), ocupación (inactivos non pensionistas, taxa relativa de asalariados e taxa relativa de profesionais); b) actividades de lecer (ler libros e ler prensa); c) afiliación asociativa (pertenza a asociación veciñal e a profesional), relacións comunicativas (falar sobre noticias do barrio) e relacións situacionais (públicas e de axuda mutua); d) índice de avellentamento; e) pautas de convivencia familiar (fogares unipersoais), emancipación residencial de fillos (permanecendo en casa dos pais, mudándose a casa no barrio e a casa fóra); f) tamaño da vivenda (menos de 4 habitacións e máis de 5), auga quente (sen sistema de auga quente), calefacción central (sen ela), número de aseos (2 ou máis aseos), mobilidade residencial (mudanza dentro do barrio); g) medios de transporte (coche e autobús), lugar de

De forma moi significativa, as intervencións rehabilitadoras emprendidas co PERI ata 1995 e rematadas nos primeiros anos do Urban (ata 1998) realizáronse maioritariamente nesas dúas zonas máis "ricas" do barrio e nos "bordes" deste co centro urbano que penetraban lixeiramente nalgunhas das súas áreas "profundas". A razón disto é que cada obra vai sendo rendabilizada politicamente pola imaxe do barrio que proporciona e esa imaxe só é dende o borde para toda a cidadanía.

As catro áreas máis subordinadas compartían algúns dos indicadores máis "negativos" coas outras catro áreas de nivel "intermedio". Sen embargo, as primeiras destacaban case en solitario polos maiores índices de avellentamento, de fogares unipersoais, por ter descendentes emigrados do barrio, as peores condicións de habitabilidade nas vivendas e a menor relación cos espazos laborais do centro urbano. Vivir nunha zona ou noutra, pois, posiciona á poboación ante unha serie de condicións de vida similares cos seus veciños, un uso propio do espacio e, polo tanto, cuns intereses específicos ante o proceso de rehabilitación.

De feito, esta nova visión do barrio, "parcelada socialmente", axudou tamén á comisión de urbanismo do Plan Comunitario para analizar criticamente as obras de rehabilitación que se realizaban, as súas consecuencias sociais e a necesidade de equilibralas con intervencións alternativas nas áreas máis subordinadas e con programas sociais axeitados. Pero tamén amosou que só dunha desas catro zonas (a denominada "Poboadores") se nutría fundamentalmente o núcleo de xente que aprticipaba nas asociacións veciñais da zona, polo que as outras tres eran tamén bastantes descoñecidas (na súa composición social e nas condicións particulares de vida dos seus residentes) polos colectivos máis activistas.

O importante é que esta análise detallada das divisións en áreas ou sub-barrios dentro do barrio histórico dan unha idea máis concreta de qué colectivos e zonas dentro do barrio sufren a segregación urbana da que é traballo (centro urbano e no barrio ou redores).

obxecto o conxunto da área. Sen embargo, ao mesmo tempo obtense unha aproximación que permite afirmar que este barrio posúe unha trama ben organizada de áreas de convivencia e focos cidadáns, articulándose con claridade as veciñanzas por áreas sociais concretas. O cal contrasta enormemente co caos urbanístico da cidade de Vigo (en canto á súa estrutura morfolóxica continuamente "rota", en canto aos problemas de capacidade viaria, as deficiencias en infraestructuras e equipamentos, etc.) e coa súa desarticulación social no eido inmobiliario provocada polo dominio do capital bancario e patrimonial (Souto, 1990: 548, ss.), se ben nos últimos anos aconteceron algunhas iniciativas veciñais por constituíren cooperativas de vivenda en varios puntos da cidade.

Unha actualización dos datos do Padrón municipal permítenos comprobar cómo permanece unha estrutura invisible de distribución socioespacial no barrio histórico, aínda que as variable recollidas por ese rexistro estatístico limitan considerablemente a interpretación sociolóxica das variacións atopadas. Na seguinte relación amósase polo miúdo o número de persoas residentes, segundo os rexistros padroais, en cada rúa do PERI Casco Vello, constando, ademais, a identificación do número de área social que lle asignou.

RÚA	Area Social	Residentes
SANTIAGO (R)	1	145
BAIXADA ao FORTE (R)	2	11
BOTE (R)	2	1
PEIXE (R)	2	10
PEÑASCO (Pza.)	2	11
PEÑASCO (R)	2	44
PERIGOS (R)	2	7
PESCADORES (Pza.)	2	12



POBOADORES (R)	2	249
SAN XULIÁN (R)	2	9
ARGÜELLES (Pza.)	3	31
BAIXADA Á HERBA (R)	3	6
CALATRAVA (Pza.)	3	5
CANELLÓN DO	3	6
CRUZ VERDE (R)	3	26
FERRERÍA (R)	3	44
SUBIDA ao CASTELO	3	9
ALTA (R)	4	99
CARACOL (R)	4	3
CHAO (R)	4	66
ESPERANZA (R)	4	28
FRANCO (Trv)	4	9
FUNIL (R)	4	12
MÉNDEZ NÚÑEZ (R)	4	14
SAN VICENTE (R)	4	47
ABELEIRA MÉNENDEZ	5	71
BAIXADA A PRÍNCIPE	5	48
CESTEIROS (R)	5	23
HORTAS (R)	5	14
SAN SEBASTIÁN (R)	5	6
SUBIDA Á COSTA (R)	5	2
SUBIDA ao BARRANCO	5	2
BARRIO DO CURA (R)	6	27
LLORENTE (R)	6	60
SANTA MARTA (R)	6	103
RIBEIRA BERBÉS	7	95
SAN FRANCISCO (R)	7	191
ALMEIDA (Pza.)	8	0
ANGUÍA (R)	8	24
CELSO EMILIO	8	1
CONSTITUCIÓN (Pza.)	8	79
IGREXA (Pza.)	8	4
MESTRE MATEO (R)	8	0
PEDRA (Pza.)	8	43
REAL (R)	8	237
TEÓFILO LLORENTE	8	127
TRIUNFO (R)	8	23
BAIXADA Á FONTE (R)	9	21
BALLESTA (R)	9	12
CÁRCERE VELLO (R)	9	8
CARRAL (R)	9	14

CÓNSUL (R)	9	2
FERMÍN PENZOL (R)	9	11
GAMBOA (R)	9	22
JOAQUÍN YÁÑEZ (R)	9	81
LAXE (R)	9	105
OLIVA (R)	9	20
PALMA (R)	9	14
PESCADERÍA (R)	9	4
SAN BERNARDO (R)	9	37
XOANELO (R)	9	2
ALFONSO XII (Pza.)	10	84
ANGUSTIAS (R)	10	6
CACHAMUIÑA (R)	10	1
CÁNOVAS DEL	10	207
ELDUAYEN (R)	10	205
ENRIQUE BLEIN	10	2
FALPERRA (R)	10	1
MISERICORDIA (R)	10	35
PI I MARGALL (R)	10	146
PORTA DO SOL (Pza.)	10	12
PRINCESA (Pza.)	10	20
REI (Pza.)	10	0
SOMBREREIROS (R)	10	8

CADRO 11. Fonte: Elaboración propia para o PEPRI a partir do Padrón Municipal, 2000.

Se observamos a mesma distribución, pero agregando as rúas de cada área social e calculando as porcentaxes que lles corresponden, chegamos aos resultados seguintes:

1) 6 desas áreas (Santiago, Ferrería Oeste, Ferrería Leste, Chao, Barrio do Cura e Berbés) acollen menos do 10% da poboación cada unha, sumando, entre todas elas, o 37,5% da poboación do barrio;

2) 3 áreas sociais (Poboadores, BIC e Nordeste) teñen porcentaxes entre o 10 e o 20% cada unha, sumando entre todas o 39,2% da poboación total;

3) Unha soa área (a das rúas con máis integración no centro comercial e de negocios da cidade, o chamado CBD) agrupa ao restante 22,9% da xente censada.

	Area Social	Poboación	Representatividade
1	Santiago	145	4,5%
2	Poboadores	354	11,1%
3	Ferrería Oeste	127	4%
4	Chao	278	8,8%
5	Ferrería Leste	166	5,2%
6	Barrio do Cura	190	6%
7	Berbés	286	9%
8	B.I.C.	538	17%
9	Nordeste	353	11,2%
10	CBD	727	22,9%

CADRO 12. Fonte: Elaboración propia para o PEPRI a partir do Padrón Municipal, 2000.

En conclusión, as 10 áreas poderían agruparse tamén en 3, en función desa representatividade sinalada. Non obstante, é conveniente seguir mantendo a subdivisión en 10 áreas de cara a discernir as diferencias sociais que se producen cando atendemos a outras variables, como a idade ou o nivel de estudos.

	Area Social	0-15 anos	16-64 anos	+64 anos	Índice avellentamento
1	Santiago	16	96	33	2,1
2	Poboadores	56	212	86	1,5
3	Ferrería Oeste	24	74	29	1,2
4	Chao	30	174	74	2,5
5	Ferrería Leste	17	105	44	2,6
6	Barrio do Cura	14	122	54	3,8
7	Berbés	43	187	56	1,3
8	B.I.C.	53	341	144	2,7
9	Nordeste	32	224	97	3

10	CBD	78	413	236	3
----	-----	----	-----	-----	---

CADRO 13. Fonte: Elaboración propia para o PEPRI a partir do Padrón Municipal, 2000.

Con respecto á distribución poboacional polas distintas áreas do barrio, segundo a variable de idade, podemos salientar o feito xeneralizado de que o avellentamento é común a todas as áreas, aínda que tres delas o sofren nunha medida menos acentuada que no resto do barrio histórico: serían as áreas de Poboadores, Ferrería Oeste e Barbés.

Area Social	Analfabetos/as	Sen estudos	Estudios primarios	Estudios secundarios	Universitarios (medios)	Universitarios (superiores)
1 Santiago	5	102	24	12	1	1
2 Poboadores	22	215	76	25	9	7
3 Ferrería Oeste	9	91	20	4	3	0
4 Chao	13	163	61	31	5	5
5 Ferrería Leste	8	96	38	14	5	5
6 Barrio do Cura	10	99	43	26	4	8
7 Barbés	12	166	56	31	10	11
8 B.I.C.	19	256	125	92	16	30
9 Nordeste	8	133	68	83	17	44
10 CBD	37	309	115	139	44	83

CADRO 14. Fonte: Elaboración propia para o PEPRI a partir do Padrón Municipal, 2000.

No tocante á distribución poboacional por áreas segundo os niveis de escolaridade, cabe destacar que só dúas áreas (a CBD e a Nordeste) superan o nivel medio do barrio en canto ao número de persoas con titulación universitaria: exactamente, un 17,5% e un 17,3%, respectivamente, fronte a unha media do barrio do 9,7%. Este mesmo indicador (porcentaxe de persoas con titulación universitaria) descende ata niveis moi por baixo da media na maioría das demais áreas sociais e, sobre todo, en Santiago (1,4%), Poboadores (4,5%), Ferrería Oeste (2,4%), Chao (3,6%), Ferrería Leste (6%) e Barrio do Cura (6,6%).

O indicador dos estudos universitarios apunta, indirectamente, tamén á composición de clases medias e media-alta que son quen máis

acceso teñen aos niveis superiores da educación. O indicador do analfabetismo, pola súa contra, non permite extraer unha conclusión tan equivalente (é dicir, que indique unha maior composición de clase obreira), xa que pode incluír a poboación de pouca idade que aínda non entrou ou non se retirou do sistema escolar.

## **5**

### **o labirinto da participación urbana**

## 5.1 ESPERANZAS E FRUSTRACIÓNS CO URBANISMO DE REHABILITACIÓN

Xa introducín antes a historia de participación urbana no barrio histórico de Vigo sinalando que a Asociación de Veciños primeiro e o Plan Comunitario despois foron os axentes principais dela. No capítulo anterior acabamos de ver cómo algúns outros colectivos sociais quedaron fóra desas dinámicas principais, pero tamén se apuntou que colectivos como as mulleres ou os inquilinos de rendas antigas, a clase obreira e algúns sectores precarizados das clases populares e os residentes de barrios populares como Poboadores e o Berbés, integraban centralmente as dúas entidades mencionadas. Neste capítulo vou desenvolver as dúas dinámicas principais desas organizacións sociais: a súa autoorganización e as prácticas de control popular ás autoridades urbanísticas e aos técnicos que tiñan unha incidencia directa no barrio.

Aínda que tentarei trazar a historia de toda esa participación urbana, principalmente vou enfocar o período no que se deu a miña intervención no barrio como membro dun equipo de investigación e, simultaneamente, as relacións que mantivemos cos colectivos do barrio. As dúas hipóteses básicas neste punto teñen que ver coa explicación (parcial) deses fenómenos participativos: por unha parte, esas prácticas de autoorganización e de "retro-control" popular aos técnicos (investigadores e municipais) non se terían consolidado no barrio de non ser pola particular historia de éxitos e de contínuas mobilizacións veciñais que levou a cabo a principal asociación veciñal do barrio; por outra parte, a investigación-acción-participativa demostrou ser eficaz para autocoñecer os procesos sociais e urbanos do barrio e contribuíu a mellorar a participación social ante o planeamento de rehabilitación, pero tamén demostrou ser incapaz

de promover procesos encamiñados a solucionar outros conflitos sociais importantes que vivía o barrio simultaneamente ás intervencións urbanísticas.

Durante a década dos oitenta, cos primeiros concellos de democracia representativa gobernando, a Asociación veciñal do Casco Vello realizou algunhas reivindicacións infructuosas por salvar edificacións de valor artístico como a "Rosa de Ouro" (entre as rúas Misericordia, Sombrereiros e Elduayen) e outras edificacións antigas con valor arquitectónico e residencial como o edificio da rúa Teófilo Llorente nº 55, en estado ruinoso e onde morreu o último inquilino durante a mobilización desenvolvida mediante presións e denuncias legais. O alumeado, o saneamento, a limpeza, o chumbo na auga, o tráfico e a pavimentación, uníronse ás reivindicacións veciñais por unha rehabilitación xeral do barrio (Souto, 1981). Tamén actuouse en relación a outras materias de apropiación social do espazo que soen ser deixadas de lado polo UR: a prevención de drogodependencias, os xogos infantís na rúa e a recuperación de festas.

Sen embargo, o punto destacado desa década foi a redacción do PERI. A memoria e o avance do mesmo tiveron unha exposición pública na sala dos Peiraos en xuño de 1985. En conexión coas demandas da asociación, o periódico veciñal titulaba así o acontecemento: "*No PERI xogamos o futuro do barrio*" e nun editorial advertía "*e logo non digas... que non o sabías*". Tanto as charlas públicas sobre os problemas urbanísticos do barrio, como o tríptico editado polo Concello, a exposición e o contacto que o equipo redactor mantivo coa Asociación veciñal, foron valorados anos despois como moi positivos por todas as partes. Dende o punto de vista da poboación residente e activista, consolidábase a participación veciñal desenvolvida ata entón, pero tamén se abriron unhas expectativas moito maiores de mellora que na seguinte década se verían bastante frustradas: "*Este barrio empeza a cambiar e TEN que MELLORAR pero soio o vai facer si seguimos traballando para adiante. É tempo, pois, de discutir, de pensar no ben do barrio, de preguntar o que*

*non sabemos, de unirmos, de mover pés, mans e cabeza para esixir o que falta, protestar polo que non queremos...*" (periódico veciñal *Os Peiraos*, 1985).

Un sinxelo exemplo do calibre desas esperanzas pódese ver na "quiniela urbanística" coa que se amenizou o proceso participativo. Nela solicitábase ubicar cinco equipamentos que o barrio "necesitaba" (segundo os técnicos) nalgúns dos (poucos) espazos dispoñibles: unha escola, unha gardería infantil, un asilo de anciáns, un centro para a mocidade e un centro cultural. De todos eles, só a gardería figurará anos despois no PERI definitivo como "unidade de actuación" e ademais no último lugar das prioridades de xestión. A pesar de que a "quiniela" tamén tivo unha boa acollida, dos restantes equipamentos só o centro cultural, en tanto que local para a Asociación veciñal, seguirá sendo obxecto de reivindicacións nos últimos anos, aínda sen materializar e co custo de deixar aparcadas as outras demandas de servicios específicos para o barrio.

O PERI iniciouse en 1981 e non será aprobado definitivamente ata 1987, pendente dunha modificación que se aprobou finalmente en 1991 para incluír o solar da Panificadora e o chamado Barrio do Cura (un dos poucos espazos libres no centro urbano, pero con moito interese para a edificación en altura por parte dos seus propietarios). En xeral, a lentitude de aprobación e aplicación do PERI, o reducido contido social das súas propostas equipamentais e o radical cambio das relacións participativas co Concello dende as primeiras fases de información e exposición ata as últimas de parálise, demostraron que a participación veciñal non podía ir a remolque das dinámicas "lexislativas" do poder municipal. Pero esa experiencia tamén proporcionou coñecementos á Asociación sobre a relación que podían manter con técnicos municipais, neste caso urbanistas.

En 1990 e 1991 desenvolveuse no barrio o "Proxecto Foula" no que tamén participou un equipo técnico -neste caso en educación social, psicoloxía e intervención comunitaria- co obxectivo de dinamizar á xente



nova, entre a que había moita con fracaso escolar, tanto na rúa como en locais veciñais. Un deses técnicos promoverá a finais de 1991 o Plan Comunitario (PC, dende agora) xunto á Asociación veciñal e outras asociacións do barrio, pero tamén incluíndo aos técnicos de asistencia social, saúde e ensino que traballaban coa poboación do barrio nos equipamentos próximos.

Asemade, dende 1991 principouse a aplicación do PERI (con menos da metade dispoñible dos recursos económicos presupostados inicialmente, 800 millóns de pesetas), pero o Concello seguía chamando á Asociación veciñal a “colaborar” con ese planeamento, dando o visto bo aos proxectos que se ían elaborando, máis que á nova entidade, o PC.

Onde si empezou a tomar protagonismo o PC e, sobre todo, a súa comisión de “rehabilitación integral”, foi no conflito creado polos “ruídos” no barrio. Realizáronse algunhas ocupacións do Concello, pero o problema persistiría durante anos. En realidade, a partir de aquí acentuáronse os conflitos no barrio: primeiro co Concello que non actuaba suficientemente nesa materia, a xuízo das entidades veciñais; segundo cunha “asociación de comerciantes” que agrupou a bares de copas para evitar os pechos dos mesmos ante as protestas veciñais; terceiro, acentuándose as diferencias entre os dirixentes veciñais e os da parroquia de Santa María. Este contexto, ademais, facilitou que a demanda veciñal dunha investigación sociolóxica sobre o problema da vivenda no barrio fora aceptada polo Concello e que este a financiara.

A creación de Planos Comunitarios en barrios pobres de varias cidades galegas (Vite en Santiago de Compostela, Teis en Vigo, Caranza en Ferrol, Labañou en A Coruña) foi posible gracias ao financiamento municipal e o da Xunta, en base ao Plano Autonómico de Drogodependencias. A pesar de que os Planos funcionan dunha maneira moi autónoma, esas “dependencias” económicas tiveron algúns efectos importantes en varios aspectos que no Casco Vello podemos resumir en tres:

- 1) priorizáronse as actividades sociais (festas, prevención de drogodependencias, actividades para a mocidade, etc.) de xeito tal que se perdeu parte da capacidade de mobilización veciñal ante problemas urbanísticos concretos como a rehabilitación ou os "ruídos";
- 2) o PC entrou nunha fase de institucionalización, cunha implicación moi desigual das entidades que o compuñan, con falta de conexión con outras entidades da cidade (agás o outro PC de Vigo), con menos activismo na rúa e menos voluntariado comprometido (aínda que permanecía a indignación ante os problemas e o recoñecemento do avance que supuxo a unión no PC) e con certa dependencia con respecto á Asociación veciñal que era quen lle cedía o local, xa que o Plan estaba sempre en precariedade de recursos para autonomizarse definitivamente;
- 3) esa precariedade de recursos foi atizada tamén polo receo que estas iniciativas causaban nos sucesivos gobernos da cidade, os cales retrasaban os pagos (principalmente o salario do técnico), aparte de que mantiñan ao Plan cunha soa persoa técnica traballando activamente (o Coordinador Sociocultural), agás en proxectos concretos nos que entraron outros técnicos a colaborar, pero sempre botando en falta un "equipo técnico" máis constante e tamén integrado nas organizacións do barrio.

De todos os xeitos, o PC abriu unha nova fase que renovaba as esperanzas no barrio e inauguraba formas orixinais de intervir no mesmo. Un exemplo disto é o uso reivindicativo, crítico e de protesta que se facía das letras das cantigas da festa dos Maios, que é unha das que convoca a maior número de xente de toda a cidade e, por suposto, do barrio histórico: *"Patrimonio Histórico / rexeneración / progresistas contra / a participación. / Son os da dereita / que teñen solución / para a Ferrería / a demolición. / Xa non hai política / valores humanos / todo o gobernan / coa lei do mercado. / O mobiliario urbano / para o Casco Vello / a nova*

*psicodelia / dos yupies do Concello. / O Arca fixo escola / losetas de granito / colexio de arquitectos / facendo seus pinitos."*

Dende finais de 1993 a comisión de rehabilitación do PC principia un maior seguimento das obras do PERI e é a raíz do contacto persoal con este grupo e co coordinador sociocultural do PC que empezamos a elaborar un proxecto de investigación sociolóxica que poida apoiar os procesos que están levando a cabo. A proposta foi que esa comisión "controlase" o desenvolvemento da investigación, que o equipo investigador participase habitualmente coa comisión, que os obxectivos de coñecemento fosen tanto urbanísticos como sociais e que se ofrecesen propostas operativas de intervención consensuadas na comisión e coherentes coa información obtida, de xeito tal que se lle puidesen ofrecer alternativas técnicas aos proxectos de rehabilitación "impostos" dende o Concello, xa que neles case non se podía criticar nada por carecer dos "coñecementos técnicos" apropiados.

O que estabamos deseñando, pois, foi unha -i-a-p-, sen necesidade de denominala como tal. O resultado deste proceso é que nos integramos nos fluxos de participación urbana e, fundamentalmente, en relación directa coa rehabilitación urbanística do barrio, polo que será preciso reflexionar sobre o desenvolvemento daquela -i-a-p- como unha práctica máis de participación urbana no barrio.

#### **2.4.1 Negociación e coxestión do autocoñecemento comunitario**

A comisión de urbanismo do PC estaba funcionando con membros dos distintos colectivos que integraban o PC e tamén con varias persoas voluntarias non afiliadas a ningunha organización específica, pero que se integraron neste grupo a raíz do problema dos rúidos. Despois dos escasos froitos obtidos coa mobilización por ese tema, formulouse na comisión a

necesidade de coñecer con máis precisión o estado das vivendas que estaba pouco traballado na memoria do PERI e do que se requería ter tamén unha información actual para sustentar as críticas da rehabilitación que se estaba desenvolvendo só nos aspectos exteriores das vivendas e dos espazos públicos.

Nin a Asociación de Veciños nin a comisión do PC estaban satisfeitas coa "colaboración" que existía ata entón no seguimento dos proxectos, xa que só era convocada a Asociación para dar o seu visto bo a uns proxectos, mapas e "linguaxes" que a maior parte das veces non comprendían nin dos que podían valorar as súas consecuencias. Esa co-exestión, pois, valorouse como que tiña trampa. Por esta razón, a comisión do PC foi tomando máis protagonismo nesta tarefa e facendo un seguimento detallado das obras de rehabilitación dende febreiro de 1994. Ante o clima de crispación polo peche municipal duns poucos bares de copas sen licencia e polas protestas do conxunto destes (ó que se engadiu a morte dun mozo durante o Entroido de 1994), o Concello entrou nunha época de maior sensibilidade ante as demandas veciñais.

Un dos efectos desa receptividade foi a rápida tramitación e aprobación do proxecto de investigación consensuado antes coa comisión de urbanismo do PC. O Concello, pois, comprometéase a financiar o traballo dun equipo de dous sociólogos e dous arquitectos, recoñecendo que este equipo ía manter unha estreita relación co PC, xa que xurdiu del a proposta do estudio, pero tamén esixíndolle ao equipo que satisfíxese as demandas específicas dos técnicos municipais de urbanismo e protección histórica.

Para coñecer cómo se determinaron os obxectivos da -i-a-p- debemos considerar qué demandas, pois, se nos formularon. En particular, eu distinguiría entre dúas demandas explícitas, un requerimento explícito e outro implícito e, por último, unha necesidade non demandada (Ibáñez, 1992). Separados por axentes sociais serían os seguintes:

- 1) A demanda explícita do PC era realizar un estudio sobre o estado de ocupación das vivendas e as condicións de

habitabilidade, a ser posible dun modo censal. O seu requerimento explícito era conseguir asesoramento técnico durante o proceso de rehabilitación e unir as forzas do equipo de investigación ás súas demandas reivindicativas.

- 2) A demanda explícita do Concello era realizar un estudio sobre as posibles áreas de intervención rápida (ante a ameaza do final do goberno de coalición coas eleccións municipais en maio de 1995) enfatizando os espazos públicos e algúns edificios susceptibles de expropiación, para a súa rehabilitación inmediata. O seu requerimento implícito era conseguir lexitimar a racionalidade das prioridades de rehabilitación efectuadas e as vindeiras.
- 3) Por último, nas negociacións da demanda o equipo de investigación recoñecía a orixe de quen promovía o estudio e o xogo de compromisos que existían co Concello, pero se defendeu tamén que a operatividade e a eficacia temporal esixidas non serían comprensibles sen estudar aspectos cualitativos das relacións sociais e modos de usar o espazo no barrio, obtendo tamén unha visión máis global das estruturas sociais e urbanas do barrio, así como investigando as posibilidades de participación veciñal na política de rehabilitación (é dicir, tentamos representar as necesidades do resto de clases populares non "representadas", sen voz para emitir demandas).

Como punto de partida, pois, xa non se cumpría un dos dous preceptos que Brandão (Fals Borda e Brandão, 1987: 45) lle impón a toda investigación participativa: a participación decisoria da comunidade nos momentos iniciais e finais da investigación. No noso caso, a comisión do PC facía de representante da comunidade (da poboación residente e habitante no barrio histórico). Tampouco a nosa tentativa de representar aos intereses cidadáns, manifesta na proposta de investigar as desigualdades xerais que atravesaban ao problema da vivenda e da

participación social no UR, se podían considerar como un exercicio do "poder popular". O que si permitía a relación establecida entre o Concello e o PC (a negociación en todo momento, a financiación do estudio polo primeiro e as funcións de control e seguimento por parte do segundo) era que o equipo de investigación se implicase metodicamente (Lapassade, 1980: 37) nas accións do PC, na comprensión dos problemas do barrio, na autoanálise das súas teorías e propostas dentro dese contexto e na aprendizaxe conxunta coa persoas organizadas do barrio.

Evidentemente, os informes producidos desta maneira son moi ricos e, durante a nosa integración no barrio e nos anos sucesivos, puidemos observar a eficacia da información elaborada: tanto na relación que tivo o PC coa prensa, por exemplo, como na sensibilidade dos técnicos que principiaron a traballar no programa Urban. Pero iso non significa que o proceso estivera exento de tensións. Podemos avalialo seguindo as dúas regras de implicación que formula Fals Borda (1985: 52-56): a) romper a relación de submisión, que comporta non caer nun vangardismo verticalista e monopolizador do coñecemento; b) a redundancia potencial, que se postula como a necesidade de ir prescindindo progresivamente dos investigadores, de modo que *"as comunidades organizadas queden capacitadas para continuar soas, autonomamente, os labores emprendidos, sen ter que apelar a técnicos ou intelectuais de fóra senón en casos extremos"*.

Con respecto á primeira regra, non foi posible o seu total cumprimento debido aos receos do Concello (sobre todo dos seus técnicos, non tanto do conceleiro responsable) a perder o control da rehabilitación e a que se deslexitimasen as súas decisións nese proceso polo feito de que os investigadores aparecésenos públicamente máis perto do PC que do Concello, e que o PC aproveitase máis a información do estudio ca eles (de feito, outros equipos de avogados e arquitectos que traballaban simultaneamente a nós no barrio case non tiveron contacto coas organizacións sociais do mesmo). Con respecto á segunda regra, tampouco a xente do PC asumiu todas as consecuencias derivadas das

propostas do estudo, usando practicamente (e verificando) toda a información do mesmo e implicando a máis xente do barrio e do PC no control popular da rehabilitación, manténdose así a dependencia "informativa" dos investigadores durante todo o proceso de inmersión destes no barrio.

En gran medida, a irrupción da -i-a-p- foi unha especie de "analyzer construído" (ou artificial) (Lourau, 1980: 112) que puxo ao descuberto o poder do Concello e do PC para orientar os procesos de rehabilitación. Sen embargo, debe terse en conta que dentro do Concello, do PC e mesmo dentro do equipo de investigación, existen fracturas e diversidade de posicionamentos que fan posible esa función devandita de "revelación" dos conflitos latentes.

Pola nosa parte, os sociólogos (dous inicialmente e tres máis tarde) posicionámonos a favor de integrarnos nas asembleas semanais da comisión e compartindo a maioría das súas críticas nos comunicados de prensa que facían. Tamén decidimos participar nas asembleas entre a veciñanza e os técnicos do Concello que se celebraban co motivo do inicio dalgunha obra nova de rehabilitación ou cando existían conflitos ou actividades no barrio doutra índole (como unha agresión de rexentes de bares a algúns toxicómanos na rúa e a membros do PC que criticaron esa "limpeza" social).

Por outra parte, dos dous arquitectos só a arquitecta participou máis regularmente no seguimento asembleario e nunha primeira fase de devolución informativa, o cal tamén tivo a consecuencia de que os niveis de análise deles foron moi dispares en relación aos nosos, ata que ambos arquitectos remataron por abandonar o estudo na metade do seu desenvolvemento (cando cumpriron os meses aos que se comprometeron inicialmente, aínda que o estudo precisaba máis tempo). En conclusión, a -i-a-p- tamén revela os conflitos de quen investiga e a tensión dentro do equipo técnico entre quen opta por unha función de "mediación neutral" e quen o fai por unha "implicación metódica": é dicir, unha implicación que comporta o posicionamento a favor da emancipación popular, pero

un posicionamento crítico, achegando informacións discutibles e promovendo a ruptura da submisión, do monopolio do coñecemento e da formación da comunidade para que poida continuar aprendendo e actuando sen os técnicos.

De todos os xeitos, as contribucións da –i-a-p- foron máis alá desa revelación dos conflitos implícitos a toda participación urbana, e tamén houbo aspectos nos que o equipo técnico estivo imposibilitado de actuar, como os conflitos ao redor dos ruídos dos bares ou das toxicomanías no barrio (os “analizadores históricos” preexistentes), aínda que sempre se recoñeceu que tiñan unha importancia central nese momento, compartida co proceso de rehabilitación (de feito foron analizados, pero case non discutimos propostas de solución para eles).

Dende un punto de vista metodolóxico, a adopción dunha –i-a-p- significa darlle prioridade á produción de información a partir dunha perspectiva dialéctica, sen excluír outras perspectivas “inferiores” e outras informacións cualitativas ou cuantitativas. A perspectiva dialéctica significou aquí que tiña prioridade asistir ás asembleas que ocorrían no barrio (tanto as semanais da comisión de urbanismo do PC, como outras das asociacións ou do Concello coa veciñanza para presentar os proxectos), pero tamén que a nosa implicación en moitos casos consistía en proporcionar asesoramento a membros do PC ou a veciños particulares e que era preciso coñecer as opinións e decisións de todos os colectivos implicados na transformación urbana do barrio.

A utilidade das informacións producidas respondían, como se dixo, á necesidade de argumentos de lexitimación: tanto para que o PC puidese formular críticas e alternativas ante os poderes formais e informais da cidade, como para que o Concello puidese persuadir da conveniencia das súas decisións sen ter que negociarlas ou consensualas. Podemos, entón, considerar dous tipos de contribucións neste sentido:

- 1) co control veciñal da investigación coñecéronse de primeira man, antes mesmo que nos informes provisionais, as estatísticas, os casos persoais analizados, as situacións da edificación



observadas, os problemas de cada área social e unha visión global das desigualdades no barrio, de modo que se empezaron a proxectar posibilidades de acción (estratexias) e a realizar algunhas (realización duns cursos de cooperativismo de vivendas por algúns membros do PC, deseño de "bocetos" de propostas para algúns espacios públicos do barrio, estudio colectivo da nova Lei de Arrendamentos Urbanos, etc.);

- 2) co desenvolvemento das técnicas de investigación precisouse de máis xente para aplicalas, polo que se pensou en poboación do barrio que se puidese implicar no PC e ter, ao mesmo tempo, unha pequena remuneración económica polo traballo de facer enquisas ou transcricións de entrevistas, pero esta proposta revelou que as redes sociais do PC eran limitadas e que existían unhas necesidades moi fortes de integración laboral e asociativa de moitas persoas que acudían á UBAS ou mesmo estaban afiliadas, sen maior participación, ás organizacións comunitarias (así, promoveuse a implicación destas persoas coa introducción dunhas poucas preguntas abertas -de opinión e "información"- nas enquisas, para que se puidesen establecer diálogos e reforzar lazos en torno aos problemas sociais e urbanísticos dos que se trataba).

Por último, a reflexión *a posteriori* sobre o desenvolvemento da -i-a-p- intentada obrigounos a distinguir dúas dimensións "dialécticas" máis: "coñecer para transformar" e "transformar para coñecer" (Gómez e Martínez, 1995). Vexámolo por partes:

- 1) "Coñecer para transformar". Con este enfoque trátase de validar a información producida a través dos medios de distribución e comunicación propios do PC, aínda que tamén recurrido a outros alleos. O paso fundamental deste proceso consiste na devolución sistemática da información e o obxectivo é conseguir unha apropiación social e discutida dela.

Para romper co monopolio informativo e co posible adoctrinamento ideolóxico realizáronse "informes provisionais" que se ían discutindo nas asembleas da comisión de urbanismo do PC e, sobre todo, nunhas xornadas anuais que incluían a todas as comisións (festas, mocidade, etc.) e membros do PC (chegando mesmo a participar persoas do barrio unicamente simpatizantes con el). Varias persoas que non eran habituais da comisión de urbanismo uníronse a esta e, en conxunto, elaborouse unha axenda de prioridades básicas baseadas nos resultados da primeira parte do estudio.

Sen embargo, nos meses seguintes a esas xornadas a comisión de urbanismo perdeu a varios dos seus membros e os restantes non foron capaces de desenvolver as estratexias deliñadas, polo que, en gran medida, o documento elaborado quedou simplemente arquivado.

A raíz da devolución do informe provisional, a comisión de urbanismo do PC decidiu que ía ser ela quen estudiaría detidamente todos os proxectos das futuras obras de rehabilitación e faría o seguimento das que estaban en marcha. Así, esta comisión principiou a visitar en grupo as obras en marcha, criticando algunhas das solucións de mobiliario urbano, pavimento, "imaxe" do proceso constructivo, grao das pendentes nas esclaeiras, etc.

Por outra parte, analizáronse en detalle os proxectos futuros e solicitouse, así, a permanencia de pedras preexistentes no barrio, criticouse a instalación dalgunha escultura e, sobre todo, o conxunto da urbanización prevista para todo o Barrio do Cura. O Concello dende entón empezou a distanciarse deste tipo de participación máis activa e, parellamente, non demostrou interese polas propostas concretas que xa xurdiron dos informes provisionais que elaborou o equipo de investigación.

2) "Transformar para coñecer". Con este enfoque trátase de reflexionar sobre as prácticas realizadas, de non tomalas como simples consecuencias lóxicas do coñecemento acadado, senón como fontes de verificación ou falsación dese coñecemento e, por tanto, como fontes de nova información valiosa para o autocoñecemento popular.

Neste sentido se dirixiu a campaña de información que se fixo a través da prensa local, de varias emisoras de radio para falar do problema da vivenda no barrio histórico, panfletos e murais itinerantes polo barrio e a creación dunha nova comisión de comunicación no PC na que, inicialmente, se tentou que fose dinamizada pola mocidade do barrio, moita dela allea ao PC ata entón.

En xeral, analizamos despois que estas prácticas tiveron moita menos repercusión da buscada, debido a que o mesmo PC entraba nunha fase de moita incerteza e inestabilidade interna, sen apoiar decididamente a "loita urbanística". Tampouco a proposta práctica de crear unha cooperativa de vivenda para continuar o proceso de autocoñecemento tivo o seguimento necesario (aínda que algo debeu coallar xa que na actualidade están en trámites de constitución dunha sociedade dese tipo e na procura dun inmovible axeitado que acondicionar para varias unidades de convivencia).

Quen si demostraron usar frecuentemente o estudio foron distintos periodistas locais que o divulgaron mesmo tomando os seus datos máis "radicais", o cal tamén foi analizado dentro da comisión de urbanismo como un "éxito" en conseguir conectar as apreciacións internas coas proxeccións do resto da cidade sobre o barrio.

Por último, a práctica máis importante que foi sometida a reflexión foi o uso que da información sociolóxica e urbanística fixeron as entidades veciñais convidadas, inicialmente (porque despois foron deixándose de lado), ás comisións de seguimento do Urban. Cunha análise dos documentos nos que se baseaba o Urban e usando os informes do noso estudio, elaboráronse críticas e propostas específicas nos contidos, así como na metodoloxía de coexistión do Urban, pero os dirixentes do Concello (por entón xa gobernando un partido de dereitas) fixeron o posible para desactivar mesmo estas mínimas demandas veciñais.

En conclusión, coa -i-a-p- conseguiuase que os técnicos investigadores responderan constantemente ás demandas de coñecemento das organizacións comunitarias e que realizaran unha investigación discutida

en varias das súas fases cos activistas do barrio. Gracias ao contacto permanente se catalizou un proceso de aprendizaxe mutuo e tamén de asesoramento técnico e devolución periódica das informacións que ían sendo producidas, e tamén logrouse que eses técnicos participaran dende a súa posición "crítica" nas accións reivindicativas e comunicativas no barrio.

Non houbo, pois, posibilidade de participar en accións de transformación social máis radicais, polo que non podemos valorar en qué medida é positivo que os investigadores tamén se impliquen a ese nivel. Tampouco considero que todos os procesos sociais do barrio poidan condensarse e avaliarse a partir da -i-a-p- realizada, xa que esta tiña que concentrarse na rehabilitación urbanística e outros conflitos importantes -como o dos "ruídos" e o das "drogas"- escapábanse das posibilidades materiais e temporais dos sociólogos.

Por último, a -i-a-p- é só un proceso de participación social máis e está constringida polo contexto xeral que afecta ao barrio, por iso as crises dentro do PC e das súas relacións co Concello, e o cambio de goberno municipal e a imposibilidade de que o equipo investigador seguise implicado voluntariamente no barrio durante moitos meses posteriores ao estudio, foron circunstancias fundamentais para que a -i-a-p- tivera uns límites e unha necesidade de finalizar, aínda que a comunidade non quedase suficientemente formada como para continuar o proceso de autoconecemento ela soa.

#### ***2.4.2 A colaboración veciñal co goberno municipal en crise e outras formas de participación urbana***

Como un dos obxectivos da -i-a-p- introducimos algo que tanto ao PC como ao Concello lles parecía estraño: analizar a historia da participación veciñal no barrio en relación ao urbanismo. Podía atentar contra a súa

integridade, fracturarlles a súa lexitimidade. Pero as primeiras discusións dentro da comisión de urbanismo do PC xa demostraron que era necesario autocoñocer con precisión as posibilidades e límites dos mecanismos de "colaboración" que se estaban dando ata entón co PERI.

En realidade, o "retro-control" popular ao planeamento urbano era a modalidade central de participación urbana que acaparaba todas as forzas e atencións, pero non era suficientemente satisfactorio nin tampouco era a única forma de participación urbana que se practicaba e se podía practicar. Por iso, parte do noso labor consistiu en esclarecer esa diversidade: en facer da participación un fin e un medio da investigación, facendo de espellos ao grupo organizado do barrio.

O primeiro que se debe notar agora é que a raíz destes afondamentos ocorreron dous sucesos imprevisibles: 1) o Concello fíxose máis impermeable ás críticas e esixencias de participación máis directa formuladas polo PC; 2) varios membros da comisión de urbanismo do PC abandonaron ao comprobar que case non existía posibilidade de que a comisión tomase decisións que vinculasen ao Concello e que, ademais, o conflito dos rúidos seguía agudizándose sen atoparse solucións (este tema foi unhas das motivacións principais polas que algúns se integraron na comisión).

En segundo lugar, a discusión de tres esquemas participativos básicos (a "participación total" no sentido que lle dá o situacionismo, a "planificación radical" no sentido das propostas de Alexander ou Goodman, e o "control popular a quen controla" propia da democracia o liberal) amosou tamén tres fortes limitacións presentes naquel momento:

1) o proceso de rehabilitación urbanística non estaba sendo atoxestionado popularmente e, polo tanto, os obxectivos sociais tampouco podían garantirse sen esa democracia directa do UR (nese sentido foi sintomático que un técnico do Concello afirmase nunha xuntanza que era imposible un "urbanismo de clase" cando se propuña privilexiar a intervención social e urbanística en certas zonas do barrio);

- 2) os técnicos do Concello ou que eran contratados eventualmente por este impedían, en gran medida, a participación veciñal no deseño das obras ou, cando menos, en parte do seu deseño (nos obxectivos, criterios, contextualización, imaxe resultante, etc.);
- 3) o equipo do Concello encargado da rehabilitación do barrio admitía unhas amplas marxes de discusión sobre os proxectos concretos e o proceso en xeral, pero non admitía modificar as decisións que xa tiña tomadas ou alterar o curso das obras cando estaban comezadas (chegando a manifestar algún dos seus membros que "opinar está a aberto a todo o mundo, pero as decisións tomámolas soamente nós").

Vexamos, pois, en qué consistía o modelo de participación retro-controladora que predominou neste caso e describamos despois as outras prácticas de participación urbana presentes de forma máis secundaria.

O control popular do planeamento pode facerse en dúas grandes fases: o deseño (ou planificación, propiamente dita) e a xestión (que, sen embargo, tamén debe ser planificada). A primeira pode dividirse en tres momentos principais: 1) a información que se lles dá aos técnicos antes ou ao principio do planeamento ou dun proxecto de actuación concreta, e a discusión conxunta da relevancia da mesma; 2) discutindo e modificando, se é necesario, o "croquis" xeral que os técnicos elaboran (por escrito e graficamente) antes de definir completamente o proxecto; 3) criticando socialmente o proxecto definitivamente elaborado, aceptando a posibilidade de que sexa rexeitado completamente e a necesidade de cambiálo e, mesmo, de empezar de cero outra vez.

A grandes trazos, estes momentos son semellantes aos mecanismos formais existentes na lexislación urbanística –consulta, exposición pública do avance e alegacións aos planos finais–, pero son os mesmos urbanistas (Saravia, 1998) quen recoñecen que, na práctica, nin a "consulta" comporta discusión ou información social en profundidade, nin o "avance" é xa tal senón case que unha "aprobación definitiva" debido á complexidade dos planeamentos e, por último, como puidemos comprobar no centro histórico de Vigo, só realizan "alegacións" algúns

individuos das clases medias e altas, que están ben informados e se poden pagar asesores para iso.

A xestión, pola súa parte, podería dividirse en dous momentos principais: 1) o seguimento colectivo e control crítico do desenvolvemento material das obras; 2) a avaliación en todas as súas dimensións da obra realizada. Evidentemente, unha vez que as obras son adxudicadas a unha empresa de construción, resulta difícil esixirlle a esta que altere condicións da obra que non estaban estipuladas no contrato, aínda que a observación directa da obra conduza á convicción de que é necesario algún cambio. Este tipo de consecuencias aumentarían os custos das obras, polo que o esforzo principal de participación debe facerse nos momentos de planeamento. Onde si se pode exercer a "inspección" é no cumprimento do estipulado, e as propostas constructivas poden atinxir ás formas de realización. En xeral, as consecuencias desta participación "retro-controladora" da xestión soen quedar máis ben en advertencias para futuras actuacións.

O feito de que a comisión de urbanismo do PC exercera a súa acción en todas estas fases non significa que acadara as consecuencias desexadas. Por exemplo, e sen entrar aquí nos múltiples detalles e aspectos que se discutiron, moitos dos novos arquitectos autores dos proxectos de rehabilitación facían as súas consultas cos veciños da zona e tamén con algúns das organizacións do barrio, pero despois non existían posibilidades de valorar os seus "croquis", senón só os proxectos definitivos e sen opción a modificalos. Pola súa parte, o Concello resistiuse a alterar algunhas das obras en marcha que foron criticadas polo PC e polos veciños da zona, e da experiencia desa crítica non só non sacou "advertencias" para o futuro, senón que se colocou no extremo contrario, facéndose máis inmune ás críticas veciñais. Xa que logo, esta modalidade "liberal" e mínima de participación semella imprescindible en toda democracia que precise da intervención técnica nalgún dos proxectos sociais ou urbanos que desenvolva. Sen embargo, as limitacións observadas na súa práctica demostran que, no contexto das democracias liberais, os técnicos e os

políticos teñen poder suficiente para aceptar esas posibilidades de participación, pero tamén para eludir as súas consecuencias.

De todos modos, a participación urbana desenvolvida dende abaixo é moito máis ampla e supera o marco estricto da democracia liberal. ao mesmo tempo, tamén amosa que as organizacións populares nunca poden representar á totalidade do barrio no que se ubican, o cal limita as posibilidades de democracia directa. Vexamos, pois, outras modalidades do repertorio participativo practicadas neste caso.

- 1) Os procesos de "toma de decisións" implican que unha institución (realmente algúns dos seus dirixentes na xerarquía formal da mesma) ou unha asemblea cidadá (realmente, só os colectivos organizados e os comunicadores informais que asisten á mesma) tomen a decisión en representación do resto da poboación que vai ser afectada por esa decisión. Canto máis unipersonal e menos asembleario é o órgano decisorio, máis ampla é a poboación representada e afectada polas súas decisións. O PERI, por exemplo, foi consensuado socialmente primeiro, pero a decisión final da súa aprobación correspondeulle ao Concello. Moitos dos proxectos derivados dese planeamento esixían novas decisións, pero cando non existiu consenso sobre elas o Concello volveu a decidir unipersonalmente, xa que tiñan a lexitimidade de ser os representantes de toda a cidade. O Plan Comunitario, pola súa parte, funcionaba dunha maneira asemblearia, pero tampouco realizaba consultas nin mantiña contacto habitual coa veciñanza do barrio máis distante desa organización, polo que nalgúns conflitos actuouse sen contar cos veciños máis directamente afectados por unha obra polémica.
- 2) A "construcción" material do espacio público non depende só do planeamento urbano e da súa execución, xa que a cidade vaise construíndo gracias a numerosas iniciativas, mesmo á marxe do planeamento. Algunhas actuacións privadas de "autoconstrucción" non buscan máis que eludir o planeamento para maximizar os beneficios dunha empresa á marxe do interese público, como é o caso



dalgunhas das “renovacións” de edificios históricos no barrio ou das adhesións de “áticos” de baixa habitabilidade e ruptura dos aliñamentos entre edificios. Pero as contínuas “rehabilitacións” de edificios “okupados” ou de pequenos aspectos das vivendas alugadas, foron tamén iniciativas populares cercanas á “autoconstrucción” que non soen ser recoñecidas como participación urbana.

- 3) A “co-xestión” do planeamento ou de proxectos específicos entre entidades populares e técnicos ou institucións, non foi o modelo predominante no barrio vello, coa excepción do xa relatado co estudio en forma de -i-a-p- no que si creemos que ese modelo foi unha das bases do proceso. Pero tamén esa coxestión concreta experimentada non se presentou en forma de equilibrado balance, xa que foi máis metodicamente fortalecida pola relación entre o equipo investigador e o PC, que pola máis feble relación entre os investigadores e o Concello.
- 4) A “descentralización” administrativa pode ser un coitelo de dobre fío, segundo os contextos. No barrio histórico existía unha forte preocupación polos problemas urbanísticos do barrio e considerouse sempre que a existencia dunha oficina municipal propia encargada da rehabilitación e situada no barrio podería ser obxecto dunha maior influencia veciñal (aínda que tamén se temía que aumentase a burocracia de forma ineficaz e só beneficiase á privatización da rehabilitación). Esta demanda non foi nunca aceptada pola corporación municipal. Os únicos acenos descentralizadores tiñan que ver coas actividades culturais ou os proxectos de prevención de drogodependencias, nos que se lles deixaba plena autonomía ás entidades do PC, unha vez que se lles concedía a subvención económica. En materia urbanística o Concello só admitiu descentralizar a elaboración duns guieiros informativos sobre as escasas axudas económicas existentes na actual lexislación, pero para iso non achegou financiamento e, ademais, era un labor que se viña facendo informalmente por parte dos técnicos traballando no barrio.

5) Unha última forma de participar experimentada aquí é a que podemos denominar "implicación". Consiste en estender as redes sociais de persoas que poden acudir ás convocatorias dos colectivos organizados ou apoialos publicamente (así, realizáronse manifestacións, asembleas nalgunhas rúas ou as varias festas anuais que se celebran no barrio, cunha consistente participación veciñal). A comunicación informal na rúa, nas tendas, no mercado, nos bares ou en calquera dos actos de expresión colectiva, son os exercicios máis constantes de buscar eses apoios.

O feito de poder ir a pé a case todos os puntos do barrio e poder atoparse na rúa case de cotío, favoreceron as impliacións externas, con xente que, por exemplo, entraba nova nas comisións do PC ou se afiliaba á Asociación veciñal despois de acudir aos seus locais (onde coincidía o PC e o equipo de investigación) a facer algunha consulta sobre a rehabilitación de vivendas ou sobre a asistencia social.

Non obstante, as entidades sociais organizadas acusan, tamén neste barrio, a súa particular endogamia. Así, moitos dos membros máis activos destas entidades pertencían aos sectores "superiores" das clases baixas e medio-baixas do barrio, con ingresos económicos máis estables, con maiores cualificacións escolares ou profesionais, con hábitos culturais máis formais como ler a prensa ou asistir a conferencias, etc.

Coa aplicación da enquisa e coa transcricións das entrevistas do estudio, por exemplo, tentouse ampliar tamén as redes de grupos sociais vinculados con estas organizacións do barrio, buscando xente por medio da asistente social do barrio ou por medio de familiares e amizades de persoas que participaban no PC, así como con sectores da mocidade de Vigo que tiñan unha imaxe estereotipada do barrio, para que tivesen a oportunidade de informarse da rehabilitación do barrio, do PC e de informar logo eles a outras persoas do barrio coas que ían ter relación.

No transcurso da aplicación do PERI, pois, puido describirse un ciclo de achegamento, primeiro, e de bloqueo, despois, das relacións entre o Concello e as organizacións veciñais. O PC autoxestionaba diversos

procesos no barrio, pero a súa relación co UR foi cun talante negociador e reivindicativo dende o comezo, quedando reducido finalmente a unha resistente crítica das decisións municipais. Este contexto era propio dun momento de transición no que cambiaba o goberno municipal e o PERI ía ser subsumido no programa Urban, polo que afectou tanto ás posibilidades de desenvolver máis as consecuencias da -i-a-p- como ás modalidades de participación urbana que se daban no barrio.

En gran medida, o PC tivo que ceder poder de decisión ante a rehabilitación urbana articulada polo Urban para poder defender a continuidade das súas parcelas de intervención social, pero isto agrandou aínda máis a fenda entre as intervencións urbanísticas, o control popular das mesmas e os contidos sociais delas. Saunders (1981) atribuíalle o carácter de "pluralismo imperfecto" a este tipo de relacións locais, pero acabamos de ver que os límites dese pluralismo poden ser suficientes como para manifestar que, máis que unha simple loita por dereitos cidadáns ou por necesidades de equipamentos colectivos, en contextos urbanos asistimos tamén a conflitos entre clases sociais e entre corpos tecnocráticos e organizacións populares, poñéndose en cuestión, así, os procesos de capitalización e de corporativización que afectan ás zonas "estratéxicas" da cidade.

**6**

**sentir e ver, actuar e cambiar.  
a metodoloxía de investigación-acción-  
participativa: fundamentos e  
orientacións técnicas**

O coñecemento sobre a realidade social non é algo que só producen e saben producir os científicos sociais. Estes non só necesitan da "participación" da xente para que, por exemplo, responda aos seus cuestionarios ou entrevistas, senón que a xente tamén produce o coñecemento que necesita, por ela mesma ou usando a especialistas que lle axudan. A xente inmersa en procesos de participación urbana adoita manifestar que algún tipo de coñecemento sociolóxico é preciso para desenvolver as súas prácticas de oposición ou de emancipación. Pero tamén os coñecementos producidos ou dispoñibles non son sempre sistemáticos, e estas persoas van combinalos con outras nocións de sentido común, con producións informativas de diversa índole e con accións públicas e interaccións persoais e grupais. Por estas razóns resulta difícil discernir un "método" propio de coñecemento popular, agás nos casos en que os científicos sociais toman parte neses procesos "xunto" aos colectivos.

Por outra parte, toda a historia das ciencias sociais está atravesada por numerosas discusións acerca dos fundamentos epistemolóxicos que sustentan a posibilidade e os límites do coñecemento sociolóxico, e tamén acerca das perspectivas metodolóxicas pertinentes a cada obxecto de investigación e que deben guiar a produción de información relevante. Un dos puntos de partida foi sempre en relación ao modelo de coñecemento das ciencias naturais e hoxe en día permanece a mesma interrogante: ¿en que se parecen e en que se diferencian a realidade social e a natural? De aquí derívanse as cuestións de se as teorías sociolóxicas poden chegar a enunciarse "leis" de funcionamento das sociedades semellantes ás regularidades *descubertas* no mundo natural, e tamén se ambas comparten un mesmo "método" de achegamento á realidade, aínda que o mesmo é continuamente posto en corentena pola filosofía da ciencia e polos distintos enfoques de practicar ciencia que, sobre todo, emerxeron neste século. A maioría da socioloxía dominante aceptou o modelo "positivista" das ciencias naturais, pero xa dende o seu

berce tamén existiron desenvolvementos críticos das ciencias sociais que se situaron a maior ou menor distancia dese modelo.

A investigación-acción-participativa- (-i-a-p-) é unha desas pólas críticas que, segundo algúns autores (Oquist, 1978) estaría máis perto dos paradigmas pragmatistas e do materialismo dialéctico, que, por exemplo, do empirismo, o positivismo e o estruturalismo. A observación participante practicada por gran parte da antropoloxía e tamén pola primeira socioloxía urbana, estaría na orixe do estatuto científico conferido ás metodoloxías participativas en ciencias sociais, tal como vén sendo recoñecido, paseniño, nos últimos anos (Cicouriel, 1964: 71-106; Ford, 1975:343-382), despois de que se aceptara tamén, nas últimas décadas, a validez e sistematización das chamadas metodoloxías cualitativas (Vallés, 1997: 141-173; AA.VV, 1993). Pero non todas as tendencias de observación participante, investigación-acción ou -i-a-p- comparten as mesmas filosofías da ciencia, nin tampouco todas teñen a orientación máis "militante" ou "comprometida" que deu orixe á -i-a-p-. O que si revelan esas perspectivas metodolóxicas é que os técnicos investigadores non se conforman con tomar distancia con respecto á xente a que estudian e con respecto ás prácticas que realizan, para coñecelas mellor. E este achegamento susténtase na convicción de que a xente ten capacidade de crear coñecemento (soa ou xunto a técnicos) e que o coñecemento se "democratiza" (divúlgase ou creáse o máis acorde posible ás necesidades sociais) cando a xente pode tomar parte tamén no seu proceso de produción, e non só como consumidora allea e distante a el.

Neste capítulo vou explicar en qué consiste a -i-a-p- dende o meu punto de vista, cómo foi usada por unha comunidade urbana nun caso, e en qué se diferencia doutros modos de coñecemento técnico dos que dispoñen as organizacións populares. A miña hipótese é que a -i-a-p- se preocupa máis que outras metodoloxías participativas polo uso do coñecemento xerado e pola súa verificación práctica, potenciando así as posibilidades de participación popular nos procesos sociais de apropiación, creación ou transformación do espacio de vida. Sen

embargo, tamén sosteño que o uso dunha metodoloxía participativa ou outra non garante por si mesma o éxito dun proceso participativo particular, xa que constitúen unhas prácticas sociais máis, dependentes, como todas, doutros factores e do contexto particular no que se desenvolven.

Non é doado demostrar que as metodoloxías participativas son “superiores” a outras non participativas, de pura observación externa non intrusiva (ou, en modalidades menos *historicistas*, coa mínima interacción posible entre técnicos investigadores e poboación investigada), xa que non hai dous procesos participativos idénticos nin se lle pode dar marcha atrás á historia para realizar comparacións. Nin os experimentos controlados nin as comparacións aproximativas son concluíntes a este respecto, polo que coñezo. O que si me parece convincente é pensar que as metodoloxías participativas precisan de procedementos non participativos de observación para levarse adiante (datos estatísticos, discursos e documentos históricos, por exemplo), aínda que as metodoloxías que se serven exclusivamente destes non precisen de procedementos participativos. Polo tanto, se non existe, pois, unha oposición “polar” entre ámbalas perspectivas, deberíase concluír que existe unha xerarquía de complexidade e que as metodoloxías participativas integran parcialmente as non participativas. A lóxica dialéctica (a análise das contradicións na historia) precisa da lóxica formal (distinguir os elementos en contradición) aínda que esta *non precise* daquela para facer “ciencia normal” (Lefevbre, 1946), ou, como dicía Ibáñez (1991: 48, 62), todo investigador cualitativo debe saber máis matemáticas que os investigadores “cuantitativos” porque estes só “miden”, mentres que a operación básica da matematización é a “ordenación” de cualidades. As metodoloxías participativas teñen, ademais, a vantaxe de estar *máis perto* das prácticas de transformación social da xente (o cal non significa que esta proximidade sexa un aval infalible para coñecer a súa lóxica de funcionamento, pero si unha condición necesaria ata certo punto –pode haber procesos que só se

poidan coñecer sen participar neles por ter sucedido no pasado, por exemplo). Con esta premisa presente desenvolveuse unha das experiencias comentadas e, posteriormente, explicitarei en qué consistiu o método efectivamente practicado.

Outro punto sobre o que paga a pena deterse por non facelo en demasía os textos que tratan da -i-a-p-, é o dos seus fundamentos epistemolóxicos. Non só o marxismo e o pragmatismo están na raíz de moitas das correntes participativas en ciencias sociais, senón que tamén o están o constructivismo, a hermenéutica e ata un diverso pluralismo metodolóxico. O que se bota en falta, habitualmente, é unha certa autocrítica con respecto a esa herdanza, unha maior conexión de ideas coa chamada "socioanálise" e tamén coa interrogante básica de toda aventura científica, que non por vella é menos actual: a relación entre a natureza e a sociedade (Martínez, 1997, 1997b, 1998, 1998b). Aquí, loxicamente, só vou apuntar algunhas liñas desas conexións con vistas a avanzar na concepción holista que, creo, debemos ter sobre a realidade social (na que a "ciencia" é unha práctica social máis: unha linguaxe). En concreto, argumentarei brevemente que os paradigmas transdisciplinares da "complexidade" aportan unha visión ecosistémica e un principio de "indeterminismo contextual" que non só parece presente en moitos fenómenos da natureza (especialmente nos sistemas vivos), senón tamén nos procesos sociais cos que se liga a -i-a-p-, aínda que a sociedade ten as súas propias especificidades para as que non son apropiados moitos dos métodos das ciencias naturais.

A continuación argumentarei que a -i-a-p- é unha práctica social que se pode concibir máis claramente como unha metodoloxía de investigación social dialéctica. Isto non significa que manteña unha relación de independencia con respecto á acción ou á participación, senón que estas son integradas no proceso de investigación de forma diferente a como se fai nas perspectivas distributivas e estruturais de investigación social. Despois de distinguir os trazos das tres perspectivas básicas de investigación matizarei o tipo de "articulación dialéctica" de



técnicas de investigación propias das distintas perspectivas metodolóxicas, que se pode facer nunha –i-a-p-, con prevalencia sempre das técnicas dialécticas (participativas) no conxunto do proceso. De contado clarexarei a miña concepción da 'dialéctica' en tanto que racionalidade que analiza o cambio histórico e as contradicións sociais, pero que precisa de operacións propias da lóxica formal para desenvolverse. Con esta acepción, como se verá, separarémonos daquelas outras que a usan de maneira máis vaga ou hiper-holista ("todo é dialéctico").

En segundo lugar definirei a –i-a-p- concretando os seus requisitos fundamentais e as posibilidades de autoxestionar o seu proceso con plena ou parcial participación da comunidade organizada xunto aos técnicos. De igual maneira que antes, tratarei os aspectos máis confusos que aparecen nos defensores das metodoloxías participativas. Fixareime, concretamente, en dous problemas: a necesidade que existe dun compromiso dos técnicos, que pode derivar cara a unha indiferenciación na chamada "observación militante", e a necesidade de partir do recoñecemento do saber popular que pode derivar cara a unha mera traducción ou mitificación. A estas reflexións séguenlles outras en forma de resposta ás críticas sobre a obxectividade e a validez que se lle formulan habitualmente á –i-a-p-. Para iso presentarei brevemente un esquema sobre os momentos e técnicas usados na –i-a-p- para argumentar que a validez de todo o proceso debe ser relativizada ao uso de cada técnica en cada fase e, sobre todo, á validación social que se faga do coñecemento acadado.

No terceiro apartado deste epígrafe continuarei afondando nas características propias da obxectividade e validez da –i-a-p-, pero agora nun sentido positivo, constructivo. Empezarei distinguindo as distintas formas de implicación que poden ter os técnicos e a comunidade. Seguirei formulando que as metodoloxías participativas parten do tipo de 'obxectividade reflexiva' que lle é propia á investigación social cualitativa, pero que se pode ir máis alá dela e concibir outros tipos de reflexividade específicos da perspectiva dialéctica: a reflexividade do contexto. Como

exemplos dela distinguirei a 'reflexividade intersubxectiva' e a 'reflexividade máxima' ou autoinvestigación, ademais das contribucións que supón o uso de 'analizadores'. A proba principal de validez coas metodoloxías participativas vén dada, como se apuntou, polas prácticas sociais que deciden se o coñecemento é útil para resolver problemas ou necesidades locais, decisión que se acada a partir de reflexionar sobre as mesmas prácticas de uso da información producida e das propostas de acción xurdidas durante o proceso de –i-a-p-.

Por último argumentarei que esta reformulación epistemolóxica esbozada ata aquí por baixo da metodoloxía dialéctica, axústase en bastantes parámetros á concepción sobre os sistemas complexos. Aínda que non estou de acordo cunha translación nin unha traducción completa de todos os termos e discusións producidos polas investigacións sobre a complexidade, si creo que algunhas ideas sobre a coexistencia de indeterminación e determinación nos sistemas dinámicos, a autoorganización dos sistemas vivos a partir da súa adaptación a situacións críticas ou caóticas, e a concepción das accións estratéxicas dentro dun marco ecosistémico, son importantes para entender os procesos sociais máis dinámicos, como a participación social que se estudia e se practica coa –i-a-p-.

En definitiva, estas reflexións teñen como obxecto amosar a coherencia das metodoloxías participativas e explicitar os principios metodolóxicos que nos orientaron na nosa tentativa de realizar unha –i-a-p- nun caso concreto, malia que esa experiencia tamén foi creativa para nós e aportou vivencias importantes para realizar agora esta reformulación presente.

## **6.1 A PERSPECTIVA METODOLÓXICA DIALÉCTICA**

En varios traballos, Ibáñez distinguiu tres enfoques metodolóxicos, dous dos cales –o “distributivo”, coa enquisa estatística como técnica

privilexiada, e o "estructural", co grupo de discusión e coa entrevista como técnicas principais- están bastante fundamentados en socioloxía (Ibáñez, 1979; García Ferrando et al., 1992; Delgado et al., 1994), mentres que o terceiro –o "dialéctico", coa "socioanálise" e a "assemblea" como técnicas preferentes- permanecería nunha maior indefinición. Ibáñez ofrece algunhas pistas para avanzar na fundamentación do enfoque dialéctico: por unha banda, compara a socioanálise coas técnicas (ou prácticas sociais) distributivas e estruturais; por outra, ofrece unha diversa panoplia de teorías sociais críticas e todo tipo de ciencias da "complexidade". Eu coido que ámbolos camiños son fructíferos, pero que é máis doado entendelos se os poñemos en relación coas reflexións sobre a –i-a-p- que se viñeron realizando nestas tres últimas décadas por unhas vías distintas ás que el perfilou.

Sen espallarnos agora innecesariamente sobre isto, convén clarexar o camiño percorrido ata chegar á metodoloxía dialéctica. Na perspectiva distributiva, segundo Ibáñez, empréganse tecnoloxías, como a enquisa, do tipo pregunta/resposta, entrevistas pechadas e estruturadas que só serían apropiadas para "captar" elementos (non relacións) e feitos (non opinións). Ese autor concíbeas como mecanismos que reproducen as relacións de dominación: *"os que mandan poden preguntar, os mandados deben responder, só os mandados son responsables (...)* neste xogo de linguaxe as respostas están contidas nas preguntas; cada pregunta determina o repertorio de posibles respostas; as xogadas permitidas ao entrevistado están rixidamente limitadas (...) o vencedor (o que pregunta) e o vencido (o que responde) son sempre os mesmos" (Ibáñez, 1991: 104, 134-138). Trátase dunha vella práctica social de "captura" de cousas e persoas (mediante mostras estatísticas), e de "discriminación" das minorías (mediante unha curva normal ou campá de Gauss que organiza a matriz de datos). Os suxeitos entrevistados son tratados como "obxectos", os suxeitos entrevistadores serían os únicos "suxeitos" que toman distancia dos primeiros, non se mesturan con eles. Trátase dun paradigma de incomunicación e control: prohíbese responder

cunha pregunta, a reciprocidade, o intercambio e a resistencia do entrevistado para dar as súas propias alternativas. Aplícase só, con propiedade, a función referencial da linguaxe, a de sinalar cousas e situacións externas á linguaxe, eliminando da análise outros fenómenos de interacción que se dan simultaneamente (a expresión de emocións, desexos e crenzas, o efecto conativo da situación, as connotacións do discurso do entrevistado, a verificación de medio e do código empregados, etc.) (Ibáñez, 1985: 228).

A perspectiva estrutural proporciona técnicas como o grupo de discusión e as entrevistas persoais abertas ou en profundidade (semi-estructuradas ou sen estruturar), que si permiten chegar ao nivel das relacións sociais e das opinións, pero non ao nivel do sistema social nin das prácticas (Ibáñez, 1992). Emprégase un dispositivo lingüístico do tipo "conversación" co cal, aparentemente, crébanse as relacións de dominación que se imponen con outras técnicas máis "duras" de produción informativa: *"intercámbianse os papeis de preguntador e respondedor (o poder e o deber), e cada un pode preguntar (poñer en cuestión) ás preguntas de cada outro (...) é un xogo e información aberto, pois o que responde pode cuestionar a pregunta e facer outras preguntas; cada interlocución abre espazos a outros interlocutores (...) os roles de vencedor e vencido intercámbianse"* (Ibáñez, 1991: 102-104). Pero a apertura que proporciona a conversación é unha ilusión semántica onde se pode dicir case todo pero onde non se pode facer nada pragmáticamente, nin sequera decidilo ou planificalo. Polo tanto, aquí si que as persoas entrevistadas ou reunidas son tratadas como "suxeitos", pero só son integrados parcial e transitoriamente no proceso de investigación, xa que despois da conversa cadaquén regresa aos seus espazos habituais de relación (Ibáñez, 1985: 270). No grupo de discusión, pois, trátase de atopar os consensos (e disensos) propios do grupo social ou a clase á que pertencen as persoas convocadas, non decidir ningunha acción que se poida realizar despois da reunión. A captación dos individuos que se entrevistan habitualmente terá trampa, xa que terán máis

probabilidades de ser elixidos aqueles máis "normais" en cada grupo, con máis competencia cultural; e tamén os discursos dominantes terán máis probabilidades de emerxer na situación creada co grupo ou coa entrevista, polo que tamén coas técnicas estruturais se exerce unha certa "homoxeneización" da realidade (Martín Criado, 1993: 124-131). Por último, o tema da discusión é imposto dende fóra do grupo e o produto informativo resultante da conversa tamén lle será extirpado ao grupo e será apropiado polo cliente do estudio, polo que se ten unha comunicación limitada temporal e espacialmente.

Pola súa parte, a perspectiva dialéctica entrañaría todas as virtudes que lles son negadas ás dúas anteriores perspectivas, segundo a perfila Ibáñez en varios lugares: alcanzaría a estudar o nivel das relacións entre estruturas (o sistema social), as prácticas e procesos de mobilización social, utilizando mecanismos lingüísticos como a asemblea, que favorecerían a "liberación" no sentido de que toda análise iría seguida de accións e se intercambiarían e devolverían as informacións á asemblea para transformar a situación problemática que mobiliza o grupo (Ibáñez, 1991: 104). Trataríase, como formula a socioanálise, de facer explícitas as relacións sociais de dominación que opoñen os intereses de cada grupo a nivel dunha "institución" particular (escola, empresa, concello, barrio, etc.) ou do sistema global (o capitalismo ou o estatismo), desvelando, asemade, os particulares desexos de cambio que existan no grupo. Pretendería integrar total e definitivamente os suxeitos que son investigados, pero tamén a quen investiga dentro das prácticas daqueles. A esquizofrenia dos investigadores acentuaríase, xa que deberían investigar un colectivo, pero facelo xunto a el, con el, polo que se estarían tamén auto-investigando como parte que son do colectivo: a maior obxectividade alcánzase cando *"os obxectos investigados deveñen suxeitos que se autoinvestigan; os supostos-suxeitos do saber actúan só como asesores técnicos"* (Ibáñez, 1985: 271-272). As discusións asemblearias conducirán necesariamente a decisións, aínda que estas poden convocar accións ou non para facer despois da asemblea. En todo caso, a propia asemblea xa é unha acción:

*“así como as perspectivas distributiva e estrutural se consomen nun intento de evitar o cambio ou controlalo, a perspectiva dialéctica (como outros dispositivos isomorfos con ela) inscríbese nunha estratexia de producir o cambio: en vez de fixar a realidade ao seu estado positivo, trata de movela cara ó(s) seu(s) estado(s) posible(s).”* (Ibáñez, 1992)

Con estas distincións de partida podemos avanzar cara a unha definición operativa da –i-a-p–, como veremos no punto 1.2. Pero antes de responder á cuestión de se a –i-a-p– podería enmarcarse dentro da perspectiva dialéctica, tal como estou a suxerir, vou presentar primeiro unhas críticas que se lle poden formular a esta metodoloxía e discutir despois a independencia ou complementariedade que mantén coas anteriores.

Con respecto á crítica, podemos fixarnos en tres puntos:

- 1) En primeiro lugar, a práctica social das asembleas pode e debe ser discutida. Ibáñez parece concederlles excesivas potencialidades e virtudes aos procedementos asemblearios dos que se derivarían *“manifestacións ou movidas similares”* (Ibáñez, 1992). En efecto, é o mecanismo principal da democracia directa e, por tanto, unha condición necesaria para que se lexitimen as decisións colectivas e o paso á acción despois dunha discusión. Pero ten numerosas limitacións tanto para permitirnos coñecer todo un proceso de mobilización social (que empeza antes da asemblea e continúa despois dela) como en canto técnica de axitación social (xa que depende da dinámica non autoritaria que se siga dentro dela e da preparación previa dos temas) (Villasante, 1994; Lorenzo e Martínez, 1998). De feito, Lapassade (1980: 116-118) prefería reservar este tipo de dispositivos máis para facer a análise das *“relacións institucionais”*, que para transformar directamente ás institucións, xa que partía do suposto de que *“as masas están, ante todo, desorganizadas”*.
- 2) En segundo lugar está a dobre posición dentro/fóra de quen investiga. En principio, esta particular *“esquizofrenia”* pode serlles máis incómoda a técnicos que teñen arraigado o hábito de investigar a colectivos

sociais "diferentes" a eles mesmos só dende fóra, que a activistas que, de formas máis ou menos sistemáticas, sempre necesitaron elaborar coñecementos sobre a súa realidade máis inmediata na que interviñan de cotío. En realidade, tamén os técnicos están involucrados de cotío en prácticas sociais nas que participan máis ou menos activamente, polo que o problema maior ao que se enfrontan é o de ter que relacionarse con colectivos sociais "diferentes" aos que se atopan no seu centro de traballo ou no seu barrio. Pero o mesmo sucédelles aos activistas cando teñen que ser máis rigorosos e sistemáticos na produción e análise de información social relevante. En conclusión, a indefinición ou ambigüidade dos roles que vai tomar o investigador semella menos beneficiosa que a definición, negociación ou aceptación duns roles específicos en cada contexto (só investigador, investigador máis asesor, activista en certas fases investigador, "turista", "aprendiz", etc.) (Guber, 1991: 164-171; Fals Borda e Rodríguez Brandão, 1987), aínda que de fondo permaneza a dobre identidade (sobre todo, porque o técnico non estará sempre dentro da comunidade coa que investiga) con toda a creatividade que ela pode aportar.

- 3) Unha última crítica á perspectiva dialéctica e que tamén pode explicar por qué existen tantas reticencias nas ciencias sociais a adoptala, é que se erixe como ingrediente necesario de calquera "revolución" social "liberadora": *"dentro da perspectiva dialéctica hai unha técnica que funciona a nivel micro (a socioanálise) e unha 'técnica' que funciona a nivel macro (a revolución). (...) A orde social necesita da súa reforma, para evitar a revolución. Hai que dar a palabra ao louco e ao estudante, pero ata certo límite: de modo que non contaxien á sociedade. Así xurdiu a socioanálise. (...) Non son perfectamente continentes as fronteiras que separan a socioanálise da revolución. (...) O 'analista', mesmo cando interpreta, devólvelle á base o desexo interpretado: unha interpretación non vale se nón é aceptada pola base."* (Ibáñez, 1978) En realidade, é demasiado aventurado soste que as revolucións ao longo da historia foron catalizadas por procesos de

autorreflexión colectiva ou que estes foran relevantes entre outros elementos materiais e sociais. Por outra parte, nada impide que técnicas dialécticas como a socioanálise sexan aplicadas sen modificar as institucións nas que se dan (por exemplo, nalgunhas empresas "flexibles"), e mesmo que sexan promovidas polos seus grupos dirixentes para acentuar ou reproducir a súa dominación. En conclusión, é certo, pois, que son amplos os "graos de liberdade" abertos polas prácticas/técnicas asociadas á perspectiva dialéctica e que contribuíron en moitos casos ao avance das loitas populares autoorganizadas (Fals Borda, 1991) e de "rebelións" ou "insurreccións" máis que de revolucións, pero tamén é certo que as ilusións de liberdade (a "*violencia simbólica, violencia suave, invisible, ignorada como tal, elixida tanto como sufrida, a da confianza, o compromiso, a fidelidade persoal, a hospitalidade, o don, a débeda...*": Bourdieu, 1991: 214) poden ser máis eficaces (máis económicas, menos custosas, máis acordes á moral popular) que a violencia física declarada ("*a do usureiro ou o amo sen piedade*") para evitar a revolución ou as reformas radicais.

A partir do exposto queda manifesto que só dende a perspectiva dialéctica é posible achegarse ao estudo de prácticas sociais como a participación urbana, a non ser que se estudiasen unicamente aspectos irrelevantes destas para poder explicalas (por exemplo, a cantidade de xente que fixo unha folga de alugueiros ou simplemente as manifestacións escritas aparecidas na prensa). Pero xurdiu tamén unha inqueda: que os procesos sociais como os de participación trazan unha historia que tampouco se reduce aos momentos de mobilización ou de toma de decisións assemblearias, é dicir, que teñen un antes, un durante e un despois, e a análise dalgúns datos estatísticos ou dalgúns discursos sociais poden ser fundamentais para comprendelos integradamente, de forma holista.



### **6.1.1 A articulación dialéctica de técnicas de investigación**

Tanto o propio Ibáñez (1992) como outros investigadores (Colectivo IOE, 1993; Conde, 1987, 1990; Dávila, 1994; Ortí, 1994; Montes, 1989; Montañés, 1995) consideran que, na maioría de investigacións sociolóxicas, é necesario "combinar" técnicas de varias perspectivas, xa que estudarían aspectos diferentes da realidade social. Cada unha sería máis apropiada a un tipo de fenómeno (*feitos*, valores e accións; elementos, estruturas e sistemas; *medición*, ordenación e comprensión; referencias, significados e sentidos; sintaxe, semántica e pragmática, etc.: Ibáñez, 1985b) polo que as tres serían "complementarias". Agora ben, ¿como se combinan, con que criterios?

A investigación sociolóxica tradicional deulle prevalencia á perspectiva distributiva de forma tal que se posicionaba na estrutural só antes de codificar os cuestionarios e despois cando tiña que analizar os resultados. A introducción de técnicas cualitativas non estivo exenta da súa subordinación á hexemonía da "cifra", polo que se empregaban a título exploratorio inicialmente, de xeito tal que, despois, puideran elaborarse cuestionarios de opinión que confirmasen con "números" as interpretacións estruturais. Pero tamén existen combinacións entre estas dúas perspectivas que respectan os campos propios de cada unha: usándose as entrevistas e os grupos de discusión (ou historias de vida, análise de documentos, etc.: Ruiz Olabuénaga, 1996; Vallés, 1997) para coñecer os discursos sociais, por unha banda, e as estatísticas de datos secundarios (existentes con anterioridade ao estudio) e a produción estatística de datos primarios (coa propia investigación) destinadas a coñecer aqueles "obxectos" sociais (o número de fillos, os ingresos económicos, etc.) que se poden contar ("cuantitativizar"), por outra banda, presentando ambos conxuntamente e explicando as súas relacións.

Pero para explicar esas relacións é preciso adoptar criterios teóricos tanto como técnicos, amosando as conexións entre esas ordes de realidade. Polo tanto, como argumenta Conde (1990), máis que

"combinación" o que se precisa é unha "articulación analóxica": "*consiste en considerar análogos fenómenos que, posuíndo unha natureza diferente, posúen unha estrutura similar ou se rexen por leis semellantes*". Ese autor establece que nun "espacio topolóxico" é posible organizar os resultados cuantitativos (distribucións de frecuencias) e cualitativos (textos) sempre que os primeiros se manteñan nas súas relacións de orde (non chegando a análises a niveis máis "precisos" de equivalencia ou seriación) e que os segundos codifiquen a significación obtida (a polisemia, as connotacións) tamén en relacións de orde (non descendendo ata contabilizar palabras). Sen embargo, tamén reconece que esa articulación non é posible na perspectiva cualitativa cando non ten sentido reducir a polisemia dos discursos nun momento histórico concreto no que non existe unha "cristalización" social das opinións sobre un tema concreto, o cal sucede con moitos dos procesos participativos que estudiamos ou con mobilizacións ou folgas que xorden moi *rapidamente*.

O punto discutido, pois, refírese especialmente á fase de análise da información, pero o asunto debe estar xa presente no deseño da investigación se se quere planificar racionalmente o desenvolvemento desta (por exemplo, a elaboración de informes provisionais cun tipo de datos ou con varios tipos de datos á vez). Nese sentido, coido que é precisa unha "articulación" das tres perspectivas metodolóxicas máis que unha simple "combinación", pero na medida en que esa articulación é obrigada polo contexto que determina a investigación. É dicir, polos seus obxectivos "epistemolóxicos": para qué e para quen se investiga, os cales constrinxen qué se investiga (o obxecto teórico) e cómo (a estratexia metodolóxica). "*Non hai índice obxectivo: só é obxectivo dentro duns obxectivos (se é axeitado para eses obxectivos)*" (Ibáñez, 1992). Pero se as analoxías entre as informacións cuantitativas (*sintácticas*) e cualitativas (*semánticas*) presentan problemas "técnicos" (o máis importante é o xa mencionado da non "cristalización" social dos significados, a falta de "consenso" ou de consolidación dos distintos discursos "disidentes" sobre un tema), coido que os problemas son aínda maiores se tentamos reunir

nun mesmo "espacio topolóxico" os fenómenos *pragmáticos* resultantes da perspectiva dialéctica. Non descarto esa posibilidade (habería que reducir os procesos participativos a relacións de orde nun "mapa real" como unha terceira dimensión do "espacio topolóxico" entre o cuantitativo e o cualitativo), pero paréceme máis fructífero agora sinalar as posibilidades reais que se nos presentan para unha articulación xenérica das tres perspectivas.

Unha posibilidade é priorizar as exploracións cualitativas discursivas e de datos secundarios sobre a aplicación de técnicas estruturadas para producir datos primarios. As técnicas dialécticas, como a análise de asembleas, xuntanzas, talleres ou dinámicas de grupo, "cursos" de aprendizaxe mutua, teatro popular, vídeos concienciadores (Thompson, 1978) ou mobilizacións de protesta, poden articularse coas anteriores, ben reservándoas fundamentalmente para as fases "finais" (sobre todo para organizar o proceso de devolución informativa), ben atribuíndolles a elas toda a prevalencia metodolóxica do proceso, dende o principio ao final. Esta última opción ten como consecuencia que se acada unha maior coherencia estratéxica, xa que non só se toma o contexto social da investigación como un "dato", senón que as primeiras informacións que se elaboren dirixíranse a estudar ese contexto, as implicacións dos obxectivos formulados, as relacións entre analistas e activistas, etc., de forma que se poderán tratar as indagacións cualitativas e cuantitativas con máis conciencia da situación, con máis "implicación" nas prácticas da comunidade coa que se investiga. Outra consecuencia é que con este criterio de prevalencia dialéctica se poden mesmo modificar outras técnicas convencionais propias doutras perspectivas metodolóxicas: por exemplo, dividindo en dúas partes a administración dos cuestionarios, unha cumprindo todos os protocolos da entrevista estruturada sobre cousas que se poden contabilizar estatisticamente, e outra con preguntas abertas onde se poida establecer un diálogo entre entrevistador e entrevistado, informando a este último sobre os fins do estudo ou das reivindicacións de quen o promove ou convidándoo a asistir a actos concretos (Colectivo

IOE, 1993); outro exemplo sería a realización convencional dun grupo de discusión (mantendo as “regras” de maior homoxeneidade e mínima heteroxeneidade, non coñecemento previo dos integrantes, etc.: Ibáñez, 1979), pero invitando aos asistentes trala finalización do grupo a novos grupos ou reunións para seguir tratando os temas que preocupan no barrio ou para analizar xunto aos especialistas o discurso resultante (Ibáñez, 1991).

### **6.1.2 A necesaria complementariedade entre a lóxica formal e a lóxica dialéctica**

Acabamos de ver, pois, que a perspectiva dialéctica non é un paraugas onde cabe todo o que pode servir para a “liberación”. Sen embargo, para clarear máis o sentido desta perspectiva, convén explicitar o que entendemos por “loxica dialéctica”, xa que esta sería a base do enfoque metodolóxico dialéctico (entendendo metodoloxía en tanto que a reflexión sobre o método, sobre o “camiño” trazado ou percorrido), pero sobre ámbalas cuestións reina bastante confusión (especialmente nos traballos enmarcados dentro da -i-a-p-). De feito, unha noción tradicional da dialéctica, que non comparto, é considerar que todo é dialéctico: a natureza, a sociedade e as ideas que temos sobre ámbalas realidades e sobre outros asuntos máis imaxinarios. Dunha maneira máis específica – pero tampouco plenamente acertada, ao meu entender-, quen usa metodoloxías participativas adoita considerar que é dialéctica a relación de “implicación” suxeito-suxeito que substitúe a relación suxeito investigador-obxecto investigado (que non sería dialéctica, xa que logo). Tamén que é dialéctica a “explicación” dunha realidade, que é contradictoria, cando se buscan proposicións superadoras (sínteses) desas contradicións (teses e antíteses). E, por último, que as contradicións entre teoría e práctica poderán ser superadas coa “aplicación” dialéctica

de novas prácticas (Goyette e Lessard-Hébert, 1988: 150-155; Gabarrón e Hernández, 1994: 29-41).

Fronte a esa vulgarización do método dialéctico propio do marxismo, coido que deberíamos distinguir entre a concepción da realidade (social) como un conxunto de "relacións dialécticas" ("todo estaría relacionado con todo", enunciando doutra maneira unha particular noción do "holismo": Morin, 1994) e a concepción como unha relación dialéctica entre as palabras (mensaxes) e as cousas (obxectos e suxeitos). Dende esta segunda concepción, pois, máis que unha "realidade" dialéctica temos unha "lóxica" dialéctica. Esta lóxica é a que nos permite distinguir na realidade os aspectos máis formais (dixitalizables, individualizables) dos máis dialécticos (analóxicos, interrelacionados). Todo depende da escala e dos criterios que adoptemos para "puntuar" a realidade, pero a realidade é como é, nin dialéctica nin non-dialéctica: a realidade é dialéctica se a vemos así, pero tamén pode verse formal, clara e distinta, chea de diferencias e unicidades. Os dialécticos somos nós, os que falamos, dialogamos e nos relacionamos coa realidade natural, coa social e coas nosas teorías. Neste sentido, coincido con Wilden (1987: 24ss.) cando concibe a dialéctica como lóxica das relacións entre os niveis dunha xerarquía de menor a maior complexidade (a natureza, a sociedade e o pensamento). Para ser máis precisos en relación ao método hegeliano, as relacións máis básicas entre elementos, estruturas ou sistemas non son dialécticas, senón "formais": son as 'diferencias' e as 'distincións'. As relacións máis complexas que son sempre dialécticas son as que denominamos como 'contradicción', porque implican un conflito real entre dous elementos, estruturas ou sistemas. Existirían, por último, un conxunto de relacións intermedias que podemos denominar de 'oposición', que unhas veces se refiren a un conflito real (e por tanto trátase de relacións dialécticas) e outras só a un conflito imaxinario (trataríase máis ben aquí de relacións anti-dialécticas en tanto que tenden a anular ou ocultar as contradicións reais existentes, segundo Wilden).

Lefebvre (1946: 26-27) definía o método dialéctico como “a conciencia da forma, do movemento interno do contido (...) A historia é o movemento dun contido que enxendra diferencias, polaridades, conflitos, problemas teóricos e prácticos e que os resolve (ou non)”. Quizais sexa ese autor quen mellor resume a posición de que o uso da lóxica dialéctica é imprescindible para comprender a historia (o cambio, o movemento) e a sociedade, pero que, ao mesmo tempo, precisa de análises máis “formais” a niveis máis básicos antes de chegar a formulacións complexas (o mesmo argumento en Novack, 1978: 38, 78). O formalismo propio do positivismo lóxico, polo contrario, absolutiza o método científico e redúceo á aplicación sistemática da lóxica formal (os principios de identidade, non contradicción e terceiro excluído) para chegar á “verdade” (Cohen e Nagel, 1979: 8; Piaget, 1970). En certo sentido, o debate conduciríanos moi lonxe agora (para valorar as relacións entre idealismo e materialismo, permanencia e cambio, universalismo e particularismo, etc.), pero podemos reter unha idea básica: unha das oposicións máis evidentes entre ámbalas lóxicas reside na “parcialidade” que se toma, no nivel dialéctico de análise, por un dos polos das contradicións reais analizadas e pola necesidade de complementar as “verdades” con “estratexias”: construindo proposicións e realizando prácticas superadoras dos conflitos. Dende o formalismo estas operacións son políticas, ideolóxicas ou éticas, pero non científicas; sen embargo, de non telas en conta previamente á investigación e durante esta, resultará difícil acceder a eses niveis de realidade (fundamentalmente, ao nivel epistemolóxico das relacións entre as palabras e as cousas, e ao nivel teórico das relacións entre estruturas e sistemas).

O maior problema de quen usa metodoloxías participativas e tenta enmarcalas nunha perspectiva dialéctica é que se pasa a un extremo oposto: a absolutización do método dialéctico, sen necesidade de preguntarse qué é dialéctico e qué non na realidade (ou con qué escala e criterios fai esas distincións). As versións máis frecuentes disto son aquelas que conciben a dialéctica como “unión dos contrarios” (investigación e

acción, teoría e práctica, suxeito e obxecto, etc.): é dicir, como unión do que estaba separado. Deste modo faise da dialéctica unha capacidade superior do pensamento e non un "método" máis para coñecer a relación entre a "realidade" formal e a dialéctica. Sen chegar a este extremo inverso de neopositivismo, aínda se asocia sen distinción ningunha a dialéctica á unha especie de "vaivén" (de ida e volta) entre coñecemento e acción, ou a un diálogo horizontal de aprendizaxe, cando estes só serían uns procesos máis de relación social, non reflectindo necesariamente o método de análise dialéctica (Gabarrón e Hernández, 1994: 25, 29; Goyette e Lessard-Hébert, 1988: 151, 153). Pola súa parte, algúns socioanalistas rexeitan a dialéctica por canto que a ven máis como unha "lóxica de demostración" e elaborada tecnicamente polo investigador, e non como unha "lóxica de investigación" nin na que se analicen socialmente, en grupo, as transformacións, movementos e contradicións (Lourau, 1978: 89, 91), caendo esta vez no prexuízo de identificar a lóxica de análise dialéctica coa separación das prácticas e dos investigadores.

Voltando á formulación clásica (a dialéctica como "ciencia" que estudia o cambio), algúns autores reformulan a validez do método dialéctico para as metodoloxías participativas de forma máis restrinxida. Así, Demo (1985: 52-57) considera que a análise dialéctica consistiría na explicación das contradicións sociais e dos conflitos históricos, pero que iso non significa eludir os problemas lóxicos, ideolóxicos e prácticos que supón toda construción de "verdades", toda teoría, en definitiva. En concreto, ese autor considera que as metodoloxías participativas deben someterse a tres regras coherentes cunha análise dialéctica: 1) que os criterios de verdade de calquera teoría producida requiren unha constante validación, non só pola práctica, senón tamén pola consistencia lóxica e pola capacidade de obxectivación empírica e adecuación histórica, 2) que as prácticas deben concretarse, seleccionarse e, por tanto, limitar historicamente á teoría; 3) que toda práctica é, ante todo, ideolóxica no sentido de que se realiza dentro dunha opción política de

intervención na realidade. En definitiva, o método dialéctico non consiste exclusivamente en unir o que estaba separado, senón nunha "unión" específica (superando practicamente as contradicións ou creando novas posibilidades de acción onde só había homoxeneidade); pero tamén consiste en separar o que estaba unido, distinguindo as contradicións no seu "movemento" histórico, comprendéndoas e explicándoas con todos os medios ao seu alcance, incluída a participación social da poboación non académica.

## **6.2 A INVESTIGACIÓN-ACCIÓN-PARTICIPATIVA: UNHA DEFINICIÓN**

Existen, por suposto, diversas correntes "académicas" que practican e teorizan sobre a -i-a-p-. A historia desta é longa e abrangue non só a filosofía dialéctica (coas distintas versións de "holismo" e de "marxismo" máis ortodoxo ou máis heterodoxo que a acompañan), senón tamén a pragmática, o interaccionismo e o constructivismo (coas distintas variantes de "solipsismo" ou subxectivismo), á parte das correntes hermenéuticas con ascendente weberiana (obxectivar "sen valores" os valores subxectivos) ou sen ela (a interpretación relativista cargada de valores), pero este non é lugar para tratar eses fundamentos (Fals Borda, 1985, 1989; Goyette e Lessard-Hébert, 1988; Esteves, 1987; González et al., 1989; Whyte et al., 1991; Toulmin, 1996). Os campos ou ámbitos nos que se tentou promover a -i-a-p- (ou modalidades próximas a ela) cobren, ademais, o amplo abano que preocupa ás ciencias sociais: a psicoloxía social do consumo ou das relacións interraciais, a antropoloxía social, a socioloxía urbana, o estudio de organizacións industriais e campesiñas, a educación de persoas adultas, o cooperativismo, etc. (Lewin, 1946; Tax, 1960; Quintana et al., 1986; Zamosc, 1987; Greenwood e González, 1989; Sobrino, 1989; Kemmis e McTaggart, 1992; Lammerink, 1994; Sosa e Guerra, 1995; Blackburn et al., 1998).



Igualmente, todo ese denso corpo de investigacións proporciona unha sólida base para clarear o específico da -i-a-p- de xeito tal que varios deses autores sistematizaron os principios metodolóxicos que os orientaron nas experiencias de -i-a-p- realizadas e o proceso técnico seguido (tanto nas súas fases como no repertorio de "técnicas" de coñecemento, divulgación, aprendizaxe e acción que empregaron), aínda que a censura académica se exerceu duramente para esta modalidade que tentou superar a "observación participante" antropolóxica, e, por tanto, habitualmente quedou ausente dos tratados de metodoloxía cualitativa ou do curso corrente das publicacións científicas. Sen espallarme agora sobre os distintos usos técnicos da -i-a-p-, paréceme importante entrar no debate sobre os "principios" que a distinguen doutras perspectivas metodolóxicas, como a distributiva e a estrutural, contribuíndo así á súa definición xenérica. De feito, considero que os trazos vistos ata o de agora para definir a perspectiva dialéctica son válidos pero insuficientes e nos meus traballos de campo estiveron presentes outros elementos que aquí vou explicitar.

Basicamente, podemos definir a -i-a-p- como unha metodoloxía dialéctica de investigación que produce información útil para un colectivo social "non experto" a partir de que el mesmo ou persoas "expertas" que colaboran con el definan as súas necesidades e problemas, produzan e intercambien mutuamente os coñecementos "científicos" e "populares", e comprobén a utilidade da información elaborada mediante a práctica de accións de cambio.

Tanto investigar, como actuar, como participar, son procesos sociais que teñen vínculos mutuos específicos, aínda que xeralmente se conciben estes como unha "espiral". Esta imaxe ten a virtude de sinalar que uns procesos dan lugar a outros, que existen implicacións e determinacións mutuas entre eles, así como retroalimentacións (positivas ou negativas). Pero non é válida para ilustrar que eses procesos nunha -i-a-p- poden tamén desenvolverse de forma simultánea, que as determinacións poden provir do contexto exterior ao grupo formado en

“coalición” e ata da mesma “forma” que adopta o proceso en conxunto, e que tamén, por último, sempre poden existir distincións entre os procesos e os seus principios e finais que se deberán “puntuar” estratexicamente se se queren cumprir os obxectivos, non deixándoos fluír fóra do control autoxestionado do grupo. Tampouco a “espiral” de Lewin (entre planificación, acción e avaliación) (Palazón, 1993) especificaba suficientemente os vínculos de unión entre as distintas compoñentes da –i-a-p-, polo que debemos acoutar un pouco máis a definición desta.

En realidade, para realizar unha –i-a-p- adoitan ser necesarios os seguintes requisitos:

- 1) que o colectivo popular explicita as súas necesidades e problemas, que actúe e se comprometa a actuar para cambiar esa situación, e que aprenda colectivamente dese proceso;
- 2) que algunhas persoas ou todas dese colectivo participen nalgunhas fases ou en todas as fases da –i-a-p- xunto ás persoas técnicas, como procedemento para socializar e compartir coñecementos durante o proceso;
- 3) que, sobre todo as persoas expertas, usen todas as técnicas de investigación axeitadas ao tipo de obxectivos e problemas formulados, pero tamén que se produzan continuamente informes provisionais que vaian sendo revisados pola comunidade e que, tamén de forma continuada, se formulen propostas de acción acordes á información obtida e á situación da comunidade;
- 4) que as persoas expertas en investigar participen xunto á comunidade na análise colectiva da información (aínda que esa análise en gran medida sexa “coordinada” polas primeiras) e na implementación das accións de cambio (aínda que esas accións en gran medida sexan “coordinadas” polos activistas);
- 5) que, sobre todo, as decisións iniciais de aprobar a realización da –i-a-p- segundo uns obxectivos consensuados e as decisións finais de aceptar os resultados do proceso e de actuar


internamente ou no contexto do grupo formado, sexan tomadas polo conxunto do colectivo implicado (todas as persoas pertencentes á comunidade e todas as investigadoras) (definicións similares á miña en Le Boterf, 1986, Park, 1989 e Suárez, 1998).

En definitiva, non coido que se trate dunha simple "arte clínica" (Toulmin, 1996) para resolver problemas (como a medicina ou a enxeñería, segundo ese autor), nin tampouco dunha simple "técnica" dialéctica para "conectar" elementos separados (investigadores e investigados, teoría e práctica, etc.). No plano do coñecemento búscanse tanto explicacións como comprensións dos problemas e das necesidades sociais, ben no interior do colectivo en cuestión, ben no seu contexto externo máis inmediato. O feito de que ese coñecemento sexa elaborado de forma exclusivamente técnica ou de forma colectiva a partir das informacións producidas en accións de cambio onde verificar hipóteses provisionais, ou a partir de situacións de aprendizaxe mutua, onde discutir, propoñer, planificar e contrastar mutuas observacións, non lle resta validez e eficacia ao mesmo (aínda que poida ser unha simple validez "retórica", un "xogo de linguaxe" máis, e unha asociación de familias de significados en uso, como postulan os wittgensteinianos). E todo iso sen aceptar o corte formalista entre a chamada "investigación pura" (ou básica) e o seu uso aplicado (tecnolóxico), como se as ciencias sociais debesen renunciar a recomendar pautas de acción:


*"Unha boa teoría nunca debería deixarnos coa idea de que o mundo está feito de vez. A teoría debería servir como ponte entre o empírico e o potencial. ¿E por que deberíamos ser máis neutrais acerca do potencial do que somos acerca do empírico, para o que nunca deixamos pasar xuízos de valor? Unha boa teoría non ten por qué, pero podería estar ben formulada en termos de valores explícitos que nos permitan contrastar o empírico e o potencial dende os valores e os intereses, indicando traxectorias dende o empírico ao potencial. ¿Por que non pode ser unha boa teoría indicativa da acción como en arquitectura ou enxeñería?" (Galtung, 1990)*

Volverei máis adiante sobre a cuestión do carácter "obxectivo" dese coñecemento porque agora, en segundo lugar, temos un problema pendente. Xa apuntei antes que toda "técnica" de investigación é unha "práctica" social e unha "teoría en acto" e, polo tanto, sería unha contradicción cos principios "ideolóxicos" (metodolóxicos e teóricos) que a -i-a-p- establecese calquera tipo de vínculos entre as partes que pretende unir. En concreto, a -i-a-p- establece un proceso de autoxestión do coñecemento para avanzar na "liberación" de opresións concretas (problemas ou necesidades) que sofre o colectivo que demanda a "investigación" e á que deben responder especificamente os investigadores (aínda que tamén estes poidan chegar a coñecer outras cousas "básicas" gracias a esa experiencia). Esa autoxestión, polo tanto, fai que o vínculo principal sexa entre técnicos e comunidade mediante a igualdade de dereitos, a cooperación e o control democrático de todo o proceso de produción de coñecementos.


Por iso en varios casos infórmase dos efectos perversos de perder ese eixo do coñecemento e da democracia directa da súa autoxestión cando os técnicos se desprazan cara a roles máis activistas ou "pseudopolíticos" (deriva criticada con bos argumentos por Zamosc, 1987 e Montañés, 1995). Por outra parte, autores como Villasante (1994, 1995: 212ss.) cren que, sen desviarse dese eixo, poden concibirse outras técnicas/prácticas dialécticas e así propón as "Programacións Alternativas Integrais (PAI)" mesmo dentro dunha perspectiva metodolóxica distinta (a chamada por el "práxica"), se ben eu coido que seguimos baixo o paraugas da mesma perspectiva dialéctica, xa que esas PAI son parte esencial de calquera -i-a-p- que formule dunha maneira holista as súas informacións e prácticas e, como o mesmo autor recoñece, non existe tanto unha ruptura clara entre ambas, senón que a PAI é máis ben un *"matiz, ou complemento ou desdoblamento, da dialéctica ou investigación participativa"*.



[A]



## 4. Informes provisionais e definitivo

**[B]**



[C]

**Fig. 3**

*Paso dun modelo clásico de demanda de investigación (A) nas perspectivas distributiva e estrutural, a dous modelos de autoxestión da demanda na -i-a-p- (B e C)*

### **6.2.1 Máis acá da “ciencia popular” e da “observación militante”**

A delimitación metodolóxica que estou realizando aquí ten, como xa dixen, a súa propia historia e algunhas das aportacións latinoamericanas foron esenciais para espallar as metodoloxías participativas polo resto do mundo. Non obstante, nesas orixes tamén se crearon conceptos como o de “observación militante” e “ciencia popular” que, sen embargo, poden desenfocar a valoración xeral das virtudes profundas que encerra a -i-a-p-. Será preciso, pois, sometelos a unha revisión crítica antes de especificar os restantes principios destas metodoloxías.

Un dos investigadores que deu a coñecer e defendeu a “observación militante” na antropoloxía, foi Stavenhagen (1971). Para el era preciso chegar a un coñecemento alternativo fronte ás dúas tendencias existentes: a “alienación do investigador” que produce

información sen importarlle o uso final desta, e a “investigación acumulativa” de coñecementos que seguen as interpretacións hexemónicas nas sociedades capitalistas (o funcionalismo e o conductismo) e se distribúen desigualmente entre as clases e grupos sociais da mesma. O coñecemento alternativo, pois, tentaría

*“ofrecer explicacións alternativas; explorar novas vías teóricas e exercer a súa crítica intelectual das ‘verdades’ establecidas ou aceptadas e, ao mesmo tempo, promover a redistribución do coñecemento. A partir deste momento a acumulación do coñecemento pode volverse perigosa ante os ollos daqueles que controlan as institucións académicas ou políticas, e o noso home de ciencia terá un acceso decrecente aos fondos para investigación, o seu contrato poderá non ser renovado, pódeno forzar a abandonar a universidade e, en casos extremos, obrígano a abandonar o país ou pode ser encadeado.” (Stavenhagen, 1971)*

A “alienación” e a “acumulación” de toda a ciencia, incluídas as ciencias sociais, ten como consecuencia a elitización e mistificación do coñecemento, polo que Stavenhagen, igual que Wright Mills, sitúa gran parte da responsabilidade para evitar esas consecuencias na figura dos propios investigadores (os técnicos). Un exemplo esclarecedor deses efectos é o seguinte comentario:

*“Sempre me emocionan os prólogos ás monografías publicadas sobre América Latina, nos cales o agradecido autor expresa o seu recoñecemento a Don Simpático, a Doña Gracias e aos demais habitantes serviciais de San Pedro ou San Miguel (ou calquera que sexa o nome do barrio ou pobo), sen a colaboración e hospitalidade dos cales o estudio nunca se podería ter escrito. Pero ¿que chegan realmente a coñecer dos resultados da investigación estas comunidades e estes serviciais informantes cunhas vidas que tan frecuente e coidadosamente poñen ao desnudo os expertos investigadores? ¿Faise algún esforzo para canalizar as conclusións científicas e os resultados cara a eles, para traducir a nosa xerga profesional a conceptos cotiáns que a xente poida entender e dos cales poida aprender algo, e, sobre todo, resultados aos cales eles poidan contribuír por medio do diálogo? ¿Non sería recomendable que as institucións patrocinadoras, en colaboración cos investigadores, realizasen esforzos para asegurarse de que os resultados dos estudos se liberasen das ligas das publicacións especializadas, as bibliotecas das universidades ou o esquecemento dos arquivos*



*gubernamentais? ¿Poden os libros sobre os campesiños ser sometidos á atención das organizacións campesiñas e ser discutidos con elas e utilizados por elas? ¿Pode facerse que os estudos sobre migrantes urbanos axuden aos sindicatos e ás asociacións voluntarias locais a entender mellor e por tanto a resolver os seus problemas? ¿Non poden os estudos sobre movementos sociais, rebelións e revolucións populares ser desposuídos dos seus adornos científicos e eruditos, e poñerse á disposición dos propios revolucionarios?” (Stavenhagen, 1971)*

Para responder afirmativamente a estas interrogantes cruciais que son as que lle dan sentido “emancipatorio” a toda a corrente de -i-a-p-, o anterior autor, sen embargo, remata engadíndolle ao investigador “alternativo” o rol de “observador activista”, “organizador político” e “axitador social”. Este prototipo de “observación militante” ten a vantaxe de trascender os papeis tecnocráticos (como o de administrador dalgún programa estatal despois de investigar) ou de “visitante transitorio” que adoita ter a observación participante propia da antropoloxía. Segundo Zamosc (1987), a observación participante só tería como obxectivo de coñecemento a “empatía”, coñecer a cultura por inmersión aberta nela mesma. A “observación militante” encaixaría na súa clasificación tanto no nivel da “investigación comprometida” que ten por obxectivos a “simpatía” (obter coñecementos que respondan aos intereses dos grupos investigados), como no nivel da “investigación-acción” que ten por obxectivos a “simpatía” e a “sinerxia” (sumándose á acción directa dos investigados para alcanzar os obxectivos destes).

Pero este mesmo autor, Zamosc, avalía comparativamente a súa experiencia de -i-a-p- con organizacións campesiñas colombianas e a de Fals Borda, chegando á conclusión de que unha excesiva implicación ideolóxica e política por parte dos investigadores remata por erosionar a lexitimidade do traballo investigador e o consenso deste coa comunidade coa que se investiga. A consecuencia que eu tiro destes resultados non é que se deban eliminar esas tensións deixando de practicar a -i-a-p-, xa que nas outras alternativas a deslexitimación da investigación está presente dende o principio, senón que, de non seren superadas esas

tensións creativa e democraticamente durante a propia –i-a-p-, entón débese “puntuar” a propia finalización do estudo, sen necesidade de esperar unha continuación infinda da “espiral”.

Fals Borda aportou os primeiros escritos sistemáticos sobre a –i-a-p- en xeral e sobre as súas experiencias en particular. Á parte de definila ideoloxicamente (*“traballa para armar ideolóxicamente as clases explotadas da sociedade, para que asuman conscientemente o seu papel como actores da historia”*, Fals Borda, 1989: 37), destacan entre as súas contribucións ao clarear as técnicas principais que se poden usar e tamén unha polémica noción de “ciencia popular” como un dos seus principios básicos. Nos seus primeiros traballos de síntese (no Simposium de Cartagena de Indias de 1977) recoñecía que a *“sabedoría popular, o sentido común e a cultura do pobo”* eran valiosos, necesarios e fundamentais para crear coñecementos científicos, pero *“non se viu cómo podía articularse o coñecemento científico verificable que se buscaba, para orientar as campañas de defensa dos propios intereses populares”* (Fals Borda, 1989: 19, 33). Por oposición á “ciencia burguesa” postulaba que o proletariado tamén podía *“desenvolver e impoñer”* a súa propia ciencia ou *“sistema propio de interpretación da realidade”* (ibid.: 42). Pero tamén afirmaba que non foi posible

*“recoñecer e respectar a súa sabedoría popular e o seu sentido común, para ver se, por alí, se podía desenvolver a súa propia ciencia; pero isto non deu resultados palpables. Había, evidentemente, unha interpretación campesiña e obreira da historia e da sociedade, cómo esta saía da propia entraña do pobo traballador, da lembranza dos seus anciáns informantes, da súa tradición oral e dos seus baúis-arquivos: era unha interpretación distinta da burguesa consignada nos textos coñecidos de historia. Houbo casos estimulantes nos que se logrou que diversos cadros campesiños plasmaran por escrito as súas concepcións ideolóxicas novas; estes escritos tiveron un efecto positivo na politización e creación de conciencia proletaria noutros compañeiros e serviron para deliñar unha ‘ciencia popular’. Pero, en xeral, a voz das bases tivo acentos moi tradicionais que reflectían o peso da alienación á que os tiña suxeitos o sistema capitalista: eran necesariamente persoas educadas en e corrompidas pola sociedade capitalista. Ata os cadros considerados*

*avanzados, moitas veces demostraron non ter conciencia clara da súa acción na historia." (Fals Borda, 1989: 43-44)*

As súas catro "regras"/técnicas principais que postula para a -i-a-p-teñen (especialmente a segunda), precisamente como obxectivo resolver eses problemas atopados na práctica (Fals Borda, 1993):

- 1) *"investigación colectiva" ("información recolectada e sistematizada nunha base grupal (...) a confirmación obtense dos valores positivos do diálogo, a discusión e argumentación e o consenso dentro da investigación obxectiva das realidades sociais");*
- 2) *"recuperación crítica da historia" ("descubrir selectivamente, e a través da memoria colectiva, aqueles elementos do pasado que demostraron ser de utilidade na defensa dos intereses das clases explotadas, os cales poden ser usados nas loitas do presente");*
- 3) *"valoración e aplicación da cultura popular" ("recoñecemento dos valores esenciais ou centrais da xente de cada rexión. Isto permite que os elementos frecuentemente ignorados na práctica política no campo da etnia e a cultura, como son a arte, a música e o drama, os deportes, as crenzas, os mitos, os contacontos e outras expresións relacionadas ao sentimento, a imaxinación e as tendencias lúdicas ou recreacións humanas, sexan utilizados");*
- 4) *"producción e difusión de novo coñecemento" ("Aínda que a IAP busca acabar co monopolio da palabra escrita, incorpora en si catro estilos e procedementos diversos para a sistematización dos datos e do coñecemento en concordancia co nivel de conciencia política e a habilidade para entender as mensaxes escritas, orais e/ou visuais das comunidades de base e do público en xeral").*

Pero na maioría dos seus textos permanecía unha confianza ontolóxica na existencia dunha “verdadeira ciencia popular” (Fals Borda, 1991) e, por tanto, o “saber dos científicos” debería “mesturarse e converxer” con ela para así retar ao “monopolio positivista presente, ao etnocentrismo da ciencia occidental e á tecnoloxía da destrución” (Ibid.).

*“Por ciencia popular –o folclore, saber ou sabedoría popular– enténdese o coñecemento empírico, práctico, de sentido común, que foi posesión cultural e ideolóxica ancestral das xentes das bases sociais, aquel que lles permitiu crear, traballar e interpretar predominantemente cos recursos directos que a natureza ofrece ao home. Este saber popular non está codificado á usanza dominante e por iso desprézase e relégase como se non tivese o dereito de articularse e expresarse nos seus propios termos. Pero o saber popular ou folclórico ten tamén a súa propia racionalidade e a súa propia estrutura de causalidade, é dicir, pode demostrarse que ten mérito e validez científica en si mesmo. (...) Gramsci sinalou unha ruta cando sostivo que nas clases traballadoras existe unha ‘filosofía espontánea’ contida na linguaxe (como conxunto de coñecementos e conceptos), no sentido común e no sistema de crenzas que, aínda que incoherente e disperso a nivel xeral, ten valor para articular a práctica diaria. En efecto, sóbranos lembrar o moito que este saber e cultura popular fixeron pola civilización, o cal vai dende produtos agrícolas indíxenas ata prácticas empíricas de saúde e ricas achegas artísticas. Non é infrecuente atopar persoas cultas que se apropian do saber popular ou das súas técnicas e artes e os transforman facéndoo aparecer como novos descubrimentos e modas.” (Fals Borda, 1989: 91, 96)*

De todo o anterior pode deducirse que todo ese saber popular adquire un papel relevante en calquera –i-a-p-. Estou de acordo en que, fronte ao positivismo e ao racionalismo, unha investigación dialéctica debe partir dese saber popular e de todos os “prexuízos” do sentido común, pero non me parece sostible que esa mesma cultura popular sexa tamén o punto de chegada. E a razón non é, ao meu parecer, que a xente estea “alienada” polo capitalismo xa que, de feito, é parte da xente organizada a que demanda a –i-a-p- (a non ser que se impoña dende a Academia, co cal se poría en cuestión a mesma necesidade da investigación e a resposta a problemas sentidos socialmente); máis ben,

penso que cada proceso de -i-a-p- involucra distintos colectivos sociais e mesmo implica colectivos que non participan directamente na investigación, e, polo tanto, as "reformas radicais" que se poden derivar dela estarán circunscritas a esas "illas" de opresión particulares que se queren coñecer e transformar. O obxectivo implícito da "revolución", ou de forzar a "converxencia" coa ciencia normal, ou de simplemente sistematizar ou "traducir" os coñecementos populares, non deixan de recaer, ao meu xuízo, nun certo "lexitimismo" de fondo cun "populismo" na superficie (Grignon e Passeron, 1989).

Park (1989), sen deixar de suxerir eses mesmos defectos na súa reivindicación da cultura popular, apunta, sen embargo, unha idea que considero valiosa: en realidade, cando estudiamos a cultura popular, recoñecéndoa e usando elementos valiosos dela para a autosuficiencia das clases populares, o que estamos facendo é "creando" esa cultura popular (ou ciencia ou saber), reinventándoa e conseguindo así que as clases populares teñan confianza nelas mesmas, no seu poder de autoorganización ao percibiren que son "parte" dun coñecemento valioso. Difícilmente podemos devolverlles algo que non é de ninguén nin recuperar algo que nunca foi homoxéneo, e as máis das veces está perdido en moitos lugares e memorias: tan só podemos crealo ou recrealo.

Villasante (1995: 198), pola súa parte, centra a crítica deste punto nos problemas que existen na definición do "pobo", xa que dentro da cultura popular existen contradicións como as que poden existir no capitalismo, no socialismo ou durante un proceso revolucionario. O machismo pode coexistir coa axuda mutua, a aspirina coas herbas curativas, a televisión cos contos ao carón do lume, o clientelismo cunha ocupación de terras, etc. (véxase tamén, no mesmo sentido, as subtís descrições de Bourdieu, 1979: 398, 402). Unha investigación dialéctica, pois, debe analizar tamén esas contradicións e facer propostas estratéxicas de superación dentro do contexto social no que se desenvolva a -i-a-p-. Rodríguez Brandão (Fals Borda e Rodríguez Brandão, 1987: 37ss.) vai máis lonxe e discute, dende a antropoloxía, a mesma

noción de 'ciencia popular'. Para el poden existir, en efecto, dous ámbitos de coñecemento, o popular e o erudito. Pero iso non significa que todo o que se produce na universidade sexa superficial ou manipulativo, nin que todo saber popular saque da marxinalidade (da precariedade de recursos, en xeral) ou permita a supervivencia. De feito, a "popularización" de moitos coñecementos eruditos ou a maior alianza dos científicos cos movementos populares poden potenciar máis as clases populares que a simple reprodución ou recuperación da cultura popular. O "popular" dunha -i-a-p-, pois, residiría máis no proceso, na participación da xente na investigación e na elaboración de informacións que lles sexan útiles.

Gaventa (1991), por último, ofrece unha posición intermedia neste debate: demostra que en numerosos casos poden seguirse os consellos de Fals Borda de *recuperar* o "saber popular", por exemplo, na autoplanificación popular de moitas comunidades e empresas cooperativizadas, nas análises populares da contaminación ambiental e a saúde pública, ou en elaborar "historias dos traballadores"; pero tamén reconece que, en numerosos casos, para moita xente das clases populares resúltalle unha experiencia demasiado rara, extraordinaria e fóra da súa experiencia cotiá o feito de "sistematizar" o seu coñecemento; que moitos coñecementos populares non "saben" moitas cousas importantes para a emancipación popular, como, por exemplo, reaccionar ante novas tecnoloxías ou sustancias químicas; e que non todo o mundo pode implicarse en procesos de produción de coñecementos, por falta de tempo ou por ter outros intereses importantes para a súa supervivencia ou outras prioridades vitais.

Polo tanto, un certo compromiso ideolóxico e un certo recoñecemento do saber popular son necesarios, pero o método para integralos nun proceso de -i-a-p- reside, como acabamos de matizar e argumentar, en non fracturar este proceso (é dicir, deixando de satisfacer os obxectivos de coñecemento e a resolución dos problemas, e facelo á marxe do contexto de autoxestión democrática creado e das relacións

comunitarias) ao prezo de confundir os roles desempeñados ou esencializar as fontes da cultura popular.

### **6.2.2 Resposta ás críticas sobre a obxectividade e a validez da investigación participativa**

Ata o de agora só tanxencialmente aludín ás técnicas máis concretas que pode usar a -i-a-p-, pero tamén se expresou que pode usar técnicas propias das perspectivas metodolóxicas distributiva e estrutural articuladas con elas ou transformadas lixeiramente nalgúns dos seus aspectos para integralas nun deseño dialéctico ou participativo da investigación. Como vimos, Fals Borda enunciou catro técnicas principais, pero outros autores foron máis alá en sistematizar as fases e técnicas dialécticas que se lles podían asociar. Le Boterf, por exemplo (cit. en Palazón, 1993) fai o deseño en catro fases:

- 1) planificación metodolóxica e das relacións institucionais que se van manter, entre técnicos e organizacións sociais: a) informando á poboación do proxecto e discutíndoo cos seus representantes; b) formulando o marco teórico da -i-a-p-; c) delimitando a zona; c) organizando o proceso de -i-a-p-; d) seleccionando e capacitando os investigadores; f) elaborando o orzamento económico; g) elaborando o calendario;
- 2) estudo preliminar e provisional da zona e da poboación: a) estrutura social da poboación; b) o punto de vista dos habitantes e os principais eventos da súa historia; c) a información socioeconómica e tecnolóxica; para desmitificar a homoxeneidade da "comunidade", diferenciar as necesidades e problemas de cada grupo, determinar os grupos para e cos que se vai actuar e comprendendo a situación "convivindo" e "compartindo" a vida cotiá da poboación, máis que gravando

ou tomando notas; por último facendo unha devolución, discusión e contraste da información con todas as persoas implicadas;

- 3) análise crítica dos problemas considerados prioritarios para estudar máis a fondo e retroalimentación dos resultados desa discusión a cada grupo da comunidade;
- 4) programación e execución dun plano de acción, incluíndo accións educativas, para solucionar os problemas confrontados, e avaliando permanentemente a orientación, contido e execución das accións.

Villasante (1994, 1995: 203-227) propón dúas dimensións xenéricas que denomina “escoitar e atopar” e “provocar e negociar”. Pero o principal delas é que se trata de analizar as accións que se deron no pasado, que se están dando no presente e que se poden dar no futuro. De feito, toda a primeira fase de “reflexión sobre as accións” terá tres eixos de análise que combinan técnicas de distintas perspectivas (sobre todo entrevistas grupais e talleres de debate):

- 1) “Implicación”, os datos das necesidades do contexto socioeconómico, con qué fraccións de clase e clases sociais está cada colectivo da comunidade, en cada ámbito de qué maneira e qué reivindicacións, bloques ou confrontamentos se manteñen;
- 2) “Autoemancipación”, mapeo das actividades e organizacións e sectores informais existentes, e o tipo de culturas dependentes ou emancipadoras, as redes de convivencia, os “conxuntos de acción” que funcionan entre sectores sociais;
- 3) “Potencia”, proxectos que están en marcha e que conseguen aglutinar a xente, a partir das necesidades sentidas e das contradicións existentes, a compatibilidade mutua entre eles e a súa sustentabilidade ecolóxica.

Na segunda fase trátase de seleccionar aqueles “elementos” que potencien un dos proxectos de acción e unha programación concreta



para conseguir solucións alternativas ás xa experimentadas para o problema premente. Para iso usaríanse técnicas de dinamización de grupos (como as "tormentas de ideas") ou de comunicación popular (como representacións dramáticas protagonizadas por membros da comunidade) en torno aos elementos clave extraídos da investigación, polo que esta segunda fase queda codificada en tres novos momentos de "autoplanificación":

- 1) "Programación", definición de datas, recursos e xente en forma de "presuposto" e proceso de acción mediante campañas de difusión popular do proxecto, formación de voluntariado e avaliacións constantes;
- 2) "Alternativa", transformación social con amplos sectores populares que apoiem a campaña, non só co grupo organizado e promotor, creando un proceso que se "autosustente" nesa autoorganización creada entre varios grupos e que sexa "sustentable" para futuras xeracións (non malgastando nin destruíndo recursos naturais e artificiais);
- 3) "Integral", acoplados a un territorio descentralizado pero amplo, distintos elementos reivindicados conxuntamente (equipamentos, emprego e cultura, sobre todo), non promovendo proxectos excesivamente sectoriais, e usando as propias forzas e os recursos endóxeos para reducir as dependencias externas do proxecto.

Non me vou deter agora en cuestionar estas ou outras propostas semellantes xa que considero que, sendo imprescindibles para guiar practicamente un proceso de -i-a-p-, están só ao nivel da "estructura superficial" das metodoloxías participativas. A razón polas que as traio aquí a colación é porque existe unha crítica xeneralizada a estas metodoloxías por careceren de "obxectividade" científica en conxunto e porque o método empregado non supera as probas de "validez" estandarizadas.

A primeira resposta a estas críticas é que deberían distinguir as probas de validez segundo o tipo de técnicas empregadas en cada

momento dunha -i-a-p-, xa que non hai un modelo *standard* de técnicas participativas. De aí que os tres exemplos amosados suxiren que é posible admitir probas de validez convencionais, pero en realidade estas proceden case sempre da perspectiva distributiva e estatística, polo que só se poden aplicar a poucos momentos dunha -i-a-p-, cando se pode. A maioría de técnicas usadas son de tipo cualitativo e só nalgúnhas (como a análise de discursos ou a realización de entrevistas abertas ou grupais) existe un repertorio ben desenvolvido de probas de validez. Pero o principal, non obstante, é que a validez global dunha -i-a-p- non ten que ser, para ser coherentes cos seus principios, establecida por persoas alleas ao proceso (aínda que non hai por qué excluílo). É dicir, que deberían ser as persoas involucradas directa (organizadoras) ou indirectamente (afectadas) na -i-a-p- as que deben decidir se os coñecementos acadados son "válidos", se lles serven para comprender e explicar os seus problemas e, ao mesmo tempo, se se realizaron accións coherentes con eles para demostrar que tiñan un verdadeiro "valor de uso". A esta cuestión adoitamos denominala a da 'verificación práxica' e irei con ela máis en detalle despois.

O problema máis básico, o da obxectividade, tamén merece atención. Novamente, a acusación que recibe a -i-a-p- xa a recibiron antes todas as metodoloxías cualitativas en ciencias sociais (e mesmo nalgúnhas pólas das matemáticas e ata da física teórica). Dende logo, se o paradigma volven ser as ciencias naturais que tratan, en principio (cousa que a certos niveis da materia tamén é discutible), con obxectos non vivos, inertes e que non discuten a linguaxe que usan os científicos, é difícil que o conxunto das ciencias humanas dean a talla desa obxectividade. Pensemos, por exemplo, na psicoanálise, na lingüística ou na historia, que, como razonaba Foucault (1966) canto máis pretenden coñecer os límites empíricos da humanidade (a necesidade), máis reducen a "transcendentalidade" e "liberdade" que pretendían incrementar.

A socioloxía ou a economía, entre outras ciencias sociais, adoptaron, nalgúnhas das súas correntes, o paradigma positivista, a

concepción do mundo dividido en "feitos atómicos", a sociedade composta en suma de individuos e os procedementos de replicabilidade experimental que podían equiparar o seu nivel de obxectividade co das ciencias naturais. Pero se esta obxectividade se consegue ao prezo de non comprender a globalidade da sociedade, as relacións entre estruturas e sistemas sociais, e a relación que mantemos coa natureza, evidentemente ese coñecemento non nos vale. Máis ben, a maior parte das ciencias sociais acepta, dende Marx, que é preciso ese coñecemento holístico e histórico; dende Weber, que é preciso comprender a subxectividade e racionalidade que "motivan" as accións sociais. A socioloxía da ciencia máis recente, ademais, discute tamén a presunta obxectividade das ciencias naturais, unha vez que estas usan metáforas da linguaxe cotiá ou non practican as prescricións metodolóxicas que formula o formalismo lóxico e o neopositivismo (Chalmers, 1982; Woolgar, 1988; Latour, 1991).

Todo isto non significa que sexa imposible un coñecemento obxectivo da sociedade, só que este nada máis se pode "construír" en certos niveis de realidade, os máis estables, os máis facilmente observables, os máis superficiais, os máis regulares, ou, como apunta Serres (1977), en realidade os máis improbables e esporádicos (illas de racionalidade nun mar de desorde). Por iso á -i-a-p- débesele esixir obxectividade naqueles niveis onde é posible para calquera ciencia: nos niveis que poidamos ver como máis "estructurados", o cal non sempre se pode determinar *a priori* (como sinalaban as tres perspectivas metodolóxicas de Ibáñez, chamamos 'feitos' a aqueles elementos que vemos máis estructurados, 'opinións' a aqueles algo menos estructurados, e 'prácticas' ou 'mobilizacións' sociais aos que admiten moi pouca estruturación). O que si podemos distinguir con máis pertinencia nas ciencias sociais, como veremos rapidamente, é o tipo de "reflexividade" implicada.

### 6.3 A ESTRUCTURA PROFUNDA DA INVESTIGACIÓN PARTICIPATIVA: CATRO PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Estes dous problemas, o da validez e o da obxectividade, impélenos a describir a “estructura profunda” das metodoloxías participativas para lograr, con esa operación, unha maior coherencia entre as distintas prácticas de –i-a-p- que se están producindo hoxe en día. Coido que, en principio, esa estrutura pode resumirse en catro principios básicos que nos axudan a centrar as cuestións metodolóxicas que distinguen a –i-a-p-, aínda que cada un deses principios encerra en si mesmo unha densa complexidade:

- 1) **Autocrítica autoxestionaria.** Igual que non existe a liberdade absoluta, tampouco existe unha autonomía ou unha autoxestión absolutas. Sempre son relativas: fundamentalmente, en relación aos seus contextos (os máis inmediatos ou os máis mediatos/“mediados”/distantes). A potenciación desa autonomía nun colectivo concreto, que pretende a –i-a-p-, conséguese, en primeiro lugar, cunha disposición crítica de toda a coalición implicada (investigadores e activistas) para coñecer as relacións do colectivo con eses contextos. Especificamente, introducirá a autocrítica no colectivo analizando tres cousas: a) a quen se representa e a quen se exclúe, b) qué tipo de participación e de autoxestión se practican realmente; c) qué relacións ocultas existen entre voluntariado e intereses privados. Para cumprir este principio non valen as críticas autocompracentes ou autoflaxelantes que se fixan obsesivamente nos fins utópicos que se queren conseguir e non nos medios que se van empregar para solventar eses problemas. En definitiva, o primeiro problema, case nunca recoñecido polo grupo que demanda a –i-a-p-, é a

súa relación cos seus contextos e a participación autoxestionaria que desenvolve.

- 2) **Identificación múltiple.** Os técnicos que posúen un saber prestixioso na súa sociedade (os “primeiros”) deben situarse “ao final” (Chambers, 1997), abaixo do todo, xunto á comunidade coa que se vai aprender e consensuar todo o posible. Trátase dunha horizontalidade imaxinaria, porque os investigadores participan só transitoriamente, pero é eficaz. A implicación dos técnicos debe ser metódica: deben reservar o seu saber para as tarefas que non poida ou non queira asumir a comunidade; deben levar propostas sistemáticas e razoadas a cada negociación coa comunidade. O seu compromiso non pode depender de todos os obxectivos da organización coa que traballa (intelectual orgánico), nin reducirse a reproducir a ideoloxía desta (intelectual militante). O seu compromiso (e o da comunidade) consiste en abandonar unha parte da visión da súa propia identidade. Implicarse, pois, non consiste en chegar ao mimetismo, a ser iguais, idénticos, senón en crear espazos onde perder o noso narcisismo e dispoñer de medios para atopar en qué nos parecemos, sen ocultar as nosas diferencias. O intercambio de saberes e sentidos é máis rico entre diferentes que entre iguais, pero, como é preciso un achegamento inicial para favorecelo, será precisa unha identificación múltiple de todas as partes: ser como os outros, pero non igual a eles (aprender algo de investigar ou de actuar pero non converterse en investigador ou activista, se ese non era o teu papel no marco desta -i-a-p-).
- 3) **Analizadores, devolucións e apropiacións.** A -i-a-p- non é un simple proceso de reflexión sobre a realidade (reflexión de primeira orde), senón un proceso de reflexión sobre a reflexión sobre a realidade (de segunda orde). Non ten como obxectivo coñecer, senón coñecer qué interesa coñecer e garantir que se

use socialmente o que se coñeza. O uso do coñecemento dentro do proceso da -i-a-p- implica a transformación dun contexto concreto de dominación social. Esta transformación non se fai tanto con boas intencións ou con compromisos militantes das persoas involucradas, senón con elementos do coñecemento acadado e compartidos colectivamente. Por iso deben observarse, seleccionarse ou inventarse 'analizadores' ou temas clave, candentes e latentes, que revelen as estruturas de dominación e condensen os proxectos de cambio. Estes analizadores guían o proceso analítico (a reflexión sobre a reflexión) da -i-a-p- por diante dos intereses particulares de cada unha das persoas implicadas. En segundo lugar, a constante devolución social da información xerada será dirixida tanto cara ao colectivo directamente implicado na -i-a-p- como cara aos colectivos indirectamente relacionados coa comunidade. Pero o uso do coñecemento non se garante só coa difusión do coñecemento, senón creando espazos e dispoñendo de técnicas e medios para garantir que a xente se apropia dese coñecemento, o entende e é capaz de usalo. As persoas son os axentes que estruturan eses tres mecanismos, pero, ao mesmo tempo, serán "productos" da estruturación que exerzan eses dispositivos guiando centralmente o proceso de -i-a-p-.

- 4) **Democracia financeira.** Un dos procesos contextuais que máis constrinxen o desenvolvemento dunha -i-a-p- é a obtención de recursos financeiros para ela. As colectividadeas sociais oprimidas que promoven unha -i-a-p- poden autofinanciar o proceso con medios participativos na súa comunidade, de forma que xa están actuando nela "concienciando" sobre as necesidades sentidas inicialmente. Pero o máis habitual é que se consiga financiamento externo. O principio básico aquí é conseguir que quen pague non mande. É dicir, que a -i-a-p- ten un carácter

social, non privado nin estatal, polo que os recursos conseguidos deben satisfacer ese fin social, non os intereses de reprodución material ou de lexitimación das entidades que financian. Por isto, a coalición de -i-a-p- debe marcar a súa autonomía no establecemento dos obxectivos de investigación e dinamización e na xestión dos recursos. Con esta operación “pecha” a negociación sobre a organización do proceso (o fluído), pero pode “abrir” a negociación coa institución que financia en canto ás cantidades e ao almacenamento dos informes finais (o sólido). Desta maneira rómpese co autoritarismo financeiro de quen paga e emprégase, dende o principio, un mecanismo participativo e democrático, a descentralización e redistribución económicas.

Nos seguintes puntos xustificarei máis polo miúdo a pertinencia destes catro principios metodolóxicos. Os dous primeiros en relación á necesidade de implicación e compromiso dos técnicos investigadores. O terceiro en relación ao desenvolvemento do proceso de -i-a-p- e o cuarto en relación ao seu contexto constrictor, polo que, sobre todo, nos conducirán a afondar máis en dous aspectos propios da obxectividade e validez da -i-a-p-: a reflexividade e a verificación praxeica.

### **6.3.1 *Inmersión, implicación metódica, intercambio e compromiso mutuo***

Os dous primeiros principios aluden, fundamentalmente, ás relacións de implicación entre suxeitos investigadores (parcialmente activistas e auto-investigados) e suxeitos activistas (auto-investigados e parcialmente investigadores). Non é unha relación suxeito-objeto, nin tampouco simplemente de suxeito-suxeito. En realidade, é erróneo achacarlles ás técnicas distributivas ou estruturais de investigación social que son opresoras porque establecen unha relación suxeito-objeto: como xa o

anotamos noutros capítulos anteriores, todas as relacións de dominación social establecen unha relación suxeito-suxeito, para que alguén domine é preciso que alguén mande e que alguén obedeza, para que unha enquisa oprima é preciso que alguén pregunte e que alguén responda como quere o primeiro. As relacións de liberación, pola súa parte, tamén son relacións entre suxeitos. O que se necesita saber é qué tipo de relacións poden ser esas e, en concreto, dentro dun proceso de -i-a-p-. En xeral denominámolas como relacións de implicación ou de compromiso mutuo, pero coido que se poden especificar un pouco máis á luz dos dous primeiros principios metodolóxicos antes enunciados.

Que as relacións sociais sexan relacións entre suxeitos non significa, sen embargo, que non interveñan tamén nelas obxectos de toda índole (a natureza en primeiro lugar) nin que os suxeitos non teñamos capacidade de obxectivar (mesmo outros suxeitos). Por obxectivación podemos entender por agora a capacidade de concibir " cousas " externas a nós; externas no sentido en que podemos falar delas, pensalas, localizalas, aínda que estean no interior do noso corpo ou do noso pensamento, no máis extremo dos casos. Por iso dicimos que somos máis ou menos obxectivos segundo a maior ou menor distancia (espacial máis que temporal) que tomamos con respecto a esa ubicación dos obxectos (a observación planetaria, pois, sería o paradigma da máxima obxectividade neste sentido). Obxectivar, pois, é supoñer que existen cousas, obxectos, que non son suxeitos humanos, aínda que iso só poida ser unha ilusión útil cando se tenta concibir os asuntos humanos (os individuos, as relacións sociais ou as sociedades) como se fosen cousas, transitoriamente, mentres se pensa neles ou se constrúen discursos científicos sociolóxicos dende a maior distancia " posible " (en realidade, demasiada distancia dificulta calquera selección de variables con relevancia, e demasiada pouca distancia implica a necesidade doutro tipo de coñecementos non obxectivos).

Pero o coñecemento humano pode ser obxectivo tanto como subxectivo. En realidade é, ante todo, subxectivo, xa que é producido por



suxeitos humanos. Calquera ciencia é un discurso (construído) sobre unha realidade (construída, polo menos parcialmente) seguindo un pasos, un camiño, un método, axeitado ao 'obxecto' (construído) de coñecemento. Os sociólogos, pois, somos suxeitos da enunciación (producimos o discurso) e obxectivamos outros suxeitos e a nós mesmos como suxeitos do enunciado (dos que falamos). As condicións sociais e existenciais en xeral dende as que falamos, pois, sempre son máis amplas e cunha subxectividade máis rica cás que somos capaces de conter nos discursos científicos, onde só, como moito, podemos describir unha subxectividade sesgada. En segundo lugar, a aparencia dun suxeito único como autor dos discursos científicos (o investigador ou investigadores) oculta que esa produción só puido ser posible socialmente, gracias á colaboración de toda unha colectividade e, sobre todo, daquela que estivo involucrada na investigación que aparece só como obxecto nos discursos.

Estes dous feitos, xa que logo, deberían facernos reflexionar sobre o alcance da nosa implicación nunha –i-a-p-: nin imos ser capaces de coñecer toda a subxectividade presente, nin podemos ser capaces de deixar de obxectar parte da realidade social. Polo tanto, máis que dunha implicación entre suxeitos, sería máis preciso concibila como unha relación entre anacos de subxectividade e de obxectivación. Ademais, en terceiro lugar, case sempre son os técnicos ou investigadores profesionais os que descenden á comunidade coa que van facer a –i-a-p-; polo tanto, antes que chegar a unha implicación, a primeira operación que realmente se produce é a dunha “inmersión” con técnicas de observación participante. A inmersión é, pois, condición necesaria para o resto do proceso, pero non suficiente, xa que, a partir dela, pode darse maior ou menor “fracturación” para que se produza a buscada obxectivación da realidade social (é dicir, o que habitualmente denominamos maior ou menor implicación, sen designar realmente o proceso producido, só designando a empatía e a simpatía recíprocas).

En cuarto lugar, xa anotamos que existe un límite móbil en cada contexto de realización da –i-a-p-, polo cal os activistas non poden chegar

a convertérense en pseudoinvestigadores nin os investigadores en pseudopolíticos, se é que así non se negociou de partida. Neste sentido, máis que dunha implicación deberíamos falar de simple división do traballo, aínda que sexa flexible. Esa flexibilidade, non obstante, non reside na conciencia en abstracto do compromiso de cada persoa implicada na -i-a-p-, senón que residiría máis ben, como suxiren os socioanalistas (Lapassade e Lourau, 1971: 231), na materialización de acordos sobre horarios, datas, actividades, financiamento, obxectivos, asistencia a xuntanzas, etc. que si van apelar á conciencia de responsabilidade de cada quen involucrado no proceso para o seu cumprimento. Pero entón trátase máis dun compromiso (unha "decisión" libre e responsable) que se toma no que se pode e se quere, e menos dunha simple "actitude" de implicación.

A 'autoxestión da intervención', como a denominan Lapassade e Lourau, referíase basicamente á autoxestión entre técnicos e o grupo do tempo, o espacio e o diñeiro. Para desenvolve-la caracterizaron o compromiso do analista e do colectivo como 'implicación metódica'. Nun sentido político, referíase a que todos se comprometían a autoanalizar criticamente as súas "pertenzas e referencias" e non só a aprender ou a participar nas dinámicas do grupo (Lapassade, 1980: 37). No sentido epistemolóxico referíase a que os analistas nunca poden ser neutrais nin obxectivos, no sentido clásico do termo, xa que eles son parte do grupo que analizan e ao interviren nese grupo están modificando a situación de todas as persoas dese grupo, polo que o obxecto da autoanálise colectiva é o propio proceso de cambio producido no grupo (Lapassade, 1980: 107). Por último, nun sentido metodolóxico, esa implicación metódica referíase tamén a que a subxectividade desbordada do analista, máis narcisista se cabe canto máis consciente é da súa implicación, sería substituída polo 'anlizador' que conduciría a análise e, por tanto, o obxecto do grupo sería ir definindo e interpretando os analizadores relevantes.

Rodríguez Brandão (Fals Borda e Rodríguez Brandão, 1987: 37) tampouco fala dunha simple implicación nas metodoloxías participativas,

senón, máis ben, dun compromiso en conseguir o intercambio de saberes dende as diferencias e a autonomía de cada parte:

*"Coido que un dos maiores erros das persoas que traballan co pobo é tentar facerse pobo; pensar como o pobo, vivir como o pobo. Como teño un compromiso con el, quero ser ben diferente, quero ser un antropólogo erudito. Porque se me transformo nun campesiño, se abandono o poder de pensar antropolóxico para pensar coma el, pois redúzome a un home cunha achega mínima ao pobo. (...) Eu non quero pensar como o pobo porque quero pensar con el e ao seu servizo, pero tampouco quero que o pobo pense coma min. Quero, si, que o pobo e eu, a partir dun compromiso, saibamos construír un tipo de lóxica e de pensamento que non sexa máis nin a do pobo nin a do intelectual da universidade."*


Fals Borda (1985: 44), neste mesmo sentido, concibe a relación suxeito-suxeito nunha -i-a-p- como unha "alianza de compromiso mutuo" pola cal os investigadores se convierten, temporalmente, en "intelectuais orgánicos das clases traballadoras", mentres que, pola outra parte, a xente abandonaría o seu "complexo de inferioridade [para] aportar a súa experiencia e saber tradicionais trala súa propia racionalidade práctica". Pero novamente é preciso algún método para facer eficaz esa relación e non deixala residir unicamente en actitudes ou intencións. Así, propón dúas regras:

- 1) **Romper a relación de submisión.** Tanto os activistas da comunidade como os técnicos externos poden caer, polo seu compromiso ideolóxico e político, nun vangardismo verticalista e monopolizador (cooptación por intereses alleos aos do grupo co que se investiga, corrupción con diñeiros ou favores, radicalización dogmática ante as ideas propias, etc.), polo que a súa función debería establecerse en tanto que un "liderato catalítico, esclarecido, servicial e comprensivo" (Fals Borda, 1985: 52-55), baseado nunha maior responsabilidade do equipo investigador en canto á "orientación, sistematización e

execución dos traballos xunto ás bases" e na autonomía das organizacións de base inmersas na -i-a-p-;

- 2) **Redundancia potencial.** Para combater a tradicional dependencia paternalista con respecto aos profesionais, buscaríase que a súa "presencia fose facéndose progresivamente redundante" (Fals Borda, 1985: 56), que fosen sendo prescindibles, "que as comunidades organizadas queden capacitadas para continuar soas, autonomamente, os labores emprendidos, sen ter que apelar a técnicos ou intelectuais de fóra, agás en casos extremos".

En todos estes sentidos vemos que non é doado cumprir os criterios positivistas de obxectividade en tanto que distancia do suxeito observador con respecto ao obxecto observado. Pero iso non significa que unha relación de implicación metódica, de inmersión, de intercambio e de compromiso mutuo, non poida obxectivar algunhas condicións que as distinguan doutras relacións suxeito-suxeito. En segundo lugar, debemos expoñer os nosos criterios alternativos á obxectividade positivista do coñecemento científico como representación referencial dunha realidade externa á linguaxe. Aquí referímonos, sobre todo, ao momento de analizar as informacións producidas con metodoloxías participativas e ao da construción de discursos explicativos e verdadeiros. Se estes discursos producen algún tipo de coñecemento útil, poderíamos dicir que temos un coñecemento obxectivo, pero a idea de obxectividade é insuficiente aquí xa que, novamente, a reflexión e a acción dos suxeitos ten unhas específicas e importantes formas de intervir.






Fig. 4

*Relacións de implicación mutua no grupo de -i-a-p-*

### **6.3.2 A obxectividade reflexiva e o autocoñecemento colectivo**

En realidade, moitos defensores da -i-a-p- seguen pensando que con ela se obteñen coñecementos obxectivos como con calquera outra metodoloxía, a diferenza residiría nada máis no uso emancipador que se fai deses coñecementos unha vez producidos. As técnicas dialécticas, pois, subordinaríanse ás que se consideren máis científicas (polo xeral as que permiten unha cuantificación da realidade) e por si mesmas non terían capacidade de xerar información útil, obxectiva e verdadeira. A miña posición é ben diferente. Xa argumentei que, en efecto, poden obterse verdades absolutas (obxectivas) en certos niveis da realidade (os máis estables, probables, regulares, illables, etc.), tanto nunha investigación convencional como dentro dalgunha fase dunha -i-a-p-. Pero tamén sabemos que moitas desas verdades absolutas, sobre todo cando se refiren a problemas sociais importantes, son relativas cando se cambia de lugar, de axentes sociais ou cando pasa o tempo ou se realizan novas observacións e se contrastan coas vellas.

Aceptando, pois, que se poden tamén producir verdades relativas e que estas son útiles para propósitos emancipadores, o que me parece que non se pode aceptar é un posicionamento no relativismo que nega toda posibilidade de obxectividade a un tempo que non concibe un terceiro tipo de verdade, a reflexiva, que sería a máis apropiada para as metodoloxías dialécticas e participativas. Esta 'verdade reflexiva' é, sobre

todo, propia dalgunha antropoloxía cultural (como a de Geertz), da microsocioloxía ou etnometodoloxía (como a de Goofman) e está sendo defendida por gran parte da socioloxía da ciencia (por exemplo, Woolgar e Mulkay), pero nós necesitamos especificala agora no contexto da -i-a-p-.

Antes de nada debo puntualizar que a idea de 'reflexividade' deriva do recoñecemento de que a vida social (pero tamén, segundo algún investigadores, a de todos os seres vivos: Navarro, 1990; Varela, 1988) defínese fundamentalmente por procesos de reflexión que adquiren formas autorreferentes e, por tanto, paradoxais (o cal non significa que creen sentidos, senón que esixen modos propios de puntuación -como o intercambio de roles- ou de metarreferencia -pasar dos paradoxos entre palabras a un nivel de accións- para que teñan sentido: Ibáñez, 1990; Ramos, 1997). Os seres humanos non poderían relacionarse entre si como se relacionan cos sistemas non vivos, actuando uns como "puros" suxeitos e outros como "puros" obxectos (supoñendo, claro está, que estes son sólidos, estables, cristalinos, etc., condicións que tampouco cumpren moitos procesos máis "líquidos" e "gasosos" da natureza), xa que para actuar en sociedade todos os suxeitos precisan interpretar a actuación dos outros suxeitos; pero esa actuación tamén é unha interpretación, polo que, en realidade, éntrase nun círculo infindo de interpretacións de interpretacións (Von Foerster, 1996; Ibáñez et al., 1989; Guber, 1991: 85-91, 173-190). O coñecemento reflexivo, pois, é un proceso de coñecemento simultáneo dos "outros" suxeitos, de nós mesmos e das relacións que mantemos mutuamente. A obxectividade, como di Von Foerster, é tan só a crenza en que as propiedades do observador non entran nas descricións das súas observacións.

*"A ciencia fúndase nun presuposto de obxectividade: o obxecto é obxectivo, é exterior ao suxeito e non exerce ningunha acción obxectivadora. Este presuposto non é válido para o investigador social. Por unha parte, o obxecto e o suxeito non son exteriores, o suxeito é interior ao obxecto (os investigadores son interiores á orde social -como os biólogos o*

*son á orde vital, e os físicos á orde física) e o obxecto é interior ao suxeito (a orde social, que é da orde do dicir, está feita de dictados e interdiccións, está engramada nos investigadores). Hai que substituír o presuposto de obxectividade polo presuposto de reflexividade. Un obxecto só é definible en relación co suxeito, un sistema está en realidade composto por un suxeito e a realidade que ese suxeito tenta obxectivar. Por outra parte, hai obxectos que son, ou inclúen, suxeitos: que exercen unha actividade obxectivadora. Son, polo menos, os obxectos dos investigadores sociais. Para relacionarse con eses obxectos (/suxeitos) non valen os xogos de linguaxe do tipo pregunta/resposta: son necesarios xogos do tipo conversación." (Ibáñez, 1991: 130)*

Esta noción de reflexividade de Ibáñez é a que xustificaría a metodoloxía estrutural e, por tanto, a socioloxía cualitativa da que tamén participan as metodoloxías dialécticas pero sen cubrir todo o espectro máis amplo destas. Noya (1994) vai máis alá, e considera que non só a socioloxía cuantitativa non integra a reflexividade dos suxeitos que investiga, senón que dentro da socioloxía cualitativa hai varios tipos de reflexividade e tamén carencias. Ás dúas reflexividades propias da perspectiva estrutural ou cualitativa, denomínaas "reflexividade do obxecto" e "reflexividade do suxeito". O obxecto da socioloxía cualitativa é a linguaxe social, os discursos sociais, os actos de fala individuais e colectivos. En tanto que prácticas reflexivas, pois, a reflexividade dos suxeitos convértese no obxecto principal de análise sociolóxica, sendo os discursos unha vía de acceso a ela. En segundo lugar, a socioloxía cualitativa integra a quen observa dentro do obxecto observado, polo menos parcialmente, en canto que privilexia o seu poder interpretativo, a súa reflexividade subxectiva, por diante das súas capacidades obxectivadoras.

Temos, pois, unha reflexividade propia de quen é investigado na súa subxectividade e outra propia de quen investiga usando a súa subxectividade. Do que carece a socioloxía cualitativa, segundo este autor, é da análise do contexto. Para el, a socioloxía cuantitativa si analiza o contexto, pero faino obxectivamente. Sen embargo, cabería a posibilidade de analizar os contextos reflexivamente. Esta forma de

'reflexividade do contexto' é a que, teoricamente, se lle pode reservar á metodoloxía dialéctica, no sentido en que se trata de contextos mediatos e inmediatos á realidade do grupo que fai -i-a-p-, sendo os primeiros tan extensos e diversos como se queira (espacial, histórica, económica, social, cultural e ecoloxicamente) e os segundos o da organización, redes sociais e comunidade dos activistas implicados na investigación. A reflexividade deses contextos, pois, inxectaríase (en tanto que discursos) no grupo que fai -i-a-p- e usa, ao mesmo tempo, os outros dous tipos de reflexividade e a obxectividade.

De calquera maneira, ese autor non chega a tal asociación explícita. O que si fai ese mesmo autor noutro artigo é reinterpretar a "teoría" da socioanálise á luz das teorías sistémicas en ciencias sociais (Noya, 1991). O que máis me interesa sinalar aquí é que, seguindo a suxestión deses dous artigos e dos textos orixinais, coido que a concepción socioanalítica dos 'analizadores' permite efectuar esa reflexividade do contexto. Pero para comprender esa ligazón hai que definir primeiro en qué consisten os analizadores.

Trátase daqueles "elementos" que permiten descompoñer unha situación ou unha totalidade nos seus elementos (análise) para chegar a revelar o que estaba oculto (a sexualidade, o diñeiro, a racionalidade e ideoloxías censuradas, etc.). Máis especificamente, os seus autores aluden a coñecer o "inconsciente político" (o poder reprimido) e a unir as relacións descoñecidas para coñecer a totalidade social (interpretación), como obxectos fundamentais desa tarefa de revelación que deben facer os analizadores. A primeira operación é formal -a análise-, a segunda dialéctica -a interpretación. Os analizadores, sen embargo, non son tanto ideas como prácticas de intervención social (Lapassade, 1980: 82, 99-100, pon o exemplo da cura psicoanalítica para Freud e da práctica revolucionaria para Marx). Os analistas, pola súa parte, teñen a tarefa de tomar conciencia dos analizadores (o que poden facer xunto aos activistas) e "*formular proposicións (e non dictar dogmas científicos)*" (Lapassade, 1980: 194).



Lourau (1978: 93) considera que o Estado é o analizador social por excelencia e son algúns dos seus analizadores (o planismo e a autoxestión) os que poden servir para ver cómo unha colectividade calquera é “analizada” por aquel. Ese mesmo autor distingue, basicamente, entre analizadores históricos (como o Estado, folgas ou revolucións) e construídos (como todas as situacións de intervención, os dispositivos experimentais ou a autoxestión da formación). Os primeiros revelan o “desexo de saber” e a “nosa posición no seo das relacións sociais” (Lourau, 1978: 154) cando as persoas interveñen dende dentro dunha práctica social. Os segundos “funcionan como provocadores da fala social e ‘simuladores’ da institución analizada” (Lapassade, 1980: 128). Os analizadores son sempre, pois, prácticas sociais que permiten confrontar situacións locais coas súas implicacións globais. Máis que unha reflexividade do contexto, sen embargo, indican unha ‘reflexividade transversal’ no sentido de que obrigan a falar e reflexionar colectivamente sobre as institucións sociais que atravesan todas as instancias da vida cotiá, dende o sistema económico ata a afectividade. Como o lema feminista: o político é o persoal. Por iso esta construción ou invención colectiva de analizadores (que poden ser tamén, tal como eu os entendo, ideas “performativas” ou proxectos que convoquen accións, máis que a acción mesma) é un momento central das análises colectivas nunha –i-a-p-, poden determinar que se conecte coa comunidade que se quere mobilizar ou que só se incremente a aprendizaxe do grupo de –i-a-p- sobre a súa realidade social global.

De todos os modos, a reflexividade pode definirse en tres formas máis específicas aínda, que lle proporcionan a un proceso de –i-a-p- unha posición sobre o valor das súas verdades para non recaer no subxectivismo propio das posturas antrópicas (“se non existise a reflexividade humana que observa o mundo, este non existiría”) ou solipsistas (“a realidade exterior non existe”) de gran parte da epistemoloxía constructivista (Glaserfeld, 1988). Para definir esas tres formas e reflexividade do contexto

que teñen validez para as metodoloxías participativas, pode ser útil retomar a vella metáfora do teatro.

Na súa forma básica, os investigadores non poden coñecer unha obra de teatro se non entran, ante todo, no teatro. Ese primeiro paso, pagar a entrada e cruzar as portas, xa supón unha primeira participación, unha primeira inmersión. É certo que para chegar aí soen ser precisas outras condicións previas (ter referencias por terceiras persoas, ler o texto antes, etc.), pero deixémolas de lado agora. Unha vez dentro, o investigador pode sentarse a observar como calquera espectador. A partir de aí comezan as distintas modalidades de observación reflexiva. O investigador pode analizar a relación do guión textual coa súa posta en escena, esa representación con outras semellantes que coñecía previamente, a relación entre a vida dos actores reais e a vida que representan, ou a relación entre o público e a obra. Para facelo tamén pode usar métodos non intrusivos, a partir do contraste das súas observacións con outros documentos e persoas de fóra dese contexto. Pero tamén pode falar con outros asistentes, cos actores, co autor, co director e co persoal técnico ou de servizo. Por último, tal como algunhas vangardas suxeriron, tamén pode autobservar a súa empatía coa representación e mesmo entrar a formar parte dela, aínda que non ensaiara previamente. Vexamos agora, entón, unha simplificación desas posibilidades reflexivas:

- 1) **Obxectividade reflexiva.** Consiste nunha ampliación do principio de obxectividade, de modo tal que se obxectivarían tanto os "obxectos" (a comunidade) como o "suxeito" investigador. A función obxectivadora recae basicamente nos técnicos, pero estes non se sustraen agora ás súas análises, senón que as súas prácticas, posicións sociais, ideoloxía política ou formas de implicación, son tamén obxecto de análise. Este posicionamento sobre todo xustifica a necesidade de usar con prevalencia aproximacións cualitativas á realidade, aínda que a decisión recae prioritariamente nos técnicos. Nunha -i-a-p-

esta modalidade esixiría especialmente que a comunidade controle o compromiso e a práctica do equipo investigador ao mesmo tempo que os técnicos controlan as fronteiras entre as realidades que investigan (máis ou menos obxectivables). Na metáfora teatral, o investigador analiza a representación, o público espectador e a relación entre ambos, e os actores deben preocuparse de que a análise non sexa obxectivista.

- 2) **Reflexividade intersubxectiva.** Consiste nunha cooperación, intercambio e, sobre todo, cuestionamento recíproco entre investigadores e activistas, pero dende a súa autonomía e diferencias propias. Non hai confusión de funcións, pero tampouco ilusión de horizontalidade nin de igualdade. Polo tanto respéctanse as distintas actividades que desenvolve cada parte, pero ábrense espacios para analizar os outros e someterse a ser analizados por eles, como espellos recíprocos. Todo o cal pode ser especialmente útil nunha –i-a-p- non só para repartir o traballo, senón para revisalo colectivamente con contrapartes ben coñecedoras deste antes de efectuar devolucións informativas e durante a apropiación colectiva do coñecemento. Dende o punto de vista da ilustración teatral, o investigador sobe ao escenario e, sen cambiar de vestimenta, promove que o resto de actores fagan as mesmas operacións de “obxectividade reflexiva” ca el, e que se pare a obra nalgún momento para discutilas ao vivo.
- 3) **Reflexividade máxima.** Consiste na autoinvestigación dos suxeitos (técnicos ou non técnicos), pero exercendo sobre si mesmos algún tipo de obxectivación e relacionándoa coa súa situación subxectivamente vivida. Neste sentido estaríamos ante unha –i-a-p- realizada por unha comunidade sen técnicos, ben porque un grupo activista decidira esa opción por si mesmo confiando nas súas capacidades, ben porque a comunidade quedara formada despois dun proceso anterior de –i-a-p-. Estas

son posibilidades remotas (máximas) e nada impide que se entenda tamén unha autoanálise deste tipo (óptima) contando dende o principio cos técnicos inseridos na comunidade, no grupo activista ou no movemento social. Voltando ao símil teatral, trataríase de incluír no guión os espectadores cualificados que van entrar a escena a intercambiar os seus puntos de vista. É dicir, que se planearía a posibilidade da “reflexividade intersubxectiva” antes de comezar a obra e non se esperaríase a que algún crítico do público quixera colaborar con ela.



**Fig. 5**

*Dimensións da reflexividade contextual propia da -i-a-p- (os tres espazos interiores)*

En conclusión, teríamos, pois, tres tipos de reflexividade contextual: 1) a obxectividade reflexiva de quen investiga; 2) a obxectividade reflexiva de quen investiga e de quen é investigado, unha dobre obxectividade reflexiva e mutuamente discutida (reflexividade intersubxectiva); 3) a reflexividade intersubxectiva “planificada” ao longo de todo o proceso de investigación ou en certos momentos do mesmo (reflexividade máxima). Só

a primeira pode ser usada tamén na perspectiva estrutural, aínda que todas son especificadas aquí como integrantes da perspectiva dialéctica, en tanto que reflexividades do contexto: 1) exercendo a comunidade o control sobre a obxectividade reflexiva; 2) creando espazos para intercambiar as obxectividades reflexivas de todas as partes implicadas; 3) integrando o intercambio de obxectividades reflexivas dentro dun proceso xenérico de autoinvestigación e autoxestión.

### **6.3.3 Valor de uso social e verificación práctica do coñecemento**

Quédanos por sistematizar un último aspecto sobre a validez e a obxectividade propias das metodoloxías participativas: o que denominamos, seguindo a distintos autores (Fals Borda, 1985; Villasante, 1994), a verificación práctica.

A hexemonía positivista en todas as ciencias, sociais e naturais, determinou tres criterios fundamentais polos cales decidir se un enunciado é verdadeiro e baixo qué condicións de validez e fiabilidade se pode manter. En primeiro lugar, está a existencia de coherencia lóxica dos discursos (encadeamento necesario dos teoremas entre si e cos axiomas básicos) e de adecuación empírica á realidade (que as palabras representen as cousas sen contradicción observable e sen lagoas de incerteza), como criterio forte que sustenta a obxectividade. En segundo lugar, a validez clásica estipúlase a partir do poder pragmático das medicións para predicir sucesos; estes sucesos, de seren acordes ás prediccións, validarían as medicións anteriores; sen embargo, cando esta capacidade predictiva non é posible, recórrese á validez constructiva, é dicir, á coherencia dos resultados empíricos cos constructos operativos deseñados teoricamente, non coas medicións. En terceiro lugar, admítese unha dobre proba de verificación "virtual" no tempo e no espazo: a) a

intrasubxectividade, ou que un mesmo observador obteña idénticos resultados en sucesivas observacións, b) a intersubxectividade, ou que diferentes observadores obteñan os mesmos resultados en distintos lugares. Vexamos, pois, brevemente, algúns dos argumentos que contestaron estes principios e que, polo tanto sustentan a necesidade dun coñecemento social dialéctico:

1/ Un dos principais problemas de todo sistema lóxico e racional de pensamento ou, en xeral, de toda linguaxe, é a aparición de autorreferencias, paradoxos, antinomias, contradicións e metalinguaxes: en definitiva, de reflexividade. Como suxire Ibáñez (1990), as dúas probas de coherencia lóxica e de adecuación empírica son autorreferentes porque obrigan a pensar o pensamento e a medir a materia con materia. Máis especificamente, e seguindo as formulacións de Gödel e Heissenberg, Ibáñez (1985: 114-125) argumenta que a coherencia lóxica total é imposible porque sempre existen enunciados primeiros (axiomas) necesarios e indemostrables dos que se deducen os seguintes enunciados; pola outra banda, tamén sería imposible a total determinación da realidade porque cos instrumentos de experimentación (ou técnicas de observación e medición) sempre se modifican os obxectos que se queren observar. Estes problemas son omnipresentes nas ciencias sociais pero tamén son comúns a todas as ciencias. Sen embargo, depende do tipo de crenzas de cada sociedade que os axiomas básicos sexan obxecto de controversias, e tamén depende dos niveis de realidade a observar (dende os subatómicos ata os intergalácticos) e dos instrumentos necesarios para que se modifique máis ou menos a realidade observada cando se observa.

Para solventar eses problemas todas as ciencias realizan operacións ideolóxicas: máis que verdades absolutas producen efectos de verdade, simulan a verdade con verosimilitudes, con discursos cribles (por exemplo, enunciando que toda verdade é relativa, que pode ser refutada no futuro, ou empregando argumentos de autoridade, ocultando as eleccións subxectivas realizadas, etc.). Isto lévanos a considerar toda ciencia coma

unha práctica social que produce discursos. Dende o punto de vista lingüístico, toda ciencia usa metáforas buscando a correspondencia entre as palabras e as cousas, pero, por iso mesmo, non pode evitar que existan connotacións sociais desas palabras usadas en cada contexto e para cada grupo social. Ata aquí os argumentos que fan pertinente na maioría dos casos unha aproximación cualitativa, lingüística e estrutural á realidade social. Nese sentido, como di Ibáñez (1985: 188), "*a verdade é local e transitoria*", absolutamente imposible. Pero dende o punto de vista práctico, toda sociedade necesita verdades, tanto para manter a orde social como para transformala. Se non se poden producir verdades, entón hai que inventalas e simulalas con verosimilitudes. Na perspectiva estrutural amósase o carácter relativo de toda verdade (ou verosimilitude, realmente), na dialéctica o proceso de produción e uso das verdades (verosimilitudes) socialmente necesarias.

2/ No paradigma positivista opérase unha estricta separación entre a investigación básica e a aplicada, pero iso non impide que ambas se retroalimenten e constantemente se invoque a un "paso á acción". Este paso á acción invita a que se realicen sucesivas observacións empíricas dun feito hipoteticamente explicado. Ningunha aplicación tecnolóxica debería construírse antes destas sucesivas observacións que cesarán cando socialmente se considere suficiente a repetición efectuada, aínda que moitas veces é a propia observación da aplicación tecnolóxica a que suxire novas hipóteses e cambios de explicación. En consecuencia, estas operacións pragmáticas (discursos que provocan accións) baséanse na confianza da ciencia no principio de predicción o cal só se relativiza cando non se poden repetir as condicións experimentais. Pero esta condición é a máis frecuente nos fenómenos sociais. De todos os modos, é común a todas as ciencias o problema da explicación de feitos (con carácter predictivo) en canto que baseada nunha verificación experimental de hipóteses unha a unha. Bourdieu et al. (1973: 54-59, 91-94, 289-290) argumentan, pola contra, que só poden ofrecerse explicacións mediante experiencias que critiquen a un corpo sistemático de hipóteses,

é dicir, a unha teoría que conciba diversos fenómenos relacionados entre si, non "atómicamente" illados.

Nas perspectivas distributiva e estrutural a verificación adquire a forma de sucesivas observacións. Na distributiva aplícanse cuestionarios para verificar as hipóteses, repetición dos mesmos cuestionarios ou experimentos controlados (xeralmente en laboratorio). Na perspectiva estrutural, as distintas formas de entrevista non estruturada ou semi-estructurada (individual, grupal, triangular ou historias de vida), de simple observación participante ou de análise sociolóxica de discursos, fórmulanse como "experimentos non completamente controlados" e que admiten escasa replicación. Na perspectiva dialéctica tamén se asume a dificultade de replicación pero esíxese unha forte verificación mediante o que se pode denominar "experimentación en medio social natural", "experiencia *post facto*" e "experimentación por ensaio e erro" (Deconchy, 1992).

3/ Por último, o obxectivismo, paradoxalmente, confírelle un poder extraordinario e exclusivo á figura persoal do científico e ao debate na comunidade científica, como colectividade lexítima, soberana, para decidir sobre a validez e utilidade dos enunciados da ciencia e para efectuar as probas de verificación. A cuestión, polo tanto, é qué criterios empregan eses científicos para valorar os enunciados científicos. Por unha parte, o que non poden evitar é a emisión de xuízos de valor, ben en base aos problemas da coherencia e da predicción, ben en base á utilidade social da investigación. Por outra parte, eses xuízos de valor, por moi individuais ou corporativos que sexan cando se restrinxen aos científicos, non poden evitar tomar prestados valores sociais extracientíficos, é dicir, éticos ou políticos.

As metodoloxías participativas, no extremo oposto, formulan a necesidade dunha intrasubxectividade e intersubxectividade colectivas, permitindo que entren no debate científico o resto da sociedade, xa que o debate nunca é estrictamente científico e, en democracia, todo o pobo é soberano e a el concírenlle lexítimamente todos os asuntos públicos.



Neste sentido Himmelstrand (1978), por exemplo, estableceu para as metodoloxías participativas un pre-requisito e dous criterios de validez: a) un alto grao de inmersión na comunidade estudiada; b) o axuste entre os patróns establecidos polos achados hermenéuticos e os modelos teóricos relevantes que se probaran útiles; c) o axuste co coñecemento local. En consecuencia, para realizar estas operacións de verificación colectiva e cumprir os criterios de validez sinalados, as metodoloxías participativas fan da devolución participativa da información á comunidade un dos eixos centrais de todo o proceso de investigación. A comunidade é a que avalía a utilidade e adecuación do coñecemento dentro do contexto das accións de cambio que desenvolve.

Como se sabe, a dialéctica marxista tentou recuperar os aspectos máis materialistas da tradición aristotélica, por *oposición* á dialéctica hegeliana que se podía reducir aos aspectos máis idealistas da tradición platónica (aínda que esa "oposición" non se pode pensar con carácter "destrutivo" do opoñente, sobre o cal non é posible estenderse aquí). Sen embargo, persiste unha certa confusión en toda a corrente marxista en torno ao concepto de 'praxe' que remata salferindo a -i-a-p-. Por unha banda, espallouse unha identificación vulgar entre 'práctica' e 'praxe'. Por outra banda, concibiuse a 'praxe' como un mero vínculo entre teoría e práctica, ou entre suxeitos e obxectos. Pero ámbalas dúas connotacións son moi problemáticas se queremos concibir en qué consiste a verificación práxica que fundamenta ás metodoloxías participativas.

En primeiro lugar, o mesmo Aristóteles xa tiña unha idea complexa da 'praxe' en tanto que a definía como a práctica coa cualidade de modificar os propios actores individuais ou colectivos, antes que encamiñada a producir obras materiais ou simbólicas (Goyette e Lessard-Hébert, 1988: 138). Este tipo de actividade humana relacionaríase con dous tipos de coñecemento: a 'techné' ou método xeral ('saber cómo', estratexia) para producir artefactos, e a 'phronese' ou técnica concreta ('saber cándoo', táctica) para puntuar a acción en cada situación. Ambos oporíanse á idea platónica de 'episteme', en canto que esta concibiría un

coñecemento único e universal e un método único de coñecemento, non diferentes coñecementos e métodos segundo o obxecto ou a situación (Toulmin, 1996). En consecuencia, a -i-a-p- non pode conformarse cunha reflexión crítica das prácticas (Gabarrón e Hernández, 1994: 31) nin coa simple unión de transformacións sociais obxectivas e as reflexións subxectivas (Villasante, 1993). A praxe consiste, máis especificamente, na transformación das condicións de vida e de coñecemento dos suxeitos implicados, aportándolles un coñecemento estratéxico ou metodolóxico sobre cómo actuar en cada situación.

En segundo lugar, calquera vínculo entre teoría e práctica implica a existencia dun proceso social que opere ese vínculo, polo que a praxe referiríase á transformación da teoría, da práctica e do proceso que os relaciona. Sería a outra cara da moeda da reflexividade. Como puxeron de relevo algúns teóricos da -i-a-p- (Pareek, 1978), esta diferénciase doutras prácticas de investigación-acción non comprometida (misioneira, colonial, militante, intervencionista, etc.) en que pretende materializar ao máximo o interese *"pola xente coa cal traballa o investigador"*, para *"conseguir a súa participación"*, o interese *"pola acción a desenvolverse na comunidade"* para lograr o cambio, e o interese pola *"investigación que logre o cambio e rexistre os resultados do mesmo"*, en ausencia do cal *"o uso sistemático das intervencións, a súa comprobación de diversas maneiras e o ensino da retroalimentación dos resultados da acción, poden non ser posible"*.

De aquí que se remate considerando a praxe en tanto que unha *"reflexión sistémica e colectiva na práctica que forma parte da práctica"* (Goyette e Lessard-Hébert, 1988: 137). Esta concepción, pois, ten dúas consecuencias posibles: a) a investigación sobre a acción e os seus actores (coñecer transformando ou transformar para coñecer); b) a investigación para a acción e os seus actores (coñecer para transformar). Como se ve, non é inherente á -i-a-p- só unha orientación ideolóxica emancipadora relativa ao uso que se vai facer do coñecemento producido (coñecer para transformar), senón que, sobre todo, é inherente


á mesma unha concepción "praxeolóxica" do coñecemento, xerado nas prácticas de transformación, durante as mesmas ou a partir delas. Trátase, pois, dunha "*sistematización enraizada na práctica social que debe ser verificada pola práctica social*" (Goyette e Lessard-Hébert, 1988: 138).

En conclusión, a verificación práxica que se propón dende a -i-a-p- consiste na verificación do valor de uso do coñecemento xerado para a comunidade implicada no proceso. Ese valor de uso depende dos cambios sociais producidos, polo menos en tres dimensións: a) na aprendizaxe das persoas implicadas, descubriendo mellores explicacións do seu mundo social, aprendendo cómo aprender e aprendendo cómo crear novas posibilidades de acción (Elden e Levin, 1991); b) no deterioro e destrución das formas instituídas que sexan avaliadas como fonte de opresión, ben no nivel da produción (loita de clases), ben no nivel das "loitas de civilización" (familia, cultura, educación, Estado, cidade, etc.) (Lapassade, 1980: 110); c) na invención de novas institucións para conseguir a autoxestión da comunidade.

Trátase, polo tanto, de que a comunidade verifique ese valor de uso e para iso a función máis específica dos investigadores consiste en reformular o racionalismo aplicado (Bourdieu et al., 1973) nos seguintes dous sentidos: a) partindo do sentido común e do saber popular baseado nas experiencias, culturas e ideoloxías da comunidade coa que se investiga, non rachando radicalmente con eles senón usándoos para contrastalos directamente con outros puntos de vista e coas prácticas, condicións de existencia e contextos propios da comunidade; b) verificando o obxecto de investigación "construído" a partir das prácticas que poñen en cuestión as "proposicións" teóricas (hipóteses) sistematicamente enlazadas, ao mesmo tempo que son devoltas á comunidade en forma de "proposicións" (propostas) de acción.

E trátase, por último, de que esa verificación se efectúe de forma participativa. Fals Borda e Rodríguez Brandão ofreceron dúas das formulacións máis explícitas sobre iso. Unha diferenza entre eles aparece como unha cuestión de grao: o primeiro cre necesaria unha participación

máxima en todos os momentos da –i-a-p–, mentres que o segundo cre irremediable que se dean distintos graos de participación en cada fase da –i-a-p– e en cada contexto social no que se desenvolva. Máis que de grao, sen embargo, podemos valorar esa diferenza segundo as distintas dimensións de reflexividade (máxima ou intersubxectiva, respectivamente) que se poden aplicar. Unha segunda diferenza entre ambos refírese aos respectivos focos centrais de preocupación da –i-a-p–: Fals Borda (1985: 64-65) fíxase na necesidade de axustar distintas concepcións do tempo entre investigadores, activistas e o resto da comunidade, coa súa regra de “persistencia dentro do posible” pola que se acomodan os ritmos respectivos de reflexión e acción, e creando organizacións populares permanentes, arraigadas localmente e interconectadas supralocalmente; Rodríguez Brandão (Fals Borda e Rodríguez Brandão, 1987: 45), pola súa parte, fíxase máis na necesidade de axustar as distintas funcións de traballo entre quen está cualificado para investigar e quen está obrigado a decidir sobre a realización da –i-a-p– que lles vai afectar, formulando a regra mínima da “participación decisoria nos momentos iniciais e finais” do proceso, pola cal aí sempre debería estar presente de forma directa a comunidade ou o grupo activista, aínda que a súa participación podería ser prescindible noutros momentos intermedios do proceso nos que se precise máis cualificación para a produción ou análise da información.






Fig. 6

*Proceso de verificación práctica do coñecemento na -i-a-p-*

### **6.3.4 Epistemoloxías da complexidade e participación estratéxica**

Neste último punto do epígrafe vou introducir minimamente unha vía máis de xustificación epistemolóxica da -i-a-p- que complementa as xa esbozadas nos puntos anteriores. Trátase das reflexións transdisciplinares sobre a complexidade observada tanto dende as ciencias naturais como

dende as sociais. Hai, en concreto, tres puntos nos que paga a pena deterse xa que son especialmente coincidentes, aínda que formulados noutra linguaxe e abrindo outros matices, entre esas reflexións e a racionalidade propia das metodoloxías participativas: o indeterminismo contextual, a autoorganización e a que denomino 'invención estratéxica'. Especialmente o último será útil para diferenciar a chamada planificación estratéxica doutras metodoloxías participativas coas que se poden asociar acriticamente.

Ante todo, sen existir un pleno acordo sobre qué son os sistemas complexos, si podo ofrecer a miña propia interpretación deles. En primeiro lugar, son complexos todos aqueles sistemas abertos ao seu contorno (ecosistema ou contexto), é dicir, que manteñen unha alta variedade de relacións con ese contorno para a súa reprodución. Esas relacións ecosistémicas e esa capacidade de reprodución dos sistemas abertos incrementan tamén a variedade de relacións entre os seus elementos internos, o cal produce un aumento da desorde (entropía) que ameaza con destruír o sistema a non ser que este poida autoorganizarse (neguentropía) a partir desa desorde (ruido, caos, crise), producindo cambios cualitativos, creando novas estruturas e relacións entre os seus niveis constitutivos. Todos os sistemas da natureza poden ser vistos en relación á súa maior ou menor apertura, diversidade e complexidade. Pero esa complexidade sempre é relativa, xa que os sistemas complexos (os sistemas vivos, por exemplo) precisan dos menos complexos (os sistemas inorgánicos, por exemplo) para sobrevivir (Wilden, 1987; Von Foerster, 1996; Luhman, 1984; Atlan, 1987).

En segundo lugar, chamamos sistemas complexos a aqueles que, estando constringidos por sistemas menos complexos (como os sistemas pechados termodinámicos), son capaces de reproducirse e autoorganizarse a partir da ocorrencia de fenómenos singulares, aleatorios, azarosos, indeterminados, irruptivos, novidosos, autorreferentes ou contradictorios (Morin, 1984; Ibáñez, 1979, 1985). Os procesos de autoorganización en particular, e de supervivencia a longo prazo en xeral,

esixen, pois, que os sistemas estean abertos ás novidades e ao azar, que se relacionen cos seus contextos e que teñan capacidade de adaptación e aprendizaxe, creando significados novos e "regras para cambiar as regras" (Atlan, 1979, 1987; Bateson, 1993).

Un dos aspectos que máis me interesa deses procesos é que coexisten neles "zonas" de determinación e "zonas" de indeterminación, o cal está de acordo coas anteriores observacións feitas a propósito da obxectividade e reflexividade propias das ciencias sociais. Máis alá da teoría de sistemas clásica con base na termodinámica e na primeira cibernética, as concepcións sobre a complexidade apuntan a fenómenos de irreversibilidade, de aumento da desorde e da disipación, pero nunca dunha maneira completamente indeterminada ou irregular (salvo casos extremos a longo prazo, por exemplo: Mandelbrot, 1996). A irreversibilidade contradí o determinismo clásico polo cal unhas mesmas causas provocan uns mesmos efectos (ou, expresado doutra maneira, as condicións iniciais determinan as condicións finais): son fenómenos irreversibles aqueles nos que unhas mesmas causas producen distintos efectos cada vez (ou, expresado doutra maneira, existe sensibilidade ás condicións iniciais) e gracias ao cal os sistemas abertos poden evolucionar, adaptarse a distintos medios (contextos ou ecosistemas, ou cambios dentro dun mesmo contexto ou ecosistema), aprender e mesmo intervir e modificar o seu medio (Prigogine e Stengers, 1979; Ruano, 1996). En conclusión, como isto lles ocorre a todos os sistemas vivos e a algúns non vivos (ou na fronteira entre os orgánicos e os inorgánicos), non podemos describilos ou explicalos obxectivamente, xa que sempre estamos dentro deles. Prigogine, pois, di que só podemos "explorar conxuntamente coa natureza": a aparición de estabilidade e inestabilidade singulares, a coexistencia de zonas de estabilidade e zonas de bifurcación, a súa mutua relación e forma de coexistencia, os conxuntos de fluctuacións (externas ou internas) e os aumentos das fluctuacións do sistema ata formar perturbacións.

Ibáñez (1990) conclúe que teriamos así dous tipos de indeterminismo "dinámico" fronte ao determinismo "estático" da

mecánica newtoniana (unha causa produce un efecto, en fenómenos con pouco "ruído"): o indeterminismo de primeira especie (unha causa produce varios efectos, en fenómenos con bastante ruído pero manexable) e o de segunda especie (varias causas producen varios efectos, en fenómenos con tanto ruído que non se poden ver nin manexar). Eu coido que a este último poderíamos denominalo 'indeterminismo contextual', por canto a evolución dun sistema cara comportamentos caóticos ou "fractais" só se pode observar puntuando a escala (o contexto) no que se producen as fluctuacións irregulares: o que parece irregular nun pequeno espacio ou período de tempo, pode aparecer repetido e, por tanto, regular, nunha perspectiva máis ampla, e viceversa (Mandelbrot, 1987; Gleick, 1987). Despois de sufrir fluctuacións, un sistema pode evolucionar á vez de forma determinable (por leis probabilísticas) e indeterminable *a priori* (Stengeres, 1993).

Do anterior non se pode derivar a conclusión fácil de que nada é predicible. Pola contra, eu penso que a determinación de regularidades é posible, pero só en certos fragmentos temporais, en certos contextos e en relación ás posibilidades de desenvolvemento azaroso sempre presentes nos sistemas abertos. A única historia que é irreversible é a historia pasada, pero a presente e a futura están abertas a rangos limitados de posibilidades (non a posibilidades infinitas e non todas as posibilidades son igual de probables). Por esta razón, algúns destes investigadores afirman que se debe actuar sempre de modo que se incremente o número total de alternativas (Von Foerster, 1996) e que debe existir un espacio intermedio entre a máxima determinación (o control totalitario) e a máxima indeterminación (a ausencia liberal de control) (Dupuy, 1993) para que os sistemas complexos se poidan autoorganizar.

Na medida en que todos estes trazos descritos poden ser apreciados nos procesos sociais máis dinámicos, de mobilización e participación, que estudiamos dende a perspectiva metodolóxica dialéctica, as técnicas concretas dela como a -i-a-p- deberían adoptar esa visión "ecosistémica" de maneira coherente naqueles puntos máis



escuras delas, non alumeados ata o de agora. Dous autores son especialmente explícitos neste sentido: a) como as consecuencias últimas dunha acción son impredecibles debido a que somos incapaces de controlar todas as retroaccións (constriccións contextuais) e interaccións posibles, débense promover accións segundo os cambios probables a curto prazo (Morin, 1994); b) todo proceso de autoorganización e aprendizaxe efectúase producindo unha información valiosa (coñecemento) que permita avaliar en profundidade o contexto que o constrinxen para determinar (puntuar) os límites (valores) máis ou menos probables para a supervivencia do sistema (ou colectivo) (Wilden, 1987). A existencia do azar, por outra parte, debe terse en conta (integrarse) nas investigacións sociais participativas, ben por canto un exceso de fluctuacións poida converterse nunha perturbación que faga fracasar un proceso de -i-a-p-, ben por canto dentro da mesma -i-a-p- poden emitirse perturbacións cara ao contexto que se quere modificar, aumentando así as posibilidades de elección.

Por último, é común en moitos destes analistas o feito de definir as investigacións complexas e, por tanto, as participativas (ou explorativas, no sentido aludido antes), como estratéxicas. Pero non no sentido limitado que ten a chamada 'planificación estratéxica', xa que esta só incrementa o carácter explorativo do que carecía a predicción científica clásica e a planificación normativa correspondente. A epistemoloxía complexa referiríase, máis ben, a unha grande estratexia que podemos denominar 'invención estratéxica', tal como explicarei a continuación.


A diferenza principal entre unha 'acción estratéxica' e unha 'grande estratexia' estriba en que en ambas se poñen en relación coñecemento e acción, pero só na segunda se introduce a perspectiva do observador participante na relación. É posible facer unha clasificación de catro accións estratéxicas (Ibáñez, 1985, 1991): unha -conversa- de colaboración coa dominación e tres de resistencia a ela, das cales unha -a perversa- mantén o referente da dominación e as outras dúas revelan a a lóxica da dominación negándose a someterse -subversiva- ou


desactivando con artimañas ou alianzas a súa eficacia –reversiva-. Esta clasificación, sen embargo, é froito dunha observación de primeira orde, relacionando estratexias (fins) e tácticas (medios), pero non relacionándoas cos distintos contextos nos que teñen lugar. Unha observación complexa abriría, pois, unha quinta posición –diversa- no centro ou cruce das dúas diagonais do cadro anterior, integrando así o contexto observador, a intervención participativa de quen observa. Temos agora, pois, a necesidade de clasificar as relacións dese contexto coas anteriores accións estratéxicas: dous tipos de planificación, en primeiro lugar, sendo unha máis determinista e predictiva –a normativa- en relación ás prácticas conversas e outra indeterminista “de primeira especie” e explorativa –a estratéxica- en relación ás prácticas perversas; e dous tipos de invención estratéxica ou indeterministas contextuais, sendo unha máis experiencial e reflexiva a partir das prácticas realizadas e outra máis coexistencial e combinatoria das accións e coñecementos.

As estratexias de planificación baséanse na idea básica de que se pode coñecer primeiro para actuar despois. A predicción no seu sentido máis forte establece que os comportamentos observables no futuro teñen relación directa (causa-efecto) cos comportamentos observados no pasado. No seu sentido feble, a planificación estratéxica engade un indeterminismo relativo e dinámico á predicción absoluta e mecánica anterior, xa que formula un cálculo de probabilidades das evolucións posibles no futuro do observado no pasado (unha causa con varios efectos posibles). Pero a integración do contexto (do azar, da incerteza, dos erros, da aprendizaxe, da adaptación, etc.) non pode nunca reducirse a unha operación de planificación, xa que, ademais de incertezas sobre as consecuencias non queridas da acción (Lamo, 1990), debe incluír a intervención e participación de quen observa. Por iso denomino ‘invención estratéxica’ á participación na planificación, a aquela que puntúa as posibilidades de evolución que máis lle interesan ao colectivo participante nese contexto. A invención non parte da nada, senón de accións e coñecementos pasados, traza pontes de conexión entre o local e o global,

crea espacios novos de supervivencia e non espera a que cheguen as novidades para poder manexalas, senón que as produce (Serres, 1991).

Se a planificación estratéxica lanza a ilusión de que pode dominar o azar cando só é capaz de exploralo, a 'invención reflexiva' adiántase á exploración actuando primeiro para coñecer despois, e a 'invención combinatoria' simultanea acción e coñecemento, actuar coñecendo e coñecer actuando (por exemplo, tirando consecuencias dun proceso para outro e viceversa). A invención estratéxica, pois, igual que a selección de analizadores e a súa verificación práxica, consiste en pasar da exploración de posibilidades á creación de posibilidades a partir das preferencias de cambio.



**Fig. 7**

*Modalidades de planificación e de invención estratéxica a resultas da inclusión do contexto observador na autoanálise das accións estratéxicas*

## 7

### **conclusións e novas interrogantes**

Ante todo, debo insistir nas pretensións limitadas deste traballo. As indagacións na historia do barrio histórico de Vigo, nos cambios sociais vividos na cidade e nas experiencias de desenvolvemento do planeamento urbano e das experiencias participativas, axudáronme a comprender o contexto relevante da -i-a-p-, pero non eran o obxecto básico da investigación.

As demandas da poboación organizada, as súas necesidades máis amplas, e non sempre demandadas, tanto en materias urbanas -como a vivenda, os equipamentos sociais, a calidade e apropiación do espacio público dos centros históricos inseridos en rápidos cambios de fisionomía-, como na súa expresividade cultural, organizativa e política -reclamando maiores doses de participación en relación ao urbanismo de rehabilitación- foron os verdadeiros guieiros do traballo.

A contextualización sistémica (na historia, na cidade, no pensamento, etc.) e estrutural (nas dinámicas sociais do barrio histórico, na diferenciación de clases e áreas sociais, na situación concreta da edificación e do mercado da vivenda, etc.), polo tanto son consecuencias dun proceso no que a información elaborada para coñecer esas circunstancias se usa como parte da aprendizaxe e da participación da xente, potenciando as súas posibilidades de opinión, de crítica e de decisión.

A información sobre esta realidade específica do acontecido no centro histórico de Vigo e coa experiencia de -i-a-p- que foi posible realizar durante case dous anos, limitáronse neste libro a destacar aqueles aspectos que, na miña opinión, máis poden contribuír a replicar este tipo de procesos. O capítulo final, ademais, pretende abrir unha reflexión transdisciplinar moito máis ampla sobre as virtudes (e tamén limitacións)

que posúe unha aproximación á realidade como a proposta polo paradigma epistemolóxico e metodolóxico da -i-a-p- (ou do enfoque dialéctico, se se prefire denominalo así.)

Por outra banda, coido que a síntese informativa ofrecida ao longo dos capítulos anteriores, confirma a idea inicialmente esbozada: a unión das organizacións comunitarias, e a iniciativa tomada por elas en eidos de dinamización sociocultural ao tempo que en facer un seguimento exhaustivo ao urbanismo de rehabilitación aplicado no barrio e preocupándose de tomar parte na investigación sociolóxica que se ía producindo; determinaron un rico proceso con gran autonomía decisoria desas organizacións, aínda que provocándose cada vez un maior conflito e diferencias con respecto ás autoridades municipais. Asemade, o proceso de rehabilitación urbana desenvolveuse con numerosos atrancos e apuntando, sen completalas do todo, moitas das tendencias de especialización económica terciaria e de substitución de clases sociais, que se deron máis manifestamente noutras cidades. ¿Persistirán, pois, eses procesos ou xurdirán novas iniciativas veciñais que os revertan ou os contrapesen?

Non será necesario repetir todos os argumentos expostos a favor desta avaliación. Unha fonda observación sobre a realidade social do barrio histórico de Vigo amosou claramente que tanto a maior (e óptima) participación popular posible en relación ao urbanismo, como a integración das políticas de rehabilitación con políticas sociais, culturais e económicas da mesma importancia, financeira e organizativa, cás urbanísticas, poden manter a vitalidade dese barrio. ¿Ou quedan, acaso, máis innovacións orixinais no deseño e xestión do planeamento urbano recluído nas súas competencias exclusivas pero incrementando, cando menos, a democracia participativa no que a el se refire?

Por último, poderíamos destacar agora tres grandes dimensións da experiencia relatada ata aquí, xa que nos indican algúns dos modestos “descubrimentos” achados con ela e tamén algunhas interrogantes máis

que este proceso abriu no seu seo e tamén como espello no que poden reflexionar outros colectivos somerxidos en procesos semellantes.

En primeiro lugar, subliñarei os trazos principais da "democracia participativa" realmente exercida no barrio histórico de Vigo. Despois farei unha breve referencia aos modelos de cidade presentes, con ou sen conflito, nestes espacios urbanos. Por último, sinalarei os factores, circunstancias ou condicións sociais que fixeron posible unha experiencia participativa de -i-a-p- coma esta e tamén a participación urbana, en xeral, do Plan Comunitario Casco Vello.

1) Por unha parte, hei destacar que, neste caso, o planeamento urbano e as políticas urbanísticas foron "confrontadas" directamente polos colectivos sociais organizados. Entendelas, saber o que achegaban de positivo ou de negativo en función das súas expectativas, criticalas, negociar coas autoridades ou co persoal técnico do Concello, colaborar na súa elaboración e aplicación, e actividades similares, fannos ver que o urbanismo institucional non é unha materia afastada das preocupacións das organizacións sociais. Sen embargo, non é tan doado achegarse a el e exercer un constante control ás autoridades que o deseñan, planifican e xestionan.

Nese sentido, o Plan Comunitario manifestou o seu modelo de democracia participativa defendendo, por unha banda, a súa autonomía e autoxestión nun rango de intervencións e preocupacións moito máis diversa da que era propia das tradicionais asociacións veciñais. Pola outra, a principal proxección democratizadora das organizacións do barrio sobre a política urbana local era dunha índole distinta, xa que unicamente buscaban exercer un "retro-control" popular ás políticas públicas. Esa actitude práctica era moito máis intensa e frecuente que a procura dunha coxestión das políticas públicas ou a proposta de alternativas que puidesen competir con elas. Ese estilo participativo, xa que logo, non é excesivamente innovador, senón unha práctica mínima dentro dos ocos (¡e ideais!) deixados polo sistema liberal de democracia. En realidade, a dinámica paralela que se produce é o esgotamento das enerxías dos

activistas voluntarios e voluntarias, e un proceso repetitivo de negociación e de protestas puntuais, perdéndose, a miúdo, o costume das propostas máis globais ou das protestas máis continuadas e creativas.

Ademais, non se afastan tampouco esas dinámicas dunha tendencia tradicional a acentuar a xerarquía da organización creada e a exclusión de sectores sociais que tamén conviven no barrio pero que non teñen espazos de comunicación e activismo coas principais forzas sociais organizadas. O que si se pode dicir no favor destas é que demostraron que foi necesaria a coordinación de entidades sociais moi diversas na súa orixe (veciñais, educativas, asistenciais, relixiosas, etc.), e que a rede creada fose estable e persistente malia as dificultades existentes, porque os procesos de lexitimación das entidades populares e os procesos de protesta e confrontación, son lentos e os seus resultados vense a medio ou longo prazo (neste caso poderíamos fixalos nuns dez anos, aproximadamente).

A participación social conseguida, polo tanto, non é produto de circunstancias casuais, de conflitos eventuais ou de aceptar as oportunidades formais de relación coa Administración pública que permite a lexislación. Hai que convencer a propios e a estraños, con códigos comprensibles, con coñecemento constante da realidade inmediata, con prácticas continuas e variadas de protesta e con recursos suficientes o máis autocontrolados posibles. A -i-a-p- é unha práctica máis dese tipo de participación, pero non podemos esquecer que non abonda con coñecer a realidade urbana, máis ou menos opresiva, na que vivimos para transformala, xa que tamén os grupos sociais "opresores" coñecen e actúan ao mesmo tempo.

2) En relación ao modelo de cidade que debulla o urbanismo de rehabilitación e que puidemos definir a partir de observar a relación entre os distintos discursos cruzados na historia deste barrio, debemos insistir, sobre todo, na complementariedade posible dese tipo de urbanismo con outras dinámicas "modernizadoras" das últimas tres décadas "posfordista": a reestructuración económica e productiva das áreas metropolitanas, a



crise das funcións redistributivas da Administración pública e a persistencia das estruturas de desigualdades e da cuestión social (espallándose dende os eidos laborais aos "reproductivos", como a vivenda, os servizos públicos, a calidade ecolóxica do entorno, etc.).

As tendencias mencionadas de reestruturación urbana en xeral, promovidas en moitas cidades a través de Planos Estratéxicos e de coalicións entre as elites locais que aparentan "consenso" (precario) e "participación social" (cativa ou espectacular, as máis das veces), non poden esquecer aos centros históricos nin ás poboacións que os habitan. Para eles está reservada unha revalorización económica centrada, case exclusivamente, nos usos terciarios –coma o resto do centro de negocios, ampliando a oferta de oficinas, tendas de prestixio, bancos, etc.- e turísticos –como complemento de "distinción" ao buscado liderato na xestión e distribución, unha vez que descendan as actividades productivas dos centros urbanos e das cidades do norte do planeta en xeral-. Como aínda ficarán vivendas habitables, prevese tamén unha neocolonización residencial con clases medias-altas e altas que se poidan pagar o luxo de residir no centro urbano.

O discurso da rehabilitación dos centros históricos, sen embargo, fixo fincapé en dimensións desprezadas polo urbanismo moderno: a conservación do patrimonio histórico e arquitectónico, e a preservación das condicións de vida e habitabilidade das poboacións que residiron tradicionalmente neses enclaves urbanos. ¿Poden ser compatibles ambos conxuntos de finalidades?

No barrio histórico de Vigo vimos cómo foi parte da descendencia da poboación máis pobre e anciá, a que emigrou do barrio na procura de vivendas sociais accesibles ou, simplemente, que reunisen as condicións de habitabilidade, tamaño e prezo, negadas coa súa permanencia no barrio. Aínda non se producira un acusado proceso de especulación inmobiliaria e de "gentrificación". Os conflitos sociais no espazo público, as dificultades en erradicar a renda antiga no sistema de arrendamentos, a lentitude e problemas da aplicación dos programas de rehabilitación e a

organización comunitaria liderando as iniciativas socioculturais na zona, frearon aquelas posibilidades bastante tanxibles, a xulgar polas opinións das clases propietarias presentes nesta área.

É importante ter en conta que tamén as entidades veciñais organizadas subscribían o discurso da rehabilitación, pero na súa versión máis integral e participativa. Non obstante, era máis difícil para elas criticar as estratexias de intervención rehabilitadora que tiñan por obxecto a revalorización inicial daquelas zonas de borde ou limiar entre o entramado histórico e o do resto do centro de negocios. Tampouco puido facer moito por frear as puntuais intervencións inmobiliarias privadas que aceleraban a expulsión de parte da poboación pobre do barrio. E, por último, non era tan doado esixir integralidade ao urbanismo como aplicarse o conto ás actividades sociais desenvolvidas por esas organizacións, descoidando con moita frecuencia as necesidades de vivendas sociais ou iniciativas cooperativas nese e noutros eidos que contribuísen a consolidar a apropiación popular da zona. ¿Serán capaces, pois, de afondar esa liña reivindicativa e propositiva, dando un exemplo de espacio urbano diverso socialmente, plurifuncional e autoxestionado?

3) Por último, semella interesante explicitar qué condicións sociais axudaron a que tivesen lugar os procesos participativos descritos. Como se argumentou anteriormente, a perspectiva de -i-a-p- non rexeita a utilización de datos cuantitativizables, pero está máis próxima á análise de fenómenos sociais cualitativos, ou de máis difícil traducción numérica, como é o caso das xuntanzas, asembleas, negociacións ou traballos de crítica e participación cidadá. Por esta razón, as condicións ou factores sinalados proveñen, sobre todo, de verificar nesas prácticas sociais a súa forza e condicionamento, a súa "eficacia" para catalizar ou dinamizar a participación urbana.

Dende o punto de vista dos aspectos máis "contextuais", no barrio histórico de Vigo, durante os anos da investigación e tamén en anos sucesivos, existiron oportunidades políticas para interaccionar coa Administración local. A "cor" política do goberno municipal pódese

considerar relativamente independente da existencia desas boas oportunidades e aperturas para relacionarse entre a veciñanza e o Concello, pero é certo que a coalición de esquerdas gobernante durante os anos da -i-a-p- foi a que inicialmente estivo disposta a abrir a discusión e colaboración veciñal co planeamento urbano, mentres que o goberno de dereitas posterior encarreirou máis e restrinxiu sectorialmente esa posibilidade, e a actual coalición gobernante, tamén de esquerdas, púxolle aínda máis difícil a mesma supervivencia do Plan Comunitario. ¿Será, entón, o elenco técnico do Concello quen abre e pecha as comportas de contención, por diante dos edís municipais?

Ao meu parecer, o que distinguía a aquel proceso participativo doutros na mesma cidade era a situación de centralidade urbana e simbólica que adquiría calquera conflito social no centro histórico. Rapidamente era, e é, elevado aos primeiros lugares da axenda política e mediática. O centro histórico, nese sentido, non é un barrio obreiro máis. A permanencia nel, dende o momento no que existe unha certa raizame e articulación veciñal estable, comporta un maior acceso ao Concello e aos medios de comunicación locais. Posiblemente porque dende estas dúas instancias se pensa sempre na situación "transitoria" do barrio, nas súas evidentes potencialidades de revalorización e no efecto de "imán" ou "referente" que ten para o resto da cidade.

Por outra banda hai que considerar coma orixe determinante das experiencias participativas no barrio, toda unha historia de mobilización social "exitosa" que arrinca dos primeiros anos setenta fronte á renovación urbana da zona da Ferrería. Foi a partir daquela iniciativa, do poder simbólico que comunicou (situada ao carón do propio pazo municipal daquela en construción e hoxe dominando impetuosamente todo o barrio histórico, como un dos maiores agravios monumentais nel) e da dinamización social que lle seguiu, que tomaron credibilidade as propostas de coordinación e participación posteriores.

A creación do Plan Comunitario unificou moitas daquelas sinerxías, aínda que en materias urbanísticas a asociación veciñal mantivo durante

moito tempo a súa hexemonía, pouco a pouco transferida á coordinadora de asociacións, a medida que esta gañaba en capacidade técnica, persistencia na dinamización de actividades socioculturais e preocupación polos problemas urbanos que sempre estiveron, cando menos teoricamente, nos primeiros puntos da súa axenda.

En todo caso, non abonda con definir os recursos e relacións internas dunha coordinadora comunitaria como aquela, para entender o desenvolvemento dun proceso participativo, as estratexias manifestadas e os seus logros. Neste punto, un acerto desa coordinadora foi a de atraer a técnicos e técnicas que colaborasen e asesorasen especialmente nos casos en que era necesario poñer en cuestión as argumentacións defensivas da autoridades municipais para aplicar o planeamento segundo os seus criterios. Os técnicos implicados na -i-a-p- fomos parte desa atracción, pero non a única. Pero os conflitos que daban sentido á participación urbana non se reducían a discutir co Concello ou a facer máis eficaces e profesionais as organizacións populares.

De feito, hai que recoñecer que, por unha parte, coa -i-a-p- non se traballaron todos os conflitos existentes ("ruídos", drogas, pobreza, marxinalidade, etc.): ¿por un exceso de responsabilidade, restrinxida aos problemas urbanísticos do barrio, gracias aos cales aquela foi financiada e lexitimada ante o Concello; ou por un erro colectivo na formulación dos analizadores ou temas clave que debían guiar todo o proceso de -i-a-p-? Por outra parte, as maiores capacidades exhibidas polas organizacións comunitarias tamén obrigaban ao Concello a poñer ao descuberto os límites "permitidos" á participación cidadá e o carácter pouco "integral" e pouco "redistributivo" socialmente das políticas urbanas que desenvolvía. Esta situación acompañábase da fortaleza das organizacións comunitarias (obtendo novas subvencións e conservando a súa lexitimidade para negociar "representando" ao resto do barrio), pero non de novos éxitos de transformación urbana en relación ao urbanismo de rehabilitación efectivamente desenvolvido en todo o barrio (cando máis, algúns novos locais para esas entidades).

En fin, estes anacos da historia do barrio histórico de Vigo amósannos claramente as potencialidades de autoorganización urbana que se poden chegar a conseguir, en contextos coma este, e tamén as contradicións e limitacións que poden ocorrer a partir das estratexias de interacción coas autoridades municipais e de participación no urbanismo de rehabilitación, como as sinaladas. Non sabemos aínda qué novos saltos cualitativos poden darse nas tendencias rehabilitadoras desta área e tampouco cómo van consolidar a súa intervención social no barrio as organizacións comunitarias existentes, ou cómo van confluír novos estilos organizativos e participativos co cambio social que, lenta pero fondamente, se está a producir nesta zona. O que si se pode tirar de aprendizaxe da realización de experiencias de -i-a-p- é que a xente moradora ten moito que dicir e que achegar para que as políticas públicas lles sexan favorables ou, cando menos, para que se recree o seu hábitat a escala humana e a medida das súas necesidades. Semella, por todo o dito, que o barrio histórico de Vigo aínda está nunha fase de transición, posiblemente cada vez máis acelerada. En todo caso, semella que aínda se está a tempo.

## **bibliografía**

- A.VV. CASCO VELLO, (1986), "O ámbito local, espacio de intervención social, cultural e comunitaria", *Cursos de Verán Universidade de Vigo*, Vigo.
- AA.VV., (1961), *Información urbanística de Vigo*, Concello de Vigo, Vigo.
- AA.VV., (1977), *La creación abierta y sus enemigos. Textos situacionistas sobre arte y urbanismo*, La Piqueta, Madrid.
- AA.VV., (1992), "Quartiers fragiles et développement urbain", *Pour*, nº125-126.
- AA.VV., (1993), *Investigación cualitativa. Confrontación y prospectiva*, Universidad de Antioquia, Medellín.

- AA.VV., (1993-1994), *Cuadernos del Camino de Santiago e Voces en Compostela*, Consorcio de Santiago de Compostela.
- AA.VV., (1995), *La Alameda-San Luis. Hacia un proyecto de investigación, acción, participación en el casco viejo norte de Sevilla*, Plataforma por la Vivienda, Sevilla.
- AA.VV., (1996), *Primer catálogo español de buenas prácticas. Ciudades para un futuro sostenible*, MOPTMA, Madrid.
- ALCÁZAR, M. ET AL., (1993), "Grupos informales y apropiación del espacio urbano", en J.C.LISÓN (ed.), *Espacio y cultura*, Coloquio, Madrid.
- ALEXANDER, CH., (1976), *Urbanismo y participación*, Gustavo Gili, Barcelona.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, J.M., (1979), "Cuadros de Vigo en la Edad Media", en AA.VV., *Vigo en su historia*, Caja Municipal de Ahorros de Vigo, Vigo.
- ÁLVAREZ MORA, A., (1979), *Madrid: las transformaciones del centro-ciudad en el modo de producción capitalista*, COAM, Madrid.
- ÁLVAREZ MORA, A., (1983), *El patrimonio arquitectónico y urbano*, Diputación de Madrid, Madrid.
- ALVAREZ MORA, A., ROCH, F., (1980), *Los centros urbanos*, Nuestra Cultura, Madrid.
- AMADÓ, R., DOMÉNECH, L., (1989), "Plan del Centro Histórico de Lérida: Barrio del Canyeret", *Geometría*, nº8, Málaga.
- AMÁNN, E., (1982), "Rehabilitación de cascos antiguos", en AA.VV., *Defensa, protección y mejora del patrimonio histórico-artístico y arquitectónico*, Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid, Madrid.
- ATLAN, H., (1979) [1990], *Entre el cristal y el humo. Ensayo sobre la organización de lo vivo*, Debate, Madrid.
- ATLAN, H., (1987) [1989], "Finalidades poco comunes", en W.I.THOMPSON (ed.), *Gaia. Implicaciones de la nueva biología*, Kairós, Barcelona.
- BASSOLS COMA, M., (1989), "Instrumentos legales de intervención en centros históricos", en AA.VV., *Primeiras Xornadas de Planeamento Especial para os Conxuntos Históricos*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela.
- BATESON, G., (1993), *Una unidad sagrada. Pasos ulteriores hacia una ecología de la mente*, Gedisa, Barcelona.
- BEAUREGARD, R.A., (1986), "The chaos and complexity of gentrification", en N.SMITH, P.WILLIAMS (ed.), *Gentrification of the City*, Unwin Hyman, London.
- BLACKBURN, J., HOLLAND, J., (ED.), (1998), *Who Changes? Institutionalizing participation in development*, Intermediate Technology, London.
- BOURDIEU, P., CHAMBOREDON, J.C., PASSERON, J.C., (1973) [1989], *El oficio del sociólogo. Presupuestos epistemológicos*, S.XXI, Madrid.
- BOURDIEU, P., (1979) [1991], *La distinción. Criterio y bases sociales del gusto*, Taurus, Madrid.
- BOURDIEU, P., (1980) [1991], *El sentido práctico*, Taurus, Madrid.
- BOURDIEU, P., PASSERON, J.C., (1970) [1975], *La reproducción. Elementos para una teoría del sistema de enseñanza*, Laia, Barcelona.
- BOUZADA, X.M., LORENZO, A.M., (1996), *Redes sociais e conxuntos de acción. Análise do movemento asociativo veciñal vigués*, Galaxia-Igesco, Vigo.
- BUSTO, D., (1991), "Política de rehabilitación de viviendas", *El Nudo de la Red*, nº17, Madrid.
- CABALLERO, F., (1982), "Sociología urbana de los centros históricos", *Estudios Territoriales*, nº6, Madrid.
- CABRERA I MASSANES, P., (1991), "Antecedentes urbanísticos", en AA.VV., *La recuperación de una zona urbana degradada: el modelo de Ciutat Vella en Barcelona*, Procivesa, Barcelona.
- CABRERA VARELA, X., (1990), *O combate dos deuses. Unha introducción a Max Weber*, Xerais, Vigo.
- CAMACHO, J, TRABADA, E., ALCÁZAR, M., ALGUACIL, J., (1996), *Realización de una encuesta de usuarios de viviendas deterioradas y estudio sociológico general del sur del casco antiguo de Madrid*, CEMYC/Comunidad de Madrid, Madrid.
- CAMPOS VENUTI, G., (1978) [1981], *Urbanismo y austeridad*, S.XXI, Madrid.

- CAPEL, H., (1994), "La geografía y las periferias urbanas. Reflexiones para arquitectos", *Suplementos Anthropos*, nº43, Barcelona.
- CARPENTER, J., LEES, L., (1995), "Gentrification in New York, London and Paris: An International Comparison", *International Journal of Urban and Regional Research*.
- CASAS, X., RUEDA, S., (1994), "Ciutat Vella: la renovación integral del Centro Histórico de Barcelona", *Alfoz*, nº109, Madrid.
- CASTELLS, M., (1986), *La ciudad y las masas. Sociología de los movimientos sociales urbanos*, Alianza, Madrid.
- CERVELLATI, P.L. ET AL., (1977), *La nuova cultura della città. La salvaguarda dei centri storici, la riappropriazione sociale degli organismi urbani e l'analisi dello sviluppo territoriali nell'esperienza di Bologna*, Mondadori, Milano.
- CHALMERS, F., (1982) [1984], *¿Qué es esa cosa llamada ciencia? Una valoración de la naturaleza y el estatuto de la ciencia y sus métodos*, S.XXI, Madrid.
- CHAMBERS, R., (1997), *Whose Reality Counts? Putting the First Last*, Intermediate Technology, London.
- CHOAY, F., (1961) [1966], *Le Corbusier*, Bruguera, Barcelona.
- CICOURIEL, A.V., (1964) [1982], *El método y la medida en sociología*, Nacional, Madrid.
- COAG, (1978), "Plan Parcial del Castillo de San Sebastián y proyecto del palacio municipal de Vigo", *Obradoiro*, nº2, Santiago de Compostela.
- COHEN, M., NAGEL, E., (1979), *Introducción a la lógica y al método científico. 2*, Amorrortu, Buenos Aires.
- COLECTIVO IOÉ, (1993), "Para intervenir con sentido en los programas con inmigrantes", *Biblioteca IOE*, Madrid.
- colectivos*, Resumen Ejecutivo del Prediagnóstico, PE de Medellín y el Area Metropolitana, Medellín.
- CONCELLO DE VIGO, (1985), *Memoria: PERI Casco Vello. Modificación do Plan Xeral*, Oficina Técnica de Planeamento, Vigo.
- CONDE, F., (1987), "Una propuesta de uso conjunto de las técnicas cuantitativas y cualitativas en la investigación social. El isomorfismo de las dimensiones topológicas de ambas técnicas", *REIS*, nº39, Madrid.
- CONDE, F., (1990), "Un ensayo de articulación de las perspectivas cuantitativa y cualitativa en la investigación social", *REIS*, nº51, Madrid..
- CONTRERAS, F. ET AL., (1987), *Salamanca. Plan Especial de Protección y Reforma Interior del recinto universitario y zona histórico-artística*, MOPU-Ayuntamiento de Salamanca, Madrid.
- COSTA, R., (1995), "Historia do Plan Comunitario do Casco Vello de Vigo", *Encontro internacional: O desenvolvemento comunitario e local, un reto da sociedade civil*, Igesco, Vigo.
- COTOP, (1987), *Plan de necesidades de suelo y vivienda*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- CRIC-CNMS, (1997), *Rebelión en la tienda. Opciones de consumo, opciones de justicia*, Icaria, Barcelona.
- DALDA, J.L. ET AL., (1994), "Ordenación del territorio", en X.M.MELLA, *Plan Estratégico de Vigo y su Area de Influencia*, Consorcio de la Zona Franca de Vigo, Vigo.
- DÁVILA LINARES, J.M., (1993), "La recuperación integrada de centros históricos. Elementos de cualificación espacial en las políticas de desarrollo regional. El caso de Alcoy", *Ciudad y Territorio*, nº98, Madrid.
- DÁVILA, A., (1994), "Las perspectivas metodológicas cualitativa y cuantitativa en las ciencias sociales: debate teórico e implicaciones praxeológicas", en J.M.DELGADO, J.GUTIÉRREZ (eds.), *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*, Síntesis, Madrid.
- DECONCHY, J.P., (1992), "La experiencia en medios sociales naturales: dilemas, articulaciones y proyectos", en D.PÁEZ et al., *Teoría y método en psicología social*, Anthropos, Barcelona.
- DELGADO, J.M., GUTIÉRREZ, J. (eds.), (1994), *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*, Síntesis, Madrid.
- DEMO, P., (1985), *Investigación participante. Mito y realidad*, Kapelusz, Buenos Aires.

DIAGNÓSTICO URBAN, (1998), Oficina de Planeamento-Concello de Vigo, Vigo.  
 DI BATTISTA, V., (1989), "Métodos y procesos de recuperación de la edificación residencial en Italia", en F.POL (coord.), *Ciudad, historia, proyecto*, UIMP-MOPU, Madrid.  
 DUPUY, J.P., (1993), "Orden, desorden y autoorganización", *Archipiélago*, nº13, Barcelona.

EL LABORATORIO (CSOA), (1998), "En defensa de los espacios autogestionados. Una crítica del plan de rehabilitación de Lavapiés", <http://www.nodo50.org/laboratorio>.

ELDEN, M., LEVIN, M., (1991), "Cogenerative Learning. Bringing Participation into Action Research", en W.F. WHYTE, (ed.), *Participatory Action Research*, Sage, London.

ESTEVEZ, A.J., (1987), "A Investigação-accção", en A.SANTOS, J.MADUREIRA (orgs.), *Metodologia das ciencias sociais*, Afrontamento, Porto.

FALS BORDA, O., (1985), *Conocimiento y poder popular. Lecciones con campesinos de Nicaragua, México, Colombia*, S.XXI-Punta de Lanza, Bogotá.

FALS BORDA, O., (1989), *El problema de cómo investigar la realidad para transformarla por la praxis*, Tercer Mundo, Bogotá.

FALS BORDA, O., (1991), "Rehaciendo el saber", en O.FALS BORDA, M.ANISUR RAHMAN (ed.), *Acción y conocimiento. Cómo romper el monopolio con Investigación-Acción-Participativa*, CINEP, Bogotá.

FALS BORDA, O., RAHMAN, M.A., (1991), *Acción y conocimiento. Cómo romper el monopolio con investigación-acción-participativa*, CINEP, Bogotá.

FALS BORDA, O., RODRÍGUEZ BRANDÃO, C., (1987), *Investigación participativa*, Instituto del Hombre-Banda Oriental, Montevideo.

FERNÁNDEZ DURÁN, R., (1993), *La explosión del desorden. La metrópoli como espacio de la crisis global*, Fundamentos, Madrid.

FERNÁNDEZ ENGUITA, M., (1992), "Propiedad, autoridad y cualificación en el análisis de las clases sociales", *Política y Sociedad*, nº11, Madrid.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, M.A., (1994), "La apertura de la rúa Elduayen. Historia de una reforma urbana", *Atlántico Diario*, 31.7.94.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, P.A., (1995), "Planificación y gestión de la ciudad: la experiencia de Santiago", en *Seminario Vivir las Ciudades Históricas*, Salamanca.

FORD, J., (1975), *Paradigms and Fairy Tales. An introduction to the science of meanings. Vol.2*, Routledge & Kegan Paul, London.

FOUCAULT, M., (1966) [1989], *Las palabras y las cosas. Una arqueología de las ciencias humanas*, S.XXI, México.

FRIEDMANN, J., (1987) [1991], *Planificación en el ámbito público*, MAP-INAP, Madrid.

FRIEDMANN, J., (1992), *Empowerment. The Politics of Alternative Development*, Blackwell, Cambridge.

GABARRÓN, L.R., HERNÁNDEZ, L., (1994), *Investigación participativa*, CIS, Madrid.

GAGO, V., (1982), "Por una rehabilitación económicamente viable", en AA.VV., *La rehabilitación integrada del patrimonio arquitectónico en centros urbanos, núcleos rurales y conjuntos histórico-artísticos*, MOPU, Madrid.

GALTUNG, J., (1990), "Theory Formation in Social Research: A Plea for Pluralism", en E.OYEN (ed.), *Comparative Methodology. Theory and Practice in International Social Research*, SAGE-ISA, London.

GARCÍA BELLIDO, J., GONZÁLEZ TAMARIT, L., (1979) [1980], *Para comprender la ciudad. Claves sobre los procesos de producción del espacio*, Nuestra Cultura, Madrid.

GARCÍA FERRANDO, M. ET AL., (1992), *El análisis de la realidad social*, Alianza, Madrid.

GARCÍA NART, M., (1989), "Aspectos do planeamento urbanístico nos conxuntos históricos de España", en AA.VV., *Primeiras Xornadas de Planeamento Especial para os Conxuntos Históricos*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela.

GARRIDO, X., (1994), *Vigo. La ciudad que se perdió. Arquitectura desaparecida, arquitectura no realizada*, Diputación de Pontevedra, Pontevedra.



- GAVENTA, J., (1991), "Hacia la democracia del conocimiento", en O.FALS BORDA, M.ANISUR RAHMAN (ed.), *Acción y conocimiento. Cómo romper el monopolio con Investigación-Acción-Participativa*, CINEP, Bogotá.
- GAVIRIA, M., ET AL., (1991), *Vivienda social y trabajo social*, Popular, Madrid.
- GEFAELL, B. (COORD.), (1996), *Abrir Vigo ó mar. Recuperación urbana da beiramar central*, Consorcio da Zona Franca de Vigo, Vigo.
- GLASERFELD, E.V., (1988), "Introducción al constructivismo radical", en P.WATZLAWICK et al., *La realidad inventada*, Gedisa, Buenos Aires.
- GLEICK, J., (1987) [1989], *Chaos. Making a New Science*, Cardinal, London.
- GOLDTHORPE, J.H., MARSHALL, G., (1992), "The promising future of class analysis: a response to recent critiques", *Sociology*, nº26-3.
- GÓMEZ, A., MARTÍNEZ, M., (1995), "¿Cómo hacer dialéctica, reflexiva y participativa la metodología de investigación sociológica? Algunas respuestas desde una experiencia en el casco histórico de Vigo", *Cuadernos de la Red CIMS*, nº3, Madrid.
- GONZÁLEZ DE SAN ROMÁN, M. (coord.), (1995), *Pasado y Presente. 10 años de gestión. Rehabilitación integrada del centro medieval de Vitoria Gasteiz*, Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz, Vitoria.
- GONZÁLEZ HERNÁNDEZ, A. (comp.), (1989), *La investigación-acción como metodología en ciencias sociales*, Cossío, Murcia.
- GONZÁLEZ MUÑOZ, M.N., (1979), "Vigo y su comarca en los siglos XVI y XVII", en AA.VV., *Vigo en su historia*, Caja Municipal de Ahorros de Vigo, Vigo.
- GONZÁLEZ, J.J., (1992), "La construcción empírica de las clases sociales", *Política y Sociedad*, nº11, Madrid.
- GONZÁLEZ-CEBRIÁN, J., (1989), "Características do Planeamento de Protección Histórica de Galicia", en AA.VV., *Primeiras Xornadas de Planeamento Especial para os Conxuntos Históricos*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela.
- GOODMAN, R., (1971) [1977], *Después de los urbanistas, ¿qué?*, H.Blume, Madrid.
- GOY DIZ, A., (1996), "Algunas consideraciones sobre la Ley del Patrimonio Cultural de Galicia", en AA.VV., *V Jornadas de rehabilitación de edificaciones antiguas*, Diputación Provincial de Badajoz, Almendralejo.
- GOYETTE, G. LESSARD-HÉBERT, M., (1988), *La investigación-acción. Funciones, fundamentos e instrumentación*, Laertes, Barcelona.
- GREENWOOD, D., GONZÁLEZ, J.L., (1989), *Culturas de Fagor. Estudio antropológico de las cooperativas de Fagor*, Txertoa, Donosti.
- GRIGNON, C., PASSERON, J.C., (1989) [1992], *Lo culto y lo popular. Miserabilismo y populismo en sociología y literatura*, La Piqueta, Madrid.
- GUBER, R., (1991), *El salvaje metropolitano. A la vuelta de la Antropología Postmoderna. Reconstrucción del conocimiento social en el trabajo de campo*, Legasa, Buenos Aires.
- HARTMAN, C. ET AL., (1982), *Displacement. How to Fight It*, Legal Services Anti-Displacement Project, Berkeley.
- HARVEY, D., (1973) [1989], *Urbanismo y desigualdad social*, S.XXI, Madrid.
- HIMMELSTRAND, U., (1978), "Investigación-acción y ciencia social aplicada: valor científico, beneficios prácticos y abusos", en AA.VV., *Crítica y Política en Ciencias Sociales*, Punta de Lanza, Bogotá.
- IBÁÑEZ, J. (COMP.), (1990), *Nuevos avances en la investigación social. La investigación social de segundo orden*, Anthropos, Barcelona.
- IBÁÑEZ, J., (1978), "El psicoanálisis agoniza ¡Viva el socioanálisis!", *Cuadernos para el diálogo*, Madrid.
- IBÁÑEZ, J., (1979) [1986], *Más allá de la sociología. El grupo de discusión: técnica y crítica*, S.XXI, Madrid.
- IBÁÑEZ, J., (1985), *Del algoritmo al sujeto. Perspectivas de la investigación social*, S.XXI, Madrid.
- IBÁÑEZ, J., (1985b), "Las medidas de la sociedad", *REIS*, nº29, Madrid.

- IBÁÑEZ, J., (1988) [1991] "Las paradojas de la investigación social: una tarea necesaria e imposible", en J.IBÁÑEZ, *El regreso del sujeto. La investigación social de segundo orden*, Amerinda, Santiago de Chile.
- IBÁÑEZ, J., (1991), *El regreso del sujeto. La investigación social de segundo orden*, Amerinda, Santiago de Chile.
- IBÁÑEZ, J., (1992), "Perspectivas de la investigación social: el diseño de las tres perspectivas", en M.GARCÍA FERRANDO et al., *El análisis de la realidad social*, Alianza, Madrid.
- IBÁÑEZ, T. (COORD.), (1989), *El conocimiento de la realidad social*, Sendai, Barcelona.
- KELLER, S., (1968) [1979], *El vecindario urbano. Una perspectiva sociológica*, S.XXI, México.
- KEMMIS, S., McTAGGART, R., (1992), *Cómo planificar la investigación-acción*, Laertes, Barcelona.
- LA CORRALA (A.VV.), (1994), *Sugerencias Nuevo Plan General de Ordenación Urbana*, Informativo AVV Latina-Rastro-Lavapiés, Madrid.
- LAMMERINK, M.P., (1995), *Aprendiendo juntos. Vivencias en Investigación Participativa*, Vanguardia, Managua.
- LAMO, E., (1990), *La sociedad reflexiva*, CIS-S.XXI, Madrid.
- LAPASSADE, G., (1980), *Socioanálisis y potencial humano*, Gedisa, Barcelona.
- LAPASSADE, R., LOURAU, R., (1971) [1981], *Claves de la sociología*, Laia, Barcelona.
- LARIZGOITIA, A., (1986), "Utilización del espacio público por la mujer. Caso práctico del Casco Viejo de Bilbao", en AA.VV., *El uso del espacio en la vida cotidiana*, UAM-Seminario de Estudios de la Mujer, Madrid.
- LATOUR, B., (1991) [1993], *Nunca hemos sido modernos. Ensayo de antropología simétrica*, Debate, Madrid.
- LE BOTERF, G., (1986), "La investigación participativa: una aproximación para el desarrollo local", en J.M.QUINTANA, (coord.), *Investigación participativa. Educación de adultos*, Narcea, Madrid.
- LEAL, J., CORTÉS, (1995), *La dimensión de la ciudad*, CIS-S.XXI, Madrid.
- LEFEVRE, H., (1946) [1984], *Lógica formal, lógica dialéctica*, S.XXI, México.
- LEGATES, R.T., HARTMAN, CH., (1986), "The anatomy of displacement in the United States", en N.SMITH, P.WILLIAMS (ed.), *Gentrification of the City*, Unwin Hyman, London.
- LEONARDO, J.J., (1989), *Estructura urbana y diferenciación residencial: el caso de Bilbao*, CIS-S.XXI, Madrid.
- LEWIN, K., (1946) [1992], "La investigación-acción y los problemas de las minorías", en M.C.SALAZAR (ed.), *La investigación. Acción participativa. Inicios y desarrollos*, Popular, Madrid.
- LLÉS, C., (1991), "Planteamiento y primeros resultados de la investigación sobre formas de vida en Madrid: la ciudad desigual", *Ciudad y Territorio*, nº88, Madrid.
- LOMBRIGA, Q., MECO, S., (1998), "Urbanismo en Vigo, un gran negocio", *Tempos*, febrero.
- LONDOÑO NICHOLLS, L.F., (1996), "Desarrollo humano y sostenible", Informe a la Junta Técnica del PE de Medellín y su A.M.
- LÓPEZ JAÉN, J., (1990), "Cultura del monumento versus cultura de la ciudad", en AA.VV., *Monumentos y Proyecto. Jornadas sobre criterios de intervención en el patrimonio arquitectónico*, Ministerio de Cultura, Madrid.
- LÓPEZ, P., (1986), *El centro histórico: un lugar para el conflicto. Estrategias del capital para la expulsión del proletariado del centro de Barcelona. El caso de Santa Caterina y El Portal Nou*, Geocrítica, Barcelona.
- LÓPEZ, P., (1995), "Del guetto al museo (algunas cosas sobre el querer vivir en las ciudades viejas)", *Seminario Vivir las ciudades históricas*, Salamanca.
- LORENZO, A., MARTÍNEZ, M., (1998), *Asembleas e xuntanzas. Metodoloxías de autoorganización*, Asociación Para a Economía Social, Vigo.
- LOURAU, R., (1978) [1980], *El Estado y el inconsciente. Ensayo de sociología política*, Kairós, Barcelona.

- LOWY, A., (1982), "Aspectos sociales de la rehabilitación", en AA.VV., *La rehabilitación integrada del patrimonio arquitectónico en centros urbanos, núcleos rurales y conjuntos histórico-artísticos*, MOPU, Madrid.
- LUHMANN, N., (1984) [1990], *Sociedad y sistema: la ambición de la teoría*, Paidós-ICE-UAB, Barcelona.
- LYNCH, K., (1981) [1985], *La buena forma de la ciudad*, Gustavo Gili, Barcelona.
- LYNCH, K., (1960) [1984], *La imagen de la ciudad*, Gustavo Gili, Barcelona.
- MANDELBROT, B., (1987), *Los objetos fractales*, Tusquets, Barcelona.
- MANDELBROT, B., (1996), "Del azar benigno al azar salvaje", *Investigación y Ciencia*, diciembre.
- MANZANOS, C., (1992), "Desigualdad, pobreza y marginación social en Euskadi", en AA.VV., *La sociedad de la desigualdad. Pobreza y marginación a debate*, Gakoa-Tercera Prensa, Donostia.
- MARTÍN CRIADO, E., (1993), *Estrategias de juventud. Jóvenes, estudios, trabajos, clases sociales*, Tese Doutoral, UCM, Madrid.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M., (1995), "Participación dende abaixo. Espacio social, cultura, economía e política no urbanismo do Casco Vello de Vigo", *Cooperativismo e Economía Social*, nº12, Vigo.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M., (1996), *El dominio histórico del centro urbano. Condiciones sociales de vida y participación ciudadana ante la política de rehabilitación urbana del Casco Vello de Vigo*, Tesina, UCM, Madrid.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M., (1997), "Dimensiones epistemológicas y metodológicas de la IAP para un autoconocimiento de los Nuevos Movimientos Sociales", *Política y Sociedad*, 25, Madrid.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M., (1997B), "Poboación e necesidades sociais", *A Buguina*, nº1, Vigo.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M., (1997C), "Una desconstrucción histórica y social de la noción de centro histórico", *Investigaciones Geográficas*, nº18, Alicante.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M., (1998), "Lo complejo es el contexto. Exploración participativa, invención estratégica y autogestión en el ecosistema social", *VI Congreso español de Sociología*, A Coruña.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M., (1998B), "Aproximaciones empíricas al estudio de la articulación entre clases sociales y redes grupales en el caso de cascos antiguos en reestructuración", *Servicios Sociales y Política Social*, nº40, Madrid.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M., (1999), "La participación ciudadana en el urbanismo, en busca del método perdido. Investigación-acción-participativa y rehabilitación urbanística en el centro histórico de Vigo", *Revista Iberoamericana de Autogestión y Acción Comunal*, nº33, Valencia.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M., (2000), *Labirintos e laboratorios de participación urbana. Planos estratéxicos, centros históricos e movemento de okupación*, Tese Doutoral, Universidade de Santiago de Compostela.
- MARTÍNEZ, M., PÉREZ, S., GÓMEZ, A., (1995), *O Casco Vello de Vigo: identidade social e utopías de participación urbana*, Concello de Vigo-Plan Comunitario do Casco Vello-IGESCO, Vigo.
- MEIXIDE, A., (1994), "Mercado de trabajo y formación del empleo", en X.M.MELLA, *Plan Estratégico de Vigo y su Área de Influencia*, Consorcio de la Zona Franca de Vigo, Vigo.
- MELLA MÁRQUEZ, X.M. (dir.), (1994), *El Plan Estratégico de Vigo y su área de influencia*, Consorcio de la Zona Franca de Vigo, Vigo.
- MIARELLI-MARIANI, G., (1990), "Historia de los criterios de intervención en el patrimonio histórico", en AA.VV., *Monumentos y Proyecto. Jornadas sobre criterios de intervención en el patrimonio arquitectónico*, Ministerio de Cultura, Madrid.
- MONTAÑÉS, M., (1995), "Contribución a la teoría y práctica de la Investigación Participativa", *V Congreso español de sociología*, Granada.
- MONTES, A., (1989), *Simbolismo y poder. Un estudio antropológico sobre Compradazgo y Priostazgo en una comunidad andina*, Anthropos, Barcelona.
- MONTES, A., GARCÍA, J., (1997), "La difusión del Patrimonio Cultural", en *8º Congreso Internacional de Investigación-Acción-Participativa*, Cartagena de Indias.

- MORIN, E., (1984), *Ciencia con consciencia*, Anthropos, Barcelona.
- MORIN, E., (1994), "Epistemología de la complejidad", en D.FRIED, J.SCHNITMAN (comp.), *Nuevos paradigmas, cultura y subjetividad*, Paidós, Buenos Aires.
- NAVARRO, P., (1990), "Tipos de sistemas reflexivos", en J.IBÁÑEZ (comp.), *Nuevos avances en la investigación social. La investigación social de segundo orden*, Anthropos, Barcelona.
- NEBOT, F., PINO, D., PORTELA, C., (1981), *O planeamento no mundo rural galego. Un exemplo: O plan xeral de ordenación de As Neves*, De la Torre, Madrid.
- NOVACK, G., (1978) [1979], *Introducción a la lógica. Lógica formal y lógica dialéctica*, Fontamara, Barcelona.
- NOYA, F.J., (1991), "Por un situacionismo sistémico. La teoría de sistemas sociales y el análisis institucional en el estudio de los Nuevos Movimientos Sociales", *REIS*, nº55, Madrid.
- NOYA, F.J., (1994), "Metodología, contexto y reflexividad", en J.M.DELGADO, J.GUTIÉRREZ (eds.), *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*, Síntesis, Madrid.
- OQUIST, P., (1978), "La epistemología de la investigación-acción", en AA.VV., *Crítica y Política en Ciencias Sociales*, Punta de Lanza, Bogotá.
- ORTÍ, A., (1994), "La confrontación de modelos y niveles epistemológicos en la génesis e historia de la investigación social", en J.M.DELGADO, J.GUTIÉRREZ (eds.), *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*, Síntesis, Madrid.
- PALAZÓN, F., (1993), "Implicación acción-reflexión-acción", *Documentación Social*, nº 92, Madrid.
- PALMERO, M., (1989), "La experiencia madrileña: Los Programas de Intervención Preferente", *Geometría*, nº8, Málaga.
- PANIAGUA, J.L., (1991), "Condiciones sociales y económicas para acceder a la vivienda. Política de vivienda", *Documentación Social*, nº85, Madrid.
- PANIAGUA, J.L., (1995), "Balance y perspectivas de la política de vivienda en España", en L.CORTÉS (comp.), *Pensar la vivienda*, Talasa, Madrid.
- PAREEK, U., (1978), "El papel de la investigación-acción en la elaboración de sistemas auto-renovadores", en AA.VV., *Crítica y Política en Ciencias Sociales*, Punta de Lanza, Bogotá.
- PARK, P., (1989), "Qué es la investigación-acción participativa. Perspectivas teóricas y metodológicas", en M.C.SALAZAR (ed.), *La investigación. Acción participativa. Inicios y desarrollos*, Popular, Madrid.
- PEREIRO, J.L., (1981), *Desarrollo e deterioro urbano de la ciudad de Vigo*, COAG, Vigo.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B., (1997), "A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia", en C.FONTENLA (coord.), *As actuacións no patrimonio construído: un diálogo interdisciplinar*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- PETRAS, J., (1996), *Padres-Hijos. Dos generaciones de trabajadores españoles*, Ajoblanco, Barcelona.
- PIAGET, J., (1970) [1975], "La situación de las ciencias del hombre dentro del sistema de las ciencias", en J.PIAGET et al., *Tendencias de la investigación en las ciencias sociales*, Alianza, Madrid.
- PICCINATO, G., (1983), "El problema del centro histórico", en F.CIARDINI, P.FALINI (eds.), *Los centros históricos. Política urbanística y programas de actuación*, Gustavo Gili, Barcelona.
- PINO, D., (1994), "Aspectos socioeconómicos da revitalización dos cascos históricos: ¿sobrebeneicios ou custos engadidos?", *Análise Empresarial*, nº21, Vigo.
- PINTOS, J.L. (DIR.), (1995), *Mapa Cultural de Galicia: enquisa sobre hábitos culturais dos galegos*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- POL, F., (1989), "La recuperación del casco antiguo de Gijón", *Geometría*, nº8, Málaga.
- POL, F., (1989b), "La recuperación de los Centros Históricos de España: de las Políticas Urbanas a la Intervención Arquitectónica", en AA.VV., *Primeiras Xornadas de Planeamento Especial para os Conxuntos Históricos*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela.

- POL, F., (1994), "Proyectar la rehabilitación urbana: métodos y estilos", en AA.VV., *El renacimiento de la ciudad contemporánea. Estrategias y procesos de recualificación urbana*, IGVS-Europan, Santiago de Compostela.
- PRECEDO, A., ET AL., (1998), *Vigo. Area metropolitana*, Caixa Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- PRIGOGINE, I., STENGERS, I., (1979) [1983], *La nueva alianza. Metamorfosis de la ciencia*, Alianza, Madrid.
- PUIG REY, P., (1994), "Salamanca: una experiencia en la recuperación peatonal del Casco Histórico", *Alfoz*, nº109, Madrid.
- QUINTANA, J.M., (COORD.), (1986), *Investigación participativa. Educación de adultos*, Narcea, Madrid.
- RAMOS, R., (1997), "Dios, Epiménies y Tristram Shandy: destinos de las paradojas en la sociología de N.Luhmann", *Anthropos*, nº173/174, Barcelona.
- ROCH, F., (1988), "Mercado inmobiliario y reproducción social. ¿Qué clase de equilibrio para los 90?", *Economía y Sociedad*, nº2, Madrid.
- ROCH, F., GUERRA, F., (1979) [1980], *¿Especulación del suelo?*, Nuestra Cultura, Madrid.
- RUANO, J.D., (1996), *Auto-organización. Entre el orden y el caos*, Universidade de A Coruña, A Coruña.
- RUBIO, J. ET AL., (1990), *La política de rehabilitación urbana en España. Evolución, experiencias y efectos*, MOPU-ITUR, Madrid.
- RUIZ OLABUÉNAGA, J.I., (1996), *Metodología de la investigación cualitativa*, Universidad de Deusto, Bilbao.
- RUIZ, B., (1993), *La domesticación de la economía. Antropología económica de la ciudad de Vigo*, Tesis Doctoral, UAM, Madrid.
- SARAVIA MADRIGAL, M., (1998), "El planeamiento urbano, otra vez en crisis", en AA.VV., *El malestar urbano*, Talasa, Madrid.
- SAUNDERS, P., (1981), *Social Theory and the Urban Question*, Routledge, Kent.
- SEGUÍ, J., (1989), "Un Plan muy especial para Puerto Real", *Geometría*, nº8, Málaga.
- SENABRE, D., (1993), "El efecto de la actividad rehabilitadora en Salamanca", en AA.VV., *Urbanismo y conservación de Ciudades Patrimonio de la Humanidad*, Actas Congreso Internacional-Asamblea de Extremadura, Mérida.
- SERRANO MUÑOZ, J., (1988), "Rehabilitación en Cascos Históricos: El caso de Córdoba", en AA.VV., *Rehabilitación y ciudad histórica*, Colegio Oficial de Arquitectos de Andalucía Occidental, Jerez.
- SERRES, M., (1977) [1993], "La distribución del caos", *Archipiélago*, nº13, Barcelona.
- SERRES, M., (1991), *El paso del noroeste*, Debate, Madrid.
- SMITH, N., (1986), "Gentrification, the frontier, and the restructuring of urban space", en N.SMITH, P.WILLIAMS (ed.), *Gentrification of the City*, Unwin Hyman, London.
- SOBRINO, E., (1989), *De la Investigación Interdisciplinaria a la Acción Participativa. Trabajo familiar y niveles de conciencia en el medio rural*, CIDER-INESCER-Humanitas, Buenos Aires.
- SOSA, N., GUERRA, C., (1995), *Vivir en la periferia. Estudio sociológico en el barrio de Buenos Aires mediante Investigación-Acción-Participativa*, Asoc. Cultural Buenos Aires, Salamanca.
- SOUTO, X.M., (1981), *Evolución histórica do Casco Vello de Vigo*, Concello de Vigo, Vigo.
- SOUTO, X.M., (1990), *Vigo. Cen anos de historia urbana (1880-1990)*, Xerais, Vigo.
- SOUTO, X.M., ET AL., (1994), *Vigo: proxecto e realidade do medio periurbano*, Concello de Vigo, Vigo.
- STAVENHAGEN, R., (1971), "Cómo descolonizar las ciencias sociales", en M.C.SALAZAR (ed.), *La investigación. Acción participativa. Inicios y desarrollos*, Popular, Madrid.
- STENGERS, I., (1993), "Tortugas hasta abajo...", *Archipiélago*, nº13, Barcelona.
- SUÁREZ PAZOS, M., (1998), "A investigación-acción participativa nas ciencias sociais", *Cooperativismo e Economía Social-Simposium Internacional de IAP aplicada a cooperativas*, nº19, Vigo.

- TAX, S., (1960), "Antropología-acción", en M.C.SALAZAR (ed.), *La investigación. Acción participativa. Inicios y desarrollos*, Popular, Madrid.
- TELLO, E., (1996), "Barcelona Estalvia Energia. Una propuesta de democracia participativa para el cambio de modelo de ciudad", *Ecología Política*, nº11, Barcelona.
- THOMPSON, P., (1978) [1988], *La voz del pasado. Historia oral*, Alfons el Magnànim, Valencia.
- TOMÉ, S., (1988), "Oviedo: un centro histórico en transformación", *Ciudad y Territorio*, nº78, Madrid.
- TOPALOV, CH., (1984), *Ganacias y rentas urbanas. Elementos teóricos*, S.XXI, Madrid.
- TOULMIN, S., (1996), "Concluding Methodological Reflections. Élitism and democracy among sciences", en TOULMIN, S., GUSTAVSEN, B., (1996), *Beyond Theory. Changing Organizations Through Participation*, John Benjamins, Amsterdam.
- TROITINO, M.A., (1992), *Cascos antiguos y centros históricos: problemas, políticas y dinámicas urbanas*, MOPT, Madrid.
- VALLÉS, M.S., (1997), *Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional*, Síntesis, Madrid.
- VARELA, F., (1988), "El círculo creativo: esbozo histórico-natural de la reflexividad", en P.WATZLAWICK et al., *La realidad inventada*, Gedisa, Buenos Aires.
- VILLANUEVA SANDINO, F., (1988), "Construir sobre el pasado", en AA.VV., *Rehabilitación y ciudad histórica*, Colegio Oficial de Arquitectos de Andalucía Occidental, Jerez.
- VILLASANTE, T.R. ET AL., (1989), *Retrato de chabolista con piso: análisis de redes sociales en la remodelación de barrios de Madrid*, Alfoz-SGV-IVIMA, Madrid.
- VILLASANTE, T.R., (1984), *Comunidades locales. Análisis, movimientos sociales y alternativas*, IEAL, Madrid.
- VILLASANTE, T.R., (1990), "Teoría de redes de comportamiento", en AA.VV., "Textos sobre asociacionismo de Madrid", *Salida*, nº2, Madrid.
- VILLASANTE, T.R., (1993), "Aportaciones básicas de la IAP a la epistemología y metodología", *Documentación Social*, nº92, Madrid.
- VILLASANTE, T.R., (1994), "De los movimientos sociales a las metodologías participativas", en J.M.DELGADO y J.GUTIÉRREZ (ed.), *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*, Síntesis, Madrid.
- VILLASANTE, T.R., (1995), *Las democracias participativas. De la participación ciudadana a las alternativas de la sociedad*, HOAC, Madrid.
- VILLASANTE, T.R., (1998), *Cuatro redes para mejor-vivir (1 e 2)*, Lumen-Humanitas, Buenos Aires.
- VON FOERSTER, H., (1996), *Las semillas de la cibernética. Obras escogidas*, Gedisa, Barcelona.
- WHYTE, W.F. (ED.), (1991), *Participatory Action Research*, Sage, London.
- WILDEN, A., (1987a), *The Rules Are No Game. The Strategy of Communication*, Routledge, London.
- WILDEN, A., (1987b), *Man and Woman, War and Peace. The Strategist's Companion*, Routledge, London.
- WILLMOT, P., (1989), *Community Initiatives. Patterns and Prospects*, PSI, London.
- WOOLGAR, S., (1988) [1991], *Ciencia: abriendo la caja negra*, Anthropos, Barcelona.
- WRIGHT, E.O., (1989) [1992], "Reflexionando una vez más sobre el concepto de estructura de clases", *Zona Abierta*, nº59/60.
- WRIGHT, E.O., (1995), "Análisis de clase", en J.CARABAÑA (comp.), *Desigualdad y clases sociales*, Visor-Argentaria, Madrid.
- ZAMOSC, L., (1987), "Campesinos y sociólogos: reflexiones sobre dos experiencias de investigación activa", en M.C.SALAZAR (ed.), *La investigación. Acción participativa. Inicios y desarrollos*, Popular, Madrid.
- ZÁRATE, A., (1991), *El espacio interior de la ciudad*, Síntesis, Madrid.

ZUKIN, S., (1982), *Loft living: Culture and Capital in urban Change*, John Hopkins University Press, Baltimore.